

SOBRE A LINGUA GALEGA
ANTOLOXÍA



J. Martín Sarmiento

¿Que procuraba, pois, estudando igual os alfabetos antigos, as etimoloxías galegas, os fondos documentais do cabido de Toledo, a economía dos mosteiros bieitos, os mellores métodos de ensino, os refráns do pobo, a espontánea melodía do falar galego de ribeiras e campías?

Ramón Otero Pedrayo

“... o deleite inefable que produce tocar a verdade coa punta dos dedos”.

Martín Sarmiento

LIMIAR

MARTÍN SARMIENTO, ENCICLOPEDIA DO SABER GALEGO

Martín Sarmiento (1695-1772) pasa por ser dunha banda figura fundamental na creación dun saber e unha conciencia especificamente galegos (non só no terreo idiomático, que é o que máis se adoita salientar), e doutra banda persoeiro da maior importancia no que se deu en chamar 'Ilustración' española, isto é, na cultura hispánica do século XVIII. Tal sona gañouna Sarmiento sobre todo pola vía do 'boca a boca', en vida a partir das poucas persoas que o trataron directamente ou coñecían algún dos seus escritos, e despois do seu pasamento a partir dos escasos eruditos que os frecuentaron, e nalgún caso os copiaron ou recopiaron (ou máis raramente, editaron). O groso da obra do sabio permaneceu inédita, por vontade propia mentres el viviu, após a súa morte por distintos motivos que á derradeira renvían ás precariedades que pexaron o progreso cultural de España e particularmente de Galicia. De toda maneira, os traballos de Sarmiento que paseniñamente foron vindo a lume non só non desmentiron a súa fama, mais viñeron alicerzala, pois son exemplo manifesto da súa portentosa capacidade e inmenso saber, do atinado do seu criterio, da agudeza da súa crítica e da súa rotunda orixinalidade. A pesar de que arredor das tres cuartas partes da súa produción están sen publicar, os máis importantes especialistas do século XVIII español

están contestes en que Sarmiento é unha das 'lumieiras do século' (F. Aguilar Piñal).

A obra do noso autor presenta unhas características moi peculiares, que cómpre ter en conta á hora de achegármonos a ela. En primeiro lugar, trátase dunha produción moi copiosa. Por acaso, pode calcularse que a Colección Medina Sidonia, que nos seus 18 volumes acolle a maior parte da produción sarmentina, contén uns quince mil folios, cun total de vintecinco a trinta mil páxinas. En segundo lugar, os escritos de Sarmiento forman un conxunto moi heteroxéneo, tanto pola variedade temática coma pola diversidade de formatos e tipos de texto. Como trazos xerais, pode dicirse que, salvo contadas excepcións, todo é prosa non ficcional. Outro risco común a boa parte dos escritos é que non están acabados, mais en estado de esbozo, e non foron pensados nin preparados para a súa publicación. Os tipos de texto son moi variados: cartas, informes técnicos, cadernos de viaxe, catálogos, apuntamentos de distinto tipo e proxectos ou tenteos de tratados de variable extensión. Os temas principais son: filoloxía, crítica e historia literaria; diplomática, arquivística, biblioteconomía e historia coas súas ciencias auxiliares (numismática, epigrafía e arqueoloxía); pedagogía e educación; historia natural en xeral, en particular botánica, farmacopea, medicina, zooloxía, xeografía, xeoloxía e mineraloxía; matemáticas e física; belas artes; obras públicas e outros asuntos de interese público. A anterior lista dá unha idea de vastidade dos seus intereses. Nalgúns casos é doado tracexar a liña divisoria entre os escritos pola súa temática, en moitos outros non é tan sinxelo. O mesmo se pode dicir con respecto á distinción entre os escritos de tema galego e aque- loutros de temática non especificamente tal.

En terceiro lugar, hai que ter en conta que a divulgación da obra sarmentina non seguiu a canle usual na idade contemporánea, é dicir, a imprensa, mais a copia manuscrita, sendo que algúns escritos chegaron a gozar dunha considerable difusión. A ferreña decisión de Sarmiento de refugar os prelos implica, entre outras cousas, o seguinte:

a) Ó non seren concibidos para a súa publicación, unha boa parte dos textos non responden a unha planificación rigorosa canto a estrutura, finalidade e contidos, non presentan unha redacción e presentación coidadosas, nin foron sometidos a revisión. Isto agrávase tanto polo peculiar método de traballo de Sarmiento, que consistía en simultanear sal- tuariamente a redacción de varios traballos de propósito diverso, coma por un discurso caracterizado pola deriva cara á digresión, que converte calquera dos seus escritos nunha miscelánea heteróclita, cando sorprendente e divertida, cando embarullada e desconcertante. Por parte, o autor prefería comezar unha nova redacción antes de corrixir un texto que xulgaba defectuoso ou retomar outro que deixara sen rematar; noutros casos, simplemente aproveitaba anacos de escritos anteriores na redacción dun novo, co resultado de que a súa obra semella un enorme e labiríntico *patchwork*.

b) Determinar a tradición manuscrita dos escritos máis espallados é unha tarefa abondo complexa, dada a dispersión de fondos e as dificultades para localizar ou acceder a algúns deles, ademais da falla dunha investigación básica que poña a dispor do estudioso a totalidade das copias relevantes de cada texto. As edicións existentes, que tiveron que enfrontarse con esa situación, non sempre deron superado ou esquivado os problemas derivados dela.

Está estendida a idea de que a clave do ineditismo do noso autor radica no carácter deste. Coñécese que Sarmiento se empeñou en labrar unha imaxe de si mesmo que lle servise de escudo fronte ó medio que o arrodeaba, pois nos seus escritos preséntasenos como un individuo xoto e apartadizo, pouco amigo da publicidade e totalmente refractario ó trato social. Ese retrato quedou fixado para a posteridade, e coidamos que ten engadado algúns estudiosos, mesmo a expertos tan avisados como José Luis Pensado (seguramente o sarmentista máis importante ata a data), que pola súa vez contribuíron a reforzala. Naturalmente, Sarmiento foi un sabio insaciable, apaixonadamente entregado ós seus estudos, e

ó que amolaban as servidumes sociais e os encargos que tiña que atender, interquincias que lle impedían concentrarse nas súas pescudas e distraían a atención dos seus asuntos preferidos. Endebén, a pouco que esgaravellamos na biografía do noso autor (tendo sempre en conta a provisoriade de xuízos dictados sen contar cun estudio debidamente esteado), descubrimos un personaxe que aborrece latricar pero adora o parrafeo, que mantén durante anos na súa cela unha tertulia en que se reúne o escol do Madrid do seu tempo, que conta, en fin, coa confianza dos persoeiros máis encarapitados da sociedade, a política e a cultura españolas coetáneas, persoeiros que lle encargan pareceres e informes, que lle consultan proxectos, e cos que sostén unha copiosísima correspondencia. Pero tamén que mantén trato cos humildes, e que aprende moito deles, como testemuña o propio *Coloquio* que reproducimos neste volume (onde se mostra unha cálida familiaridade coa vida dos traballadores galegos en Madrid), e como o propio autor reconece de forma explícita: “Nenos nenas, vellos e vellas, rústicos e pailáns, iliteratos e ignorantes, que sen pensar en aldraxarvos chamarei aquí a escoura, restroballo e esterco da racionalidade!... Destes teño tirado, tiro e tirarei o máis puro ouro da verdade que procuro. A calquera destes, cando hai ocasión, pregunto e repregunto que me digan o que viron, para saciar a miña curiosidade”.

Ou moito nos enganamos, ou Sarmiento foi lucidamente consciente de que, tendo en conta as cousas que escribía e tal e como as escribía, constituiría unha pura temeridade dar a lume os seus textos. Era bo coñecedor dos atrancos da rispeta censura e da estreita vixilancia que exercían os cancérberos dunha presunta e resesa ortodoxia contra todo o que cheirase a novidade, pois experimentara todo iso en lombo alleo, especialmente no de Benito Feixoo. Por parte, nalgúns puntos concretos mantíña posicións rotundamente críticas con respecto ás decisións das autoridades políticas: pensemos por acaso na súa opinión sobre o emprego do galego no ensino, nos mesmos anos en que Carlos III daba pasos para impoñer o

uso exclusivo do castelán nas escolas. ¿Nesas condicións, como ía ousar publicar un autor que, como di de si mesmo, non sabía “escribir con escandallo”, “mais como falo e como penso”?

Sarmiento seguiu, sen dúbida, o vieiro marcado polo seu venerado mestre, paisano e amigo Feixoo, con quen estableceu unha relación privilexiada que se delongou por corenta anos, e de quen se converteu nunha especie de escudeiro. Defendeu publicamente o outro gran galego do século das luces contra os seus numerosos e ruidosos impugnadores, forneceu decote a súa librería coas últimas novidades, afortalou o soporte erudito dos seus escritos, e serviulle de axente literario en Madrid (o Padre Mestre residía en Oviedo), negociando cos censores inquisitoriais e cuidando da edición das súas obras. Feixoo abriulle a Sarmiento o camiño da ilustración, unha ilustración moi peculiar (moito menos radical cá francesa e a inglesa, obviamente) pero á derradeira ilustración. O noso frade, polo que sabemos, non perdeu un intre nas interminables e revirichadas controversias teolóxicas, metafísicas ou académicas que constituían o pasatempo predilecto da maior parte dos clérigos e profesores coetáneos; limitouse a mostrar a súa adhesión aproblemática á Igrexa católica e os seus dogmas e mantívose discretamente á marxe das intrigas políticas para poder debuzarse sen máis nas cuestións que lle interesaban. Na consideración dos asuntos que estudou fundouse no acopio de datos, a ser posible mediante observación directa e debidamente contrastados, na análise concienzuda e crítica destes, e na aplicación en todo momento da súa razón natural, espida ata onde lle foi posible de preconceitos tradicionais. Por parte, inclinouse cada vez máis por un saber que non se esgotaba en si mesmo, mais orientado cara á utilidade pública, á aplicación en beneficio da sociedade. Así, foi esvarando da erudición anticuarria e os saberes históricos cara á pedagogía e á historia natural.

Con todo o devandito, Sarmiento é un autor profundamente orixinal. A súa orixinalidade nacía dunha radical liberdade de

espírito; unha liberdade que, certo é, non pregou ós catro ventos, mais reservou en boa parte para si mesmo, pero da que intimamente procurou non renegar nunca. Quizais a manifestación máis notable desa orixinalidade sexa o seu interese polos asuntos galegos, inseparable da súa atención e aprecio cara ó popular, verdadeiramente insólitos no seu tempo e no seu medio. Como tentamos demostrar no noso traballo introductorio, non concordamos co punto de vista segundo o cal a afección de Sarmiento por Galicia se explica por cousa dunha especie de estraña excentricidade. Pero é innegable que se precisaba grandes doses de orixinalidade e unha afouteza moi pouco convencional (nun medio dominado por un ríxido formalismo) para levar esa afección ó punto ó que el a levou.

Efectivamente, se o noso autor pode considerarse un auténtico fundador da tradición galeguista, non será soa nin principalmente porque concentrou os seus extraordinarios dotes intelectuais nunha serie de aspectos da realidade galega como ningún fixera antes, mais precisamente polo seu descubrimento de Galicia canto tal. Sarmiento abordou múltiples facetas do país (a historia, a natureza, a lingua, a economía, a etnografía, a xeografía...), pero o máis novidoso é que a súa focaxe repousa nunha idea xeral da especificidade galega. Non contento con esa innovación, adoptou outra: o ton, ou mellor a perspectiva, reivindicativa. Se Galicia padecía de subordinación e minusvaloración (allea e propia), había que sacudirse complexos, restaurar a autoestima e darse a valer fronte ós demais. Pero, lonxe do victimismo e a autocompracencia, había tamén que superar vellas inercias (o noso autor declara aborrecer unha frase con que se rexeitaban os experimentos e as innovacións, e que cita con frecuencia: “acá non é costume facer iso”) e esforzarse para facer progresar o país.

Sarmiento é aínda, en boa parte, un océano inexplorado, e isto é, sen dúbida, un indicio das nosas carencias colectivas. A presente antoloxía só pretende sumarse modestamente ós esforzos para dar a coñecer a importancia, o interese e a per-

tinencia da súa cativadora figura, nun aspecto concreto do seu labor que foi obxecto (ben merecente) dunha atención especial: os seus estudos filolóxicos. A pesar de que esta vertente é unha das mellor coñecidas da inxente obra sarmientina, hai que dicir que estamos lonxe de ter unha pintura completa dela. Para realizarmos a nosa escolma partimos, loxicamente, do labor doutros estudiosos, en particular do finado José Luis Pensado, a quen, por riba das nosas diferencias de criterio e diverxencias de opinión, ofrecemos aquí unha rendida homenaxe. Sen as súas edicións da *Carta sobre a orixe e formación da lingua galega*, do *Onomástico etimolóxico da lingua galega*, dos *Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides*, do *Discurso apoloxético pola Arte de rastrexar etimoloxías*, esta antoloxía sería moito máis pobre, ou se cadra non sería posible.

Coidamos oportuno incluír tamén treitos doutras obras de Sarmiento, como a primeiriza *Demostración crítico-apoloxética* e as póstumas *Memorias para a historia da poesía*, e ademais atrevémonos a inserir un fragmento dun escrito ata agora inédito, *Orixe da voz galega 'mixiriqueiro'*. Coas dúas primeiras mostramos como o interese do noso autor polo idioma galego viña de vello, e que había unha predisposición favorable a estudialo, derivada da nova actitude cara á lingua e as inéditas concepcións idiomáticas que xermolaban en Feixoo. Canto ó terceiro dos escritos antecitados, o título non debe enganarnos: o tema de que se trata é máis ben o das relacións histórico-xenéticas entre o galego e o portugués, cuestión esta que foi abordada por Sarmiento con innegables prexuízos, pero tamén con coñecementos sólidos e puntos de vista ben argumentados.

Nos apéndices inserimos dúas cartas do noso autor, unha ó seu irmán Francisco Xabier (que foi co que tivo maior relación, e quen o mantivo en contacto coa súa Pontevedra) e outra a Pedro Rodríguez de Campomanes, un gran político que gardaba unha fiel devoción polo noso autor. Coidamos que estas misivas son alumadoras da actitude de Sarmiento cara ó

galego, e da súa percepción das actitudes alleas perante os seus estudos de lingüística galega; na segunda, por parte, ofrécense interesantes elementos para valorar o ineditismo do frade. Para rematar, incluímos algúns textos que non son do noso autor. O primeiro é do *Theatro crítico* de Feixoo, e a través del podemos conectar o pensamento lingüístico de Sarmiento co do seu mestre e o do seu tempo. Entre os últimos, atópanse unha carta da súa cuñada, un breve perfil do noso autor traceado polo Padre Mestre, e unha nota de Sobreira a dous tomos da correspondencia de Sarmiento que aquel colleccionou. A misiva de Magdalena García Ogando (a esposa do seu irmán Francisco Xabier, que aparece ás veces citada nos seus escritos como informante sobre a fala do seu Viveiro natal), ademais de testemuñar o influxo do noso autor sobre as actitudes lingüísticas dos seus achegados, ten o interese de mostrar un dos escasísimos textos escritos en prosa galega durante o século XVIII.

A presente escolma ofrece os textos de Sarmiento verquidos ó galego. Non cabe dúbida de que ó autor lle compracería lerse a si mesmo na lingua do país, que tan afervoadamente estudou e defendeu. A versión foi realizada en colaboración por quen subscribe estas liñas e por Xosé Manuel Soutullo. Nela procuramos ser fieis á letra do orixinal, aínda que introducimos lixeirísimos retoques sintácticos que coidamos axudan á comprensión do texto e melloran o estilo. Aínda que o noso obxectivo foi achegar o texto ó lector actual, mantivemos algúns trazos arcaizantes que permiten ter sempre presente que estamos a tratar cun autor doutro tempo. Ó longo de toda a antoloxía seguimos un criterio máis ben restrictivo no momento de anotar os treitos escolmados, limitándonos ó que coidabamos inescusable. Para as notas bibliográficas, procuramos botar man das referencias contidas no catálogo da biblioteca de Sarmiento, seguindo a práctica de José Luis Pensado. Soamente no caso de autores de importancia singular nos pareceu conveniente presentar unha información máis ampla.

Para non prolongarmos máis o presente Limiar, darémoslle cabo coa expresión das débedas de gratitude que o responsable dun volume coma o presente vai contraendo conforme desenvolve o seu labor. Queremos pór en primeiro lugar o nome de dona Luisa Isabel Álvarez de Toledo, duquesa de Medina Sidonia, que tivemos a honra e o pracer de coñecer, quen nos facilitou a consulta e reprodución dos importantísimos fondos sarmentinos do Arquivo da Fundación Medina Sidonia. Tampouco non queremos esquecer o nome da directora do dito Arquivo, a señora Lilianne Dahmann, que nos facilitou o contacto e o noso traballo en Sanlúcar de Barrameda. Antonio Montero Carro e o equipo técnico e administrativo do Consello da Cultura Galega facilitáronme grandemente as xestións para chegar alá: mercés para todos. As bibliotecarias e bibliotecarios da Universidade de Santiago, o Museo de Pontevedra, a Fundación Penzol, a Real Academia Galega e a Biblioteca Nacional de Madrid, coa súa amabilidade e eficiencia, foron auxiliares indispensables para a realización deste traballo. Tiven moito gusto, coma sempre, en traballar con Xosé Manuel Soutullo, co-traductor dos textos e responsable da edición material do libro. Outrosí, éme grato deixar aquí constancia da colaboración da querida compañeira e amiga Rosario Álvarez Blanco. Antón Santamarina hai tempo que me animou a meterme con Sarmiento e me botou máis dun cabo cando me fixo falla: quedo pois obrigado. O meu pai, José María Monteagudo Romani, prestoume unha grande axuda para desenguedellar os latíns aducidos por Sarmiento; el faino por puro divertimento, aínda así fico agradecido. A miña dona Dolores Vilavedra fai moral e materialmente posible que roubando horas, miñas e dela, ó descanso e ó lecer, me dedique a estes mesteres. As miñas fillas Einés e Minia exercítanse na paciencia e a comprensión por un pai que ás veces resulta estrañamente evasivo. Só eu sei canto lles debo ás tres.

Ningún erro ou defecto desta obra deben ser atribuídos en ningún grao ás persoas que acabo de mencionar. Traio aquí os

seus nomes para que apadriñen, aínda sen querelo, a singradura que desexo venturosa desta nave que nas túas mans e perante os teus ollos, estimado lector, se bota a navegar.

Agrais, verán de 2001/ Bertamiráns, aninovo de 2002

POST SCRIPTUM

O venres 8 de marzo pasado rematabamos de realizar a corrección de probas definitiva deste volume; e antes de entregalo ó prelo decidimos dedicarllo a Carlos Casares. Facíamolo conscientes de que isto podía violentalo un pouco, pero convencidos de que o seu entusiasmo pola figura de Sarmiento inclinaría a súa benevolencia ó noso favor, e aceptaría cun sorriso amigable a nosa modesta oferta.

Coñecedores do seu pulcro sentido da elegancia e da súa esixente sinxeleza, tiñamos coutado en varias ocasións o desexo de estampar o seu nome na cabeceira dalgún dos nosos traballos anteriores. No momento en que tecleabamos aquelas liñas que daban cima ó noso libro, mal podíamos sospeitar que unhas horas máis tarde Carlos nos deixaría para sempre. Agora que desgraciadamente el xa non está connosco, a dedicatoria cobra un novo significado, impensable hai só uns días. Con máis razón aínda, pero tamén con dúbidas, decidimos reproducila exactamente nos mesmos termos en que fora formulada.

De certo, en circunstancias coma esta as palabras, tamén as que esborranchan estas liñas, están de máis. Endebén, permítansenos expresar unha arela: que a súa lembranza nos inspire e o seu espírito nos acompañe ¡sempre, sempre, sempre!

ANTIGÜIDADE E NOBREZA,
PUREZA E HARMONÍA
DA LINGUA GALEGA
ESTUDIO INTRODUCTORIO

*Para Carlos Casares,
un pouco por todo.*

O fin principalísimo destes papeis é espertar os galegos do letargo en que viviron ata aquí tocante á súa lingua. Escribo polo meu gusto e para a miña instrución, e para exercitarme na demanda da antigüidade, nobreza e pureza da lingua que mamei.

Martín Sarmiento

Resulta a partes iguais ocioso e inescusable comezar esta introducción sinalando a relevancia de Martín Sarmiento (1695-1772) como lingüista adiantado á súa época, e ó tempo como precursor tanto dos estudos sobre o idioma galego canto da reivindicación deste como lingua propia de Galicia. Claro está que despois de estudos como os de Fernando Lázaro Carreter e especificamente de José Luis Pensado e máis recentemente Antón Santamarina¹, o lector ten dereito a preguntarse cal é o senso de volver ocuparse dun personaxe e dun tema tanto e tan ben pescudados. O responsable desta antoloxía e autor das presentes liñas atopou que as ideas de Sarmiento sobre o galego eran merecentes dunha nova consideración, aínda a risco de caer en certa reiteración ó retomar en moitos aspectos estudos precedentes.

1. Véxase Lázaro Carreter 1947 e 1985; Pensado 1960, 1991, 1995 (entre outros), Santamarina 1997.

Tres razóns foron as que nos moveron principalmente ó devandito. Primeiramente, porque aínda que moitas facetas da cuestión foron correctamente abordadas e extensamente exploradas polos devanditos e por outros estudiosos, coidamos que está por presentar a liña evolutiva do pensamento de Sarmiento sobre o galego, tarefa que a fragmentariedade, recursividade e en definitiva asistematicidade dos seus escritos² fan complexa, pero non imposible, cando menos nos trazos xerais. En segundo lugar, porque xulgamos que non se ten afondado de abondo no esclarecemento dos presupostos de fondo en que se estea a súa visión da lingua³, para o cal resultan de relevo particular o precedente de Feixoo e algúns textos da súa etapa 'pre-galeguista' (antes de 1745) ou desta mesma etapa pero non directamente relacionados co galego, precedentes escasamente considerados ata agora, coma a *Demonstracion crítico-apoloxética* e as *Memorias para a historia da poesía*. En terceiro e último lugar, porque, ben que se ten realizado un esforzo notable⁴, estimamos que aínda se pode afondar no encadramento da obra e ideas de Sarmiento no seu marco histórico-lingüístico, operación que resulta de importancia capital para a súa comprensión e avaliación. En realidade, malia achegas importantes⁵, carecemos mesmo da biografía documentada e detallada de que o autor é merecente.

1. O GALEGO NA CONSCIENCIA LINGÜÍSTICA ESPAÑOLA DO SÉCULO XVIII. DE FEIXOO A SARMIENTO [TEXTOS 1 E 2]

As escasas referencias ó idioma galego de certa relevancia que demos colixido en textos españois da segunda metade do século XVII son indicativas da derogación (así no

2. Véxase Pensado 1972.

3. Malia a fundamental achega de Allegue 1993.

4. Pensamos sobre todo en Pensado 1989, Mariño 1993 e Freixeiro & Tato 1996.

5. Como López Peláez 1895, Pensado 1974 e Filgueira 1994.

aspecto social coma no lingüístico) que aquel estaba padecendo no imaxinario dos sectores cultivados da época. Por acaso, o aragonés Maestro Joseph de Casanova, notario apostólico en Madrid, na *Primera parte del arte de escribir* (1650), despois de referirse ó seseo e ceceo dos andaluces, di: “Y a este andar, aunque por diferentes caminos, los de Castilla la Vieja, Montañeses y Gallegos usan de otra infinidad de vocablos con tan mal sonido que nos mueve a risa”. O falar dos galegos (non sabemos se na lingua propia ou na do Estado) preséntase como dialectal, equiparable a determinadas variedades do castelán, e ademais como un falar ridículo. Un pouco máis matizada e menos cargada de prexuízos é a opinión verquida nunha *Práctica de ortografía para los idiomas castellano y valenciano* (Valencia, 1732), na que de todos os xeitos o galego (igual ca o aragonés) aparece como un máis entre outros dialectos do castelán:

Los del reino de Toledo son los que hablan la lengua con más primor y pulcritud en su pronunciación; los de Castilla la Vieja, con mucha escoria de los viejos vocablos de la antigua española; los Gallegos, con mezcla de palabras y pronunciación portuguesa.

Nunha liña similar se move o prólogo do *Diccionario de autoridades* da Real Academia Española, onde se presupón que Galicia e Asturias, a pesar das súas “diversas pronunciasiones” son “provincias donde es comun la lengua [castellana]”, exactamente igual ca Extremadura ou Andalucía⁶. Só un galego como o padre Álvarez Sotelo, autor contra finais do século XVII dunha inédita *Historia general de Galicia*, reconece implicitamente a existencia dunha lingua galega como distinta á castelá, ó asegurar que aquela, “no se halla pura sinó entre plebeyos que nunca salieron del ámbito de su aldea ni leyeron libros españoles, porque los nobles hablan la castellana como predominante en España y los que salieron

6. Para esta e as anteriores citas, véxase Alonso 1979, pp. 56 e 99.

de Galicia o saben leer, mezclan vocablos castellanos y estrañan la pronunciación gallega” (Mariño 1991, 269). Temos aquí un retrato esquemático da situación sociolingüística do galego que, en liñas xerais, resulta bastante exacto.

Lázaro Carreter mantén que o sentimento prevalente na Idade Media e que perduraría ata a metade do século XVII de que o portugués e o castelán eran variedades dunha mesma lingua fundamental, se apagou a partir da independencia do país veciño. A opinión corrente no ámbito español era que o portugués se derivara do castelán, mentres que polo lado lusitano se defendía a orixe directamente latina do idioma. Así, o lexicógrafo R. Bluteau relaciona ambas linguas “como irmás, non como nai e filla”⁷. Por parte, era bastante habitual nos estudos lingüísticos da época sinalar como únicos membros da familia neolatina o italiano, o francés e o español, pero o erudito Atanasius Kircher (1601-80), un dos sabios máis admirados do tempo, engadira a esta lista o portugués.

Precisamente neste punto recolle a cuestión Benito Feixoo no “Corolario” do seu Discurso XV [TEXTO 1 da presente antoloxía]⁸, quen en primeiro lugar sinala que o portugués se debe contar na familia romance con igualdade de dereitos ós tres idiomas devanditos. Argumentado en favor disto, Feixoo sinala que aquel idioma ten unha orixe neolatina independente do castelán, e incluso subliña a súa maior proximidade verbo da lingua-nai, que os lusitanos coidaban proba da súa menor corrupción, e, polo tanto, motivo de orgullo. Endebén, Feixoo rexeita a idea de corrupción, que considera unha simple metáfora. É finísima a apreciación do sabio bieito, quen no canto de concibir a evolución das linguas romances como un mero proceso de descomposición, sinala que son resultado dun posterior movemento de recomposición. Sexa como for, fundándose no criterio de ‘menor corrupción’ para avaliar

7. Sobre isto, véxase Lázaro 1947, pp. 143 e 150.

8. Tomo I do *Theatro crítico universal*, publicado en 1726; citaremos por unha edición posterior, Feijoo 1781.

as linguas románicas (criterio que el mesmo refuta), Feixoo concederíalle a primacía ó italiano, e despois situaría o portugués. En principio, tódalas linguas son iguais e, en todo caso, se unha parece mellor ca outras, por exemplo para a poesía, “isto non nace da excelencia do idioma, si do maior xenio dos Naturais ou maior cultivo desta Arte”⁹.

No corpo propio do Discurso XV, que se titulaba “Paralelo de la lengua española y francesa”, Feixoo entrara nunha discusión moi corrente no seu tempo, sobre cal lingua avanzaba as outras en “propiedade, harmonía e copia”. Verbo do primeiro, sostén o sabio frade, “xulgo, contra o común dictame, que todas as linguas son iguais canto a todas aquelas voces que especificamente significan determinados obxectos”. Sobre a harmonía, fai notar que a cada quen lle soa mellor a súa propia lingua ca outra estraña, sinalando a modo de exemplo: “Dentro de España parece a casteláns e andaluces humilde e plebea a articulación do *Iota* e do *Ge* de portugueses e galegos. Pero os franceses, que pronuncian do mesmo modo, escoitan con horror a articulación castelá”. En consecuencia, asegura, “os idiomas non son asperos ou apracibles, senón a proporción que son ou familiares ou estraños. A desigualdade verdadeira está nos que os falan”.

Esta negación dos antigos prexuízos, revolucionaria na España do seu tempo, que foi a que lle permitiu a Feixoo ponderar desapaixonadamente a cuestión portugués/castelán, tamén lle despexou o camiño para deterse a considerar o galego. Efectivamente, asentado o punto de que castelán e portugués son “dialectos” independentes do latín, o noso erudito céntrase na cuestión das relacións entre o portugués e o galego. En primeiro lugar, para el a lingua galega é “en realidade, indistinta da portuguesa”. Seguindo a doutrina máis corrente do seu tempo, estima que a fragmentación do latín se debeu á mestura coas linguas xermánicas introducidas á fin do Imperio

9. As traducións de textos citados na introducción son do autor (H. Monteagudo), os de textos da antoloxía son conxuntamente deste e de X. M. Soutullo.

Romano; e en consecuencia sitúa a orixe común do galego e o portugués no período suevo (sobre isto véxase Lázaro 1947, 146). Pero aquí déixase levar pola inclinación cara á patria nativa, e sostén que o idioma común se formou en Galicia, que considera “nación dominante” naquel período, e de alí pasou despois a Portugal.

Entre as reaccións que suscitou a obra de Feixoo, interésanos sinalar a de Ernesto Frayer (pseudónimo dun autor portugués), quen no seu *Discurso philológico crítico* (1727) se mostra en desacordo en varios puntos con Feixoo. En primeiro lugar, rexeita calquera influencia xermánica na orixe dos romances, e sitúa os inicios da fragmentación nos primeiros tempos da reconquista. A respecto da cuestión galego/portugués, Frayer outorga a primacía ó segundo, fundándose en criterios sociolingüísticos, tales como que os idiomas “se perfeccionan por los elegantes y cultos oradores, por los discretos y elevados poetas y por los exactos y fecundos historiadores”. Nisto a palma levábaa, obviamente, o portugués, pois no galego non se tiña escrito libro merecente de ser lido. Segundo Frayer, antepor o segundo ó primeiro sería tan insensato como “preferir el jergón que en sus chozas usaron los pastores del Latio al idioma elocuente que en el Senado Capitolino hablaron los cónsules y emperadores romanos”. Na liña de Frayer manifestaríanse outros autores, que lle negaban ó galego a condición de lingua “porque no había en ella escritos algunos”.

Moi próximo a Frayer, aínda que sen querer contradicir abertamente a Feixoo, atópase o erudito valenciano Gregorio Mayans y Siscar, quen afirma nos seus *Orígenes del español* (1737):

El portugués, en el qual comprehendo el gallego, considerando aquél como principal porque tiene libros i dominio aparte, i dejando ahora de disputar cuál viene de cuál, el portugués, digo, aunque es dialecto distinto del castellano, es tan conforme a él que, si uno abre un libro portugués sin

saber lo que es, suele suceder leer algunas cláusulas creyendo que es castellano [...] Vese claramente que las lenguas portuguesa i castellana son dialectos mui conformes entre sí (Mayans 1984, 353).

Na cita é visible a importancia que outorga Mayans á posesión de tradición literaria e a asociación a un centro de poder político á hora de definir unha lingua. Pola contra, Sarmiento saíra en defensa do seu paisano Feixoo na *Demonstración crítico-apologética del Teatro Crítico Universal*, publicada en 1732 refugando enerxicamente a crenza na superioridade da lingua escrita sobre a falada, e, consecuentemente, desbotando como inadmisibile o criterio do cultivo literario para clasificar unha variedade como lingua ou como dialecto. A argumentación é impecable [TEXTO 2]. Sarmiento tamén defende a prioridade do galego sobre o portugués, pois, tendo en conta a historia da Península Ibérica na Idade Media, considera inimaxinable que o segundo se estendese cara ó norte, e moi verosímil que o primeiro se espallase cara ó sur. Neste contexto, o noso autor ofrece un bosquejo de caracterización lingüística do galego fronte ó castelán dunha exactitude pasmosa.

2. MARTÍN SARMIENTO: APROXIMACIÓN FUXIDÍA Á SÚA VIDA E Á SÚA FIGURA

Aínda que ó defender o seu paisano e admirado mestre Benito Feixoo, Martín Sarmiento atopou a oportunidade de entrar a considerar por primeira vez o galego, en realidade tardaría bastantes anos en tornar a prestar atención ó seu idioma nativo. Fillo dunha familia galega da pequena nobreza (Dubuis, Rochaix & Saugnieux 1988), nado en Vilafranca do Bierzo en 1795, criado en Pontevedra, Martín Sarmiento marchara ós quince anos para Madrid (1710) para ingresar na orde beneditina, estudiara Teoloxía en Salamanca (1714-7) e

instalárase definitivamente na capital de España (1725), sen case chegar a trepar a súa terra. Contra o final do presente volume reproducimos o escrito *Vida e viaxes literarias, número e cualidade dos escritos do reverendísimo padre frei Martín Sarmiento*, onde se comprobará que a súa biografía se confunde practicamente co seu currículo erudito [APÉNDICE 3].

De feito, Sarmiento viviu practicamente recluído na cela do seu convento madrileño, entregado dunha banda á silandeira e gozosa dixestión da súa biblioteca, impresionante polo número e a cualidade dos títulos que acollía, e doutra á práctica dunha furiosa grafomanía, destilada en milleiros de cartas con selectos correspondentes, un voluminoso diario paciente e regularmente proseguido, centos de notas do máis variado tipo, ducias de escritos ateigados de erudición e enxeño, e varios informes escritos a pedimento de sobranceiros personaxes da alta política do seu tempo. Pero, malia a imaxe de si mesmo que el propio se empeña en transmitir (e que coidamos confundiu algúns estudiosos), Sarmiento non permaneceu á marxe da vida cultural, social e política do seu tempo. De certo, foi implacablemente selectivo canto ós asuntos en que pousar a súa atención, e desprezou olímpicamente aqueles que non lle interesaban. Neste senso, pode dicirse que foi un intelectual quimicamente puro: apaixonado polo coñecemento, só se pregou ós prexuízos ideolóxicos, ás convencións sociais e ás servidumes do poder na exacta medida en que estimou imprescindible para que se lle permitise perseguir os seus verdadeiros intereses.

Endebén, eses intereses intelectuais non se circunscribían a cuestións eruditas, desvencelladas das inquiredanzas e dos problemas sociais do momento. Pola contra, as preocupacións de Sarmiento tocaban varias das cuestións máis punxentes do pensamento europeo do século XVIII, un pensamento caracterizado precisamente pola súa atención ós problemas do home corrente e da sociedade civil e pola procura de solucións prácticas, racionalmente fundadas, a eses problemas. Neste senso, hai que deixar claro que o noso

autor non foi, nin moito menos, un rato de biblioteca. Mantiño unha vida social relativamente intensa, tanto a través das tertulias na súa cela coma da súa correspondencia; foi considerado un personaxe de relevo na mesma corte real (aínda que con sona de excéntrico, iso si); e tivo moi claro que debía orientar o seu traballo á mellora do nivel cultural do conxunto do país, non soamente das elites, e ó incremento do benestar material de todo o pobo, non só das camadas privilexiadas. E aquí por 'país' e 'pobo' debe entenderse España toda, pero de xeito moi especial Galicia.

Tamén é certo que Sarmiento era consciente das pesadas limitacións que lle impuña a sociedade española do seu tempo a unha persoa na súa posición (véxase Mestre 1976), e non se atreveu a desafiar esas limitacións, ou considerou inútil facelo. Isto explica, moi probablemente, que o groso do seu labor intelectual quedase condenado ó anonimato.

3. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A OBRA FILOLÓXICA DE SARMIENTO

Antes de considerarmos de xeito específico a obra de Sarmiento, cómpre salientar algúns puntos básicos do pensamento científico e humanístico setecentista que adoitan a darse por supostos nas achegas actuais a este autor, en prexuízo dunha comprensión axustada daquela. Primeiramente, débese ter en conta que a articulación interna do campo do saber no século XVIII ofrecía un panorama considerablemente diferente ó actual. Non nos referimos soa nin principalmente ós instrumentos de investigación ou ós métodos de traballo, pero ós seus mesmos obxectos e finalidades, á subdivisión da 'árbore das ciencias' en disciplinas, ás relacións e xerarquías existentes entre estas, ó nivel respectivo de especialización. Por parte, existen grandes diferencias canto ó grao de institucionalización das distintas ciencias e das instancias de produción e reprodución de cada unha delas. Especialmente, hai que ter

presente o extremo esclerosamento das Universidades, pechadas a todo o que rebordase os coñecementos tradicionais, fundados no paradigma aristotélico-tomista, con predominio da teoloxía, a lóxica formal, a especulación e o recurso ás autoridades, e mailo somentemento de todo coñecemento ós dogmas teolóxicos, ás verdades reveladas pola relixión. Fronte a isto, fóra, e mesmo contra a tradición universitaria, vai emergendo a ciencia contemporánea, fundada no método experimental, na observación da realidade, na dúbida sistemática, na esixencia de probas verificables, de consistencia lóxica e de demostración racional. E co devandito, un novo interese polas ciencias naturais e, a través das aplicacións prácticas mediante a innovación técnica, polo benestar material.

En particular, no campo do saber sobre a lingua, que en termos da época debemos denominar *literario*¹⁰, non está constituída unha Lingüística autónoma, senón que existen a gramática (vencellada á lóxica), a retórica, a preceptiva e maila filoloxía, ciencia esta dos textos escritos, asociada tanto ós saberes históricos coma ós estudos literarios (enténdase agora este termo en senso actual). Na gramática, as doutrinas en voga no século dezaioito colocábanse na liña racionalista de inspiración cartesiana que recibira un forte pulo gracias ós tradistas de Port-Royal, coa súa *Gramática universal e razoada*. Tratábase dunha concepción abstracta da gramática, moito máis vocacionada cara ó que hoxe denominamos ós ‘universais’ lingüísticos do que ó estudio das linguas particulares. A retórica e a preceptiva atendían á oralidade, pero sempre ó falar formal, e cunha orientación fortemente prescritiva: trátase de dar normas do ‘bo falar’, conforme o gusto dominante.

10. No século XVIII, os termos *literatura*, *literario* e *literato* non se refiren exclusivamente ó mundo da creación verbal (especialmente á literatura de ficción), o que daquela se coñecía como *belas letras* ou *poesía*, senón que denominan indistintamente todo o campo das humanidades ou das ‘letras’, incluíndo dun xeito particular a historia. Así, o noso autor fala de *estudios literarios*, *literatura*, e *literatos*, mentres que para o que actualmente denominamos cos dous últimos termos, el utiliza sempre especificamente as palabras *poesía* e *poetas*, *prosa* e *prosistas*, *comedia* e *comediógrafos*. Véxase Urzainqui 1987.

Sarmiento non se interesou pola gramática, que a el lle debía parecer un mecanismo puramente formal e baleiro, e desprezou, salvo ó tratar da *Poesía*, a retórica e a preceptiva, pois sentía un desapego radical polos modos de expresión (oral e escrita) de raíz cortesá (véxase máis abaixo a réplica a D. Nunes de Leão). No que atinxe á filoloxía, a súa posición é moi diferente. Dixemos antes que esta se atopaba estreitamente vencellada a saberes que Sarmiento denominaría *anticuarios* —pois el fala de *antigüidades* ou de *antigüallas*—. De certo, a filoloxía setecentista, ademais de sostén dos estudos de historia literaria, figura cabo das ciencias auxiliares da historia: arquivística e biblioteconomía, isto é, colección e custodia de documentos escritos, diplomática ou lectura de textos antigos, epigrafía e numismática, ou sexa, desciframento de inscricións en soporte pétreo ou metálico, en particular monetario. Isto é, labores de descodificación e interpretación de textos *escritos*. Pola súa banda, a lexicografía xorde en parte como auxiliar para a aprendizaxe de linguas estranxeiras (de aí os dicionarios bi- ou multilingües), e en parte, o que nos interesa subliñar agora, como derivada e ó tempo auxiliar da filoloxía (de onde os dicionarios monolingües). Neste segundo senso, o dicionario non ten un valor autónomo, mais é un instrumento para axudar na comprensión de textos.

Por certo, no século XVIII os estudos das linguas e as literaturas hispánicas (incluída a lingua castelá e a literatura nese idioma), ou a historia de España non estaban constituídas como saberes autónomos e, loxicamente, as correspondentes disciplinas académicas brillaban pola súa ausencia nas Universidades (Aguilar Piñal 1991). Estes saberes ‘nacionais’ serán, no ámbito hispánico coma na xeneralidade de Europa, novidades decimonónicas, impulsadas polos respectivos Estados e confiados fundamentalmente ás Universidades. Sexa como for, nos tempos de Sarmiento as literaturas medievais hispánicas, particularmente a castelá e a galego-portuguesa eran case (ou sen case) descoñecidas: como veremos, o noso

autor participou dos primeirísimos esforzos para rescatalas do completo esquecemento en que caeran.

Como logo veremos, o noso autor foi, sen lugar a dúbidas, un filólogo; pero a gran novidade da súa obra reside en que concedeu unha importancia desusada á lingua falada, moi especialmente á lingua falada polo pobo 'inculto', sen prexuízos nin pretensións normativas. De feito, na súa produción intelectual é posible distinguir dúas grandes etapas, coas súas correspondencias na vertente *literaria* (usamos o seu propio termo). A primeira etapa, que chega ata 1745-50 caracterízase polo traballo basicamente 'de gabinete', libresco, con claro predominio da focaxe filolóxica sobre a lingüística. Neste período, as súas preocupacións oriéntanse polo costado da arquivística e a biblioteconomía, a diplomática e a historia literaria. A segunda etapa, que arrinca de 1745-50, caracterízase polo traballo aplicado, orientado á pescuda 'de campo'; con predominio da focaxe lingüística sobre a filolóxica. Durante esta segunda etapa, as súas preocupacións ampliáanse extraordinariamente cara ás ciencias da natureza (especialmente a botánica) e a xeografía, e no campo das 'letras' dirixense á lexicografía, a etimoloxía e a toponomástica.

Dentro da orientación decididamente sensualista e empirista do seu pensamento, Sarmiento dirixe os seus estudos cara ó léxico e á historia da lingua. A filosofía sensualista ocupouse extraordinariamente da linguaxe, e un dos temas de reflexión que aparece decote é o da imperfección das linguas naturais, imperfección que se considera unha fonte de continuos malentendidos (Aarsleff 1975, Harris & Talbot 1989). Un tópico da filosofía da linguaxe sensualista é a aposta a prol da etimoloxía, pois coidábase que esta permitiría averiguar a 'verdadeira' significación de cada vocábulo, e, por esta vía, acochábase a esperanza dunha completa reprimición das linguas que devólvese as palabras á súa primitiva significación, cegando deste xeito unha das principais fontes da súa imperfección. A verdade é que este tipo de especulación non aparece explicitada nos escritos de Sarmiento, pero atópase

tacitamente por baixo das súas angueiras de etimoloxista. Por parte, os estudos etimolóxicos encaixaban perfectamente coa abordaxe filolóxica dos textos, pois obrigaban a considerar a evolución dos usos e da forma de cada palabra, verificándoos nos escritos de distintas épocas da historia do idioma en que estas aparecían. Isto último obrigaba a un coñecemento histórico detallado, tanto no aspecto material coma no espiritual, pois só este permite determinar o significado exacto dunha palabra en cada momento da súa deriva.

No tempo de Sarmiento non existía unha Lingüística histórico-comparada (invento este tamén decimonónico) preocupada de establecer os principios ou leis xerais da evolución fónica da lingua e de descubrir as regularidades ou a sistemática da súa evolución gramatical. Pero el mesmo, a partir da observación da evolución dun número importante de casos particulares (palabras), seguindo o método inductivo, tentou establecer unhas leis xerais de evolución fonética (*Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides*), onde aparecen algunhas intuicións anticipatorias, ó lado, inevitablemente, de propostas disparatadas.

En resumo, salientariamos tres aspectos da obra lingüística de Sarmiento que constitúen novidades na súa época e nalgúns puntos adiantan os camiños por onde evolucionaría a lingüística posterior:

1) A atención prestada á lingua falada e ás variedades lingüísticas non canónicas. Isto convérteo en precursor da dialectoloxía. Tamén lle permitiu recoñecer sen prexuízos a lingua galega na súa individualidade e na súa dignidade.

2) A posta en relación da variación lingüística sincrónica ou horizontal (basicamente, xeográfica) coa variación lingüística diacrónica ou vertical (histórica). Aí reside a chave do método da lingüística histórico-comparada, o paradigma que revolucionou os saberes sobre a linguaxe no século XIX.

3) Se a configuración de saberes lingüísticos coetáneos impuxo, nun senso, certas limitacións nas pescudas de Sarmiento, noutro senso facilitoulle achados que desde a Lingüística actual

serían de máis difícil obtención. Por acaso, a brillante conexión que estableceu entre a lexicografía, os estudos onomásticos (toponimia / antroponimia; Joseph Piel considérao precursor da antroponomástica; véxase Piel 1969), a xeografía histórica, a xenealoxía e a 'historia natural' (en particular, a botánica).

4. OS ESTUDIOS LITERARIOS: ARQUIVÍSTICA, DIPLOMÁTICA, HISTORIA LITERARIA E FILOLOXÍA

Entre os poucos cargos oficiais que o noso frade exerceu ó longo da súa dilatada vida cóntanse, non por azar, o de Cronista Oficial da Congregación de Valladolid da Orde de San Bieito (1733-72) e o de Cronista Oficial de Indias (1750-55). Interésanos salientar o primeiro, pois toda a primeira etapa da súa produción, a que denominamos etapa filolóxica, está dominada polas súas preocupacións (e ocupacións) de arquiviro (véxase Gil Merino 1972 e Torres Rodríguez 1972). Segundo confesión propia, a curiosidade polas linguas en Martín Sarmiento arrinca dos seus anos de estudante en Madrid (1714) e Salamanca (1717). Xa na súa mocidade se afeizoara a copiar alfabetos de distintas linguas, e mesmo se propuxera facer un vocabulario etimolóxico das linguas latina, grega e castelá (véxase [APÉNDICE 3]. Sen embargo, o seu primeiro encargo 'oficial' como investigador corresponde ós anos 1726-27, cando botou quince meses rexistrando o arquivo e biblioteca da Catedral de Toledo, dos que elaborou cadanseu índice. Alí tivo ocasión de manexar, entre outros escritos medievais en romance, un códice das *Cantigas de Santa María* que lle deparou a sorpresa de descubrir o cultivo literario do galego no século XIII¹¹, e o fragmento dunha copia do *Libro de buen amor*, do Arci-

11. Nas *Memorias* data o seu encontro co códice das *Cantigas* sinalando "xa pasan de quince anos..." e atribúe o descubrimento a un "raro accidente", no *Discurso apoloxético* dá máis pormenores: "Ese *Cancioneiro* estaba en Sevilla, tróuxoo Felipe II ó Escorial. Eu vin na biblioteca da igrexa de Toledo unha copia en pergamino e en folio dese *Libro dos cantares* en galego". Sobre isto, Alonso Montero 1997.

preste de Hita (Rodríguez Montederramo 1999). Isto excitou, sen dúbida, as súas inquiredanzas lexicográficas e en particular a súa curiosidade polas etimoloxías, pois a lectura de textos medievais lle permitía observar as palabras a medio camiño na súa evolución, fónica e semántica, do latín ó castelán (ou galego) coetáneo. Por parte, como sinala Hans Aarsleff:

o século XVIII explorou as orixes de tódolos aspectos dos feitos e institucións humanas: a sociedade e o estado, as artes (poesía, música, pintura, escultura ou arquitectura), as técnicas, a mente, o pensamento, a lingua. Era o mellor modo de explicación e análise que coñecían, do mesmo xeito que a comprensión en termos de estrutura é probablemente o modo dominante e máis natural no noso tempo (Aarsleff 1974, p. 158).

Na década dos anos 30, a dedicación de Sarmiento á arquivística, especialmente en relación coa súa propia orde monástica, debeu de ser intensa. En 1730, cando andaba a darlle voltas á defensa do *Teatro crítico universal* (1727 e 1729 son as datas de publicación dos dous primeiros volumes desta magna colectánea), a obra do seu ilustre paisano e mestre Feixoo que coa súa innovadora ousadía erguera un coro de censuras, "pensara eu en que o Ilustrísimo Sr. Feixoo viñese residir na corte neste mosteiro de San Martín, e que aquí emprendese unha grande obra literaria á cal puidesen axudar moitos monxes dedicados a todo xénero de literatura"¹². Emporiso, fose pola dubidosa disposición de Feixoo ou da propia Orde benedictina, fose por outras razóns, o proxecto non se materializou. Así e todo, aínda que Sarmiento neses anos debeu andar ocupado na redacción do único libro que publicou en vida, a *Demostración crítico-apoloxética do 'Teatro crítico universal'* (2 volumes, aparecidos en 1732), aquela idea seguiu a bulirle nos

12. Dunha carta datada a 20 de xuño de 1770, dada a lume por Torres Rodríguez, 1972; a cita é da páxina 123. Véxase tamén sobre isto Rodríguez Montederramo 1997.

mios, pois por volta de 1735, nunha carta enviada ó Xeneral da Congregación de Valladolid “propuña o modo de facer un Corpo Diplomático Benedictino”¹³.

O mosteiro de San Martín de Madrid, onde Sarmiento paraba intermitentemente desde 1710 e onde residiu de forma permanente desde 1728, tiña unha estreita relación co de Santo Domingo de Silos, pois fora fundado como priorato dependente deste. Isto sen dúbida facilitoulle o acceso ó riquísimo arquivo do cenobio silense, onde se custodiaban entre outros os códices que transmitiron a obra romance do clérigo Gonzalo de Berceo, composta nos comezos do século XIII e totalmente inédita nos tempos de Sarmiento. Nas *Memorias para a historia da poesía e poetas españois*, dá razón do interese que esta obra lle suscitou:

¡Oxalá houbera algún mecenas que se decidise a custear a impresión de todas as poesías de Berceo! Con particular gusto me dedicaría eu a corrixir os pregos da imprenta; e tiraría ó último un Vocabulario das voces máis difíciles, das frases e das cousas máis notables. Este volume sería como clave do dialecto castelán antigo e da máis remota poesía castelá. Por el coñeceríase o modo como se ían corrompendo as voces latinas para arrequeñar o noso vulgar idioma. Observaríase a primitiva ortografía castelá; e do un e do outro sería doado o tránsito a achar a verdadeira etimoloxía dalgunhas voces que hoxe semella moi escura (*Memorias*, § 598).

De feito, Sarmiento foi o promotor da primeira edición da *Vida de Santo Domingo de Silos*, primeira obra de Gonzalo de Berceo que veu a lume modernamente, impresa en 1736¹⁴.

13. *Ibidem*, p. 124. No contexto, por *obra literaria* e *literatura* debe entenderse, tal como antes explicamos, ‘estudios de letras’, en concreto Sarmiento pensaba nunha publicación periódica onde se editasen traballos de filoloxía, historia, diplomática, etc., tal como daquela se entendían tales estudos.

14. *Obra en 660 pregos*, § 5.430: “De tantas coplas alexandrinas de Berceo, só andan impresas as de Santo Domingo de Silos, e iso débese a min. O ano de 1736 quixo o padre Sebastián de Vergara [...] dar a lume a vida do

A súa preocupación pola arquivística, a diplomática e a filoloxía (relacionadas, como se ve na cita que acabamos de aducir, coa historia da lingua e da literatura), non o abandona neses anos, e volve manifestarse con forza en dous escritos dos primeiros anos 40 que probablemente supoñan a culminación de toda unha etapa da súa vida: as *Reflexións literarias para unha biblioteca real* (1743), e as *Memorias para a historia da poesía e poetas españois* (1741-45) —doravante, *Memorias*—. Na primeira obra, que ten un horizonte moito máis amplo do que suxire o título, esbózase todo un programa de edición de textos que interesan á historia, e particularmente á historia lingüística e literaria de España (véxase § 318-97, especialmente § 323). Das utilidades que tería a publicación de todo xénero de documentos manuscritos salienta:

Primeiramente, o material, fórmulas, legalizacións e outras circunstancias do instrumento. Segundo, o xénero de carácter ou letra que se usaba no tempo da dita. Terceiro, o idioma, ou latín ou castelán; a expresión, a ortografía, e a puntuación. Cuarto, as voces da media latinidade e do castelán antigo que non se atoparán nos glosarios nin nos dicionarios. Quinto, os nomes antigos dos lugares, ríos, montes, fontes, etc. para a xeografía da mediana idade, e para con ela, ligar a xeografía antiga coa moderna de España (§ 336).

santo, co gallo da festa da translación que se fixo daquela. Disuadino de que formase un tomo dos sermóns que se pregaran, e persuadino de que fixese vir do arquivo de Silos os orixinais que había da vida do santo. Asentiu a isto, viñeron as *Actas latinas* de Grimaldo en letra gótica, as 777 cuartetas de Berceo e mailos *Milagres do Santo*, que no século XIII escribira don Pedro Marín. Vin estes tres preciosos monumentos e consentín gustoso en que, pasando polos meus ollos e pola miña corrección de probas, se imprimisen con exactitude, nun tomo en cuarto, o mesmo ano de 1736”. Nas *Memorias para a a historia da poesía*, § 575, asegura “cotexeino co que se imprimía, pois eu mesmo asistín á corrección dos pregos [...] vin, lin, rexistrei e cotexei”. Nesta obra dá pistas sobre as súas investigacións: “solicitei que se rexistrase o arquivo de San Millán con toda exactitude, e conseguín canto desexaba. Desde o ano de 1737 ata 1741 era abade daquel mosteiro o padre mestre Diego de Mecolaeta, [...] intelixentísimo en arquivos, e ten unha total comprensión do de san Millán, casa da súa profesión”. Véxase sobre isto Uriá 1983.

Nas *Memorias* verte toda a erudición sobre historia lingüística e literaria españolas, que cobre ata o período pre-renacentista, e que fora atesourando nos anos anteriores, e ofrece a gran revelación da existencia dunha literatura medieval en lingua galega —máis adiante volveremos sobre esto último—. Despois de rematar esta obra, di el mesmo, “xa non pensei máis en Poetas nin Poesías. E aquela interina afeizón a aquel xénero de literatura para escribir apliqueina máis de veras a observar os obxectos da Historia natural que Deus creou nos países e mares de Galicia” (véxase APÉNDICE 3, no ano 1745). A pesar do devandito, as preocupacións que encheron a etapa que denominamos ‘filolóxica’, aínda que ceden en importancia fronte a outras, non o abandonarán o resto da súa vida. Mencionaremos, a título meramente ilustrativo, tres exemplos.

Primeiro: en 1750 le, extracta e comenta o daquela descoñecido *Poema de Mio Cid*¹⁵. Xa que logo, da literatura medieval en castelán Sarmiento coñeceu nada menos que o *Poema do Cid*, a obra de Berceo e o *Libro de Buen Amor*, e da correspondente galega as *Cantigas de Santa María*. Ningún coetáneo podería gabarse do mesmo. Segundo: os arquivos e biblioteca do Escorial reciben continua atención nos anos 1749 a 1751, como mostran os catro escritos que lles dedica neses anos, e testemuña el mesmo (véxase APÉNDICE 3, ano de 1755)¹⁶. Terceiro: en 1752 escribiu un longo traballo,

15. Como reiteraremos máis abaixo, cando redactou as *Memorias*, Sarmiento tiña un coñecemento vago e indirecto do poema, que sería publicado por primeira vez sete anos despois do falecemento do noso estudioso. Sobre isto, véxase Chacón y Calvo 1934. Un dos mellores coñecedores contemporáneos do Poema, Colin Smith, suxire que o interese por este que conduciu á súa primeira edición, debida a Tomás Antonio Sánchez (*Colección de poesías anteriores al siglo XV*, 1779), arrinca da difusión das notas de Sarmiento sobre o texto. Véxase o estudo preliminar de C. Smith ó *Poema de mio Cid*, Madrid, Cátedra, 1972, p. 98.

16. Sobre isto, véxase Rodríguez Montederramo 1997. Unha carta ó padre Rávago sobre estes mesmos temas está inserida en M. Sarmiento, *Epistolario*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995; pp. 461-3.

Sobre o arquivo de Samos e arquivos (65 pregos). Este traballo debe pórse cabo doutros, en particular das *Noticias de varios códices manuscritos e impresos, e extractos que deles fixo o P. Sarmiento en diferentes tempos*, que enchen nada menos que 50 pregos. Logo teremos ocasión de referirnos máis en detalle á atención que lle prestou a diferentes arquivos monásticos galegos.

5. MEMORIAS PARA LA HISTORIA DE LA POESÍA. DESCUBERTA DA LITERATURA GALEGA MEDIEVAL [TEXTO 3]

Despois da *Demonstracion crítico-apoloxética* (1732), en que, como vimos, o galego aparece de xeito circunstancial, Sarmiento, moi interesado na filoloxía e a lingüística castelás (a etimoloxía era a súa paixón, igual cá doutros moitos eruditos do dezaioito; véxase as noticias que el mesmo dá no APÉNDICE 3, ano de 1730), non tornou a ocuparse do seu idioma materno ata que, por encargo, se puxo a preparar o único outro libro (á parte da dita *Demonstracion*) que deixou arranxado para a publicación: *Memorias para a historia da poesía e poetas españois* (editado postumamente en 1775). Esta obra foi escrita a instancias do cardeal Valentí Gonzaga, comezada en 1741 e rematada en 1745. Trata desde as remotas orixes ata a época dos Reis Católicos. A pesar do título, e malia que efectivamente do que máis se fala é de poesía e poetas, ocúpase de importantes aspectos de historia lingüística e literaria en xeral da Península Ibérica. Sobre o estadio dos estudos de historia literaria, o propio autor sinala:

En canto que nos libros impresos se atopa pouquísimo que poida dar algunha novidade sobre o asunto, é moi certo que nos arquivos e bibliotecas de España se achan moitos cancioneiros e romanceiros manuscritos e moitos poetas casteláns antigos e poemas españois que están lidando coa couza e a pubela nos recunchos. Nin eu o podo ver nin consultar; nin crer que quen non os vir, consultar e ler *de verbo ad verbum*, poida tratar o asunto de modo que satisfaga os eruditos (§ 13).

Efectivamente, o coñecemento da literatura medieval nos romances peninsulares era moi fragmentario e confuso, xacían ignotos ou moi parcialmente coñecidos algúns dos autores e textos máis importantes, que permanecían total ou case totalmente inéditos. Por parte, contra o que se podería esperar, Sarmiento non identifica a literatura española coa literatura de expresión castelá, senón que considera que forman parte dela os autores e textos de tódalas linguas da península, mesmo as prelatinas.

Podemos considerar a obra dividida en catro partes: a longa parte inicial, cos catro primeiros capítulos, trata de cuestións preliminares; a segunda, co capítulo quinto, trata máis ben de historia lingüística dos romances peninsulares; a terceira, cos capítulos VI e VII, que contemplan a cuestión desde o punto de vista da métrica; e a cuarta (capítulos VIII ó XI), cunha ordenación cronolóxica dos autores por séculos do XII ó XV. Case un tercio das *Memorias* (§ 14-225) está reservado ó que podemos chamar cuestións previas: “Orixe da poesía en xeral” (capítulo I, § 14-38), “Antigüidade da poesía en España” (capítulo II, § 39-108), “Poesía latina en España” (capítulo III, § 109-23), “Invención dos versos rima-dos” (capítulo IV, § 124-225). É de salientar que os temas que máis lle interesan, como se bota de ver polo número de parágrafos que dedica a cada un, son os das linguas prelatinas da península (capítulo II) e o das orixes históricas da poesía (capítulo IV, o máis extenso de todos), coa consideración das ‘Rimas orientais’ (particularmente, en hebreo e árabe), das ‘Rimas septentrionais’ (xermánicas), e á súa posible influencia na poesía peninsular.

A obra comeza con consideracións acerca da orixe da poesía en xeral, e dando conta das noticias que os historiadores greco-latinos ofrecen da cultura literaria dos pobos preromanos peninsulares, con especial atención ós turdetanos da Bética e ós gallaicos. Tamén trata das linguas primitivas da humanidade e da Hispania, concedendo, con moita precaución, que a lingua primixenia do xénero humano puido ser o

hebreo, e desbotando por quiméricas as especulacións sobre a ‘lingua primitiva de España’ (§ 90-107).

A segunda parte das *Memorias* consiste nun longo capítulo enteiramente de historia lingüística, titulado “Caracteres, escritura e lingua vulgar dos españois” (capítulo V, § 226-353), onde rexeita rotundamente as teorías que facían do castelán lingua primitiva e anterior ó latín, e deseña as liñas mestras da evolución do latín falado e escrito cara ás linguas e as escritas romances da península. Dedicada un extenso apartado deste capítulo (§ 294-352) a unha maxistral análise filolóxica das versións romances do *Forum Iudicum* e á Biblia Ferrarense. Válese para este estudio do seu minucioso coñecemento do Arquivo da Catedral de Toledo (§ 300-303). A terceira parte presenta, nun capítulo de importancia fundamental, a ‘Carta do Marqués de Santillana sobre a poesía’ (capítulo VI, § 353-80), e trata, nun longuíssimo capítulo, sobre a ‘Orixe, antigüidade e diferenza dos metros casteláns’ (capítulo VII, § 381-516), especie de historia da métrica en lingua vulgar, na que diserta ‘Dos *Redondillos*’, (§ 398-430), ‘Dos versos alexandrinos’, (§ 431-45), ‘Dos versos de arte maior’ (446-81), ‘Dos versos hendecasilabos, ou de sonetos’ (486-516). Especial importancia ten a sección penúltima, onde discute as relacións entre o galego e o portugués; neste e no último apartado tamén desenvolve unha crítica cautelosa pero demoledora contra os falsos poemas portugueses anteriores ó século XII, que facían circular como verídicos os eruditos do país veciño como Bernardo Brito e Manuel Faria (“No figueiral figueiredo”, “O Rouçom da cava” e o “Poema de Oureana”).

Finalmente, a cuarta parte da obra contén, en cadanseu capítulo, sumarias consideracións dos ‘Poetas españois do século XII’ (capítulo VIII, § 517-69), ‘Poetas españois do século XIII’ (capítulo IX, § 570-668), ‘Poetas españois do século XIV’ (capítulo X, § 669-790) e finalmente, ‘Poetas españois do século XV’ (capítulo XI, § 791-874). Do capítulo VIII, é de salientar a noticia sobre o *Poema de mio Cid* (que estudiaría máis en profundidade, como sabemos, uns anos máis tarde), e as con-

sideracións sobre os primeiros poetas en galego-portugués. Do para nós importantísimo capítulo IX destaca o tratamento de Gonzalo de Berceo (§ 572-600), e, sobre todo, os parágrafos dedicados a Afonso X o Sabio (§ 601-68), especialmente á súa poesía galega. Extractamos para a nosa *Antoloxía* unha noticia que ofrece sobre os seus contactos iniciais con instrumentos notariais en galego do século XIII, a través dunha copia de documentos do Arquivo do mosteiro de Sobrado. En definitiva, as *Memorias* constitúen unha monografía, baseada na exploración das noticias antigas e na pescuda directa sobre os textos coñecidos, sobre a literatura en España desde a Antigüidade ata o século XV.

Canto ó aspecto propiamente lingüístico, referíndose ás linguas da península, distingue Sarmiento por unha banda a “lingua vulgar de España”, “a que se chama castelá, e en xeral tamén romance”, que é principalmente “a que se fala na Corte; e na cal se escriben os libros que cada día saen á luz”, e por outra banda os idiomas “Catalán, Asturiano, Galego e Portugués” (deixando á parte o vasco). Así, sinala, nos dominios lingüísticos destes idiomas, “non é vulgar a dita Lingua Castelá; pero enténdese; e exceptuando os portugueses, os demais nacionais tamén a escriben cando comercian cos casteláns”. Reafirma que constitúen linguas independentes do castelán, que tanto este como aqueles son dialectos do latín e “con-dialectos” entre si, e que “se entenden, a pouco estudio, os uns ós outros, os que os falan”.

Neste marco, e discutindo sobre a nacionalidade e a lingua poética de Macías, que Argote de Molina aventurara como portuguesas, Sarmiento volve tratar a cuestión das relacións entre o galego e o portugués, na liña que Feixoo tiña definido (§ 458-67), e que el xa non abandonará.

Sarmiento aínda manexara poucos documentos medievais escritos en galego e só dos séculos XIV e XV, polo que pensaba que o castelán fora a lingua escrita corrente en Galicia desde o século XIII. Pero “non así os portugueses; pois como tiñan Monarca propio introduciron nas escrituras

públicas e privadas aquel vulgar primitivo que era comun ás dúas clases de galegos, lucenses e bracarenses; o cal, co tempo e co exercicio de escribirse fixose como dialecto distinto” (§ 465). Esta observación encaixaba moi ben, ó contrario do que acontecía coas *Cantigas* de Afonso X (de aí a confusión que lle causou o seu descubrimento), na teoría vixente sobre a ‘unidade de dominio’ (ou sexa, política) como determinante da ‘unidade de lingua’, co matiz de que por esta se entendese de ‘lingua escrita’. Neste punto, o noso autor esboza unha distinción en que insistirá moito en escritos posteriores entre lingua escrita e lingua falada, sinalando que, debido ó influxo árabe, ós seus contactos con diversos e exóticos países e mais ó cultivo escrito, o portugués tiña incorporado multitude de voces que non aparecen en galego, “pero dubido que canto a voces radicais e primitivas, haxa exceso ningún”, isto é avantaxe do portugués verbo do idioma de aquén-Miño (§ 466). Por outra parte, ó fio disto, espregita outra opinión sobre a que Sarmiento volverá: o idioma galego, “se hoxe se quixese escribir, é capaz de todo, agregándose as mesmas voces estrañas que se teñen aplicado a aqueles dialectos” [portugués e castelán] (§ 467).

As noticias do Marqués de Santillana sobre a poesía galega medieval (lémbrese que os Cancioneiros trobadorescos andaban extraviados e só serían redescubertos ó longo do século XIX), a lectura de documentos en galego dos séculos XIV e XV, e sobre todo das *Cantigas de Santa María* tiveron que excitar extraordinariamente a curiosidade do noso frade, entre outras razóns porque desafiaban o saber convencional e contradicían a imaxe vixente da lingua galega. O contacto erudito co galego medieval supuxo, así, unha auténtica revelación que debeu de actuar como revulsivo na súa consciencia lingüística. Ademais, axudouno a contemplar as relacións entre o galego e portugués e de entrambos co castelán baixo unha nova luz. Comezaban así a abrirse fendas na muralla (metafórica: trátase da consciencia lingüística dominante) que se interpuña entre as variedades históricas da lingua, o cal

permitía contemplar esta cunha perspectiva moito máis ampla e alumadora.

6. SOBRE A ORIXE DA LINGUA GALEGA [TEXTO 4]

O primeiro texto completo en que Sarmiento se explica dun xeito case monográfico sobre o galego é unha carta en resposta a unha consulta “sobre a orixe da lingua galega”¹⁷, que escribiu en 1755 (Sarmiento 1974). Obviamente, a cuestión fulcral era a orixe do galego, pero ó fío das súas argumentacións, Sarmiento toca tamén outras cuestións que nos interesan. Sobre o obxecto da consulta, o primeiro que o autor asenta é que aínda que o galego non é lingua en por si, senón “unha varia inflexión das voces latinas”, pero “é erro coidala dialecto da lingua castelá, nin antiga nin moderna”. Isto contradecía o tópico, claramente contrafactual pero cada vez máis estendido en España desde o século XVI, sobre a unidade de dominio (político) como determinante da lingua, e o autor é consciente disto. En segundo lugar, Sarmiento entende que desde o punto de vista metodolóxico é mellor centrarse no estudio do léxico latino, renunciando a afondar máis atrás, e deixando a unha beira, para unha análise posterior, o léxico xermánico. Dentro do léxico de orixe latina, hai que enxergar coidadosamente o léxico patrimonial, o orixinario, que é o que permite remontar a evolución da lingua ata a súa fonte, dos enxertos posteriores, que maiormente entron na lingua por vía literaria, do que se deduce que “as linguas que se falan e se escriben non conservan tan ben as súas primitivas raíces coma as linguas que só se falan”. Deste xeito, a falencia dunha tradición literaria en galego queda trocada nunha grande avantaxe.

Daquela, Sarmiento ten, como sabemos, algunha noticia da tradición escrita medieval, pero considera que isto non

17. A epístola tamén trata de “paleografía española”, pero isto non interesa aquí.

invalida o seu aserto acerca da pureza patrimonial do galego, pois a lingua escrita medieval parécelle completamente apegada á falada, e carente dos enfeites que se introduciron nos idiomas cultos desde o Renacemento. Así que, neste punto, o noso autor aparece debrozado sobre o galego movido por intereses eruditos: unha vez que a reflexión lingüística do seu tempo determinara que o problema das orixes do idioma só se podía abordar a partir do léxico patrimonial, atópase con que o galego ofrece un campo de estudio privilexiado. Así e todo, nas súas observacións sobre a pureza do galego falado, Sarmiento ofrece algunha noticia de interese sociolingüístico, coma tal, que “se lle pegaron tales cales voces modernas castelás, non no idioma dos aldeáns, senón no dos cidadáns e en especial dos que habitan en portos de mar”, co cal fai unha primeira referencia á cuestión dos castelanismos. Sobre a consciencia sociolingüística dominante, o autor ofrece un testemuño que vén confirmar o que xa sabemos, ó queixarse de que o idioma sexa “tan descoñecido de todos e tan despreciado aínda dos mesmos paisanos” e sinalar con tristeza que “os galegos que saen fóra do reino están na posesión de facer especial estudio de esquecer a súa lingua”. Sempre na liña de consideración basicamente erudita do problema, e movéndose nun plano bastante abstracto, Sarmiento pondera o enorme interese que tería pór en marcha a elaboración destas tres obras: cadanseu Glosario de voces latinas e galegas dos documentos medievais, e mais un Vocabulario das voces galegas usuais. Reflexionando sobre a utilidade que puidesen ter estes traballos, sinala o beneficio que podían tirar dela os estudiosos, pero no caso do terceiro apunta para intereses non só eruditos, senón tamén prácticos.

En resumo, neste traballo observamos que o frade bieito está gañando interese científico polo galego, que os seus presupostos neste terreo son moi innovadores, e que a partir de aí comezan a xermolar ideas sobre o galego que supoñen a ruptura dos filtros que conformaban a visión da lingua nos séculos anteriores. Aínda así, Sarmiento está a

reflexionar sobre o idioma como lingüista e en termos basicamente intelectuais.

7. A OBRA LINGÜÍSTICA: PRESUPOSTOS. SENSISMO E EMPIRISMO

Abondou que aquela consciencia histórica da lingua que se manifesta nas *Memorias* e na *Carta sobre a orixe da lingua galega* se combinase cunha actitude receptiva cara ás manifestacións orais e populares para que Sarmiento efectuase unha ruptura epistemolóxica de fondas consecuencias na visión do idioma galego. Esta apertura cara ó oral/popular, paradoxalmente, derivase en boa parte do seu tan erudito coma caracteristicamente dezaoitescos gusto pola etimoloxía (que en principio, como se dixo, se aplicou ó castelán), aliado coa súa afección pola historia natural en xeral e pola botánica en particular, preferencia esta tamén típica, igual cá súa ambición enciclopédica, do século en que vivía (Hazard 1991, 119-31, 180-92). Unha novidade importante da época foi que as linguas vulgares comezaron a ser consideradas non como corruptas e desarticuladas, senón como posuidoras dunhas regularidades latentes, que había que descubrir, de xeito que penetrando nestas podíanse establecer as regras de alteración fonética da lingua orixinaria (o latín) cara ó romance.

Como vimos, na procura destas regularidades, Sarmiento decatouse que cumpría dexergar a compoñente léxica non patrimonial (cultismos e empréstitos) da patrimonial, e ter en conta soamente á segunda. A lingua cultivada estaba inzada de enxertos estraños, mentres que a lingua non cultivada se mantiña moito menos contaminada destes, preservando deste xeito unha herdanza ata daquela inexplorada. Sobre todo, había que ter en conta o léxico referente ó mundo natural, riquísimo na súa variedade e extensión, aínda que tamén o estudio da onomástica se ofrecía como unha valiosa ferramenta neses labores. En todo caso, a lingua escrita e culta quedaba derogada dos seus intereses, e a lingua falada e popular situábase no centro das súas pescu-

das. O paralelismo entre Sarmiento e, por exemplo, un Turgot (autor do célebre artigo “Etymologie” da famosa *Encyclopedie française*, aparecido en 1756)¹⁸, non pode ser máis rechamante:

Turgot ve clarísima a necesidade de ter en conta non soamente a lingua refinada dos escritores, senón tamén a tan pouco atendida e extremadamente variada do pobo: falas vulgares e dialectos constitúen por vez primeira un fundamento lingüístico ineludible (Zamboni 1976, 33-4).

Como é obvio, todo isto implica o abandono da actitude preceptiva diante da lingua e a depuración dos prexuízos que acompañaban a esta. Os naturalistas ensinaban a observar os elementos da Natureza esquecendo todo pre-concepto e centrándose no seu exame e descrición fieis e detallados. Esta é a actitude que Sarmiento decide adoptar fronte o idioma. Espírito crítico, observación atenta, análise e aplicación do método deductivo, esas eran as principais armas do coñecemento científico dezaoitescos. Isto permite valorar Sarmiento desde un punto de vista diametralmente oposto ó do finado profesor Pensado, cando sostén: “Sarmiento poderá ser ilustrado en certos aspectos, pero non no *lingüístico*, a súa personalidade científica que non se deixou levar pola *moda da Ilustración*, antes ó contrario, sempre está alerta contra ela, é a súa conciencia crítica” (Pensado 1989, 189; as cursivas no orixinal).

Pola contra, ó noso parecer, neses puntos, Sarmiento situábase na vangarda dos pensadores do seu tempo, e non contra estes. Se a atención erudita ó mundo natural constituía un desafío ó saber tradicional (custodiado nas universidades

18. Téñase en conta que este artigo nos interesa como termo de comparación precisamente porque “ten recibido moita atención e ten sido tratado como se fose excepcional, cando en realidade constitúe un traballo pouco orixinal”, xa que o seu contido reflicte o consenso erudito da época sobre a cuestión (Aarsleff 1975, 440).

e só interesado na teoloxía, a filosofía e as leis), a derogación dos textos literarios como obxecto principal de interese da reflexión lingüística e o abandono das preocupacións prescriptivas en beneficio dunha observación coidadosa da fala vulgar ó servicio das especulacións histórico-etimolóxicas, constitúen o anuncio da revolución filolóxica que só reben tou con todo o seu vigor nos centros máis avanzados da Europa do século XIX (Rosiello 1967, 167 e ss.). Hai que sinalar que só a estabilización dunha tradición cultivada nas linguas románicas ‘principais’, co que supuña por unha banda de diversificación da fala popular verbo da lingua culta e literaria, e por outra de paso a un relativo segundo plano da oposición latín/romance (que viñera dominando a consciencia lingüística nos séculos XV, XVI XVII), posibilitaron o xurdir e o callar destes novos intereses.

No marco do empirismo naturalista, e especificamente da derogación da ‘lingua da corte’ como centro privilexiado de atención dos lingüistas, é no que hai que situar a furiosa réplica que o noso autor lle dirixiu ó filólogo portugués Duarte Nunes de Leão, por causa da súa atinada observación, recollida na *Origem da Lingua Portuguesa* (1606) sobre a vantaxe do portugués verbo do galego:

[as linguas de Galliza e Portugal] eraõ antigamente quasi hua mesma, nas palauras & nos diphtongos e na pronunciaõ que as outras partes de Hespanha naõ tem. Da qual lingua Gallega a Portuguesa se auentajou tanto, quãto na copia e na ellegãcia della vemos. O que se causou por em Portugal hauer Reis e corte que he a officina onde os vocabulos se forjã e pulem e onde manão pera os outros homes, o que nunca houue en Galliza (Leão 1945, 244).

O gramático portugués limitárase a deixar constancia de que unha lingua de cultura é o resultado dunha elaboración socio-cultural, que é a que a dota de “copia e elegancia” (abundancia léxica e versatilidade estilística), ó tempo que subliñara a importancia crucial que ten, para o seu establece-

mento, a actividade dun centro forxador, unificador e divulgador, que naquel tempo se ubicaba na corte rexia. Leão consideraba que o galego e o portugués partiran dunha situación parella, e que a vantaxe do segundo sobre o primeiro se debía á incidencia de factores que na terminoloxía actual cualificaríamos como sociolingüísticos. Pero Sarmiento, que en varios lugares da súa obra mostrou a súa inclinación a polemizar con autores portugueses ós que por outra banda coñecía, aproveitaba e ás veces puña de exemplo, leu as afirmacións de Leão desde a súa perspectiva particular, e retrucou con forza (véxase TEXTO 6, § 52 e 53).

Ben se bota de ver que as coordenadas de tempo e de mentalidade en que se moven os dous autores son completamente distintas: decididamente, Martín Sarmiento non entendeu o que Duarte Nunes de Leão quería dicir.

8. A OBRA LINGÜÍSTICA: TRABALLO DE CAMPO, ETIMOLOXÍA, LEXICOGRAFÍA E TOPONOMÁSTICA

Sobre o pano de fondo que acabamos de deseñar, emerxen os intereses especificamente lingüísticos do noso autor. A súa produción lingüística déixase clasificar en dous grupos complementarios: por unha banda están os produtos directos do seu traballo ‘de campo’, pola outra unha serie de pezas de maiores pretensións sistemáticas ou especulativas, aínda que derivadas das pescudas sobre o terreo e habitualmente moi apegadas a este (sempre coa habitual deriva cara á digresión). A maior parte dos escritos estrictamente lingüísticos do frade¹⁹ presentan dúas características, aparentemente inconexas, pero que no fondo se explican mutuamente: 1) refírense exclusivamente ou presuntivamente a unha atención prioritaria ó idioma galego, 2) atópanse en estadio de esbozo máis ou menos avanzado, pois o autor

19. En anexo ó presente traballo introductorio ofrecemos unha cronoloxía da obra filolóxica de Sarmiento.

non chegou a contemplar a posibilidade de darlles publicidade (moito menos, de imprimilos).

No grupo de ‘traballos lingüísticos de campo’ salientan: o *Coloquio en mil duascenas coplas galegas* (1746-47), co correspondente *Glosario* ou *Comento* (1747, 1751-53, e despois intermitentemente ata 1770), o *Catálogo de voces e frases da lingua galega* (1745-46 e 1754-55) e o *Catálogo de voces vulgares e en especial de voces galegas de diferentes vexetables* (1754-58). Escritos menores que dalgún xeito complementan os anteriores son: *Rascuño de varios nomes galegos de vexetables*²⁰, *Nomes galegos de peixes, animais, aves, sabandixas e insectos*²¹, e mailo *Onomástico latín-galego dos vexetables que viu o padre Sarmiento (Sistema de Mr. de Tournefort)*.

Canto ós estudos de carácter máis especulativo, dos que se ocupou durante os últimos doce anos da súa vida intelcualmente activa (c. 1758-1770), cedémoslle a palabra ó autor, que en 1758 afirmaba “toda a obra que teño prometida se reducirá a catro partes. Na primeira, que é esta, poño un *Discurso apoloxético sobre o estudio e utilidade das etimoloxías*. Na segunda proporei tendidos os *Elementos etimolóxicos*. Na terceira estendereime sobre a *Educación da mocidade galega* na súa lingua nativa, na latina e nos principios para a castelá, francesa e italiana, e mais na necesidade da Historia Natural para todas as ciencias e artes. Na cuarta porei un *Onomástico etimolóxico da lingua galega*. [...] Esa cuarta parte ocupará, Deus diante, moitos pregos de papel, e os máis empregaranse na Historia Natural, e en especial na de Galicia. Sobre todo a

20. O *Rascuño* contén dúas partes claramente diferentes: unha primeira, cunha ordenación alfabética, e as entradas numeradas dentro de cada letra, que parece un índice dos nomes de plantas que cita no *Catálogo de voces vulgares, e en especial de voces galegas de diferentes vexetables*; e a segunda, que se recollen denominacións de variedades de mazás, peras, uvas, ameixas, figos pexegos, castañas, que parece complemento do *Catálogo de voces e frases da lingua galega*. As dúas foron editadas por José Luis Pensado como apéndices de cada un dos *Catálogos*.

21. Trátase de simples listas de vocábulos, algúns deles acompañados dunha indicación de lugar.

Botánica é a clase que tratarei con máis extensión”²². Efectivamente, ó seu peculiar xeito embarullado, o autor propúxose cumprir este plano.

Así, primeiro deu en redactar uns *Apuntamentos para un discurso apoloxético sobre etimoloxías e método para aplicar os elementos etimolóxicos ó onomástico da lingua galega* (1758), tentativa inicial inacabada, que acabaría por ser refundida nos *Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides* (1766). Endebén, retomaría aquel asunto, pois practicamente a última obra que deixou escrita foi un *Discurso apoloxético pola arte de rastrexar as máis oportunas etimoloxías das voces vulgares* (1770). Abandonados aqueles primeiros *Apuntamentos*, debruzouse nun *Onomástico etimolóxico da lingua galega* (1758), onde *onomástico* non debe entenderse xeito actual, como estudio de nomes propios, senón como ‘vocabulario onomasiolóxico’, isto é, organizado por campos semánticos. Rematados os xa citados *Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides* (1766), envorcouse na obra *A educación da mocidade* (1768), que xa fora precedido dun longo ensaio sobre *A educación dos rapaces*, composto en 1764 e inserido na *Obra en 660 pregos*, onde leva como epígrafe “Digresión sobre a educación da mocidade española, desterrando o estudar de memoria e á letra e mailo castigo, que son os dous protectores da ignorancia e do odio ás letras”.

En todo caso, hai que subliñar que case ningún dos devanditos textos atinxiu un estado definitivo, e o noso erudito deu en traballar en varios deles saltuariamente, en sometelos a sucesivas reelaboracións, en inzalos de divagacións e excursos, de modo e maneira que non raramente os temas son retomados tanto en diversos lugares de cada texto coma en varios destes, o que o conduciu ora a repetir ora a matizar ou mesmo contradicir as súas propias observacións, cun resultado global desordenado, reiterativo e confuso (Pensado 1972, 1995). Ten-

22. *Apuntamentos para un discurso apoloxético*, cit. por Pensado 1973, 167-8.

do en conta iso, imos tentar illar en cada peza os temas que nos interesan, sempre que aparezan tratados con certo pormenor, ignorando as innumerables referencias accidentais a eles, espalladas aquí e acolá, procurando dixerar unha liña evolutiva no pensamento do autor (Pensado 1960), e tentando contextualizalos historicamente cando nos pareza imprescindible.

9. VIAXES A GALICIA. O REDESCUBRIMENTO DO GALEGO FALADO

O noso frade tiña a cabeza ateigada coas devanditas cavilacións cando, vinte anos despois da súa anterior (e breve) estada no país, emprendeu a súa viaxe a Galicia en 1745, que só durou sete meses (Sarmiento 1975). O contacto directo coa terra nativa supuxo outro auténtico revulsivo para o erudito frade. Só fixo falta que cavilase sobre a súa propia experiencia vital, que matinase sobre as súas orixes e sobre os intereses do grupo social ó que pertencía (a ínfima nobreza galega) e sobre a situación do seu país, para que se producise nel unha auténtica explosión de galeguismo, en tódolos sentidos, pero moi especialmente no lingüístico. Desde a xornada de 1745, o estudo e a reflexión sobre o idioma galego constituirán, cada vez con maior intensidade, a paixón da súa vida. O erudito soamente regresará a Galicia en 1754-55, pasando o resto do tempo case sempre recluído na cela do seu convento madrileño. En definitiva, a primeira viaxe durou desde o 9 de maio de 1745 ó 10 de febreiro de 1746, a segunda, desde o 5 de maio de 1754 ó 27 de novembro de 1755. Nestas dúas xornadas, Sarmiento dedicouse intensivamente a recoller materiais da lingua popular, que moerá e remoerá incansablemente no seu encerro capitalino, nunha laboría que xamais callará nunha obra acabada e, o que foi máis grave, permaneceu inédita, pero que constitúe un testemuño de excepcional importancia sobre a lingua galega do seu tempo.

Na viaxe de 1745, Sarmiento emprendeu as súas pescudas lingüísticas sobre o idioma galego, traballando en dúas direccións: a recolla do léxico vivo dos labios do pobo, e o

expolio de documentos medievais²³. Recompila aquí o autor as voces galegas que oíu de viva voz, ou leu en instrumentos, cos xogos dos nenos, moedas e outras cousas relativas á linguaxe que observou na súa mansión de Pontevedra nas dúas tempadas que estivo alí nos anos 1745 e 1755; deste fondo valeuse para compor as súas *Mil duascentas coplas galegas en estilo de Perucho e Maruxa* e o seu *Onomástico latín galego*. Tememos ser reiterativos, pero insistimos en que non se debe esquecer que no noso autor os intereses lingüísticos están inseparablemente aliados por unha beira das súas preocupacións eruditas e pola outra cos seus ideais socioculturais —moi especialmente os pedagóxicos e o que se pode denominar sen receo o seu galeguismo—. El mesmo deixa constancia do método que seguiu para recoller as súas voces (véxase texto 11, no ano 1745).

Froitos directos da intensa colleita de voces que realizou sobre o terreo durante as dúas viaxes a Galicia, de 1745 e 1755, son entre outras obras que citamos atrás, o *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* co respectivo *Comento* ou *Glosario* (obra que Pensado titula *Catálogo de voces e frases da lingua galega*).

10. O GALEGO NO ENSINO. O ONOMÁSTICO ETIMOLÓXICO DA LINGUA GALEGA [TEXTO 5]

Durante o século XVIII, e baixo a égida da dinastía borbónica instalada en España despois da Guerra de Sucesión, danse pasos decididos cara ó afortalamiento e á centralización político-administrativa do Reino. Correlativamente, o castelán foi obxecto dunha promoción cada vez máis firme como lingua de Estado. En 1713 fúndase, conforme o modelo francés, a Real Academia Española, que nos anos 1726-29 publica un

23. Arquivos e coleccións documentais que leu ou revisou: en Santiago (xullo de 1745), San Martiño Pinario e San Paio de Antealtares; en Pontevedra (setembro/outubro de 1745), Poio, Lérez, Tenoiro e Santa Clara; ademais (decembro 1745/febreiro de 1746) Celanova, Samos e San Pedro de Montes.

Diccionario de autoridades, en 1741 unha *Ortografía* e en 1771 unha *Gramática*, co cal quedan sentadas as bases da codificación do castelán nos terreos léxico, gráfico e morfosintático. Así e todo, o secular peso do latín como lingua do culto e da alta cultura, pero tamén como medio e obxecto central do ensino, resulta esmagador ata pasada a metade do século. De feito, na Universidade, malia tímidas tentativas de introdución do castelán, a pugna do idioma do Estado contra o latín só se presentará en serio no século XIX (Monteagudo 1999, 314-13). Como acabamos de mostrar, as preocupacións lingüísticas referidas ó galego de Sarmiento viñan de antes (polo menos, desde comezos da década dos 40), pero a súa intensificación e alianza coas inxerencias pedagóxicas corresponde cos primeiros anos do reinado de Carlos III (rei de 1759 a 1788), que precisamente son anos de novidades no terreo da educación en España, ou máis exactamente, de incipiente formulación dunha política de estado verbo da educación (Sarrailh 1992, 155-73, 194-229; Abellán 1993, 151-70 e Ruiz Berrio 1988), na cal a lingua xoga un papel relevante.

Sinalamos algúns fitos: en 1767 son expulsados os xesuítas, reducto máis acérrimo dos defensores do latín, que dominaban o ensino secundario; en 1768 promúlgase unha real cédula na que estipula “que la enseñanza de primeras letras, Latinidad y Retórica, se haga en lengua castellana generalmente, donde quiera que no se practique”, recomendando “su exacta observancia” a diócesanos, universidades e superiores regulares, e urxindo a dilixencia destes “en extender el idioma general de la nación para su mayor armonía y enlace” (Costa 1991, 220); en 1771 impóñense como únicos libros de lectura autorizados na escola dous textos en castelán, en 1780 (xa finado o noso autor), ordénase que “en todas las escuelas del reino” se ensine “a los niños su lengua nativa [enténdase, o castelán] por la gramática que ha compuesto y publicado la Real Academia de la Lengua; previniendo que a ninguno se admita a estudiar latinidad sin que conste antes estar bien instruido en la gramática española” (Lázaro 1985, 189).

A política educativa de Carlos III insírese plenamente na tendencia cara á secularización e á nacionalización (especialmente lingüística) do ensino que se deixa sentir en toda Europa, nunha etapa en que o interese pola pedagogía e o ensino gaña unha importancia crecente (Hazard 1991, 171-9); comezando por suposto con Inglaterra e Francia (abonde con lembrar a publicación do celeberrimo *Émile*, de J.-J. Rousseau, en 1762), pero sen esquecer Portugal, de onde os xesuítas foran expulsados poucos anos antes ca en España, e onde L. Verney propugnaba innovacións en materia de educación e particularmente no aspecto lingüístico (Carvalho 1996, 406-21) que en moitos aspectos fan pensar en Sarmiento (lémbrese que o seu *Verdadeyro método de estudar*, editado en 1746, apareceu en España traducido ó castelán en 1760), nin a Europa centro-oriental, onde o xove J. G. Herder se queixaba, na década dos sesenta, do papel hexemónico outorgado ó latín e ó francés, en detrimento do alemán, na formación da mocidade xermana e nas cortes aristocráticas xermanas²⁴.

Co único obxecto de contextualizar as observacións de Sarmiento, imos tracezar a seguir un panorama esquemático da situación educativa na España da época, con atención especial a Galicia. A mediados do século XVIII, en realidade non existía un sistema de ensino establecido e centralizado, senón unhas pautas xerais, que atinguían sobre todo ás Universidades. O Estado carecía practicamente de política educativa, mentres a Igrexa detentaba un cuase-monopolio sobre o sistema de ensino. En xeral, dentro deste pódense distinguir tres niveis (Kagan 1981, 45-104), elemental, secundario e universitario, dos que nos interesan, pola atención que Sarmiento lles dispensou, fundamentalmente os dous primeiros. O ensi-

24. Pensamos nos *Fragments sobre a nova literatura alemana* de 1767, vid. Merker & Formigari 1973, 69-127 e sobre todo no *Diario da miña viaxe no ano de 1769*, vid. Herder 1982, 63-75. Por certo, resultaría ben interesante unha comparación das posicións do noso Sarmiento sobre lingua e educación coas de J.-J. Rousseau, L. A. Verney e J. G. Herder, asunto este que cae fóra deste traballo e lonxe das nosas capacidades.

no elemental, en mans de 'mestres de primeiras letras', estaba a cargo de preceptores privados nas familias máis ricas, e para o resto da poboación de escolas públicas de titularidade municipal ou de escolas conventuais, e centrábase na lectura e a escritura en lingua vulgar (no caso de Galicia, o castelán), nos cálculos aritméticos máis simples, e na memorización do catecismo e as oracións comúns (Pérez Costanti 1993, 193-6).

O ensino secundario, que adoitaba comezar despois dos oito ou nove anos e rematar contra os quince, correspondíalles a 'Escolas' ou 'Estudios de Gramática', 'Latinidade' ou 'Humanidades', e estaba a cargo de preceptores, catedráticos ou mestres de Gramática (Capitán Díaz 1991, 313-20). O seu obxectivo básico era a aprendizaxe do latín, tomando como guía a *Arte* de Nebrixa²⁵ a través do estudio de autores clásicos, pois o dominio desa lingua considerábase requisito imprescindible para acceder á Universidade. De feito, as Universidades podían manter Escolas de Gramática propias, pero tamén as había nas vilas máis importantes (Noia, A Coruña, Pontevedra, Viveiro, Vilagarcía, etc.). Ademais do latín, aprendíase doutrina cristiá e mais (pero non sempre nin de xeito regular) unha miscelánea de saberes xeográficos, históricos, matemáticos, filosóficos e retóricos, as máis das veces a partir de fontes clásicas. No século XVII os xesuítas fixéranse co control de boa parte do ensino secundario en Galicia; só en Santiago, estaban ó cargo do Estudio de Gramática da Universidade e chegaron a manter nesta cidade tres cátedras con mil estudantes matriculados.

Mercé á dilixencia de Xulián Maure, coñecemos as constitucións dun Estudio de Gramática radicado en Galicia, o de Tui (Maure 1996), e a través delas podemos saber algo dos problemas e as prácticas lingüísticas que se presentaban neste tipo de centros. Este Estudio fora fundado a mediados do século XVI para remediar a escaseza e a cativa formación de

25. Isto é, as súas *Introducciones latinae*, traducidas por el mesmo ó castelán: *Introducciones latinas, contrapuesto el romance al latín*; *Arte* tamén era denominación corrente da *Gramática de la lengua castellana* do mesmo autor.

clero orixinario da diocese, causadas pola ausencia de centros de ensino propios e a dificultade de acudir ós existentes noutras dióceses. Nas Constitucións do Estudio de Tui, dictadas en 1729 ou pouco antes (pero que recollen disposicións anteriores) establécese:

Porque regularmente los mozos de este Reino son sumamente bozales [isto é, rudos ou incultos], queremos que mientras estudiaren menores se exorten a que hablen el Idioma Castellano, y ellos se empeñen en cumplirlo, pues de otra suerte ni entienden lo que se les habla y esplica, ni despues construien con limpieza. Y por lo que mira a la Cathedra de maiores, queremos que hablen Latin en las cosas regulares, pues de esta suerte están más expeditos para la Oracion y la Composicion. Y no haciendo asi, se proceda a un castigo moderado, como palmas, pérdida de puntos, estar de rodillas, y otras cosas semejantes, y si esto no fuere bastante se procederá a lo mas conducente (Maure 1996, 420).

Ademais, os libros de texto de uso preceptivo para o estudio da gramática latina eran obras redactadas en castelán, como o xa mencionado *Arte* de Nebrixa, as traducións facíanse entre o latín e o castelán, o castelán era tamén a lingua de certos exercicios de composición, etc. Levando en mente as consideracións devanditas e a situación mostrada por vía de exemplo, podemos abordar o *Onomástico etimolóxico da lingua galega* [TEXTO 5, Sarmiento 1923]. Trátase dunha obra relativamente longa e de carácter misceláneo, en que se analizan tanto unha serie de problemas xerais de método como unha infinidade de cuestións concretas de detalle relacionados coa historia da lingua e particularmente con etimoloxías de voces galegas. É de salientar o esforzo que o autor fai por integrar os estudos onomásticos (Toponimia e Antroponimia, que el relaciona respectivamente coa Xeografía e a Xenealoxía) nos traballos de historia do léxico, en que o noso frade non deixa de insistir na importancia do relacionado coa Historia Natural (Piel 1969, Ogando 1980, Kremer 1997). Entre-

medias, insírense excursións etimolóxicas, ás veces moi demoradas, sobre palabras determinadas, coma tal *caritel* e *liscancer*, que á súa vez están entremeadas de peregrinas, e adoito pintorescas, divagacións.

Pero, á parte das preocupacións propiamente lingüísticas (en senso amplo) que son as que dan carácter á obra, esta está traspasada de inquedanzas pedagóxicas. Sarmiento móstrase convencido de que os rapaces, antes da Gramática (isto é, o latín), deben aprender o que lles é máis próximo e concreto, e só máis tarde iniciarse en materias máis arredadas e abstractas. Neste senso, unha das súas innovacións máis ousadas é a proposta de que os nenos (tanto casteláns como galegos), antes de ingresaren no Estudio de Gramática estudien Historia natural, comezando pola do seu país. Os alumnos deben fixarse primeiro no ambiente inmediato que os rodea, fuxindo da memorización e partindo das palabras do seu propio idioma que coñecen para iren adquirindo as correspondentes latinas e castelás (§ 191-3).

Isto suporía dar un xiro copernicano ó curriculum escolar vixente (Viñao Frago, 1992), especialmente para os (moi poucos) alumnos destinados ás Escolas de Gramática (que é nas que Sarmiento está a pensar de xeito prioritario), que se limitaban á preparación lingüístico-literaria para a Universidade. Pero, como se ve, a innovación non se esgotaba na materia que se propuña estudar, senón que continuaba polos métodos didácticos, no cal lle atribuíu á lingua unha importancia fundamental. Nese marco hai que situar a súa reivindicación do uso inicial do galego nas escolas de Galicia, sen pór xamais en cuestión que o obxectivo final (para os moi poucos escollidos que seguirían estudiando) era a aprendizaxe do latín, nin tampouco cuestionar a necesidade de familiarizarse co castelán. Aínda así, para o autor a utilización do galego non é unha simple ponte cara ó castelán e o latín, pero o propio idioma debe ser obxecto de estudio, nin estas dúas linguas son as únicas que contempla no horizonte, senón que tamén apunta o francés e o italiano (Sarmiento

está convencido de que o parentesco entre as linguas románicas facilitaría a súa aprendizaxe conxunta co latín). Pero isto preséntalle ó autor o problema da marxinação da lingua galega e as posibles medidas de remediala. Unha consecuencia de estudar o latín a través do castelán era, segundo Sarmiento, que os rapaces non aprendían ben ningunha das dúas linguas. Por parte, denuncia prácticas vixentes, tales como reprimir o uso do galego na escola, e sinala a necesidade de contar cun profesorado idóneo, que coñeza o idioma do país (§ 6, § 134).

Ademais, entre as moitas dificultades, teóricas e prácticas, que presentaba a revolucionaria proposta de Sarmiento, esta batía co atranco da falla de material: en primeiro lugar, non existían textos aptos, nin en galego nin en castelán (pois neste aspecto a súa proposta non é específica para os galegos), para dar o curso de Historia natural. Para remediar esta carencia, o noso autor propón que se prepare un manual amplo para os profesores (*Curso de Historia Natural Universal*), e a partir del se escriba un texto elemental para os estudantes (§ 343-4). En segundo lugar, xa vimos que o autor se mostraba convencido de que o sistema vixente, que consistía en aprender o latín polo manual en castelán de Nebrixa (*Arte*), era completamente ineficaz. Pero non había textos galegos para aprender o latín. Así, despois de ponderar “qué necesario é que ós nenos galegos se lles ensine o latín, usando só a lingua galega, que é a que unicamente saben”, a solución inmediata que propón é a tradución do texto de Nebrixa ó galego e o seu emprego como libro de texto nas escolas galegas (§ 9, § 79). O emprego do galego para aprender o latín non sería máis novidade que seguir o exemplo do que fan noutros lugares (§ 8).

Por suposto, o autor non nega a necesidade de aprendizaxe do castelán, e insiste repetidamente no seu ensino conxunto co latín, sempre a partir do galego. Mesmo así, fronte á posible argumento de que o uso escolar do galego impedirá a aprendizaxe da outra lingua, sinala que o medio máis eficaz para adquirir esta é a súa práctica directa. No fondo, Sarmiento des-

confía de que un idioma vivo estraño se poida chegar a dominar só mediante o estudo gramatical²⁶. De feito, constata que os galegos que saben falar castelán non o aprenderon na escola (§ 12). Aínda que o interese manifesto de Sarmiento é puramente pedagóxico, por suposto que non se lle escapa a relevancia que tería o emprego escolar do galego para a dignificación da imaxe social da propia lingua (§ 119). Neste senso, na argumentación de Sarmiento aínda latexa a vella e arraizada crenza de que a semellanza co latín confire prestixio ás linguas vulgares, e a seguridade de que, gracias ó parecido entre as linguas romances, e por medio do coñecemento das súas leis de evolución a partir do latín, será doado familiarizarse con estas (§ 119). Pero por esta vía, Sarmiento vaise apartando do puramente pedagóxico e vai entrando no reivindicativo (§ 110), e isto ata o punto de soste que a finalidade da súa obra non é outra que espertar a consciencia lingüística dos seus paisanos (§ 269, § 270). Así, transitando desde un ton apoloxético para outro decididamente polémico, Sarmiento chega máis lonxe, ata recriminar os galegos que non estiman a súa lingua como deberan (§ 121).

É de notar que, así e todo, os argumentos que manexa non son de tipo nacionalista, mais prácticos, sempre presididos por consideracións pedagóxicas e pola suposta utilidade do galego para aprender o latín e achegarse ó castelán e a outras linguas románicas. Uns acentos máis patrióticos asoman cando o autor denuncia con indignación o abandono da lingua propia polos galegos que se senten avergoñados polas burlas dos casteláns a causa do seu acento. O complexo de

26. A desconfianza de Sarmiento verbo das especulacións gramaticais maniféstase de xeito continuo ó longo da súa obra, no cal si que se pode considerar que o autor se opón decididamente a unha das correntes do pensamento lingüístico da Ilustración (con raíces no racionalismo de Port-Royal e desenvolvido a partir da metade do século XVIII por Condillac e contra o final de século polos 'idéologues'), pero este é asunto que merecería un tratamento específico, que renunciamos a abordar aquí. Deixemos sinalado que a 'Gramática universal' non é a única, nin ten por que considerarse como a máis típica, corrente da Lingüística do período (Rosiello 1967).

inferioridade fronte ó castelán relaciónao Sarmiento co desleixo non só da lingua propia, senón tamén das actividades productivas do país (§ 24). Unindo sempre as súas inquiredanzas intelectuais á súa reivindicación da lingua, Sarmiento fai un chamamento para que os galegos "eruditos e curiosos", "recollan e coordinen as voces galegas que actualmente se falan en todos os territorios de Galicia" e manifesta que o "intento" da súa obra é que os seus paisanos "fagan máis aprecio da lingua que mamaron" (§ 23).

Tamén hai que salientar que nos parágrafos que acabamos de citar o noso autor se refire ás burlas que sofren en Castela os galegos que falan o castelán, e non ás que puidesen padecer os que falaban o galego na propia Galicia. Isto, por suposto, é relevante desde o punto de vista sociolingüístico, pero tamén se apalpa aquí a experiencia vital do autor. De feito, Sarmiento confesa que el viviu persoalmente situacións deste tipo, lembrando os tempos en que, falante nativo do galego, se viu por primeira vez en ambiente castelanófono e sufría chanzas polas súas dificultades coa pronuncia do *j* castelán (§ 119). Como el mesmo manifesta, non se achantaba ante estas burlas, mais pasaba ó contraataque, utilizando dúas armas. A primeira era o tópico, moi estendido, que atribuíu a pronuncia do *j* ó influxo árabe (§ 119)²⁷. A outra arma era retar os casteláns a pronunciaren o son galego correspondente, que era o que presentaban a maioría das linguas románicas (§ 118).

Comparando a visión do idioma galego e da problemática lingüística de Galicia no *Onomástico* coa que aparece en obras anteriores, ponse de vulto canto avanzou Sarmiento na súas reflexións. Particularmente, o marco erudito en que se situaba antes está agora rebordado polas preocupacións pedagóxicas, e estas levaron a conclusións notablemente radicais verbo da marxinação da lingua. Polo demais, Sarmiento leva matinado moito sobre a problemática do uso do castelán e do

27. Incidentalmente, sinalemos o paradoxo de que, co tempo, este razoamento se volvería contra a gheada galega.

galego na escola, e realiza un primeiro achegamento ás solucións que se poden ofrecer (Monés i Pujol-Busquets 1988). Vexamos agora o que acontece nunha obra moi próxima no tempo e no carácter ó *Onomástico*, isto é, os *Elementos*.

11. A REIVINDICACIÓN DO GALEGO NOS *ELEMENTOS ETIMOLÓXICOS* [TEXTO 7]

Os *Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides* (deica en diante, *Elementos*), aínda que tamén teñen carácter misceláneo, presentan unha fasquía bastante máis sistemática e están menos percorridos de excursos ca o *Onomástico*. Entre outros puntos, ofrécese consideracións (cunha certa orde) sobre aspectos tan pouco relacionados en principio co tema anunciado no título coma o *Christus* e a *Cartilla* pola que aprenden a ler os nenos (en realidade, o problema de fondo é o dos alfabetos e a súa relación cos sistemas fónicos), a “Orixe e formación das linguas bárbaras”, e a “Tentativa para unha lingua xeral”. O núcleo do traballo é o estudo das regras de evolución do latín ó galego e ó castelán, a través do denominado ‘Método de Euclides’ e unhas reflexións finais sobre o galego. O que máis nos interesa aquí atópase fundamentalmente nas consideracións preliminares, en que o autor ofrece noticias biográficas acerca da súa relación co galego e o seu interese por estudialo (§ 2-24), e sobre todo nas consideracións finais, en que esboza unha especie de historia externa da lingua, tentando explicar o apagamento do galego como lingua escrita (§ 431-55).

En primeiro lugar, Sarmiento rexeita a un tempo o tópico de que o galego procedía do castelán (sobre o que non insistiremos máis) e a noción de corrupción das linguas, que, seguindo a Feixoo (*vid. supra*) el prefere substituír por ‘analogía’, noción que remite para as regularidades na xênese duns idiomas a partir doutros (e que, de feito, constitúe a base sobre á que constrúe os seus ‘teoremas’) (§ 11). En segundo lugar, a partir da súa opinión científica acerca do maior interese que

ofrece o léxico patrimonial, desenvolve unha teoría purista acerca das linguas só faladas, introducindo unha moi notable mudanza de énfase na cuestión, pois a maior pureza, que antes era simplemente unha avantaxe para o estudio das orixes, adquire agora un matiz de criterio para avaliar a cualidade dunha lingua fronte a outras. Así, o feito de que o galego non tivese unha tradición literaria convértese nunha especie de avantaxe, pois o galego conservouse purísimo e arrequeñouse sen pasar a ser “idioma heteroxéneo” (§ 19-21).

Como dicíamos antes, o que se transparenta neste tipo de afirmacións é que a apoloxía do idioma galego, especialmente fronte ó castelán, pero tamén fronte ó portugués, se converteu na preocupación principal do Sarmiento lingüista. Asemade, as súas ambicións para a lingua tamén se ampliaron, pois á proposta anterior de que se elaborase unha Historia natural de Galicia (nesta obra non menciona a traducción da *Arte* de Nebrixa), engade agora a conveniencia de realizar unha descrición xeográfica do Reino e un cancionero, todo en lingua galega. Con isto, na súa opinión, “afecionaríanse os galegos á súa lingua nativa”, contribuíndo a que “depoñan o odio que teñen contra esta” (§ 417). Por outra banda, a estas alturas o noso autor estaba mellor informado sobre o emprego do galego na escrita durante os séculos tardomedievais. Ademais da noticia de Santillana e do coñecemento directo das *Cantigas de Santa María*, mostra tamén coñecer unha *Crónica* en galego²⁸, e sobre todo, ten comprobado a cantidade inmensa de instrumentos redactados en galego do século XIII ó XVI (§ 435). Anacronicamente, deduce disto que na Galicia medieval a gramática latina se debía aprender en galego, para o que se contaría con libros de texto nesta lingua (§ 432). Maxina tamén, confundindo os desexos coa realidade, que daquela os reis debían

28. Gracias ás noticias que dá entre outros no *Discurso apoloxético* (§ 117), sabemos que se trata dunha copia do texto que editou Ramón Lorenzo baixo o título de *Traducción galega da Crónica Xeral e da Crónica de Castela*. Véxase tamén os textos 7, § 433 e 8, § 117.

admitir o uso do galego mesmo cando os súbditos se dirixían a eles (§ 432).

Cun entusiasmo que ten algo de visionario (téñase sempre presente que os textos trobadorescos, o mesmo ca o resto da prosa medieval, eran descoñecidos), Sarmiento conclúe do devandito: “É innegable que o século XIII foi o da literatura en Galicia e que durou ata os principios do século XVI e duraría hoxe o escribir en galego e imprimir, como dura en Cataluña o catalán puro” (§ 434). Esta referencia ó catalán condúcenos ó cerne das reflexións de Sarmiento neste escrito. Se o catalán non deixara de empregarse por escrito, ¿cales foran as causas de que o galego si o fixese? O autor confesa que lle ten dado ó asunto moitas voltas (§ 435). Como para salvar a honra dos galegos, o erudito frade carga todas as responsabilidades nos elementos foráneos que terían vido a Galicia para facerse cos mellores cargos e propiedades do país (§ 436-48). Pero Sarmiento non se detén na denuncia da historia pasada, mais dirixe o seu vergallo contra os abusos presentes, sinalando particularmente dous sectores sociais: o clero e a burocracia (§ 437-44). A diatriba adquire tons de verdadeira furia (“estou firme en que todo canto papel se esborranha en Galicia con lingua castelá é para os galegos rústicos e aldeáns coma se estivese escrito en algarabía e no meu concepto todo é nulo e enganoso”, § 448), para rematar cunha conclusión de pasmosa radicalidade: “Para maldita a cousa se precisa en Galicia a lingua castelá” (§ 449).

Coidamos que a invectiva do padre contra os foráneos que viñan copar os mellores ‘beneficios’ do país, con ignorancia do seu idioma e costumes, é inseparable das queixas que a fidalguía e a pequena nobreza galegas non pararan de expresar a través dos acordos da Xunta do Reino de Galicia, queixas que precisamente arrecian a partir dos comezos da década dos 60 do século XVIII. Efectivamente, os galegos estaban sistematicamente excluídos do acceso tanto á Audiencia do Reino de Galicia, organismo superior de gobernación do país creado a fins do século XV, coma ós mellores benefi-

cios eclesiásticos do país. A xeito de indicación, pódese sinalar que no primeiro organismo a porcentaxe de maxistrados galegos só atinxiu a minguadisima cifra do dous por cento nos séculos XVI e XVII, ascendendo a un raquíctico quince por cento durante o século XVIII (Eiras 1982, 35-41), mentres os bispados galegos foron exercidos moi raramente por prelados do país (Pazos 1946, *passim*): durante o século XVIII, foron galegos só tres de dez arcebispos de Santiago, ningún dos mitrados de Tui era galego, un en Ourense (sobre un total de nove), dous en Lugo (sobre un total de oito), catro en Mondoñedo (sobre un total de oito); o que dá un total de dez prelados galegos sobre un total de corenta e catro. (E pénsese que durante o século XVIII a situación mellorara notablemente sobre o período anterior: de 1550 a 1700, sobre cento un prelados que exerceron nas sedes galegas, só seis foron galegos).

É significativo que unha das reclamacións en que a Xunta do Reino de Galicia (nas bancadas da cal sentaban os representantes da aristocracia, a fidalguía e o patriciado urbano galegos) non deixara de insistir ó longo da súa existencia fora a do dereito dos galegos a acceder ós postos, privilexios e prebendas da burocracia rexional e mais do clero. Así, en 1599, queixárase de que o Arcebispo de Santiago e os bispos de Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui non eran galegos, e que “los naturales... se quedan sin premio y por esto no se dan a las letras”, polo que pedía “que se suplique a Su Santidad mande se provean los dichos beneficios, prebendas y dignidades a los naturales del Reino, que con esto se aplicarán a las letras y a los estudios”. A queixa repítese en 1629:

Que por haber en este Reino muchos beneficios de concursos y muchos hijos naturales de el, beneméritos, nobles y de mucha virtud y letras, a quienes propiamente de derecho corresponden aquellos, viéndose sin embargo reducidos a ser clérigos mercenarios, con gran desconsuelo del Reino, por darse a extraños, criados y allegados de los prelados, que los proveen a su arbitrio, siguiéndose que los deudos y pobres

del Reino no se benefician de sus propias rentas eclesiásticas, sino que éstas son usadas por extraños para llevarlas a sus tierras.

Tamén se expresa unha solicitude para que “se proveyeran dos plazas de Alcaldes Mayores de la Audiencia en naturales de Galicia, para dar satisfacción a las personas de ciencia y letras del Reino y alentarlas en el real servicio” e finalmente acórdase “suplicar al Papa, por medio del Rey, que la Religión de San Bernardo diera hábito y estudios a los naturales de Galicia, como se hacía con los de Castilla, ya que aquí había buenos y muy virtuosos estudiantes” (Fernández-Villaamil 1962, I, 205 e 252; II, 406). Protestas e peticións deste teor teñen eco en sucesivas reunións da Xunta do Reino e aínda se incrementan na segunda metade do século XVIII (aparecen reiteradas en 1760, 1763, 1771 e aumentadas en 1781), o cal demostra que o problema se sentiu con especial punxencia nos anos en que Sarmiento redactaba estes escritos.

O mesmo acontecía no terreo eclesiástico. Así, en 1764 a Xunta do Reino quíxase de que unha das causas que máis contribuían á ruína de Galicia era o feito de que as súas rendas e bens non se empregasen nos fillos do país, e argumenta que se se proveesen os beneficios eclesiásticos nestes habería gran ben para as almas, polo coñecemento do “patrio chan, clima, condicións, lingua, costumes e necesidades” (Fernández Villa-Amil 1962, I, 93-4). O pedimento reitérase en 1770, pois, de atenderse, sostense, “tendrían mayor amor los sacerdotes a la patria en que nacieron, cuya lengua entenderían”. No documento en que se recolle este pedimento, datado a finais de 1769 e probablemente elaborado por José Cornide Saavedra, Deputado de Santiago na reunión da Xunta do Reino, móstrase con cifras que ós galegos debía corresponderlles a décima parte das dignidades eclesiásticas de España, mentres que só tiña dous bispos naturais en Galicia (que viñan sendo o de Santiago e o de Mondoñedo) e un

máis en Mallorca. De feito, como a mesma Xunta do Reino viña sinalando desde anos atrás, Galicia recibía un trato discriminatorio con respecto a Castela a Vella, Aragón, Valencia e Mallorca, onde os beneficios estaban reservados para os naturais dos respectivos reinos, e iso que, como se sinala en 1765, só Valencia e Mallorca tiñan lingua de seu. A solicitude reiterárase, a instancia da cidade de Santiago e por iniciativa do seu Deputado, en 1775. Nunha obra publicada nese mesmo ano, *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia*, outro ilustrado galego, F. Somoza de Monsoriú, pide que todos os párrocos sexan do país e falen ós fregueses na súa lingua, e engade que “los gallegos perciven mejor la enseñanza en su lengua” (Otero Pedrayo 1969, 19, e Dopico 1978, 250, nota). Estes e outros testemuños, aducidos nos estudos indicados, mostran de xeito concluínte que, fronte ó que reiteradamente viña sostendo o profesor Pensado, por aquelas datas a reivindicación do idioma galego era case moeda común entre as elites ilustradas de Galicia, e non unha exclusiva teima persoal de Sarmiento.

Sería unha simplificación inaceptable reducir a apoloxía do idioma en Sarmiento a unha simple cuestión de defensa de privilexios dun sector social, pero está claro que na forma en que esta se manifesta no escrito que anteriormente comentamos e noutros posteriores tivo que influír o que hoxe denominariamos a súa ‘consciencia de clase’. O cal, por certo, non lle resta nin méritos nin razón, entre outras cousas porque o sector social correspondente estaba perfectamente lexitimado para facer valer neste punto os seus intereses, pero en todo caso axuda a colocar as protestas de Sarmiento nunha perspectiva histórica, o cal, digamos de paso, non sempre se ten feito.

12. HISTORIA EXTERNA DA LINGUA E ENSINO. O DISCURSO APOLOXÉTICO [TEXTO 8]

O *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares* quizais sexa a última obra lingüística en que traballou o noso autor. Trátase dun texto bastante máis breve do que o *Onomástico* e os *Elementos*, pero case tan misceláneo como calquera dos dous, e presidido tamén pola obsesión das etimoloxías que lle levaba rillando os miolos ó frade desde varias décadas atrás. Con relación ós asuntos que aquí nos interesan de xeito máis directo, a obra avanza algo na cuestión que tanta relevancia atinxira nos *Elementos*, isto é, no das conxecturas sobre a introducción do castelán como lingua escrita en Galicia, pero sobre todo presenta de xeito moito máis sistemático e completo as propostas lingüístico-pedagóxicas de Sarmiento. Comezaremos polo primeiro aspecto. Matinando sobre as causas o apagamento da tradición escrita en galego, o frade ofrece consideracións moito máis concretas das que presentara antes (§ 118-9). No seu relato apunta para unha parte importante dos factores que hoxe consideramos influíron na decadencia do galego: reforma eclesiástica e do estado, centralización política a partir dos Reis Católicos, o papel da recén creada Audiencia do Reino, etc.

O autor enfatiza, como xa fixera, que a culpa está nos non galegos que se introduciran en masa en Galicia, e esquece toda mención ás responsabilidades dos distintos sectores sociais galegos, e ó proceso de castelanización de sectores significativos da nobreza e o clero nativos. Pero o máis substantivo do texto é que nel retoma o programa pedagóxico-lingüístico que esbozara no *Onomástico*, deixando un pouco á beira a cuestión do estudio da Historia Natural, á que tanta importancia lle dera antes, para centrarse no problema do idioma. O que propón Sarmiento é unha reforma do sistema de ensino das escolas da gramática, aproveitando a penuria polo que pasaba naquel momento, probablemente

a causa da recente expulsión dos xesuístas (§ 87). A énfase ponse arestora nos profesores, que deben ser preferiblemente do país e necesariamente coñecer, ademais do latín e o castelán, o galego (§ 90-2). Pero Sarmiento tamén se preocupa agora polo ensino elemental. Como no centro do currículo escolar se atopaba o aprendizado (de cor) do catecismo, propón que se traduza ó galego un catecismo, que podería ser o do padre Astete ou outro. Posteriormente, e antes de entrar no estudio da Gramática, habería que utilizar un onomástico, unha especie de enciclopedia escolar. Se, para elaborar o manual de Historia natural, que constituiría o corpo principal dese onomástico, anteriormente o noso frade (véxase o dito no seu *Onomástico etimolóxico*) propuxera que se elaborase texto en galego, agora parece que chegou á conclusión de que, entremetres iso non se fixese, se podería recorrer á adaptación dalgún outro (por exemplo, do portugués ou o italiano), incluíndo nel as nocións correspondentes de doutrina cristiá (§ 93, 137-8, 180). Polo que atinxe ó ensino secundario (a gramática), Sarmiento volve á carga, rexeitando o uso do castelán para aprender o latín, cos mesmos argumentos pero con máis vigor ca antes. Aínda que non desbota a presenza do castelán nas escolas, móstrase convencido de que esta lingua non se adquirirá polo estudio, senón pola práctica. Por parte, considera que os aldeáns non teñen necesidade ningunha de aprender o castelán (§ 143, § 171).

O ensino secundario debe continuarse, pois, en galego. Aquí introduce tamén o erudito propostas novidosas. A máis interesante é a utilización de obras portuguesas: no canto de traducir a *Arte* de Nebrixa, pódese botar man da *Ars grammaticae pro lingua lusitana addiscenda*, do padre Bento Pereyra, e como texto de consulta, do *Vocabulario portuguez e latino* do padre Rafael Bluteau (§ 117). Por parte, insiste moito na utilidade dos catro tomos do *Divertimento erudito* do padre Pacheco (§ 182). O recurso ó portugués, pois, permítelle a Sarmiento afrontar con decisión a galeguización do

ensino secundario, e mesmo do universitario (isto é, das facultades superiores). A problemática deste último ámbito a penas está rozada; aínda así, o noso erudito non se recata de lanzar un dardo contra o emprego do latín como lingua docente: “As cousas explicadas en lingua latina é o mesmo para un neno galego que explicarllas en grego ou en moscovita” (§ 80). Que saibamos, é a única ocasión en que Sarmiento se refire directamente a esta cuestión, tan viva no seu tempo. Obviamente, isto explícase pola súa preocupación máis básica polo ensino elemental e polo idioma galego, que en principio non entraba no preito universitario.

De todos os xeitos, hai que sinalar que, ó reivindicar a elevación do estatus do galego a lingua universitaria e científica, o frade estaba abocado a incorrer nunha contradicción, ben manifesta na súa postura ambivalente fronte, por exemplo, o *Vocabulario* de Rafael Bluteau. Esta ampliación do espazo funcional da lingua era na práctica incompatible coa preservación do seu presunto carácter puro e homoxéneo. Había que necesariamente introducirle enxertos do fondo léxico culto, e elaborar modalidades de lingua arredadas da fala popular, xusto aquilo que tanto lle facía enxeitar o portugués cultivado como “agregado de retrincos e retallos de voces bárbaras e exóticas” (§ 18), da lingua “que se escribe de 300 anos a esta parte, (que) nada ten de portuguesa”, tan distinta da “portuguesa vulgar, que se fala nas vilas” (§ 22). En realidade, Sarmiento non chegou a reparar nesa contradicción, posto que el centrou a súa atención no ensino elemental e secundario, onde o problema non se presentaría con toda a súa agudeza, e só contra o final da súa vida comezaba a pensar en ámbitos máis elevados.

13. A XEITO DE CONCLUSIÓN

Recapitulando os aspectos que levamos considerado ó longo do presente traballo, sinalariamos:

1) A atención inicial cara ó galego no noso erudito estaba

motivada por preocupacións de tipo ‘científico’. O seu interese polas etimoloxías conduciuno a reflexionar sobre a orixe dos romances hispánicos e a distinguir entre o fondo léxico patrimonial e o culto. A súa consideración dos fenómenos lingüísticos desde un punto de vista científico liberouno de prexuízos socio-culturais e de actitudes prescriptivistas, o que lle permitía avaliar o interese e a importancia dos falares populares, que eran os que permitían deducir as regularidades na transformación do latín ó romance. Todo isto latexa por baixo dos seus importantísimos estudos lingüísticos sobre o galego, que aquí a penas consideramos. As preocupacións histórico-lingüísticas tamén o conduciron a redescubrir e reavaliar a escrita galega medieval. Sarmiento estableceu fóra de toda dúbida que o galego tiña unha orixe latina independente do castelán (e en consecuencia non podía considerarse un dialecto desta lingua), e común co portugués, idioma que consideraba derivado do galego. Durante case todo o século XIX, isto aínda non se viu con claridade.

2) O coñecemento do galego medieval e da situación contemporánea do portugués levárono a reflexionar sobre as causas da extinción da tradición escrita da lingua galega, o cal o abriu a consideracións histórico-sociais ás que non foron alleas as reivindicacións da pequena nobreza e a fidalguía galegas manifestadas con insistencia arredor da década 1760-70 contra a súa postergación de boa parte dos cargos civís e eclesiásticos máis apetecidos no país. Sarmiento sinala que a invasión de alleos para ocupar os mellores postos fora a causa principal da decadencia do idioma, e coherentemente reclama que deben ser galegos, e competentes na lingua do país, os que se ocupen tanto do goberno laico coma da dirección espiritual de Galicia. Esta reivindicación tamén tardará bastante tempo en ser retomada: haberá que agardar ós finais do século XIX para que se volva manifestar, e aínda así con timidez.

3) Moi en sintonía co que acontecía na Europa e na España do seu tempo, o ensino constituíu unha das maiores

preocupacións de Sarmiento nos últimos anos da súa vida. A súa orientación neste terreo engonza claramente coa corrente de pedagogía realista dun Comenius ou, máis especificamente, co sensualismo dun Locke (Luzuriaga 1994, 140-9, Allegue 1993 *passim*), de onde deriva a importancia que se lle outorga á observación e o contacto directo cos elementos do mundo natural e a aprendizaxe da historia natural, e indirectamente, a súa reivindicación de que nas escolas de Galicia se parta do coñecemento e uso do galego. Sen pór en cuestión como obxectivo a aprendizaxe do latín, nin a conveniencia de adquirir o castelán, Sarmiento rexeita enerxicamente que se reprima o emprego do galego, e propón con non menos forza que se acceda a aquelas linguas (e tamén ó francés e o italiano, como linguas románicas) desde e a través da lingua do país. Isto lévao a postular a tradución dun catecismo ó galego para o seu uso nas escolas de primeiras letras, a redacción dun manual de Historia Natural en galego (e en castelán), a tradución da *Arte* de Nebrixa ó galego e/ou o emprego de materiais pedagóxicos portugueses (ou adaptados doutras linguas) no ensino secundario. Máis tarde, mesmo chega a cuestionar o emprego exclusivo do latín como lingua docente na Universidade.

4) Todo o anterior leva a Sarmiento a impugnar o sentimento diglósico e o consecuente complexo de inferioridade que estaba arraizando na poboación galega, denunciando o *odio* ou *desprezo* non só dos alleos senón dos propios galegos cara á súa lingua e reclamando orgullosamente a antigüidade e dignidade desta.

Despois de deixar constancia que as actitudes e as reflexións lingüísticas de Sarmiento no plano erudito encaixan perfectamente no pensamento lingüístico ilustrado (cando menos nunha das súas correntes: a empirista *versus* a racionalista), non se pode rematar unha exposición sobre as ideas do padre Sarmiento sobre o galego sen chamar a atención sobre ata que punto van a contraño da mentalidade e do pensamento (socio-)lingüísticos dominantes na España do

seu tempo, o cal axudará a comprender que deixase inédita case toda a súa obra. No século en que a Real Academia Española, recién fundada, se esforza por dar normas para a lingua culta, alicerzadas no uso oral da Corte e no escrito dos mellores autores, Sarmiento búrlase do ideal lingüístico cortesán, reivindica a superior dignidade e maior interese dos falares populares e distánciase de toda intención prescritiva. Nos mesmos anos en que o Rei impón o uso do castelán como lingua vehicular do ensino básico e o seu estudio, o noso autor impugna a súa utilización como lingua escolar en Galicia. Nun período, en fin, en que o desprestixio do idioma galego estaba completamente estendido e arraizado, frei Martín (non só el, pero el con máis constancia e contundencia ca ninguén) reivindica con fachenda a nobreza do seu idioma nativo e sinálalle uns roteiros de futuro que tardarían moito tempo en ser tan sequera voltos a concibir.

ANEXO

CRONOLOXÍA DA OBRA FILOLÓXICA DE SARMIENTO, SEGUNDO O ÍNDICE DA COLECCIÓN MEDINA SIDONIA³¹

- 1718. Pangrammaticon Lexicon, sive Clavis Omnium Alphabetorum Novo-Veterum (4 pr.).
- 1727. Libros da Biblioteca da Santa Igrexa de Toledo que rexistrou o P. Sarmiento (14 pr.).
- 1730. Conxecturas para establecer algunhas etimoloxías de voces castelás por alfabeto (29 pr.). Estromaton ou tapiz da lingua castelá, título dunha obra que ideou o autor para recompilar nela tódalas voces castelás (1 pr.).
- 1745. Sobre a poesía española, en 21 de abril (62 pr.). Viaxe xeográfica do autor a Galicia e Historia Natural (20 pr.). Catálogo de voces da lingua galega recollidas polo Padre Sarmiento nas súas viaxes de 1745 e 1754 (28 pr.).
- 1749. Cartas sobre a publicación de Códices de Concilios, etc. do Escorial, en 3 de outubro (5.5 pr.).
- 1750. Carta ó P. Rábago sobre os Códices do Escorial en 6 de febreiro (8 pr.) Sobre os códices manuscritos da Real Biblioteca do Escorial, en 12 de decembro (7 pr.). Lista dos lugares do reino de Galicia en 1750 (31.5 pr.). Lista dos lugares do Principado de Asturias no dito ano

31. Para decidir o carácter filolóxico dun escrito seguimos un criterio amplo, especialmente cando se trata de escritos referentes a Galicia.

- de 1750 (10 pr.) Lista dos lugares do Partido de Astorga no dito ano de 1750 (2 pr.).
1751. Colección de voces galegas en coplas, refirindo a morte do Señor Rei Filipe V, e un Glosario, en 14 de xaneiro (70 pr.). Carta a D. Miguel Casiri, sobre a Biblioteca de Códices Arábigos do Escorial, en 17 de xullo (1 pr.).
1752. Extracto de instrumentos antigos de mosteiros bieitos, en 6 de abril (11 pr.).
1754. Viaxe xeográfica do autor a Galicia (19 pr.).
1755. Carta ó Padre Terreros sobre a orixe da lingua galega e sobre a Paleografía Española, en 17 de xaneiro (4 pr.). [Extracto do Tumbo de Celanova (1 pr.).]
1756. Orixe da voz *Póutega*, en 11 de xullo (1.5 pr.).
1758. Etimoloxía do nome do lugar de San Martín de *Sacar de Bois*, en 5 de febreiro (1 pr.). Etimoloxía da voz *Valdeorras* e da súa ponte *Cigarrosa*, en 12 de febreiro (1 pr.) O verdadeiro río *Miño* e municipio de *Lais*, en 13 de outubro (3 pr.) Apuntamentos para un Discurso Apoloxético sobre Etimoloxías (10 pr.) [Onomástico Etimolóxico da Lingua Galega (30 pr.).]
1759. Orixe da voz galega *Mixiriqueiro*, contra os portugueses (11 pr.).
1761. Orixe do nome e casa de San Xián de *Samos*, en 24 de febreiro (19 pr.) Sobre a patria de Cervantes e o autor do Amadís, en 9 de maio (20 pr.).
1762. Orixe da voz *Escorial*, en 11 de setembro (1 pr.) Apuntamentos para as antigüidades de Pontevedra e Xeografía de Galicia (4 pr.) Problema corográfico para describir Galicia cun novo método (12.5 pr.).
1763. Sobre foros dos bieitos en Galicia e Historia Natural de España, desde 763 a 766 (660 pr.).
1766. Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides (20 pr.).
1768. Educación da Mocidade, en 8 de novembro (2 pr.)
1769. Onomástico etimolóxico latín-galego dos nomes de lugares, apelidos e froitos de Galicia, en 17 de agosto (5 pr.).

1770. Carta ó Xeneral de San Bieito sobre formar un corpo diplomático na Congregación Benedictina, en 20 de xuño (1 pr.). Discurso apoloxético sobre etimoloxías, en 20 de outubro (8 pr.).

Sen data. Noticias de varios códices manuscritos e impresos e extractos deles que fixo o Padre Sarmiento en diferentes tempos (50 pr.) Onomástico latín-galego dos vexetales segundo o sistema de Tournefort (10 pr.).

BIBLIOGRAFÍA ACTIVA¹

1. BIBLIOGRAFÍA XERAL: PENSAMENTO E PROBLEMÁTICA LINGÜÍSTICOS NO SÉCULO XVIII

- Aarsleff, H. "The Tradition of Condillac. The Problem of the Origin of Language in the Eighteenth Century and the Debate in the Berlin Academy before Herder", en Idem, *From Locke to Saussure. Essays on the Study of Language and Intellectual History*. London, Athlone, 1982, pp. 146-209.
- Aarsleff, H., "The Eighteenth Century, including Leibniz", en T. A. Sebeok, *Historiography of Linguistics [= Current Trend in Linguistics]*, vol. 13]. The Hague/Paris, Mouton, 1975, pp. 383-479.
- Abellán, J. L. *Historia Crítica del Pensamiento Español. Vol. IV. Del Barroco a la Ilustración*. Barcelona, Círculo de Lectores, 1993.
- Aguilar Piñal, F. *Introducción al siglo XVIII*. Madrid/Gijón, Júcar, 1991.
- Alonso, A. *Castellano, español, idioma nacional*. Bos Aires, Losada, 1979.

1. A bibliografía pasiva atópase ó final do volume.

- Capitán Díaz, A. *Historia de la Educación en España*. Vol. I, Madrid, Dykinson, 1991.
- Carvalho, R. de. *História do Ensino em Portugal*. Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian, 1996.
- Costa Rico, A. “Universidade, cultura e lingua na Galicia do antigo réxime”, *Grial* 114 (1992), pp. 212-22.
- Dopico, F. *A Ilustración e a Sociedade Galega*. Vigo, Galaxia, 1978.
- Eiras Roel, A. “Prólogo” a L. Fernández Vega, *La Real Audiencia de Galicia, órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808)*. 3 vols., A Coruña, Deputación Provincial, 1982; vol I. pp. 15-49.
- Fernández Villaamil, E. *Juntas del Reino de Galicia*. 3 vols., Madrid, Instituto de Estudios Políticos, 1962.
- Freixeiro Mato, X. R. e Tato Fontaiña, L. *Os séculos Escuros e a Ilustración Galega*. Vigo, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, 1996.
- Harris, R. e Talbot, T. J. *Landmarks in Linguistic Thought*, London e Nova York, 1989.
- Hazard, P. *El pensamiento europeo en el siglo XVIII*. Madrid, Alianza Universidad, 1991.
- Herder, J. G. *Obra selecta*. Madrid, Alfaguara, 1982.
- Kagan, R. L. “Il latino nella Castiglia del XVII e del XVIII secolo”, *Rivista storica italiana* 85 (1973), pp. 297-320.
- Kagan, R. L. *Universidad y sociedad en la España Moderna*. Madrid, Tecnos, 1981.
- Lázaro Carreter, F. “Los orígenes de las lenguas gallega y portuguesa, según Feijoo y sus polemistas”, *Revista de Filología Española* 31 (1947), pp. 140-54.
- Lázaro Carreter, F. *Las ideas lingüísticas en España en el siglo XVIII*. Barcelona, Crítica, 1985.
- López Peláez, A. *El Gran Gallego. Fray Martín Sarmiento*. La Coruña, Andrés Martínez, 1895.

- Luzuriaga, L. *Historia de la Educación y la Pedagogía*. Bos Aires, Losada, 1994.
- Mariño Paz, R. “Presencia do galego na sociedade galega durante os séculos XVI, XVII e XVIII”, *Grial* 110 (1991), pp. 263-74.
- Maure, X., “Estudio de Gramática de Tui (testemuño dunha represión lingüística)”, *A Trabe de Ouro* 27 (1996), pp. 99-109.
- Mayans i Siscar, G. *Obras Completas. II. Literatura*. Valencia, Ayuntamiento de Oliva/Diputación de Valencia, 1984.
- Merker, N. e Formigari, L. *Herder-Monboddo. Linguaggio e società*. Roma-Bari, Laterza, 1973.
- Mestre, A. *Despotismo e ilustración en España*, Baelona/Carcas/México, Ariel, 1976.
- Monés i Pujol-Busquets, J. “La Ilustración en España: algunas precisiones sociolingüísticas”, en *La educación en la Ilustración española*, Madrid, 1988 [Número extraordinario da *Revista de educación*], pp. 421-41.
- Monteagudo, H., *Historia social da lingua galega*. Vigo, Galaxia, 1999.
- Otero Pedrayo, R. *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*. Vigo, Galaxia, 1969.
- Pazos, M. R. *El episcopado gallego*. 3 vols, Madrid, CSIC, 1946.
- Pérez Costanti, P. *Notas Viejas Galicianas*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993.
- Rosiello, L. *Linguística Illuminista*. Bologna, Il Mulino, 1967.
- Ruiz Berrio, J. “La educación del pueblo español en el proyecto de los ilustrados”, en *La educación en la Ilustración española*. Madrid, 1988 [Número extraordinario da *Revista de educación*], pp. 163-91.
- Sarrailh, J. *La España Ilustrada de la segunda mitad del siglo XVIII*. México, Fondo de Cultura Económica, 1992.
- Urzainqui, I., “El concepto de *historia literaria* en el siglo XVIII”, en *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*, 3 vols.,

Madrid, Universidad de Oviedo e Editorial Gredos, 1987 vol. III, pp. 565-89.

Viñao Frago, A. "Alfabetización, lectura y escritura en el Antiguo Régimen (siglos XVI-XVIII)", en A. Escolano (dir.), *Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización*. Madrid, Pirámide, 1992, pp. 45-68.

Zamboni, A. *L'etimologia*. Bologna, Zanichelli, 1976.

2. BIBLIOGRAFÍA CITADA SOBRE SARMIENTO

Sarmiento-ACITFS = O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), 2 vols. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago, 1997.

Alonso Montero, X. "O Padre Sarmiento, primeiro estudioso da poesía medieval galega, daquela sen exhumar", *Sarmiento-ACITFS*, vol. II, pp. 67-73.

Allegue Aguete, P. *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*. Vigo, Edicións Xerais, 1993.

Álvarez Barrientos, J. "El final de una tradición: las falsificaciones granadinas en el siglo XVIII", *Revista de Dialectología y tradiciones populares* XL (1985), pp. 163-89.

Chacón y Calvo, J. M^a. "El Padre Sarmiento y el *Poema del Cid*", *Revista de Filología Española* 21 (1934), pp. 142-57.

Dubuis, Rochais e Saugnieux. "Introducción" a M. Sarmiento, *El porque sí y porque no*. Oviedo, Instituto Feijoo de Estudios del siglo XVIII/Université Lumière - Lyon II, 1988, pp. 7-21.

Filgueira Valverde, J. *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.

Gil Merino, A. "M. Sarmiento y los estudios paleográficos en España", *Boletín de la Real Academia Gallega* 31 (1971/72), pp. 96-112.

Gutiérrez, J. "M. Sarmiento y sus *Memorias para la historia de la poesía...*", *Dieciocho* 11.2 (1988), pp. 87-98.

Kremer, D. "O *Onomástico* de Fr. Martín Sarmiento e a onomástica galega", en *Sarmiento-ACITFS*, Vol. II, pp. 15-30.

Mariño Paz, R. "O Padre Sarmiento no seu tempo", *Cadernos de Lingua* 8 (1993), pp. 87-100.

Ogando Vázquez, X. F. "1768. O *Onomástico* de Fr. Martín Sarmiento" en Idem, *Tres fitos senlleiros na historiografía da lingua galega: 1768-1868-1968*. Santiago de Compostela, 1980; 23-70.

Pensado, J. L. *Fray Martín Sarmiento. Sus ideas lingüísticas*. Oviedo, Universidad, 1960 [= *Cuadernos de la cátedra Feijoo*, nº 8].

Pensado, J. L. "Los estudios gallegos de Sarmiento: su estructura", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27 (1972), pp. 149-62.

Pensado, J. L. "O galego no século da Ilustración", *Grial* 102 (1989), pp. 183-98.

Pensado, J. L. *Galicia en su lengua y sus gentes*. A Coruña, La Voz de Galicia, 1991.

Pensado, J. L. *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995.

Piel, J. "A propósito de um centenário: O *Onomástico* de Fr. Sarmiento (1768)", *Revista Portuguesa de Filología* 15 (1969), pp. 103-118.

Rodríguez Montederramo, X. L. "Fray Martín Sarmiento y la recuperación de las fuentes manuscritas", *Sarmiento-ACITFS*; vol. II, pp. 75-86.

Rodríguez Montederramo, J. L. "Sarmiento y la historiografía de la literatura en el siglo XVIII: *El libro de buen amor*", en González Troyano, A. (coord.), *IX Encuentro de la Ilustración a romanticismo (1750-1859). Historia, memoria y ficción*. Cadiz, Universidad, 1999, pp. 351-61.

- Santamarina, A. "O Padre Sarmiento, precursor dos estudos románicos", en *Sarmiento-ACITFS*; vol. II, pp. 31-65.
- Santos Puerto, J. "Introducción" a M. Sarmiento, *Reflexiones Literarias para una Biblioteca Real*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 2002.
- Stiffoni, G. "La biblioteca de fray M. Sarmiento. Apuntes para la historia de la penetración de las nuevas ideas en la España de Feijoo", en *Homenaje al profesor Carriazo*, 3 vols., Sevilla, Universidad, 1973; vol. III, pp. 463-489.
- Torres Rodríguez, C., "El P. Sarmiento como archivero y diplomático", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27 (1972), 115-31.
- Uría, I. "La copia del *Poema de Santa Oria* que cita el Padre Sarmiento en sus *Memorias*", *Incipit* 3 (1983), pp. 9-24.

ANTOLOXÍA

3. O GALEGO DAS COPLAS

- Álvarez, R., "Variación diatópica no *Coloquio* de Sarmiento", en *O padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, 2 tomos, Santiago, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1997; tomo II, pp. 131-54.
- González Seoane, E., "Sobre o tratamento do léxico culto no *Coloquio* de Sarmiento", en *O padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, 2 tomos, Santiago, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1997; tomo II, pp. 121-30.
- Mariño Paz, R., "Sobre a elaboración do galego escrito polo padre Sarmiento", en *O padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, 2 tomos, Santiago, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1997; tomo II, pp. 89-119.

[1]

BENITO J. FEIXOO:
[O GALEGO, LINGUA NEOLATINA]
PARALELO DAS LINGUAS CASTELÁ E FRANCESA

26

Aínda que o motivo polo que discorremos no cotexo da lingua castelá coa francesa non milita con respecto á italiana, xa que esta aínda non gañou a afección nin se puxo en España de moda, a ocasión convida a dicir algo dela, e xuntamente da lusitana, por comprendermos no paralelo, para satisfacción dos curiosos, todos os dialectos da latina.

27

Dixen por comprendermos todos os dialectos da latina, porque aínda que estes vulgarmente se reputan ser non máis que tres, o padre Kircher, autor desapaixonado (*De Turri Babel*, libro 3, capítulo I)¹, engade o lusitano, en que, advirto, se debe incluír a lingua galega como en realidade indistinta

1. Athanasius Kircher (1601-80), xesuíta, erudito e matemático alemán, autor de numerosas obras da variegada temática que lle deron sona en toda Europa. En especial, de asunto lingüístico, salientan *Lingua Aegyptiaca restituta* (1643), *Obeliscus Pamphilius* (1650) e *Oedipus Aegyptiacus* (3 vols. 1652-55), que introducen en Europa o interese polos xeroglíficos. Aliás, foi especialista en lingua cóptica, que el reputou como a orixe de todas as demais, como sinala en *Prodromus Coptus* (1636; véxase texto 4, § 4, da presente escolma). Precisamente a última obra que publicou foi *De turri Babel* ou *Turris Babel* (1679). Todas estas obras figuran no catálogo da biblioteca de Sarmiento, onde se lle dedica un apartado especial a Kircher, con catorce títulos.

da portuguesa, por seren pouquísimas as voces en que discrepan, e a pronuncia das letras en todo semellante; e así se entenden perfectamente os individuos de ambas nacións sen ningunha instrucción antecedente.

28

Que a lingua lusitana ou galega se debe considerar dialecto separado da latina, e non subdialecto ou corrupción da castelá, próbase, ó meu xuízo, con evidencia, polo maior parentesco que ten aquela ca esta coa latina. Para quen ten coñecemento destas linguas non pode haber dúbida de que polo común as voces latinas dexeneraron menos na portuguesa. Isto non podería ser se a lingua portuguesa fose corrupción ou subdialecto da castelá; sendo certo que con cantas máis mutacións se aparta unha lingua da fonte, tanto máis se arreda da pureza da súa orixe.

29

Se polo maior parentesco que ten un dialecto coa súa lingua orixinal ou menor desvío que padeceu dela, houbera que regular o seu valor entre todos os dialectos da latina, daríamos a preferencia á lingua italiana e en segundo lugar poñeríamos a portuguesa. A algúns parecerá que debe facerse así, porque sendo unha especie de corrupción aquela declinación que insensiblemente vai experimentando a lingua primordial cara ó seu dialecto, parece que se debe ter por menos corrompido, e por conseguinte por menos imperfecto, aquel dialecto en que foi menor o desvío.

30

Emporiso, esta razón ten máis aparencia que solidez. O primeiro, porque a corrupción de que se fala non é propiamente tal, mais metafórica. O segundo, porque aínda que poida chamarse corrupción aquel preguiceiro tránsito con que a lingua orixinal vai declinando ó dialecto, despois que

90

este, logrando a súa enteira formación, está fixado, xa non hai corrupción, nin sequera metafórica. Isto vese nas cousas físicas, onde, aínda que se chama corrupción (ou se asenta que a hai) aquel estado transitorio con que a materia pasa dunha forma a outra, unha vez que a nova forma se considera en estado permanente (ou *in facto esse*, como explican os filósofos da Escola), daquela ninguén di que hai corrupción, nin o novo composto pode chamarse de ningunha maneira corrompido. E así, do mesmo xeito que ás veces sucede que non obstante a corrupción que precedeu á introducción da nova forma, o novo composto é máis perfecto ca o antecedente, podería tamén suceder que mediante a corrupción do primeiro idioma se enxendrase outro máis copioso e máis elegante ca aquel de onde trae a súa orixe.

31

Por este principio, pois, non se pode facer xuízo da calidade dos dialectos. E excluído este, non vexo outro por onde dos tres dialectos en cuestión se deba dar preferencia a algún sobre os outros. Paréceme que a lingua italiana soa mellor cás demais na poesía. Pero tamén xulgo que isto non nace da excelencia do idioma, si do maior xenio dos naturais ou o maior cultivo desta arte. Aquela fantasía propia a animar os trazos na pintura é, pola simbolización das dúas artes, a máis acomodada a exaltar as cores da poética: "Ut pictura poesis erit" ["A poesía será coma a pintura"]. Despois dos poemas de Homero e Verxilio non hai cousa que iguale no xénero épico á *Xerusalén* de Tasso.

32

Os franceses notan as poesías italiana e española de moi hiperbólicas. Din que as dúas nacións se dan demasiado ó entusiasmo, e por excitar a admiración se afastan da verosimilitude. Pero eu digo que quen quere que os poetas sexan moi cordos, quere que non haxa poetas. O furor é a alma da poesía.

91

O rapto da mente é o voo da pluma: “Impetus ille sacer, qui vatum pectora nutrit”, dixo Ovidio [“Aquel pulo sagro que nutre o peito dos poetas”]. Nos poetas franceses vese que por afectaren ser moi regulares nos seus pensamentos, deixan as súas composicións moi esmaceladas. Córtañlles ás musas as ás ou co peso do xuízo abaten ó chan as súas plumas (agás de que tamén a cadencia das súas rimas é desaxeitada). Pero a crítica da poesía farase á mantenta noutro tomo.

COROLARIO

33

Xa que incidentalmente se dixo máis arriba que o idioma lusitano e o galego son un mesmo, para confirmación da nosa proposición e para satisfacermos a curiosidade dos que se interesaren na verdade dela, expoñeremos aquí brevemente a causa máis verosímil desta identidade.

34

É constante nas Historias que o ano catrocentos e pouco máis antes da nosa redención foi España anegada da violenta irrupción de godos, vándalos, suevos, alanos e selingos, nacións setentrionais. Que destes, os suevos, baixo a condución do seu rei Hermenerico, se apoderaron de Galicia, onde reinaron gloriosamente por máis de cento e setenta anos, ata que os desposuíu daquel florecentísimo reino Leovixildo, rei dos godos. É así mesmo certo que os suevos non só dominaron Galicia, mais tamén a maior parte de Portugal. Manuel de Faría, no *Epítome das Historias Portuguesas* (parte 2, capítulo 3)², con frei Ber-

2. Manuel de Faría e Sousa (1590-1649), erudito portugués que viviu en España durante o período filipino, en que os Austrias españois cinxian a coroa de Portugal, a súa vasta obra constitúe un dos mellores exemplos de bilingüismo literario luso-castelán. Un dos principais produtos do seu labor é o *Epítome de las historias portuguesas* (1628), monumental enciclopedia do saber histórico sobre o país veciño. Véxase tamén texto 3, § 474 e ss.

nardo de Brito³ e outros autores da súa nación, quere que non só fosen os suevos donos da maior parte de Portugal, pero tamén de canto tivo o nome de Lusitania, en tanto grao que, perdida esta denominación, tomou aquel reino o nome de Suevia. En fin, tampouco hai dúbida de que no tempo que entraron os suevos en Galicia e Portugal se falaba nos dous reinos, coma en todos os demais de España, a lingua romana, extinguida de todo, ou case de todo, a antiga española —por máis que contra as probas concluíntes, deducidas de moitos autores antigos, que alegan Aldrete⁴ e outros escritores españois, pretenda o contrario o mestre frei Francisco de Vivar no seu *Comentario a Marco Máximo* no ano de Cristo 516⁵.

35

Sentados estes supostos, xa temos a man a causa que procuramos da identidade do idioma portugués e galego: estando as dúas nacións separadas de todas as demais provincias e baixo a dominación duns mesmos reis naquel tempo precisamente cando, corrompéndose pouco a pouco a lingua romana en España pola mestura das nacións setentrio-

3. Frei Bernardo de Brito (1568-1617), cronista da orde beneditina en Portugal e posteriormente Cronista Maior do Reino, considérase o fundador da historiografía alcobacense. É o responsable da primeira e segunda partes da magna compilación aparecida so o título de *Monarquía Lusitana*, inzada de elementos fabulosos, haxiográficos ou heroicos, ó servizo dunha deliberada glorificación do pasado portugués, a cal constitúe un dos elementos máis sobranceiros da literatura autonomista baixo dominio filipino en Portugal.

4. Bernardo de Aldrete (1565-1645), erudito andaluz, que salienta pola súa dedicación á arqueoloxía e á lingüística; a súa obra capital é *Del origen y principio de la lengua castellana* (1606), en que o autor defende a orixe latina do castelán, contra as teorías crecentemente en voga durante o século XVII que postulaban o carácter aborixe e primitivo deste.

5. Marco Máximo é o suposto autor dun falso cronicón urdido a primeiros do século XVII por Jerónimo Román de la Higuera, en que se fabula sobre a historia peninsular entre aproximadamente 431 ata 575. As falsificacións históricas, tan burdas como populares na España dos séculos XVII e XVIII, foron un dos albos preferidos da atinada crítica de M. Sarmiento.

nais, foi dexenerando en particulares dialectos, conseguintemente ó continuo e recíproco comercio de portugueses e galegos (secuela necesaria de estaren as dúas nacións baixo unha mesma dominación), era preciso que en ambas se formase un mesmo dialecto.

36

Engádese a esto que o Reino de Galicia abranxía naqueles tempos boa porción de Portugal, pois incluíase nel a cidade de Braga, como consta do *Chronicon* de Idacio, que florecía á sazón⁶. Así di no ano de Cristo 447: “Theodorico Rege cum exercitu ad Bracaram extremam Civitatem Galeciae pretendente” (“O rei Teodorico situouse co seu exército perante Braga, cidade nos confins de Galicia”).

37

En fin, en honra da nosa patria diremos que se o idioma de Galicia e Portugal non se formou promiscuamente a un tempo nos dous reinos, senón que do un pasou ó outro, débese discorrer que de Galicia se comunicou a Portugal, non de Portugal a Galicia. A razón é porque durante a unión dos dous reinos baixo o goberno suevo, Galicia era a nación dominante, dado que tiñan nela o seu asento e Corte aqueles reis. Destarte, así os escritores españois coma os estranxeiros chaman ós suevos absolutamente *Reis de Galicia*, atribuindo a denominación á Coroa pola provincia dominante; como antes da unión con Aragón se chamaba absolutamente *Reis de Castela* os que xuntamente con Castela rexían outras moitas provincias de España. E o mesmo diremos dos reis de Aragón verbo das demais provincias unidas a aquela coroa. Sendo, pois, durante aquela unión, o Reino de Galicia asento

6. Idacio, Itacio ou Hydacio, bispo galego que viviu na primeira metade do século V (finou c. 470), é autor dun *Chronicon* que constitúe unha fonte fundamental para o coñecemento da Gallaecia coetánea, en particular das primeiras fases do dominio suevo.

da coroa, é claro que non puido tomar o idioma de Portugal, porque nunca a provincia dominante o toma da dominada, mais ó contrario.

B. J. Feixoo, *Theatro crítico universal*. Tomo I, Madrid, 1726.

[2]

MARTÍN SARMIENTO:
[DEFENSA DA TESE DE FEIXOO]

340

Por modo de corolario tenta o padre Mestre desterrar outros dous erros. Primeiro, dos que xulgan ser a lingua portuguesa dialecto da castelá. Segundo, dos que pensan que o idioma galego é dimanado do portugués. [...] O erro que o padre Mestre tenciona desterrar no seu discurso é o daqueles que, por non oíren máis campás cás da súa parroquia, xulgan que a súa lingua é matriz das que non entenden, ou entenden que é mellor cás que nunca estudaron. O que habería de probar o [contradictor] en defensa dese erro era que a portuguesa era dialecto da castelá, e que a galega subdialecto seu mediante a portuguesa.

341

O padre Bluteau⁷ fala das dúas linguas portuguesa e castelá como de dúas irmás, non como de nai e filla. Esta é a rea-

7. Rafael Bluteau (1638-1734) é unha das figuras máis importantes da lexicografía portuguesa, como autor do *Vocabulario portuguez e latino* (8 vols., 1712-21; máis dous vols. de suplemento, 1727-28). Sarmiento empregou este *Vocabulario* como obra de referencia indispensable (véxase por acaso o que di máis adiante nos textos 4, § 5 e 5, § 16, 697 e 702, aínda que lle achacaba ó autor telo acugulado desmesuradamente de léxico greco-latino e exótico, e burlábase da súa pomposidade (“o título do *V. P.* do P. Bluteau ten 57 adxectivos esdrúxulos”, apunta retranqueiro nos *Elemen-*

lidade; como así mesmo que a galega, castelá e portuguesa son tres irmás e fillas todas tres da latina. Pescudar cal das tres é máis antiga non se pode facer sen expoñerse á censura. Verbo da portuguesa e galega son fortísimas as razóns que pon o Padre Mestre para proba de que xamais a galega puido dimanar da portuguesa. Engadiu que no caso de dimanar unha de outra, é máis verosímil que a portuguesa sexa extensión da galega. Os que se admiraren desta afirmación demostrarán no seu mesmo abraio que confunden a maior extensión dunha lingua dominante coa maior antigüidade dunha lingua dominada. A pesar de Varrón e outros romanos, a grega, dominada da latina, era máis antiga, mellor e aínda case nai súa, pois se á latina se lle tira o que ten da grega, ficará sen esqueleto.

342

Lémbrome que entre a multitude de papeletas que saíron contra o *Theatro*, saíu un anónimo que quería facer crer que non era lingua a galega porque non había nela escritos ningúnns. O anónimo confundiu a lingua coa letra. A penas é cousa o que hai escrito en lingua malaia comparado co que está escrito en lingua chinesa. Non obstante, concordan todos en que a lingua malaia é a máis donda, clara e curiosa do Oriente. En pouco tempo poderá poñerse no idioma galego non só canto está escrito en castelán, pero tamén canto hai escrito en grego e en latín. Recuando seis séculos, non había cousa escrita en castelán ¿Logo daquela non había lingua castelá? Na América non se escribía cousa ningunha cando a descubriron. ¿Daquela non había lingua ningunha na América cando a descubriron os europeos? A estes absurdos exponse o que mide as cousas ó seu antollo.

tos Etimolóxicos, § 381). Coidamos que o lugar en que Bluteau trata do tema do parentesco entre o portugués e o castelán é no *Coloquio* entre as dúas linguas que coloca ó final do vol. 8 do dito *Vocabulario*.

343

O que a min me semella é que, como di o padre Mestre, a lingua galega xamais dimanou da portuguesa e, como o poderá probar o cotexo, xamais dimanou da castelá. Para isto último débese notar non o que as dúas teñen en común, por seren entrambas dialectos ou corrupcións da latina, mais o que a galega tivo sempre de particular. A pronuncia que os galegos dan ó *j*, *g*, *x*, case ó modo dos franceses, xamais se achou na castelá; e hoxe búrllanse dela os que só teñen por crítica a súa lingua. É verdade que son os que non abriron a *Arte* de Nebrixa⁸. Os ditongos *ou*, *ei*, *eu*, etc. son moi comúns no idioma galego e forasteiros no castelán. A distinción entre *e* e *o* pechadas ou abertas non as percibe o oído castelán e en Galicia distínguense naturalmente.

É inaudito na lingua castelá engadir *-n* ás primeiras persoas de singular do pretérito; en Galicia é moi frecuente esta adición, propiedade que utilizaron comunmente os poetas gregos para evitar sinalefas. As terminacións, deducións e derivacións dunha raíz latina fanse dun modo particular que xamais tivo a lingua castelá antiga. Finalmente, a multitude de voces latinas que teñen menos distantes do orixinal é proba de que, aínda que non sexa lingua dominante nin de moita extensión, como é a castelá, dexenerou menos ca ela da orixe común ás dúas.

M. Sarmiento, *Demonstración crítico-apologética del Theatro crítico universal*. Tomo I, Madrid, 1732.

8. Elio Antonio de Nebrixa (1444-1522), sonado humanista andaluz, é autor dunha celeberrima *Gramática castellana* (1492), a primeira impresa dunha lingua vulgar, que en España foi coñecida como a *Arte* por antonomasia. Sobre o que se di no texto, véxase número 5, § 119

[3]

MEMORIAS PARA A HISTORIA DA POESÍA
E POETAS ESPAÑOIS
[NOTICIAS DA LITERATURA MEDIEVAL EN LINGUA GALEGA]

[3.1]

[CARTA DO MARQUÉS DE SANTILLANA SOBRE A POESÍA]

353

Antes de tratar por orde cronolóxica as poesías e poetas vulgares, como prometín, quixera desembarazarme de repetir citas e de determe na explicación dos máis célebres metros casteláns. Con este fin tratarei destes no parágrafo seguinte e neste porei o compendio dunha carta do marqués de Santillana que coído que é inédita, e que contén unha especie de historia brevíssima da poesía ata o seu tempo, que foi o do reinado de don Xohán II de Castela.

354

O marqués de Santa-Juliana, ou de Sant-Illana, e vulgarmente Santillana, de quen se falará aquí, é don Íñigo López de Mendoza, pai do primeiro duque do Infantado e de don Pedro Mendoza, gran cardeal de España. Este marqués foi un cabaleiro excelente nas armas e nas letras e, sobre todo, un famoso poeta castelán. Escribiu moito e ben, e diso darei razón no parágrafo do século décimo quinto, pois naceu o ano de 1398 e morreu o de 1458.

355

Era tanta a sona da súa literatura e das súas poesías castelás que aínda os estraños desexaban ter con el comunicación literaria. Entre estes foi o condestable de Portugal don Pedro, fillo do infante de Portugal don Pedro, duque de Coímbra e á sazón rexente daquel reino na menoridade de don Afonso V. Escribiu o citado condestable unha carta ó marqués de Santillana por medio de Álvaro González de Alcántara, e pedíalle e pregáballo que lle remitise unha copia dos seus dicires e cancións.

356

Fíxoo así o marqués e a carta que escribiu ó condestable en resposta e que acompañou o cancionero ou códice das súas poesías é aquela que aquí preciso compendiar para exornar estas memorias. Lina toda nun códice manuscrito e ten de extensión dous pregos de imprenta. Non a vin impresa ata agora, nin aínda teño noticia de que o estea. E así, por ser curiosa para aqueles séculos e porque contén algunhas novas singulares que non lin noutro autor, poreinas coas súas palabras formais. Non trae data, pero sendo o ano 1441 cando o pai do condestable estaba xa na rexencia e cumprindo este ano de 1741 trescentos anos redondos de antigüidade a citada carta, supoñámola con esta data¹.

357

O contido da carta redúcese ó seguinte. Primeiramente supón que o condestable era excelente poeta e que lera poesías súas. Gaba a poesía en xeral e chámala *Gaia* por esta palabra: “E qué cosa es la Poesía que en nuestro vulgar llamamos *Gaia* ciencia, sino un fingimiento de cosas útiles è

1. A sonada “Carta-Proemio al Condestable de Portugal”, do marqués de Santillana, probablemente redactada entre 1446 e 1449, foi obxecto, desde que Sarmiento a exhumou, de numerosos estudos e edicións. Pode verse a de F. López Estrada, *Las poéticas castellanas de la Edad Media*, Madrid, Taurus, 1984; 39-63.

veladas con muy hermosa cobertura, compuestas, distinguidas, escondidas, por cierto cuento, peso, è medida?” A seu tempo falarase desta *Ciencia Gaia*, pola que comunmente se entendía poesía vulgar en Francia e en España.

[...]

359

Despois dunha curta noticia dos poetas gregos e latinos, e falando dos elexíacos, di que Xeremías fixo este xénero de versos tristes e que en castelán son chamados *endechas*. Pero achegándose máis nos tempos, pon esta inxenua confesión: “Cómo pues, ó por cuál manera, Señor muy virtuoso, estas ciencias hayan primeramente venido en mano de los Romanistas, ó Vulgares, creo sería difícil inquisicion y una trabajosa pesquisa”.

[...]

364

Pasando á nosa España di: “Los Catalanes, Valencianos y aun algunos del Reyno de Aragon fueron y aun son grandes oficiales de esta Arte. Escribieron primeramente en novas Rimas que son pies ó bordones largos de sílabas. Algunos consonaban, otros no. Despues de esto, usaron el Decir en coplas de diez sílabas á la manera de los Limosis. Hubo entre ellos de señalados hombres, así en las envenciones como en el metrificar”.

[...]

367

Tamén se debe de notar todo o que se segue, pois ben causará moita novidade ós mesmos españois. Falando de nós, di así da poesía castelá tal: “Entre nosotros usaron primeramente el metro en diversas maneras, así como el Libro de Alexandre, los Votos del Pabon, é aun el Libro del Arcipreste de Hita. Aun de esta guisa escribió Pero Lopez de Ayala el viejo un Libro que fizo de las Maneras del Palacio; llamáronlo Ritmos”.

368

“E despues fallaron esta Arte que Mayor se llama, et el Arte comun, creo en los Reynos de Galicia e de Portugal, donde no es de dubdar que el exercicio de estas ciencias, mas que en ningunas otras Regiones et Provincias de la España se acostumbrió. En tanto grado, que no há mucho tiempo, qualesquier Decidores ó Trobadores de estas partes, agora fuesen Castellanos, Andaluces, ó de la Estremadura, todas sus obras componian en Lengua Gallega, ó Portuguesa”.

369

“Acuérdome —di—, Señor muy magnífico, siendo yo en edad no propecta, mas asaz pequeno mozo, en poder de mi abuela Doña Mencía de Cisneros, entre otros libros haber visto un gran volumen de Cantigas Serranas, Decires Portugueses y Gallegos; cuyas obras aquellos que las leían, loaban de envencciones sotiles e graciosas y dulces palabras. Habia én otras de Juan Suarez de Pavia, el cual se dice haber muerto en Galicia por amores de una Infanta de Portugal. E de otro Fernan Gonzalez de Senabria”. (O apelido *Pavia* está errado, debe ser Johan Soarez de *Payva*, a quen o conde don Pedro no seu *Nobiliario* chama *Trobador*.)

370

“Despues de ellos vinieron Vasco Perez de Camoens e Fernan Cascacio, e aquel grande enamorado Macías, del qual no se fallan sinon canciones, pero ciertamente amorosas e de muy fermosas sentencias, conviene á saber: *Captivo de miña tristura, Amor cruel y brioso, Señora en quen franca, Provey de buscar mesura*”.

Aquel Vasco Camoens é o mesmo de quen se probará no século catorce con texto de Manuel Faria, portugués, que naceu en Galicia, que de alí pasou a Portugal e que é ascendente do famoso Luís de Camoens, poeta tan celebrado.

[...]

104

379

A copia desta carta que tiven presente é moi moderna e ten bastantes defectos, pero non estorban para o caso [380]. Así pois, concedendo que esta carta é un monumento precioso, remitireime ós seus números sempre se ofrezca, e ofrecera-se deica en adiante moitas veces, en especial para comprobar algunhas cousas.

[...]

451

Agora desexo que se reflexione nestas palabras do marqués de Santillana, que xa quedan postas no número 368: “fallaron esta Arte que Mayor de llama et el Arte comun, creo, en los Reynos de Galicia e de Portugal”.

452

Cando un erudito coma o marqués de Santillana afirmou que a arte maior se inventara en Galicia e en Portugal, tería gravísimos fundamentos, e lería varias poesías antiquísimas que o persuadisen. Aínda admirarán máis as palabras que se seguen: “No há mucho tiempo, qualesquier Decidores ó Trobadores de estas partes, agora fuesen Castellanos, Andaluces ó de la Estremadura, todas sus obras componian en lengua Gallega ó Portuguesa”. Eu, como interesado nesta conclusión por ser galego, quixera ter presentes os fundamentos que tivo o marqués de Santillana, pero en ningún autor dos que vin se atopa palabra que poida servir dalgunha luz.

453

Vexamos ata onde acada a conxectura. Duarte Nunes de León², doutísimo portugués, na *Crónica d'el rei don Denis* di

2. Duarte Nunes de Leão (Sarmiento adapta a 'León' o segundo apelido) (c. 1530-1608), é un dos maiores representantes do humanismo portugués renacentista, especialmente pola súa obra lingüística e historiográfica. Na primeira salientan a *Orthographia da lingua portuguesa*, 1576, e especialmente

105

deste na páxina 133 que foi “grande Trobador et quasi o primeiro que na Lingoa Portuguesa sabemos screveu versos, o que elle et os daquelle tempo começaraõ fazer aa imitação dos Arvernos et Provençaes”. E remítese a dous cancioneiros, un que está en Roma e outro en Lisboa, nos cales hai varios versos do dito rei don Dionysio, e en especial en loor de nosa Señora.

454

O mesmo Nunes no seu libro *Origem da Lingoa Portuguesa*, capítulo 6, di estas outras palabras falando das linguas galega e portuguesa: “As quaes ambas eraõ antigamente quasi hũa mesma, nas palavras et nos diphtongos et pronunciação, que as outras partes de Hespanha naõ tem”. Despois, falando do rei don Dionysio, repite: “Foi o primeiro que pôs as Leis en ordem, et mandou fazer copilaçaon dellas, et compôs muitas cousas em metro aa imitação dos Poetas Provenzaes”. E engade que nisto imitou o seu avó o rei don Afonso o Sabio de Castela. Este morreu o ano 1284 e o rei don Dionysio o ano de 1325.

455

Nada disto podía ignorar o marqués de Santillana, como nin que o rei don Afonso e outros moito antes do rei Dionysio compuxeran varias poesías. Logo parece verosímil que cando fala da lingua galega, fala dela como distinta xa da que se usaba en Portugal como en reino distinto. Logo aqueles trobadores casteláns, andaluces e estremeños que compunñan en lingua galega no antigo, deixaron algunhas obras que existían en tempo do marqués e ó presente están extraviadas ou xacen esquecidas nos currunchos dalgún arquivo, pois

a *Origem da lingoa portuguesa*, 1606, libros que constaban na biblioteca do noso sabio e foron (sobre todo o segundo) consultados, citados e comentados por el (véxase o que se di no noso estudio introductorio, § 7). Como historiógrafo, son de destacar as *Crónicas dos Reis de Portugal* (1600), que constitúen unha das primeiras tentativas de relato global da historia lusitana.

106

non é crible que escribisen en lingua de reino estraño, tendo dentro lingua semellante en que exercitaren a súa vea.

456

Comprobarei o asunto. O rei don Afonso o Sabio fixo moitas coplas en gabanza de María Santísima, e referindo varios milagres que pola súa intercesión se fixeron con san Fernando, sendo neno, e con outros. Disto falarase máis adiante. Por agora abonde saber que Argote de Molina³, Diego Ortiz⁴ e Papebroquio⁵ na *Vida de san Fernando* poñen algunhas coplas. O estilo delas non é castelán antigo, como debera, mais galego antigo, ó cal se lle imita moito o portugués. Diego Ortiz de Zúñiga nos *Anales de Sevilla*, páxina 36, di: “en la Poesía de aquellos tiempos, y en dialecto mas conforme al de Galicia”. Papebroquio, páxina 309, falando daqueles poemas di: “Descripta rhythmo non Castellano, sed Callaico, sive Gallaeco” [“Rimados non en castelán, senón en galaico, ou sexa, galego”] (véxase § 609).

457

Papebroquio sospeita que don Afonso se criaría, sendo neno, en Galicia e que por iso escribiría moitas coplas en idioma galego, e para que os curiosos fixesen idea daquel idioma di que por iso imprimiu algunhas coplas. Esta conxectura é boa, pois tamén san Fernando, seu pai, se criara en Galicia, e é verosímil que gustase de que se criase alí tamén o seu fillo. Pero á vista do que asenta o marqués de Santillana, non se necesita aquela conxectura para non estrañar que o rei don

3. Gonzalo Argote de Molina (1549-1590), literato e bibliófilo andaluz, primeiro editor de *El conde Lucanor* de don Juan Manuel, é autor de *Nobleza de Andalucía* (1588, é a obra a que se refire Sarmiento no texto) e dun *Discurso de poesía castellana* (1575) que contén interesantes investigacións sobre textos medievais.

4. “Ortiz de Zúñiga (Diego). *Anales de Sevilla*. Madrid, 1677”.

5. “*S. Fernando. Acta vitae*, polo P. Daniel Papebrochio. Antuerpiae, 1684”.

107

Afonso escribíse en galego, e non a atopo para non estrañar que escribíse en portugués.

458

Se Argote tivese visto a Carta do marqués de Santillana, desataría máis facilmente unha obxección que se opón, falando do célebre poeta Macías, que en España é aínda hoxe o exemplo dos namorados. No capítulo 148 do libro 2 da *Nobleza de Andalucía* trata deste Macías e di o que no século correspondente procurarei propoñer tamén. Pon alí a mesma canción que de Macías citou o marqués, e comeza, *Catívo de miña tristura*, etc.

459

Faise esta pregunta: “Y si á alguno —por causa das devanditas coplas de Macías— le pareciere que Macías era Portugués, esté advertido que hasta los tiempos del Rey D. Enrique Tercero, todas las coplas que se hacían comunmente, por la mayor parte, eran en aquella lengua; hasta que despues en tiempo del Rey D. Juan, con la comunicacion de Naciones estrangeras, se trató de este género de letras con mas curiosidad”. Pero cita o poeta Juan Rodríguez del Padrón en proba de que Macías non era portugués mais galego e natural do seu mesmo lugar, a vila de Padrón ou a antiga *Iria Flavia* (véxase o que se di no número 608).

460

Sendo, como foi, o célebre e namorado poeta Macías galego de nación, e vivindo acá en Castela, non precisaba escribir en portugués podendo escribir en galego e en castelán. De feito, fixo coplas castelás, e as que pon Argote non son portuguesas, mais galegas, como así mesmo o son as do rei don Afonso o Sabio e as doutros. Destarte enténdese e confirmase o que escribiu o marqués de Santillana sobre o idioma dos antigos trovadores casteláns, andaluces e estremeños.

108

461

O dito polo marqués sobre que a arte maior e a arte común, ou real, se inventou nos reinos de “Galicia, y Portugal, donde no es de dubdar que el exercicio de estas Sciencias, mas que en ningunas otras Regiones, et Provincias de la España, se acostumbró”; e mailo dito polo portugués Duarte Nunes acerca de que o rei don Dionysio foi “quasi o primeiro” que se saiba ter feito versos en lingua portuguesa, comproba que os nosos trovadores antigos non usaban do idioma portugués, mais do galego, aínda que son os dous moi parecidos entre si.

462

Esta semellanza dos dous dialectos foi orixe de moitas equivocacións, pois non todos penetran os idiotismos que os diferencian. É certo que canto máis se recúa ós séculos pasados, son máis imitantes os ditos dialectos, ata coincidieren nun só. Pero é innegable que cando Portugal estaba en poder dos mouros, falábase xa en Galicia o idioma vulgar, aínda que dubido que se escribíse, como nin aínda hoxe a penas se escribe. Pero isto non impide que se cantase e que nel se fixesen varias coplas que despois se pasaron ó papel, e que co tempo se extraviaron ou se perderon de todo.

463

No Corolario do discurso décimo quinto, *Paralero das linguas*, que se acha no tomo primeiro do *Theatro crítico universal* do padre mestre Feyxoó, bieito e de nación galega, atoparanse as razóns da semellanza e diferenza dos dous dialectos, galego e portugués [véxase texto 1]. É inconcuso, como alí se di, que a conquista de Portugal e o populamento segundo comezou entrando desde as partes máis boreais de Galicia, concorrendo a todo os daqueles países. Así se ve que hai moitos lugares no máis boreal de Portugal que teñen os mesmos nomes que outros tantos en Galicia, e que os apelidos máis célebres se atopan igualmente nas dúas nacións.

109

464

Isto explícase porque ademais do dito e dos casamentos recíprocos, o reino de Galicia tiña maior extensión cara ó Mediodía, de maneira que os países que están entre os dous famosos ríos Douro e Miño pertencían a Galicia e non á Lusitania. Ptolomeo expresamente pon dúas clases de galegos: uns *Bracharenses*, cuxa capital era Braga, e outros *Lucenses*, cuxa cabeza era Lugo. Pero despois que Portugal se erixiu en reino á parte, agregou moitos países de Galicia. Disto resultou que moitas cousas que en realidade son galegas, pasaron por portuguesas, e outras pasan por galegas, aínda que na realidade son portuguesas⁶.

465

Antes do século duodécimo en todos aqueles países só se escribía en lingua latina, como consta polos instrumentos que subsisten; o mesmo que acontecía en Castela. Así, calquera instrumento que se exhibir de antes daquel século escrito en vulgar portugués ou galego, ou é falso ou moi sospeitoso. Despois, sen saber cando, se introduciu escribir en vulgar. Pero os galegos, por deferencia á lingua castelá dominante, facían ou recibían os instrumentos públicos en vulgar castelán, o que aínda hoxe executan. Non así os portugueses, pois como tiñan monarca propio, introduciron nas escrituras públicas e privadas aquel vulgar primitivo que era común ás dúas clases de galegos lucenses e bracarenses, o cal, co tempo e co exercicio de escribirse, se fixo como dialecto distinto e é o que hoxe chamamos portugués, aínda que ten tanta semellanza co vulgar galego que hoxe se fala, que non todos os saben dexergar.

6. O texto reza: "De esto ha resultado que muchas cosas, que en realidad son Gallegas, han pasado por Portuguesas; y otras pasan por Portuguesas, aunque en realidad son Gallegas". Semella obvio que o autor cometeu un *lapsus calami*, que haberá que corrixir conforme fixemos nós.

110

466

Por iso non debe estrañar, ou non é do caso, que no idioma portugués escrito se atopen hoxe infíndas voces que non se encontran no idioma galego só falado. A comunicación cos mouros das fronteiras, as conquistas orientais e occidentais e o ter escrito sobre artes e ciencias e en materias eclesiásticas, foron a orixe daquel exceso de voces. Pero dubido de que en canto a voces radicais e primitivas haxa exceso ningún, pois hai moitas voces destas no idioma galego falado que non se achán no portugués escrito nin nos seus dicionarios.

467

Aínda que dixen que o idioma galego non se escribía nin se escribe, enténdese en instrumentos públicos e en libros, pois en contratos particulares e en cartas de cando en vez se escribía e aínda se usa, pois vin instrumentos dos séculos décimo cuarto e décimo quinto redactados nese idioma. E se hoxe se quixese escribir tanto como en Castela e en Portugal é o idioma capaz de todo, agregándose as mesmas voces estrañas que se aplicaron a aqueles dous dialectos, pois as voces *trópico*, *paralaxe*, *cosmografía*, *liturxia*, *sinopse*, *antropófago*, etc., sendo puras gregas e pronunciábles en galego, non sei por que, con exclusiva, se han de chamar portuguesas, francesas ou castelás.

468

Ata aquí dos dous dialectos escritos e non escritos. Canto a falados e cantados é maior a súa antigüidade, aínda que indeterminable a tempo fixo. O certo é que para trovar, compoñer coplas e cantalas non cómpre que se escriban. Así pois, crerei que cando o marqués de Santillana di que os galegos e portugueses atoparon os versos da arte maior e da arte común, se refire a aqueles tempos en que nin portuguesas nin galegos escribían o idioma vulgar que falaban e no

111

cal poetizaban, que é o mesmo que referirse ó tempo en que aínda Portugal non era coroa separada, ou cando os reis inmediatos á perda de España facían a súa frecuente residencia en Galicia.

469

O caso é que non é doado sinalar trobadores daqueles tempos, e moito menos as súas poesías. O conde don Pedro, fillo do rei don Dionysio, morreu o ano de 1374. Escribiu un *Nobiliario* que é o máis antigo que acá temos neste xénero e que imprimiu Manuel de Faría e Sousa con notas varias⁷. Dá noticia o conde de só seis trobadores ou poetas famosos, e todos son ou portugueses ou galegos, pero a ningún sinala obra ningunha, nin tampouco ningún deles alcanza o século undécimo. O máis antigo é Johan Soarez de Payva (e non de Pavía, como se le na carta do marqués de Santillana) e, como se dirá no seu lugar, este Payva non puido poetizar despois do ano de 1150.

470

Se o citado Faría e o padre Brito tivesen comprobado a antigüidade que atribúen a unhas coplas portuguesas que citan, teríamos algunha luz para maior antigüidade. Pero eu non podo persuadirme a acreditar o que supoñen. O padre Brito pon unhas coplas feitas en tempo do rei don Ramiro Primeiro de León e outras en tempo do conde don Henrique de Portugal. Destas falarase no título seguinte dos hendecasilabos. Daquelas falarei aquí e poñerei algunhas para exemplo.

7. Para M. de Faría e Sousa, véxase nota 2 ó texto 1. O *Nobiliario* a que fai referencia Sarmiento é o *Livro de Linhagens do conde don Pedro*, compilado por Pedro Afonso, fillo bastardo do rei don Denis, probablemente entre 1340 e 1344. Este nobiliario ofrece unha valiosísima documentación xenealóxica das principais familias castelás, galegas e portuguesas da Idade Media central, e, como sinala Sarmiento no texto, noticia sobre algúns trobadores. Juan Bautista Lavaña publicara unha traducción castelá da obra (Roma, 1640; véxase máis abaixo, § 567), que foi pouco despois traducida ó portugués por M. de Faría (Madrid, 1646). Significativamente, o noso autor cita esta segunda edición.

471

O padre Bernardo Brito, cisterciense, no tomo 2 da súa *Monarquía lusitana*, libro 7, capítulo 9⁸, no último do século oitavo, pon o caso de térense oposto uns cabaleiros ó tributo famoso das cen doncelas que Mauregato acordara cos mouros, e que por teren derrotado uns mouros que levaban unhas doncelas sen máis armas que uns toros de figueira, se orixinara por iso o nobre apelido de Figueroa. A este asunto pon na páxina 296 estas coplas:

*No figueiral figueiredo
A no figueiral entrey,
Seis niñas encontrara,
Seis niñas encontrey.
A Deos vos vayades,
Garzom, ca nom sey
Se onde me falades,
Mais vos falarei.
Lingoa de Aravias
Eu las falarei,
Mouros se me vissem,
Eu los matarey.
Troncom desgallara,
Troncom desgallei,
Todolos machucara,
Todolos machuquei.
Refrán. No figueiral, etc.*

472

Di este autor que atopou estas coplas, e mailas que omito, nun cancionero antigo, e que tamén as sentiu cantar a un

8. Sobre Brito e a *Monarquía lusitana*, véxase nota 3 ó texto 1. O texto das coplas restituímolos ás grafías que ofrece Brito, ignorando os retoques a que as someteu Sarmiento. Por parte, a crítica a que o noso autor somete a presunta antigüidade do citado cantar (con toda probabilidade, unha de tantas falsificacións que circularon durante o século XVII) é incontestable.

vello portugués na Beira. Cre dúas cousas. Primeira, que esta aventura dos cabaleiros Figueroas sucedeu en Portugal. Segunda, que estas coplas a tal asunto se fixeron daquela, ou moi pouco despois. De todo dubido. O lance dos Figueroas aconteceu en Galicia, onde inconcusamente está o soar e casa de Figueroa. As coplas aínda as supoño antigas, pero non de tanta antigüidade. Era preciso ver qué antigüidade tiña aquel cancionero para decidir, e ben sei que non se achará cancionero escrito antes do século duodécimo. E se neste século se coloca a composición das coplas, temos de abondo.

473

O que polo de agora fai ó caso é que o metro destas coplas é dos redondillos menores de seis sílabas, do cales dous xuntos compoñen o verso de arte maior, e sendo o idioma igualmente portugués ou galego, confirmase o que dixo o marqués de Santillana da antigüidade da poesía naqueles países.

474

Manuel de Faria, célebre comentador do Camoens, no comento que fixo das rimas daquel poeta⁹, falando das oitavas de arte maior, supón a súa grande antigüidade en España, e para comprobala en Portugal, pon alí unha moi antiga que se fixo á perda de España, e é esta:

*O Rouçom da Cava, emprio de tal sanha
A Juliani & Orpas, à sa grey daninhos,
Que en sembra còs netos de Agàr fornezinhos,
Hta atimaron prasmada façanha,
Cà Muza, & Zariph, con basta companha,*

9. M. Faria (véxase texto 1, § 34) é autor de dúas obras fundamentais sobre Camoens: *Comentarios dos Lusíadas* (2 vols., 1639) e *Comentarios das rimas varias de Luis de Camoens* (5 vols., 1685-1689). O poema do “Rouçom da Cava” é outro falso forxado no século XVII, que Sarmiento denuncia cun tino crítico impecable.

*De juso da sina do Miramolino,
Cò falso Infançòm, & Prestes malino,
De Cepta aduxeron oo solar de España.*

Di Faria que no oco dunha torre se atopou case podre o poema do que é esta oitava. Xulga que se fixo pouco despois da entrada dos agarenos e que cando menos tería seiscentos anos de idade cando el escribía.

475

Manuel Faria escribiu na metade do século pasado, e segundo isto, coidaba que o citado poema se compuxera polos anos de 1050. Fúndase no podre do códice e na antigüidade das voces. Un e outra non é abonda proba. Hai instrumentos antigos ben conservados, e áchanse moi estragados e podres outros que son máis modernos. Non di se estaba en pergameo ou en papel, nin di en que caracteres estaba escrito. Se fosen góticos, como era preciso, pois eran os únicos daquel tempo, non o calaría Faria, e se non eran góticos, non creo tanta antigüidade.

476

Tampouco non é proba, como quere Faria, a antigüidade das voces desta oitava, pois todas foron escritas douscentos anos despois daquela época. A expresión *en sembra*, que non explicou Faria, vén do latín *in simul*, que o francés di *en semble*, e tamén se usa no *Fuero Juzgo* castelán *en semble*, e significa o mesmo. O verbo *atimaron*, que Faria interpreta *emprehenderon*, significa máis, pois xa significa a *execución*. Neste sentido traduce a *Biblia Castellana Ferrariense*, no capítulo 2 da Xénese, por estas palabras, “Perfecti sunt Coeli”, estas castelás: “Atemáronse los Cielos”. E por estas outras, “Complevitque Deus die septimo opus suum, quod fecerat”, hai na *Ferrariense* estas: “Y atemó el Dio en el dia el seteno, su obra que hizo”.

477

A voz *Miramolino* é equívoca canto á súa antigüidade. É verdade que, segundo Abulpharaj¹⁰, o primeiro que tomou este epíteto foi o califa Omar no sétimo século, e usárono despois os seus sucesores. “Vocatus est ergo *Amirolmumenin* —que significa *Imperator credentium*, Príncipe dos crentes—, atque is primus hoc titulo insignitus est” [“Pois foi chamado Amirolmumenin, e foi o primeiro distinguido con ese título”]. Daquela expresión na súa análise, *Emir-al-mumenin*, formaron os casteláns a voz *Miramolin*. E aínda que este epíteto foi común a moitos, aplicouse por antonomasia ó rei de Córdoba Miramamolín, que o ano de 1212 foi vencido na batalla das Navas, e deica en diante é moi trivial nos libros a voz *Miramolin* ou *Miramamolín*, e así esta voz na oitava nada proba.

478

Non é isto negar que en Galicia e Portugal se fixesen coplas naqueles séculos, que estas se conservasen na memoria dos que as cantaban e que moitas destas mesmas se puxesen moito despois por escrito; antes ben, son do sentir de que así sucedeu. Só nego que as probas que sinala Faría da antigüidade da xa citada oitava sexan fortes. Ademais que sendo parte dun poema seguido, e que non sería pequeno, non é doado de acreditar que se conservase de memoria. Paréceme que se se fixo aquel poema en tempo do rei don Dionysio, non ten curta antigüidade.

[...]

538

Ademais disto, observei que en Galicia as mulleres non só son poetisas, senón tamén músicas naturais. Xeralmente

10. “Pocock, Eduardo. *Specimen Historiae Arabum de Albufaraj*. Oxonia, 1650”; “Albupharáj (Gregorio). *Historia Compendiosa Dynastiarum de los Orientales. Arabico-lat.* con notas de Pocock. Oxonia 1663”. Parece tratarse dunha tradución latina dun historiador árabe.

116

falando, así en Castela como en Portugal e noutras provincias, os homes son os que compoñen as coplas e inventan os tons ou aires, e así se ve que neste xénero de coplas populares falan os homes coas mulleres ou para amalas ou para satirizalas. En Galicia é ó contrario. Na maior parte das coplas galegas falan as mulleres cos homes, e é porque elas son as que compoñen as coplas sen artificio ningún, e elas mesmas inventan os tons ou aires nos que van cantalas, sen ter idea da arte da música.

[...]

562

Quixera que agora se tivese presente o número § 369 deste escrito. Alí quedan postas as palabras do marqués de Santillana, quen di ter visto, sendo moi novo, en poder da súa avoa dona Mencía de Cisneros, “un gran volumen de Cánticas Serranas, Decires Portugueses, y Gallegos”. Di que neste volume estaban diferentes coplas de Johan Soarez de Payva e de Fernan Gonzalez de Senabria. Se hoxe existise aquel volume, códice ou cancionero, teríamos un tesouro para enxergar os poetas españois moi anteriores ó ano de 1400. Sentín dicir que os señores Duques del Infantado, descendentes do marqués de Santillana, teñen en Guadalajara unha preciosa librería de manuscritos e de impresos que foron do cardeal Mendoza, fillo do dito marqués. Acaso se achará alí o desexado códice e outros semellantes.

563

Non di o marqués quen foi aquel Payva ou en qué tempo vivía, aínda que o supón portugués e morto en Galicia. Pero ó meu parecer poderá averiguarse o ano, pouco máis ou menos, en que viviu. O conde don Pedro de Portugal formou o seu *Nobiliario* no século décimo cuarto. Este *Nobiliario* é o máis auténtico e o máis antigo que temos. Imprimiuno con comentarios Manuel Faría, e hoxe é un libro moi trivial. Na páxina 242

117

di o conde don Pedro estas palabras: “Johan Soarez de Payva, o Trobador, foi casado con Dona Mariannez”. Xa se viu que *trobador* significa o mesmo que poeta vulgar, e é certo que o poeta Johan Soarez de Payva de quen falan o conde e o marqués, é unha mesma persoa ou un mesmo poeta.

564

Pasemos adiante. Di o conde que o dito poeta Payva fora fillo de don Sueiro Paez e de dona Urraca, que quedara viúva de Diogo Gonzalez, finado na batalla de Ourique. Esta batalla e o pasamento de Diogo Gonzalez ponos Nunes de León no ano de 1139, e constando de don Pedro no citado lugar do *Nobiliario* que aínda vivindo don Diego xa estaba enamorado don Sueiro da dita dona Urraca, é verosímil que o casamento se realizase pouco despois e que Johan Soarez de Payva naceuse polos anos de 1140.

565

Así pois, con toda seguridade podemos colocar o poeta Payva, cuxas poesías leu o marqués de Santillana e acaso existirán aínda nalgún arquivo, como florecente contra o medio do século duodécimo. E sendo certo, como repetín en varias partes, que a época do máis antigo poema francés non pasa do ano 1155 e que a penas alcanzará a tanta antigüidade ningún poema italiano que hoxe exista ou cuxo autor sexa coñecido, colíxese que a poesía vulgar en España, que tan conxénita é ós nacionais, é tan antiga coma a lingua, sen ter necesitado mendigala de nación ningunha estranxeira.

566

De todo o aquí proposto dedúcese tamén que o que dixo o marqués de Santillana, atribuíndo a Portugal e Galicia os primeiros exercicios da poesía vulgar, aínda que parecerá inaudito ós casteláns, nada ten de paradoxo. Cando menos non sei que en España se sinale poeta vulgar que, sen con-

118

troversia ningunha, sexa anterior a Johan Soarez de Payva e que algún autor diga ter lido as súas poesías máis antigas cás que leu o marqués.

567

O outro poeta, Fernan Gonzalez de Senabria, que o marqués agregou a Payva, medio portugués e medio galego, foi, sen dúbida ningunha, poeta puramente galego. As notas de Manuel Faría ó *Nobiliario* dito do conde don Pedro cando este trata da familia dos Seabras, Senabrias ou Sanabrias, que se achan na páxina 722 referentes ás notas de Juan Baptista Lavaña, expresamente supoñen que os Senabrias eran cabaieiros galegos, e isto coincide co que o marqués tomaba por asunto na pasaxe citada. Pero non puideron acertar o ano no que vivía aquel poeta Senabria.

568

Doutros cinco trobadores ou poetas vulgares dá noticia o mesmo conde don Pedro, dos cales uns son galegos e outros portugueses. Na páxina 120 di isto: “Johan de Gaya, que foi bõ Trobador”. Na páxina 137 di: “Fernan Garcia Es-garavuña, bõ Trobador”. Na páxina 151: “Esteban Annez de Valladares, o Trobador”. Na páxina 279: “Johan Martínez, o Trobador”. E na páxina 288 di: “Vasco Fernandez de Praga, de Galiza, foi bõ Trobador”.

569

Non só Vasco de Praga, que uns len *Prego*, outros *Parra-ga* e outros puídesen *Parga*, todos apelidos de Galicia, foi galego, senón tamén Esteban de Valladares. Pero por non saber cando floreceron estes cinco poetas, aínda que algo se puídesen rastrexar polas xenealoxías e porque polo menos foron moi anteriores ou coetáneos ó conde don Pedro, colo-queinos neste indeterminado tempo, por non atoparme embarazado despois con eles e por non omitilos de todo.

119

[3.2]

AFONSO X O SABIO E AS *CANTIGAS DE SANTA MARÍA*

570

Neste século décimo terceiro, con razón e sen dúbida, debe colocarse a época das linguas vulgares que puramente se formaron da corrupción da lingua latina, como son a italiana, a francesa, a castelá, galega e portuguesa, etc. Non canto ó seu uso e locución, pois isto debe recuar algúns séculos, sen poderse sinalar século determinado, mais canto a escribirse, e con tal frecuencia que puideron conservarse ata os nosos tempos algúns monumentos escritos. Non é isto negar absolutamente que haxa algún monumento escrito en lingua vulgar antes do século décimo terceiro. Pero serán tan poucos, e algúns destes tan disputables, que non deben facer exemplar.

571

O mesmo que de monumentos en prosa, débese entender de monumentos en verso vulgar. E deixando á parte o que puidese pertencer ás dúas linguas vulgares, italiana e francesa, sobre as que hai tanto escrito, só se falará aquí do que toca ó vulgar español e á súa poesía neste século sobre o que hai tanta escuridade de noticias. Non obstante, viviron nel dous poetas tan famosos que cada un poderá competir cos máis celebrados poetas vulgares estraños daquel tempo. O primeiro é don Gonzalo de Berceo, bieito, e o outro é o rei don Afonso de Castela, o Sabio. E para falar deles con algunha extensión, que non se atopa nos libros, porei título á parte para cada un.

[...]

601

Naceu este rei don Afonso, fillo do santo rei don Fernando, o ano de 1221 e finou o de 1284, polo que se debe colocar neste século décimo terceiro como poeta e inmediatamente

120

despois do poeta Berceo. Hai crónica impresa que contén a vida e feitos deste rei, pero trae poucas noticias del considerado como poeta e escritor. Don Nicolás Antonio, na súa *Bibliotheca vetus*¹¹, dá bastante noticia dos seus escritos e aínda das súas poesías, pero nun e noutro extremo está algo confuso ou escaso.

602

O autor que máis se estendeu en dar noticia das coplas do rei don Afonso é don Diego Ortiz de Zúñiga nos seus *Anales de Sevilla*. Este pon diferentes coplas e algunhas delas copiounas o padre Daniel Papebroquio nas actas que tirou de san Fernando. Polo cal, aludindo Papebroquio á coroa real e á lauréola de poeta, chama ó noso rei verdadeiramente poeta coroado: *Vere coronatum Poetam, lingua patria canentem audire*.

603

O que se debe estrañar é que sendo o marqués de Santillana tan curioso e máis próximo ó rei don Afonso trescentos anos ca nós, non falara del con máis individualidade. Así di o marqués no número 371 da súa citada carta: “En este Reyno de Castilla dixo muy bien (en verso) el Rey D. Alonso el Sabio: et yo ví quien vió dos, ó tres suyos. E aún se dice que metrificaba altamente en lengua latina”.

604

Que o rei don Afonso fose tamén poeta latino só o teño lido nesta pasaxe anecdótica. Pero reflexionando na causa de non seren xa tan comúns en tempo do marqués as poesías

11. Nicolás Antonio (1617-84), erudito andaluz que reuniu unha fabulosa biblioteca de trinta mil volumes, é o fundador da historiografía literaria española, coas súas obras *Bibliotheca Hispana Vetus* (1696) e *Bibliotheca Hispana Nova* (1672), onde recolle unha rica documentación sobre autores e textos hispanos desde Augusto ata o Século de Ouro.

121

vulgares do rei don Afonso, atopeina na carta do mesmo marqués. Téñanse presentes aquí os números 369 e 562 por evitar a prolixidade de repetir o seu contido. E sobre todo estas palabras do marqués que xa quedan postas no número 368: “No há mucho tiempo qualesquier Decidores ó Trobadores de estas partes, agora fuesen Castellanos, Andaluces, ó de la Estremadura, todas sus obras componian en lengua Gallega ó Portuguesa”.

605

Vivía o marqués no século décimo quinto, así que quere dicir que nos séculos antecedentes, décimo cuarto, décimo terceiro, etc., as máis das coplas que se facían en León, Galicia, Castela e Andalucía se compoñían en lingua galega, aínda que os poetas non fosen naturais de Galicia. Esta práctica xa non estaba en uso en tempo do marqués e polo mesmo os poemas que estaban escritos naquel dialecto estarían arrombados xa e pouco lidos por anticuados. E sendo constante, como se verá despois, que as coplas do rei don Afonso o Sabio estaban compostas en idioma galego, xa non hai tanto que admirar que o marqués de Santillana tivese tan curta noticia delas.

606

Chegamos a non poder menos de propoñer unha verdade evidente, que a algúns parecerá paradoxo e a min noutro tempo pareceu enigma ou labirinto. Aquela é que *el Rei D. Afonso o Sabio compuxo as máis das súas coplas en idioma galego*. Xa pasan de quince anos que por un raro accidente caeu nas miñas mans un códice antigo en folio e en pergamino. O contido de todo este códice redúcese a diferentes versos de metros menores e case todos ó divino, pois conteñen varios milagres e loanzas da nosa Señora e doutros santos. E comeza así:

122

*Don Afonso de Castella,
De Toledo, de Leon
Rey; e ben de Compostella,
Com o Reyno de Aragon,
De Cordoba, de Jahen,
De Sevilla outro sí:
E de Murcia, un gran ben
Lle fez Deus, com' aprehendí.
Do Algarve, que ganou
De Mouros; e nossa Fé
Meteu y; e ar poblou
Badajoz, que Reyno é
Muit' antigu'e que tolleu
A Mouros Nevle, Xerez.
Meger, Medina prendeu,
E Alcalá doutra vez, etc.*

607

Rexistrei este dito códice con algunha curiosidade e lin abondas coplas del. Polos dictados do autor facía evidencia que eran coplas do rei don Afonso, fillo de san Fernando. Por serme natural o idioma galego convenciame de que era linguaxe galega a que se usaba en todo o códice. Emporiso, aínda que destas dúas evidentes premisas se infería ben que dito rei tiña versificado en galego, non me podía reducir a asentir a conclusión; porque coidaba que era un inaudito paradoxo. Así estiven perplexo moitos anos, ata que lendo a carta do marqués de Santillana saín totalmente da miña perplexidade, ratificándome máis nas premisas e asentindo invenciblemente á conclusión.

608

O pensamento en xeral confirmase co que Argote de Molina di desde o folio 272 do seu tomo da *Nobleza de Andalucía* falando do famoso namorado Macías e das súas coplas: “Y si á alguno le pareciere que Macías era Portugués,

123

esté advertido que hasta los tiempos del Rey D. Enrique Tercero, todas las coplas que se hacían comunmente, por la mayor parte eran en aquella lengua”. Argote confunde aquí o dialecto portugués co galego porque son moi semellantes. Macías, como se verá no seu lugar, foi galego e compatriota de Juan Rodriguez del Padron. Compuxo algunhas coplas en castelán e as máis en linguaxe galega, que lle era nativa. Polo cal o dialecto das coplas que del cita Argote non é portugués senón galego (véxase número § 459).

609

E aplicando aquela observación de Argote, xa rectificada, ó noso rei don Afonso o Sabio, verase confirmada co que Zúñiga, xa citado, nos seus *Anales de Sevilla* di na páxina 36. Alí cita o libro de cantares que compuxo don Afonso, “en la Poesía de aquellos tiempos, y en dialecto mas conforme al de Galicia”. O padre Papebroquio tivo presentes os ditos *Anales* de Zúñiga para sacar a *Vida de S. Fernando*, e deles copiou varias coplas do rei e poeta don Afonso, seu fillo, que conteñen varios milagres da nosa Señora co seu pai: *Descripta rhythmo, non Castellano, sed Callaico, sive Gallaeco* —di Papebroquio na páxina 309 (véxase número § 456).

610

Este tomo, pois, de cantares ou este cancionero do rei don Afonso o Sabio, escrito en idioma galego e en metros menores, apéciábao tanto o mesmo rei que dispuxo no seu testamento que se depositase naquela igrexa en que fose enterrado o seu corpo e que nas festas da nosa Señora se fixesen cantar aquelas poesías. No capítulo 76 da súa *Crónica* está inserido o seu testamento, e na páxina 56 estas palabras: “Mandamos que todos los libros de los Cantares de los loores de Santa Maria sean todos en aquella Iglesia donde el nuestro cuerpo fuere enterrado: y que los hagan cantar en las fiestas de Santa Maria”.

124

611

O rei don Afonso foi enterrado na igrexa catedral de Sevilla, e así nesa igrexa se depositou o seu cancionero orixinal. Zúñiga, na páxina 36 xa citada, refire que se dicía que o rei don Filipe II pasara o orixinal dito de Sevilla a El Escorial, pero que el tirara as moitas coplas que cita nos seus *Anales* dunha copia que tiña don Juan Lucas Cortés. Segundo isto, o códice que eu rexistrei é moi distinto do códice orixinal e daquela copia. É un códice, como xa dixen, en folio e en pergameo de bastante antigüidade, que xa hai moitísimo tempo que se garda e se conserva entre os manuscritos da santa igrexa de Toledo.

612

O que gustase ler pasadas de sesenta oitavas de oito sílabas sacadas do devandito cancionero, rexistre os *Anales de Sevilla* de Zúñiga, que é tomo ben trivial, e para mostra poñerei aquí o principio de dous milagres. O primeiro é cando a nosa Señora sandou a raíña dona Beatriz, muller de san Fernando, a cal estaba moi enferma, e comeza así:

Refrán *Quen na Virgen groriosa
Esperanza muy grand' á
Macar seja muit' enfermo,
Ella muy ben o guaria.
Dest' un muy grand miragre
Vos quero decir, que oí,
E pero era minino,
Mémbrame que foi así.
Ca m' estaba eu deante
E todo o ví e oí,
Que fezo Santa Maria,
Que muitos fez, e fará.*

Refrán *Que na Virgen groriosa, etc.
Esto foi en aquel ano,*

125

*Quando o muy bon Rey ganou
Don Fernando a Capela,
E de Christianos poblou,
E sa moller a Reyna
Dona Beatriz mandou
Que fosse morar en Concha,
E quant' el foi acolá.*

Refrán *Quen na Virgen groriosa, etc.*

O segundo milagre é cando levaron o rei don Fernando o Santo, sendo moi neno e case desafiuzado, ó mosteiro de Oña de beneditinos e sandou milagrosamente. Comeza así a segunda oitava:

Refrán *Ben per está aos Reys
D' amaren Santa María,
Ca enas muy grandes coitas
Ella os acorr'e guía.
E por ende un gran miragre
Direi, que avêo quando
Era mozo pequenino
O muy bon Rey Don Fernando,
Que sempre Deus e sa Madre
Amou e foi do seu bando,
Porque conquareu de Mouros
O mais da Andalucía.*

Refrán *Ben per está aos Reyes, etc.
Este menin' en Castella
Con Rey D. Afonso era
Seu avoo, que do Reyno
De Galicia o fezera
Veir, e que o amava
a gran maravilla fera
e ar era y sa madre
A que muy ende prazía.*

Refrán *Ben per está á os Reyes, etc.*

613

Non copiei estas catro oitavas de manuscrito ningún, nin dos *Anales* de Zúñiga, nin do tomo en folio dos Bolandos, mais do tomo en oitavo que en 1684 tirou Papebroquio da vida de san Fernando, pois téño sobre a mesa. Por esta razón non quixen corrixir cousa ningunha. Non só hai no dito cancionero versos de oito sílabas, tamén hai algúns, segundo Zúñiga na páxina 109, de catorce sílabas ou alexandrinos, a imitación dos de Berceo, pero no mesmo dialecto de Galicia. Alí pon cinco cuartetas co seu refrán.

[...]

661

Non se debe mirar como digresión importuna canto ata aquí se leva dito dos escritos en prosa [de Afonso X], sendo o asunto desta carta propoñer memorias para a historia da poesía española. Serían moi vagas e confusas as noticias poéticas se polo menos non as acompañasen as máis precisas novas do idioma vulgar e dos primeiros escritos que nel se computaron ata os finais deste século décimo terceiro.

662

A resolución que don Afonso o Sabio tomou de que se escribise o mesmo idioma vulgar que se falaba abriu un gran campo para moitas cousas e para a promoción de todo xénero de literatura, así en prosa como en verso. O mesmo conseguiu Luís XIV coa máxima de estender a súa lingua francesa. O feito é que con aquelas providencias do noso rei axiña se viron novas utilidades en Europa. O coidado da Astronomía e de atraer a Castela varios sabios do Oriente ocasionou que se nos comunicasen os algarismos 1, 2, 3, 4, etc., para facilitar os cálculos. Chámanse bárbaros estes algarismos porque a súa orixe é do Indostán, de onde, por medio dos árabes, exipcios e mouros, se comunicaron a España, e de aquí a toda Europa.

663

A circunstancia de poderse escribir canto se falaba e ser custoso o pergameo, ocasionou a invención do papel, se é que se inventou en España, ou a necesidade de adaptalo, se é que xa se usaba entre os mahometanos. O papel máis antigo que vin é do ano de 1262 e escrito con idioma vulgar do mesmo ano. É verdade que con tanto escribir en vulgar padeceu decadencia a lingua latina en España, ata que Nebrixa veu a restaurala desde Italia, onde, perdida polo mesmo principio, a restauraran xa os gregos que fuxiran da tiranía dos turcos. Unha semellante decadencia prognostican na Francia algúns receosos, vendo o infinito que se escribe en vulgar.

664

Non puiden aclarar se a resolución de don Afonso para que os instrumentos se escribisen en vulgar era determinando o só vulgar castelán ou deixando que cada provincia os escribise no seu propio dialecto, e en especial aqueles instrumentos particulares que nin eran reais privilexios nin dimanados da Corte. Por un raro accidente veu parar ás miñas mans un caderno de varios instrumentos particulares de doazóns, compras, vendas, trocos, etc., copia dos orixinais que se conservan no arquivo do mosteiro de Sobrado dos cistercienses en Galicia. Hai algúns en latín, pero moitísimos en idioma galego. O que fai ó propósito é que sendo o máis antigo naquel idioma do ano de 1267, desde este ano ata rematar o século a penas hai ano que non sexa data dalgún instrumento escrito en galego puro do século décimo terceiro.

665

Isto manifestamente proba que ou os galegos de contado se acomodaron á resolución do rei don Afonso, ou que xa moito antes dela estaban en posesión de escribir o mesmo galego vulgar que falaban. Este segundo extremo figura moi

verosímil se se ten presente o que se dixo co marqués de Santillana, que antigamente se compoñían as coplas en lingua galega, e o que vimos do rei don Afonso o Sabio, quen, aínda sendo castelán, escribiu sendo mozo en idioma galego o seu celebrado cancionero ou o precioso libro dos cantares e loores da nosa Señora. E baste xa dos escritos deste rei poeta, escritorario, filósofo, matemático, químico, historiador e lexisperito.

[...]

668

É crible que neste século houbera moitos máis poetas vulgares en castelán, lemosín, portugués e galego, pero non podo dar noticia deles porque non rexistrei os arquivos. O mesmo digo doutras infindas obras en prosa daqueles dialectos.

[...]

Martín Sarmiento, *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*. Escrito c. 1745, publicado en Madrid, 1775.

[4]

[CARTA SOBRE A ORIXE E FORMACIÓN
DA LINGUA GALEGA EN RESPOSTA A ESTEBAN
DE TERREROS]

Reverendísimo Padre Maestro:

1. Dono, amigo e moi señor meu: ás dúas preguntas que Vosa Reverencia se serviu facerme na súa carta de 11 de decembro de 1754 non foi posible responder lixeiro, xa pola gran distancia que hai desta vila de Pontevedra a Madrid, xa pola estudiada ausencia que fixen desta vila, fuxindo da molestia de visitar e ser visitado en tempo de pascuas (como escribo na carta familiar xunta), xa porque vivindo aquí sen os meus libros e desexando servir V. R. polo menos con moita verba, non me era doado responder á volta de correo. O caso é que aínda que eu me atopase no centro da miña cela empapelado cos cinco mil libros que a ocupan, non podería servir V. R. senón con parola e co corazón.

2. Isto débese á escuridade da pregunta primeira e no pouco que hai escrito da segunda. Non se pode falar da orixe da lingua galega sen ensarillarse na orixe das outras linguas ou no labirinto non *creditorum*, que é máis enguedellado e inextricable por non se ter atopado ata agora ningunha Ariadna que lles comunicase o fío, ou para saír a salvo ou para formar algunhas fias máis que de congruencia. Teño notado que os que queren indagar a orixe dalgunha lingua fan o que algúns xenealoxistas alugados, que queren apurar ata o ovo de Leda a orixe dalgunha familia coñecidamente nobre. E do

que finalmente uns e outros persuaden os que só procuran a verdade é que deron cuns ovos na cinsa da nada e que todo é unha ficción ben ou mal latricada.

3. Se se pon e se admite por inconcuso que Pedro, *verbi gratia*, descende dun capitano que no século XIII se fixo famoso polas súas fazañas, pero que se ignoran os seus pais, patria, etc., ¿a que será querer subir a nobreza de Pedro e a súa xenealoxía ata dar cun dos que interviñeron na fábrica da Torre de Babel? Se a nobreza de Pedro vén dunha tan boa orixe e conta xa máis de cincocentos anos da antigüidade constante, ¿por que non debe dicir *sufficit* e ten que abandonarse á fatuidade de acreditar o seu alugado xenealoxista, quen para amocarse del lle engade outros cincocentos anos máis de antigüidade finxida e disparatada? A soste eses disparates da fantasía concorren moitas cousas nun e noutro asunto. Deixo as que concorron para as disparatadas xenealoxías interminables que ningún cre —nin se cadra o interesado se ten dous dedos de testa.

4. Para enxalzar a orixe desta ou da outra lingua concorron a esaxerada paixón nacional, como a de Amira pola súa lingua siríaca¹, a de Goropio Becano pola súa teutónica² e a do padre Pezron e outros franceses pola céltica³; e a predilección dalgúns eruditos por esta máis que por outra lingua, coma tal a de Bochart pola fenicia⁴, a do padre Kircher pola cóptica⁵, a de Jobo Ludolpho⁶ pola etiópica e a do padre Mo-

1. "Amira, Jorge Miguel. *Grammatica Syriaca sive Chaldaica*. Roma, 1596", "J. Michael Amira, maronita, siríaco de nación [...] é do parecer que a lingua siríaca é a primitiva".

2. Goropius Becanus (Jan van Gorp), *Origines Antwerpianae* (1569), sostén todas as teses usuais sobre a inspiración divina da lingua primixenia e sobre a relación motivada entre as palabras e as cousas que designan, descubriendo que esta relación se manifesta de maneira exemplar no flamengo.

3. "Pezron, P. Paulo. *Antiquité de la Nation et de la Langue Celtique*. Paris, 1704".

4. "Bochart, Samuel. *Opera omnia*. Leyden, 1712". Véxase tamén nota no texto 5, § 403.

5. Sobre A. Kircher, véxase nota 1 ó texto 1.

6. "Ludolpho (Jobo). *Historia Aetiopica*, dous tomos, un de historia. Frankfort, 1681, e outro de comentarios, *ibidem*, 1691. Selecto e raro". "Jobo

rino pola samaritana⁷. Tamén concorron para o dito o querer algún erudito ostentar a súa moita e varia erudición oriental e exótica, como fixeron Rudbeck⁸ e o padre Thomasino⁹. ¿E que sacamos en limpo con tantos traballos? Nada. Para unha orixe máis ou menos inmediata non se precisaban tantos tomos, e para fixar a súa orixe en Babel, nin eses nin outros tantos tomos acadarán. Sexa esta ou a outra lingua a que falou Noé, é certo que daquela non había máis que unha e que despois da confusión resultaron moitas, pero cantas e cales fosen estas xamais se poderá acertar se Deus non o revelar¹⁰. Así vulgo que é bastante nobreza dunha lingua vulgar se se atopa algunha orixe moi antiga dalgunha lingua morta, pero coñecida polos libros.

5. En virtude disto digo que —sen atender á paixón nacional, sen poder ostentar erudición, que non teño, e sen predilección por esta ou por outra lingua antiquísima para venerala como orixe da lingua galega— toda a lingua galega

Ludolfo tomou por asunto estudar a lingua etiópica, así a antiga, que é sagrada, coma a vulgar, que hoxe falan os abisinos. É o príncipe neste xénero de linguas, e no que atinxe á erudición e historia daqueles países".

7. "Morino, Juan. Padre do Oratorio. Imprimiu en París un tomo en cuarto, ano de 1631, o seu título: *Exercitationes Ecclsiasticae in utrumque Samaritanorum Pentateuchum*".

8. Olaf Rudbeck, na súa *Atlantica sive Manheim vera Japheti posterorum sedes ac patria* (3 vols., Upsala, 1675-1698) pretende demostrar que Suecia, identificada coa mítica Atlántica, fora a sede de Xafet (fillo de Noé, presunto ascendente común dos europeos) e da súa descendencia, e que daquel tronco racial e lingüístico naceran todas as linguas góticas.

9. "Thomasino, P. Luis. *Glossarium universale Hebraicum*. Paris, 1697". "O P. Thomasino tirou un tomo en folio de impresión magnífica en París, no cal reduce todas as linguas á hebrea, coma a nai de todas elas".

10. Nos tempos de Sarmiento, antes de que se aparecese a hipótese indoeuropeísta (que se formulará a comezos do século XIX), era comunmente admitido como verídico o relato bíblico da Torre de Babel como explicación da proliferación das linguas da humanidade, e tendíase a acreditar que todas estas procedían dunha mesma orixinal, conferida directamente por Deus. A maioría dos eruditos identificaban esta lingua co hebreo, pero, como sinala o propio Sarmiento no parágrafo anterior, a este saíronlle moitos competidores. Por parte, os estudiosos de cada lingua rivalizaban por emparentar esta co hebreo, ou, no seu caso, coa lingua que competía con este pola primoxenitura.

vulgar e a que consta dos manuscritos antigos, non é lingua *per se*, pero unha varia inflexión das voces latinas, e que é erro coidala dialecto da lingua castelá, nin antiga nin moderna. Así, a galega, portuguesa, castelá, catalana, provenzal, italiana, siciliana e francesa, non son linguas *per se*, mais dialectos da lingua latina ou romana. Isto non quita que cada unha das ditas teña os seus subdialectos por razón da pronuncia e varias inflexións, e que ademais disto teñan mesturadas diferentes voces estrañas de linguas coñecidas. Os corpulentos vocabularios que andan das linguas francesa, italiana, castelá e portuguesa son bos e útiles, pero máis para a extensión e erudición do que para enxergar por eles as voces primitivas da lingua e poder por eles rastrexar algo da primitiva orixe. Se ós dez tomos do padre Bluteau se lle apartan as voces de xeografía, as eclesiásticas, as de relacións das Indias Orientais e Occidentais, as modernas de artes e ciencias, etc., e todas as demais que nada teñen de portuguesas senón a última inflexión, quedará ese gran vocabulario erudito espenuxado coma unha choia. Neste caso comprenderá poucas máis voces ca o vocabulario do padre Pereyra¹¹.

6. Eu teño repasado algo do padre Bluteau e teño notado que non trae máis número de palabras radicais portuguesas que o que se poderá contar na lingua galega que se fala. Así, con paciencia, papel, vagar e diñeiro, hoxe en día poderá comezarse a formar un vocabulario galego que avulte dez tomos en folio, vestíndoo de voces estrañas que só se achan nos libros. Nin é resposta dicir que tal autor portugués usou de tal ou tal voz, en canto non se probe que a multitude a usa ó falar e que xeralmente é entendida de todos. Así teño dito algunhas veces que eses doutos vocabularios o son da lingua que se escribe, non da que se fala. E é evidente que

11. O padre Bento Pereyra é autor dun *Vocabulario Latín-Portugués e Portugués-Latín, con Adaxios*, Lisboa, 1674. Tamén escribiu unha gramática titulada *Ars grammaticae pro lingua Lusitana*, Lyon, 1672; obras moi apreciadas e citadas reiteradamente por Sarmiento (damos as edicións referenciadas no catálogo da biblioteca deste).

para pescudar a orixe dunha lingua debe tentarse nas voces que se falon e que se falan e non nas forasteiras que se escriben. A isto se debe atribuír o que a multitude non entenda a linguaxe douta dos libros, nin os doutos entendan moitas veces diferentes voces cando escoitan falar a multitude. Eu teño especial gusto cando sinto falar un iletrado castelán e usa dalgunhas voces que non entendo, pois daquela procuro informarme do significado e rara vez deixa de ofrecérseme a súa verdadeira orixe, e polo común na lingua latina. É verdade que como a lingua castelá está tan inzada de voces forasteiras que xa usa o vulgo, e en especial o das partes orientais e meridionais de España, cómpre precaución para asentir á primeira orixe que se ofrece. Para evadirme deste embarazo, reflexiono antes na antigüidade da voz e se a teño lido antes en instrumentos antigos e non a entendín; entón informado do propio significado, entendo o que fala e fago conta do que lin. Podería poñer moitos exemplos ó caso se tomase iso por asunto.

7. A lingua galega, xa a que hoxe se fala, xa a que antigamente se escribía, está exenta daquelas pexas. Non sei de certo cando se comezou a escribir; sei si que durou o escribirla ata os tempos de Carlos Quinto nos instrumentos públicos. Poderán cargarse moitos carros dos instrumentos escritos en galego, xa en papel, xa en pergameo. Daquela acá só se fala, excepto tal cal carta ou tal cal copla. Eu lin algúns dos ditos instrumentos e cotexado aquel idioma co que hoxe se fala, notei que é insensible a diferenza. Isto non sucede na lingua castelá, e é a razón porque se continúa en escribirla e cada día máis e máis vai inzando de voces estrañas e vanse arrombando as antigas. Pola contra, como xa a lingua galega non se escribe, e a que antes se escribía non tiña voces estrañas, é continuación daquela a que hoxe se fala e por conseguinte se conservará máis pura e máis conforme á súa nai a lingua latina. Disto deduzo que as linguas que se falan e se escriben non conservan tan ben as súas primitivas raíces coma as linguas que só se falan, e sendo puras raíces latinas as primiti-

vas da lingua galega, non debe estrañar que os galegos falen un idioma que semella latín; polo mesmo teño por tempo perdido o que se gastase en querer sinalar á lingua galega orixe máis antiga e máis nobre ca o da latina.

8. É innegable que antes de que esta se apoderase de Galicia non eran mudos os galegos e que falarían distintísima lingua. Tan lonxe diso, estou convencido de que acaso en Galicia se falarían moitas linguas distintas, fundándome en que rara vez hai unidade de lingua que non haxa unidade de dominio, e mesmo hoxe vemos que a unidade de dominio se compón coa variedade de linguas privativas, aínda que en segundo lugar sexa universal a lingua da Corte. Antes de que os romanos se apoderasen de Galicia non se gobernaba o país por ningún monarca ou rei. Estaba repartido entre diferentes pobos o dominio e cada pobo ou unión de pobos gobernábase por si, e non está averiguado aínda se en Galicia se usaba daquela a escritura. ¿Non será tempo perdido, en virtude disto, querer reducir a orixe da lingua galega a algunha das linguas que daquela se falaban? Dou de caso que Deus me revelase cen voces que entón eran vulgares en Galicia. Dou que, non a min senón a algún Kircher ou algún Ludolfo, se revelasen esas voces. ¿Que tirarían diso se eran voces de lingua ou linguas perdidas? A todos están patentes nos libros as palabras efesias, e aínda son efesias para os que quixeren apurar a súa orixe.

9. Quixo Jobo Ludolfo indagar a orixe dos primeiros moirantes que hoxe chaman ciganos. Xuntou para este fin unha gran porción das voces que usaban, e sendo así que sabía vinte linguas, confesa que en ningunha delas puido atopar a orixe dalgunha. Isto debe frear os que sen aqueles requisitos querren, pola semellanza de dúas ou tres voces con outras, inferir que tal lingua perdida se derivaba doutra tal, ou que tal lingua viva se orixinou de tal ou tal lingua perdida. É certo, a linguaxe sucédese unha a outra co tempo, conforme no país se suceden os habitantes distintos. Non houbo nación cara ó oriente, norte e mediodía que non viñera a España, e sendo as máis de diferentes idiomas, é increíble que houbese unha soa

lingua en toda a nosa península. As moedas que xuntou, incógnitas, Lastanosa comprobaban o dito¹². O non atoparse ata agora moneda ningunha daquelas clases nestas partes occidentais de España comproba que os destes países falaban lingua ou linguas diferentes das do país oriental e meridional, e que acaso aínda non tiñan caracteres nin propios nin alleos. ¿Non é cousa singular que achándose cada día máis e máis moedas, a centos, nas ditas partes orientais con caracteres descoñecidos, non se descubriera ata agora unha en Galicia?

10. ¿E que diremos do famoso texto de Estrabón que fala dos turdetanos?¹³ Alí engade que os demais españois tiñan escritura, pero distinta e con distinta lingua. De aquí inferirá algún que tamén en Galicia se usaba a escritura. Eu non me opoño a que se usase, pero non polo que di Estrabón, pois é a súa exposición moi vaga. O que digo é que ata agora non vin caracteres ningúns desenterrados en Galicia nin en inscricións nin en moedas, nin das clases de Lastanosa nin doutro xénero diferente que sexan anteriores ou coetáneas á conquista dos romanos. Así, en canto non sucedan en Galicia outros descubrimentos coma o de Herculano ou se desenterraren algúns antiquísimos monumentos, ningún poderá falar da lingua ou linguas que falaban os galegos, nin dos seus caracteres se os usaban ou non. Digo isto canto a falar ou escribir con fundamento sólido. Para parrafear nunha conversa divertida e amarear congruencias abonda a lectura de Mela, Estrabón, Plinio, Ptolomeo, etc.

11. Deixando á parte os primeiros poboadores de Galicia que sen dúbida viñeron mediata ou inmediatamente do oriente, e deixando fenicios e cartaxineses, que sen dúbida aporta-

12. Juan Vicente Lastanosa (1607-1684) foi un coñecido numismático, descubridor e coleccionista de moedas antigas da península Ibérica. Sarmiento anota no catálogo da súa biblioteca a obra deste autor *Museo de las medallas desconocidas españolas* (1645).

13. Estrabón (29 a.d.C.-17 d.C.), xeógrafo grego, trata na súa *Xeografía* dos pobos da península ibérica, sinalando o avanzada que se atopaba a romanización dos turdetanos da Bética, na actual Andalucía.

ron a estes mares, restan dúas famosas nacións que viñeron a Galicia e aveciñaron nela. Falo dos gregos e dos celtas. Dos gregos non quedaron monumentos inconcusos, excepto tal ou cal voz e algún nome de monte, río ou lugar. Estrabón fala da poboación *Hellenes* (isto é, *populi graeci*) e Plinio di que os deste país marítimo eran orixinarios dos gregos. Así, os xeógrafos modernos concordan en que é a vila de Pontevedra o *Hellenes* de Estrabón. Dos celtas hai máis noticias. Sabido é que os celtas entraron por Cataluña e Aragón, que pasaron por Andalucía ata Portugal, e que desde alí, camiñando sempre ó norte, entraron por Galicia e chegaron ata as Mariñas de Betanzos, e que alí fixaron o seu asentamento e nas vecindades de Fisterra. E como esta peregrinación se fixo por terra e pola beiramar, é innegable que os celtas pasaron por este país de Pontevedra, e como estaba moi poboado, xa de naturais, xa de gregos, non atopando cabida, pasaron ó país dito, que hoxe chaman Bergantiños, e alí como menos poboado fixeron o seu asentamento. En tempo de Plinio aínda moraban alí os celtas ou célticos e contradistintos dos naturais, pois expresamente os contradistingue Plinio tratando dos pobos daquel terreo, e aínda os contradistingue dos romanos, que xa o habitaban tamén.

12. Disto quedou memoria nos nomes das poboacións do dito país. Nel atópase o arceprelado de *Céltegos* e outros nomes idénticos ós dos poboamentos dos antigos celtas en Francia. Aínda o nome de *Bergantiños* está amosando os brigantinos que o ocuparon. Do dito infírese que houbo tempo en que habitaban simultaneamente en Galicia diferentes nacións e por conseguinte que alí se falaban distintas linguas e que se usaban de caracteres serían os antiquísimos gregos e os célticos, estes cara ó norte e aqueles cara ó mediodía. Tal vez sobre iso se fundaría en adiante a división de Galicia que Ptolomeo pon en Bracarense e Lucense. Pero como os romanos usufructuaron tanto o país de Galicia, e pacificamente por tantos anos, sucedeu o que noutras partes: os romanos, como dominantes e políticos, foron insensiblemente acaban-

do coas nacións que non eran romanas e desterrando as linguas que non eran conforme a latina. Isto en proporción fixeron os españois en México e en Perú, e co tempo non faltará quen alí queira orixinar a lingua castelá dalgunha lingua americana perdida porque dela se atoparán dúas dúcias de voces na castelá.

13. Pola contra, os suevos e godos que dominaron Galicia, como eran bárbaros, non pensaron introducir a súa lingua e suprimir a romana, antes ben, acomodáronse a falala e a escribirla. O mesmo sucedeu en Castela. E isto explica que ata agora non se teña achado texto ningún en lingua sueva, wandálica, alana, gótica, selinga, etc. Estas nacións contentáronse con só alterar algo os caracteres latinos e estragar algo a lingua romana, introducindo nela diferentes voces bárbaras sen sistema ningún. A este principio débese atribuír o latín da Media Idade en Galicia, Castela, etc., e os idiomas vulgares que son dialectos da latina. A diferenza está en que uns están máis inzados ca outros daqueles remendos e corrupcións. E son de sentir que o idioma galego é dos menos cargados. Isto fúndase en que os godos dividiron as terras en tres partes, eles tomaron dúas, e de terra cha e boa, e a outra déronllela ós romanos, os cales se fixaron en Galicia, onde aínda no século IX vivían como contradistintos dos suevos e godos, como consta de instrumento coetáneo que lin, vide Arquivo de Samos¹⁴.

14. Outra singularidade ten a lingua galega, e é que non ten voz ningunha mourisca, pois aínda que os mouros fixeron as súas irrupcións en Galicia, xamais fixeron pé fixo nela, nin nela

14. Para entender o que se di no texto hai que ter en conta o que Sarmiento anotara no seu escrito sobre a orixe do nome e a casa de San Xulián de Samos: "Da escritura 127 que lin no Becerro de Samos, só apuntei o texto seguinte: 'Et faciant ibi [en Samos] servitium ingenite sicut et alii ceteri Populi Romanorum, et non eligant alios dominos et Patronos super se'. Quixera ter copia de toda a escritura para entender mellor a expresión *populi romanorum*. A data é do ano 950, e será cousa singular que aínda nese ano houbera alí visible sucesión dos romanos, a imitación da sucesión dos monxes suevos" (§170; véxase A. López Peláez, *El monasterio de Samos*, Lugo, 1894, na p. 209).

houbo nunca príncipe ou régulo ningún mahometano. Non goza a lingua castelá deste privilexio, aínda que o castelán moi antigo estaba tan limpo coma o idioma galego, pero despois das conquistas se encheu de voces mouriscas ou arábicas.

15. Vexa Vosa Reverencia aquí os materiais que se me ofrecen á pena para formar algunha idea do idioma galego, tan descoñecido de todos e tan desprezado aínda dos mesmos paisanos. Algúns paragrafiños máis puidera escribir se tivese lecer e en especial se quixese entrar en materia, reflexionando sobre a analoxía, frases, pronuncia e orixe inmedia da súa matriz latina.

16. Por acá entretéñome en apañar voces galegas e en especial as que significan obxectos da historia natural, sobre todo as que significan vexetais. Son do sentir que antes de inquirir a orixe dalgunha lingua viva, débese formar un catálogo de todas as voces vulgares da historia natural en toda a súa latitude. Estas polo común son as máis antigas e as que duran máis, excepto as voces de xeografía; tamén destas recollo algunhas, por se acaso da combinación dunhas coas outras tiro algo.

17. Así, o meu dictame é: que o idioma galego é o latín deturpado, aínda que con constante analoxía; que canto a xeografía antiga ten ou terá algunhas voces gregas, célticas e primitivas, pero que non saberei dexergar; que despois se lle engadiron algunhas voces suevas e góticas no que toca á mariña e a milicia; que en tempo da conquista de Portugal e do goberno do conde don Raimundo se introduciron algunhas voces francesas vulgares; e que, finalmente, se lle apegaron tales cales voces modernas castelás, non no idioma dos aldeáns, mais no dos cidadáns e en especial dos que habitan en portos de mar. Finalmente, digo que de cinco partes de voces galegas, catro son case voces latinas que significan o mesmo. Pero que para descubrir a analoxía é preciso unha lectura grande de todas as voces latinas puras e da Media Idade antiga.

18. Case todas as voces de agricultura se atopan en Cazón, Varrón, Columela, Plinio, Paladio, etc., aínda que para as

voces góticas serven de abondo os libros das linguas setentrionais. Non porque haxa dicionario gótico nin tampouco suevo das linguas que no século V faláron esas nacións. Non hai máis texto gótico impreso que os Evanxeos do que chaman *Códice Argenteo*; imprimiunos Junio coa versión anglosaxónica coa que se atoparán¹⁵. Das súas voces formou o dito Junio un glosario, pero lin que o idioma dos ditos Evanxeos non é propiamente gótico. Así, a verdadeira lingua gótica é hoxe das perdidas. Endebén, como moitas das linguas do norte están acuguladas de voces góticas, serven os seus dicionarios para dar moita luz. E se fose certo que a lingua islandesa (non irlandesa) é case a gótica antiga, sería doado o recurso a ela para indagar algunhas voces góticas xa galegas, xa castelás. Eu non creo tanto.

19. O texto máis antigo da lingua antiga do norte, e que se acha impreso, son os dous tomos de pezas eclesiásticas en lingua teotisca ou teutónica do século IX, que imprimiu en folio Schilter. Entre esas pezas está a *Regra de san Bieito*. Destes dous tomos tirou o mesmo Schilter un glosario¹⁶. Estes e outros materiais semellantes deben consultarse para discernir con fundamento no noso asunto. E para non confundir a antigüidade das voces cómpre ter presente que se poderá achar algunha voz grega, céltica, gótica, etc. sen que por iso sexa antiga na lingua galega. O idioma francés abunda en voces célticas, gregas, góticas, etc. así, se algunhas desas, xa á francesa, se comunicaron no século XII, non se deben ter por antigas de non haber noticia delas en instrumentos anteriores. Esta precaución crítica é moi necesaria tamén para non engrandecer a antigüidade dalgunhas voces castelás co

15. "Junio, Francisco. *Evangelios, gothico-anglosaxon*, con caracteres propios. É o famoso *Códice Argenteo*, que deu a lume F. Junio, cun tomo de *Glossario Gothico*. Amsterdam, 1684".

16. "Schiltero, Juan. *Thesaurus antiquitatum Teutonicarum*, con notas de J. Scherzio e de J. Frickio. Son tres tomos. Os dous teñen *latino-teutónicas* as antiquísimas obras teotiscas [...] e o tomo III é un *Glossario* do teotisco. Obra selecta. Ulma, 1726 e 1728".

pretexto de que son hebreas, caldeas, fenicias, etc. A lingua árabe concorda nas máis das súas raíces coas ditas linguas. Logo, se dalgunhas das ditas voces non hai noticia en España antes dos mouros, debe supoñerse que por eles se introduciron no castelán.

20. O mesmo se debe entender das moitas voces gregas que se atopan no castelán e no galego, as cales se introduciron mediante o latín, que tanto abunda delas, e en especial en materia de historia natural e da liturxia. En virtude do dito, débese asentar por termo da curiosidade do galego que quixese atopar a orixe das voces galegas, o que a unha voz, v. g., se lle sinala orixe latina e a outra gótica nalgunha das linguas do norte. Logrado isto débese dicir *sufficit*, e dar por citados a Vossio, Martini, Thomasino, etc., para continuar a xenealoxía da voz latina e os autores enriba citados para continuar a da voz gótica. Sobre estes polos debe moverse a curiosidade do galego que quixese formar un dicionario da súa lingua e ostentar a súa antigüidade e nobreza sen paixón nacional e sen imitar os escritores xenealoxistas, que todos o queren levar á Arca de Noé.

21. Pero, ¿quen quere dedicarse a ese traballo? Ningún que non sexa galego xamais pensará en tal cousa, que xulgaría inútil e esgrevia. Os galegos que saen fóra do Reino están na posesión de facer especial estudio de esquecer a súa lingua, e os que sempre viven e viviron nel xamais pensaron niso. De aí vén o que ata agora non vin unha folla sequer na que se trata do idioma galego, nin menos un pequeno dicionariño das súas voces. A penas hai lingua viva no mundo da cal non poida citar desde aquí algún dicionario grande ou pequeno, aínda entrando nas linguas máis bárbaras; só a lingua galega carece dese vocabulario. Non me opoño a que quizais haxa algún manuscrito en poder dalgun curioso. Digo que xamais o vin, nin manuscrito nin impreso.

22. Se eu tivese vinte anos menos e vivise en Galicia dez ou doce anos, tomaría gustoso o traballo de ler algúns manuscritos antigos e de recoller moitas voces e frases do

idioma de hoxe. Non digo con isto que eu sería quen de facer o dicionario galego, mais que axudaría algo ós que tomasen ese asunto ó seu cargo, para o cal xulgo indispensable o concurso e traballo de moitos. Pero sendo a miña residencia en Madrid e non tendo estado en Galicia senón de paso tres veces soas, que xuntas non chegaron a dezaioito meses, claro está que xa non podo concorrer senón cos bos desexos. Estes miran a tres cousas: 1ª. Que se lean os instrumentos latinos que hai en Galicia e que deles se tiren á parte todas as voces latinas da Media Idade que nalgún modo son singulares. 2ª. Que se lean todos ou moitos instrumentos galegos que se achan nos arquivos e anteriores ó ano 1500 e que deles se tiren as voces e frases galegas en cadernos á parte, observando exactamente a ortografía. 3ª. Que unha ducia de galegos curiosos e eruditos, espallados e de asento en doce distintas e distantes partes de Galicia, recollen todas as voces galegas que hoxe se falan, en especial nas aldeas. Falo dunha ducia e aínda me parece curto número, pois como o galego vulgar non se escribe, cada xurisdicción e bisbarra parece que fala idioma distinto. Son testemuña disto, pois, aínda que de camiño, estiven en todos os bispados de Galicia.

23. E reflexionei que diso procede o que o idioma galego na súa amplitude abunde de moitísimas voces radicais e de poucas forasteiras, porque como non se escribe, non teñen os galegos idioma escrito ó cal afecten conformarse todos adoptando voces estrañas. E así conserva cada país todas as radicais que herdou dos seus maiores. Sempre exceptúo os galegos que habitan lugares moi populosos ou de comercio. Estes nin falan puro galego nin puro castelán, senón un terceiro idioma chapurreado.

24. Dirá algún: ¿e de que servirán os tres dicionarios que propoño? Algúns pregos puidera escribir en resposta a esta pregunta. Abonde saber que son do dictame que máis utilidade se podería tirar destes libros que doutros que cada día saen nas gacetas.

25. O glosario da voces latinas que se achán nos instrumentos latinos de Galicia sería unha clave para entender por comparanza o latín da Media Idade que se acha nos instrumentos latinos de Castela. En Galicia consérvanse aínda moitos instrumentos góticos latinos e como as súas voces por máis antigas distan menos do orixinal e dista menos a súa ortografía, é máis perceptible a significación das voces que daqueles se orixinaron no adiante. Con este glosario avultaríase o de Mr. Du Cange e entenderíanse mellor algunhas das súas voces¹⁷. Polo mesmo se aumentou tanto o dito glosario co de Mr. Spelman¹⁸, que recolleu as voces exóticas que se achán nos instrumentos latinos de Inglaterra. Sei que á volta das voces latino-bárbaras que se atopan nos instrumentos latinos de Galicia se encontrarán moitas voces de antiga e pura latinidade e aínda coa ortografía antiquisima.

26. O segundo glosario das voces vulgares galegas que se achán nos instrumentos escritos en galego e anteriores ó ano de 1500 poderá servir moito para entender instrumentos, e os que en Castela se achán escritos en vulgar antes do mesmo ano. A razón é clara, pois segundo o idioma castelán e o galego son máis antigos, tanto menos son diferentes entre si. E teño observado que o idioma francés antigo entra na mesma semellanza. A *Historia* de Villehardouin é dun francés que se imprimiu con versión en francés de hoxe¹⁹, e o galego entenderá mellor o orixinal cá versión. Isto explícase porque os que hoxe falan idioma vulgar orixinado do latín son descendentes daquelas nacións que asolagaron o imperio romano, as cales foron alterando o latín insensiblemente. Polo cal os dialectos que resultaron son máis semellantes entre si canto máis se achegan ás primeiras alteracións. Desta verdade poderíanse alegar exemplos palmares se iso fose o meu presente asunto.

17. Charles du Fresne du Cange (1610-88), historiador, xeógrafo, numismático, filólogo, paleólogo, epigrafista e arqueólogo, foi o maior erudito francés do século XVII. A súa obra máis importante, precursora en varios sentidos da filoloxía románica, é o monumental *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis* (3 vols., 1678), referencia aínda hoxe para o léxico latino dos textos tardíos e medievais, obra continuamente reimpressa con acrecentos doutros estudiosos. Sarmiento posuía unha edición de 1733 e 1736, en seis volumes, segundo o catálogo da súa biblioteca, onde rexistra: "Du Cange, Mr. *Glossarium Mediae et Infimae Latinitatis*. (Acrecentado polos Benedictinos de Paris.) 6 vols. Paris, 1733 e 1736. Tamén posuía o "*Glossarium Mediae et Infimae Graecitatis* (con suplemento). León, 1688".

18. "Spelman, Henrique. *Glossarium arhaologicum*, Edition III, Londres, 1687".

27. O terceiro glosario ou, falando mellor, o vocabulario das voces galegas que hoxe se usan, tería as utilidades que teñen outros vocabularios de linguas vivas. Non sería a menor conservar por escrito a lingua que só se fala e, polo mesmo, que xa non se escribe. Se desde que hai monarquía española se tivese feito semellante traballo *respectively* e se repetise de douscentos en douscentos anos, non viviríamos hoxe en tantas tebras nin nos veríamos anegados dalgúnhas opinións fantásticas. Este vocabulario sería útil para os infidos que sen seren galegos veñen a Galicia a administrar rendas públicas, xustiza, sacramentos, etc. Algúns destes adoitan afeccionarse á lingua, ou porque lles gusta ou porque a xulgan necesaria para trataren cos rústicos do país sen precisar de intérpretes. Sería útil para os mesmos galegos rústicos ou non rústicos, pois sendo certo, como dixer, que moitas voces e frases galegas que se usan, v. g., cara ó cabo de Ortegá non se entenden cara ó cabo de Fisterra, nin ó contrario, só por medio dese vocabulario poderán entenderse. O mesmo respectivamente na terra da Limia, de Valdeorras, montañas de Lugo, Tui, Ourense, Santiago, Betanzos, etc. Sería útil para casteláns e galegos eruditos, que necesitan manexar instrumentos galegos e casteláns manuscritos para a xenuína intelixencia deles. Os casteláns, porque no vocabulario vulgar atoparían moitas voces que xa se perderon no seu idioma, e

19. "Villehardouin, Godfredo de. *Historia de Constantinopla*, en francés antigo e moderno, continuada ata 1240, e con notas de Du Cange. Paris, Imprenta Real, ano 1657. É tomo moi raro".

os galegos porque sendo case unha a lingua galega que se fala coa que se escribía, todo se lles faría doado.

28. E se fose tan útil este vocabulario vulgar, ¿que sería se o acompañasen os dous glosarios propostos, o da latinidade galega e o do idioma galego que se escribía? Se os portugueses non afectasen ser aborixes en todo, ningún máis nin mellor ca eles podería utilizar das tres obras ditas. Os portugueses non poden citar tantos instrumentos góticos coma os galegos. Sábese que a famosa conquista de Portugal foi desde Galicia cara ó mediodía e en tempo que xa Galicia estaba co seu idioma vulgar. Así, a lingua portuguesa pura non é outra cousa que a extensión da galega, e que despois se acugulou de voces forasteiras, mouriscas, africanas, orientais, brasileiras, etc., como se pode ver en Bluteau. E se a esta orixe do puro portugués atendera Duarte Nunes, non nos diría que tales e tales voces eran antiquísimas e peculiares de Portugal. As voces *saudades*, *mágoa* e *mixiriqueiro*, que coído pon por exemplo, son latinas e sempre foron galegas²⁰.

29. Pero para que Vosa Reverencia apalpe ata onde chega aquela satisfacción, porei un curioso exemplo na botánica. Nas partes marítimas de Lisboa nace un pequeno arbusto que dá unha froitiña de cor de perla, á que chaman alí *camariña*. Trata dela Amato Lusitano, e para engrandecer o seu país botou a fanfurriña por escrito, dicindo que en toda Europa non se achaba semellante arbusto senón unicamente nas veciñanzas de Lisboa²¹. Pasou por aquel país o célebre botánico Clusio, viu o dito arbusto e dixo que era a *Erica Baccifera Lusitana*, aludindo a que parecía breixo e que producía aquelas fermosas froitiñas²². Ó mesmo arbusto chamou des-

20. Precisamente sobre a voz *mixiriqueiro*, e a propósito do que dela di Duarte Nunes, redactou Sarmiento o escrito *Origen de la voz gallega 'mixiriqueyro'* (1760) extractado no número 6 da presente escolma.

21. Amato Lusitano é "Juan Rodriguez de Castello-Branco, *Dioscórides* coas *Enarrationes* de Amato Lusitano, e con *Annotationes* de Roberto Constantino. León, 1558".

22. Clusio é "Lécluse, Charles de. *Opera*. Dous tomos e moi raros, Antuerpiae, 1601".

pois Tournefort *Empetrum Lusitanum*²³. Engade Clusio que o dito arbusto nace xunto a un lugar que chaman *Aldea Gallega*. Polo mes de outubro do ano pasado de 1754 tiven o gusto de acompañar un irmán meu, quen, por ser ministro de Mariña, saía á revista dos portos e dos matriculados. Chegado á vila e porto que chaman Caramiñal e tendo preguntado a orixe desta voz, dixéronme que se chamaba así pola abundancia que houbera alí do vexetal *caramiña*, e que se acabara pola larpeirada dos rapaces, que limparan as súas gorentosas froitiñas e as plantas; pero que había ese vexetal moi preto e á beira do mar. Fixen que trouxesen un, vino e téñoo, e de feito é o mesmo de Amato e de Clusio.

30. Con esta ocasión informeime que ese vexetal *caramiña* era moi común nas costas de Galicia, desde Baiona ata Fisterra, e en especial en Escarabote, Agoeiros, illas de Baiona, illas de Ons (que teño á vista), nas abas do monte Pindo, etc., e que en Baiona chaman *camariñas*, non trastornando *caramiñas*, como din no dito porto Caramiñal. ¿Que diría a esto Amato Lusitano? Pasado o cabo de Fisterra cara ó norte está o lugar e porto de Camariñas, polo cal, e por chamarse en Baiona *camariña* o arbusto, estou en que ese é o verdadeiro nome galego. E sendo certo que se chama *Aldea Gallega* o sitio de Lisboa onde se acha, e que chaman tamén *camariñeira* o arbusto e *camariña* a froita, é conseguinte que ese nome llo deron alí os galegos e que, aínda que naceu alí o vexetal, non naceu alí o seu nome. Clusio xamais estivo en Galicia e estivo moito tempo herborizando en Portugal. Por iso cometeu o erro de engadir o adxectivo *lusitano* a moitas plantas, xulgando privativas de Portugal as que son comúns en Galicia, e se cadra noutras partes onde non estivo.

23. Joseph Pitton Tournefort é un importante botanista francés, autor dunha obra de referencia, *Institutiones Rei Herbariae*, Lyon, 1719, que influíu moito nesa mesma faceta de Sarmiento. Esta e outras monografías de Tournefort figuraban na biblioteca do noso autor, quen xustamente titulou un dos seus escritos botánicos *Onomástico latín-gallego de los vegetables que vió el Padre Sarmiento. Sistema de Monsieur Tournefort* (c. 1755).

31. Sendo *Erica* o nome xenérico da *camariña*, e por nacer sobre as costas da beiramar, dá motivo para crer que a voz *camariña* galega é recortada da voz *erica-marina*, *eri-camari-na*, *camarina*, e á galega *camariña*, e por transposición *carami-ña*. Destas voces latinas recortadas é visible exemplo a voz *tartego* ou *tartago*, por ‘purgante’, da voz *cathartico* ou *catartico*, que “purgativo”: *catartico*, *ca-tartico* e *tartego* ou *tartago* recortado. Detívenme nisto porque me veu á pena e para que Vosa Reverencia saiba que aínda que de paso, fago tal cal reflexión sobre a lingua galega que mamei. Querendo Deus ensinarei a Vosa Reverencia a *camariña*, amosareillas en Clusio ou noutros autores que o copiaron e imos rir ás gargalladas das fanfurríñas de Amato e doutros semellantes.

32. As tres obras dos tres glosarios que desexara ver para a lingua galega, desexeinas ver tamén para a lingua castelá. Falta un glosario da media latinidade, outro do castelán antigo vulgar e escrito anterior a don Xohán II, e outro vocabulario das voces vulgares que non se achán nos libros e son usuais nesta ou na outra provincia. Esas voces deben andar á parte do gran diccionario ou todas debaixo dunha serie alfabética ou disposta segundo os territorios onde son usuais. En especial, non debe quedar voz de obxecto ningún da historia natural que non se recolla, v. g.: de elementos, animais, aves, peixes, cunchas, testáceos, insectos, árbores, arbustos, herbas, etc. Non importa que disto resulte que un obxecto teña vinte nomes diferentes. Iso é outro tanto ouro para a intelixencia fundamental da lingua e para demostrar a súa abundancia. E aínda que se sinale o número de duascenas, tampouco o estrañaría o que leu en Eduardo Pocock os centenares de nomes diferentes con que os árabes significan un mesmo obxecto, v. g.: a espada, león, mel, serpe, etc.²⁴

33. Sempre botei de menos nos libros casteláns os nomes dos obxectos naturais e en especial dos vexetais que

24. Véxase a nota 10 do texto 3, sobre Albupharaj, historiador árabe traducido ó latín por este Pocock.

nacen en España, non porque eu crea que faltan voces vulgares para significalos, mais porque se pon pouco coidado en recollelos e en imprimilos; e paréceme iniquidade o excluílos da lingua común castelá porque son voces singulares de provincias e porque non se achán nos libros. Velaquí un círculo vicioso: non se achán nos libros porque os escritores non as sabían nin as atoparon recollidas en ningún diccionario, e porque non se achán nos libros non se pensa en recollelas para que despois se atopén nos libros ou dictionarios. E se a escusa fose xusta non había de introducirse voz que xa non se achase en libro castelán, e isto sería minguar a abundancia da lingua. En breve, quixera diccionario non só do castelán que se escribe, mais tamén do que se fala. Pero, canto ás voces dos obxectos da historia natural e principalmente dos vexetais, deben introducirse no diccionario común castelán todas as que nesta ou na outra provincia se atoparen que signifiquen obxecto que ou non nace en Castela nin ten nome, ou non ten en castelán nome se é que nace. Supoño que isto debe entenderse das provincias que usan idioma derivado do latino.

34. Teño entendido que xa se pensa nese útil traballo, pero mentres non vexa eu que saen a peregrinar polas ditas provincias moitos dos que deben concorrer a ese labor, non viverei contento. Varrón, Festo, Nonio son precisos para as voces da antiga latinidade que nos conservaron²⁵. Gellio pola crítica que fai delas, Pollux polas voces da lingua grega que se falaba e que por clases recolleu no seu *Onomástico*²⁶, Hesychio porque no seu *Lexicon* grego deixou noticia de moitas voces gregas singulares que se falaban nas provincias que fala-

25. “Catón, Varrón, Columella, *De Re Rustica*, edición de Pedro Victorio. Leon, 1541”; “Festo, Sexto Pompeio, *De verborum significatione*, con [notas de] Antonio Agustín, Fulvio Ursino e Joseph Scaligero. Heilderberg, 1583”, “Nonio Marcelo. *Opera Omnia*. Edición e con notas de Josías Mercero. Sedan, 1614”. Para os tres autores tamén usa a edición de *Auctores Latinae linguae in unum redacti corpus*, edición e notas de Dionysio Gothofredo. Leon, 1602.

26. “Pollux, Julio. *Onomasticon graeco-latino*, con notas de Wolfango Sebero. Francfort, 1608”.

ban grego, e tamén de moitas que se falaban en países bárbaros²⁷. Finalmente, para unha e outra latinidade é un tesouro o que san Isidoro nos conservou nas súas *Etimoloxías*. E é certo que nelas dá noticia tamén o santo de varias voces que se usaban no vulgo. Papias é precioso, non só polo raro, mais tamén porque fixo no latín o que Hesychio no grego²⁸. ¿É moito pois que eu desexe que os galegos e casteláns fagan *respectively* a seus idiomas o que tantos homes grandes executaron para conservar as dúas linguas, grega e latina?

[...]

M. Sarmiento, *Carta en resposta al Reverendísimo Padre Maestro Esteban de Terreros, sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española*. Pontevedra, 17 de xaneiro de 1755.

27. "Hesychio. O seu *Lexicon*, todo en grego, e a primeira edición de Aldo Manutio. Venecia, 1514".

28. "Papias. O seu *Diccionario latino*, antigo, en Venezia, 1485".

[5]

ONOMÁSTICO ETIMOLÓXICO DA LINGUA GALEGA

[5.1]

[IMPORTANCIA DAS VOCES REFERENTES A ELEMENTOS
DA NATUREZA E COUSAS VISIBLES]

1

Darei comezo a este *Onomástico etimolóxico da lingua galega* polas voces que pertencen á Historia Natural¹ en toda a súa extensión, porque estou xa convencido de que as voces fundamentais de calquera idioma son as que significan todas as cousas visibles que Deus creou, as cales, sobre ser obxectos dos sentidos exteriores, compoñen a materia da Historia Natural. [2] Despois seguiranse as voces que significan as cousas artificiais que fixeron e fabricaron os homes, as cales polo común teñen o nome pola semellanza con algunha cousa natural. Ben entendidas e penetradas as voces e mailas cousas do que Deus criou e do que fabricou o home, debe aplicarse a atención a entender as voces que significan as cousas inmateriais e invisibles, que non son obxecto dos sentidos exteriores e que xamais se poderán entender con algunha medianía non sendo por unha ruda comparanza coas cousas visibles.

1. *Historia Natural* é a denominación adoitada na época de Sarmiento para o que hoxe chamariamos Natureza ou Ciencias da Natureza.

3

O texto de san Paulo “Invisibilia enim ipsius (Dei), a creatura mundi, per ea quae facta sunt, intellecta conspiciuntur”², e o vulgar axioma aristotélico “Nihil est in intellectu, quin prius fuerit in sensu”³, proban que as primeiras voces que hai que estudar en calquera idioma deben ser as que significan cousas visibles. E isto moito antes de entrar a encher a memoria coas voces significativas de cousas invisibles e inmateriais. [4] Por non atender a esta graduación na educación da mocidade, malógranse moitas habelencias, as cales, educadas con este trastorno de estudos, nin aínda en diante poderán evitar mil confusións para si e para outros. Por esta razón son do dictame de que antes de poñer os nenos ó estudio da Gramática Especulativa, da Lóxica e da Metafísica, se lles ensine o idioma vulgar con extensión, sinalándolles co dedo as máis das cousas visibles e inculcándolles os nomes correspondentes. E como para isto non se lles debe impoñer que reciten e estudien de memoria, entrarán gustosísimos os rapaces a ver, repasar e admirar as cousas que Deus criou, e sen quererem nin estudiaren de memoria, saberán as voces fundamentais do seu idioma.

5

Despois seralles máis doado aplicar os nomes latinos como se a cousa tivese dous nomes. O mesmo digo dos nomes casteláns, se os houber. O castelán non necesita saber os nomes galegos, pero o galego precisa saber os nomes galegos, latinos e casteláns. ¿Non será desatino facer estudar de memoria a un neno galego *betula*, *ae*, ‘o bidueiro’, se non ten idea de *abedul* nin de *betulla*? Por contra, se se lle ensina co dedo a árbore *bidueiro* e se lle di: esta árbore vén do latín *betula* e *betulario*, e o castelán *abedul* vén da mesma raíz,

2. “Os conceptos invisibles que proveñen de Deus son entendidos polas criaturas do mundo a través das cousas (materiais) que foron creadas”. San Paulo, I Epístola ós romanos, I, 20.

3. “Non hai nada na mente que previamente non estivese nos sentidos”.

betula ou *betulla*, ¿non collerá de memoria *betula*, *abedul* e *bidueiro* como tres nomes dunha soa árbore que veu e apalpou? ¿A que será, pois, mortificar os nenos tantos anos se non se pensa en ensinalos ben?

6

Ninguén que non saiba a lingua galega con bastante extensión poderá ensinar ben o latín a un neno galego. Inculcalle o castelán e o latín, pero nin un nin outro idioma comprenderá o neno se mediante o seu idioma vulgar non se lle ensinan as cousas co dedo. [7] ¿Que cousa máis ridícula para ensinar a un neno, ou castelán ou galego, que desexa estudar a lingua polaca, v. g., que o poñerlle na man a *Arte gramática* da lingua polaca explicada unicamente en latín? Se o neno non sabe latín, ¿como entenderá a explicación? [8] A *Arte* de Nebrixa escribiuse para que os casteláns estudiasen a lingua castelá e latina. Teño unha *Arte* de Nebrixa que se imprimiu en Francia para que os nenos franceses estudiasen o latín. Pero a explicación non está en castelán, pois sería ridícula, mais no vulgar francés, que xa sabían os nenos. O mesmo digo da *Arte* do padre Pereyra, que escribiu para que os nenos portugueses estudiasen o latín. A súa explicación está só en portugués, e sería ridícula en castelán.

9

En virtude do dito propoño que a vulgar *Arte* de Nebrixa que se reparte ós nenos en Galicia para que estudien latín, é insuficiente para ese fin. Debía, pois, imprimirse un Nebrixa e os demais libros de Gramática coa explicación escrita en galego, e debía explicarse tamén a boca nese mesmo idioma que saiban xa os nenos. [10] Dirán que coa *Arte* vulgar se estudian a un mesmo tempo as dúas linguas, castelán e latín. Eu digo que ningunha se estudia porque non se aplica lingua coñecida que poida unir e ligar as dúas. O fin principal é estudar a lingua latina: ¿e quen non ve que poderá un neno

galego saír excelente latino e gramático sen embarazarse coa lingua castelá? ¿Non hai sen ela en Portugal, Italia, Francia, Inglaterra, Alemaña, etc., excelentes latinos? E eu coido que os hai porque só se lles ensinou o latín no seu idioma vulgar respectivo. [11] Non poño dificultade en que haxa Arte bilingüe ou de dúas linguas. Así son as Artes latino-gregas, latino-hebreas, francesas-inglesas, francesas-italianas, castelás-francesas, etc. Pero esas son inútiles para os que non saben unha das dúas linguas, ou como nativa ou como xa estudiada.

12

Responderáseme que é preciso e útil que os galegos estudien a lingua castelá. Pero non creo que para iso cumpra a *Arte* de Nebrixa, non explicándoa asemade no idioma galego. De cen tantos que en Galicia saben o castelán, ou xamais viron a *Arte* de Nebrixa ou só a viron en confuso. Os galegos, de forma, non saben o castelán pola *Arte* de Nebrixa, mais polo comercio cos casteláns e, despois, pola lectura dos bos libros. [13] Outros dirán que o meu plano é quimérico, pois nin hai voces galegas para a maior parte dos nomes latinos, nin se saben os nomes latinos que correspondan á maior parte das voces galegas. Dese modo tampouco se poderá explicar o latín en lingua castelá, pois hai infindas voces latinas a que non se lles sabe o castelán correspondente e moitas voces castelás a que non se lles sabe o correspondente latín.

14

Digo que non se lles sabe, pero xamais direi que *non se lles pode saber* se se buscan, así no castelán coma no galego. Polo cal este defecto non é das dúas linguas, mais dos que as ensinan, e aínda dos que as falan. Sei que a lingua castelá é fecundísima de voces e que en nada é inferior a lingua galega. Non falo de voces escritas, mais das voces que actualmente se falan. É pouco ou nada o que hoxe se escribe en galego, pero hai moitos carros de instrumentos galegos en Galicia, e que se

154

escribiron en galego ata os tempos de Carlos V. ¿E por que as voces castelás escritas antes daqueles tempos han pasar por castelás e non han pasar por galegas as que se achán nos escritos galegos anteriores a Carlos V? [15] Teño lido con especial gusto bastantes instrumentos en galego e desexara ler outros infindos máis, pois daqueles recollín moitas voces galegas moi expresivas, e o que é máis, as cales se usan actualmente. De maneira que os galegos, precisamente porque deixaron de escribir, conservaron as súas antiquísimas voces. Pola contra, perderon moitas das súas os casteláns por quererense acomodar ás novas, exóticas e bárbaras voces que cada día se introducen nos escritos.

16

Quen vise *dez* tomos en folio da lingua portuguesa e *seis* tamén en folio da castelá, coidará que eses dous idiomas son moi abundantes de voces. Eu vivo noutro dictame. Tíreselle a Bluteau a infinidade de voces que non son portuguesas, ou que son facultativas estrañas, e quedará o seu *Vocabulario portugués* nun esqueleto coma o *Vocabulario* do padre Pereyra. O mesmo digo do outro *Diccionario*, comparado co de Nebrixa e cos que saíron o século pasado. [17] As voces facultativas e de estraño idioma avultan os libros, pero non aumentan a lingua nin o número das voces patrias. As voces de ciencias, artes, historia, xeografía, historia natural e as eclesiásticas, son e están adaptadas a todas as linguas cunha lixeira inflexión. ¿E quen negará que con outra inflexión lixeira non se poderá adaptar todas esas voces de común á lingua galega? ¿Que cousa máis factible que o que algún galego forme un avultado vocabulario do seu idioma fundamentándoo coas puras voces galegas, que non son poucas, e agregándolle todas as voces espurias?

18

O caso é que estas non se ensinan na Gramática e xamais se saberá o seu significado senón polos libros, nin tam-

155

pouco os saben os portugueses, italianos, franceses e casteláns que non teñen ningunha lectura. Para estes é tan tártara a voz *paralaxe* como para os galegos, sendo así que se acha introducida nos catro famosos dicionarios respectivos. Dirán que neses dicionarios está explicada esa voz e outras tan estrambóticas. Non dubido diso, pero tampouco se debe dubidar de que esas explicacións se poderán formar en lingua galega. [19] Na explicación dunha voz estraña a un idioma non deben entrar outras voces estrañas que precisen de explicación, só deben entrar as voces vulgarísimas, triviais e que entendan todos. O demais é querer explicar *ignotum per ignotius*. O galego non necesita de lingua estraña para explicarse e para explicar todos os seus conceptos.

20

Explíquese a un neno a voz *paralaxe* deste modo: “¡Ai meniño! Olla, se te pós debaixo dun melón que está colgado do faiado, anque a túa vista estropece no melón, fai de conta que ela vai a parar ao cravo do cal o melón está dependurado. Arrédate 10 ou 12 pés a calquer lado da sala. Bota a vista polo melón, e verás que xa ela non vai a parar ao cravo, senón a un pontón que está distante dele. Nisto se fai no melón coas dúas raíñas da vista unha cruz ou tixeira aberta. Así pois, a aquela variación de lugares que a vista fai chaman os gregos e os latíns *parallaxis*, e ti chamarás *paralaxe*.” [21] Aprendido o neno da *paralaxe caseira*, con facilidade entenderá a *paralaxe astronómica*, maxinado que os planetas e estrelas son uns como melóns pendurados do teito do ceo. Apostarei que un rústico portugués ou castelán non coñece mellor a voz *paralaxe* polos seus dicionarios respectivos. O que dixen da voz *paralaxe* débese entender doutra calquera voz estraña, por exótica que for, e aínda que sexa facultativa. Dese modo poderá un galego erudito e curioso formar un corpulento vocabulario galego que iguale ou exceda os dez tomos do *Vocabulario portugués* de Bluteau.

156

22

Non propoño que isto se execute, só fago ver que se podería executar. Dirán que nese caso non podería o galego citar autores que tivesen empregado aquelas voces. Distingo: para as voces puras galegas que se falan non cómpre citar autores, pois ningún autor cita Nebrixa no seu *Diccionario*, nin o padre Pereyra no seu. Para as voces espurias, achegadizas e estrañas é escusado citar autores que por antollo ou necesidade as introducirón, pois introducíronas sen citar autores anteriores. E oxalá non fose lícito a todo escritor introducir voces estrañas, pois cónstame que moitos, pesimamente, as introduciron sen entendelas, trastornando a súa verdadeira significación.

23

A miña intención non é introducir voces estrañas no idioma galego. Só é propoñer ós galegos eruditos e curiosos que recollan e coordinen as voces galegas que actualmente se falan en todos os territorios de Galicia e que fagan máis aprecio da lingua que mamaron. Non digo que postos en Castela falen galego, pero que non fagan estudio de esquecer o seu idioma por compracer os casteláns. Deben sacudirse, e con aire, daqueles idiotas e badulaques que se escoitan falar castelán a algún galego e a este se lle escapa algunha voz, frase, pronuncia e sotaque de Galicia, ceiban a gargallada de risa burricán. [24] En Madrid concorren de todas as nacións e de todas as provincias de España, e cada un, á curta ou á longa, descobre polo sotaque, frase, pronuncia ou voces, que non é castelán. ¿Con que conciencia, pois, non rin deses e só rin dos galegos? Eu coido que o riso contra estes é fillo da invertebrada e pernicioso aversión que acá padece a nación galega, coma se fose laponia. Deus criou en Galicia todo canto se poderá necesitar para o preciso, para o agasallo e aínda para o superfluo, e concedeu tal tempero ó seu clima e terreo que en poucos anos poderá ter todo canto se introduce en Galicia doutros países. Pero os inimigos dos galegos conseguiron que non só abandonen o seu idioma, pero que descoiden tamén

157

de utilizarse no que produce e pode producir o seu país en cousas naturais e artificiais.

25

Os que leren estes papeis agardo que se convencerán da abundancia de mixtos⁴ que hai en Galicia e da abundancia de voces galegas para significalos. Pasan de cincuenta voces galegas as que sei para designar un home rústico, que acá chaman *tagarote*. Sei dezaseis voces galegas significativas dunha soa planta, que aínda que tamén nace en Castela, non puiden verificar nin un só nome castelán, senón o facultativo das boticas. Sei oito nomes vulgares galegos dunha exquisita planta que aínda non sei se nace en Castela. Sei duplicadas e triplicadas voces galegas dalgúns peixes, mariscos, cunchas, etc., que non se debe estrañar sexan descoñecidas ós casteláns. Todas sairán nestes papeis.

26

E o principal, que poderá ser moi instructivo para galegos, casteláns, latinistas, médicos, boticarios e filólogos, é que das máis das voces sinalarei a orixe etimolóxica na lingua latina pura, e de tales cales voces no gótico, aínda que eu non saiba ese idioma perdido, v. g., *laverca*, *lobio*, *rebezo*, etc., que son góticas puras. Ten a lingua galega tan inveterada e pura a súa nobreza, que non se emporcou con voces mouriscas. Valeume moito esta certa suposición para ir dereito á lingua latina e procurar nela a orixe das voces galegas e así mesmo o das voces castelás puras antes do século XIII. [27] Consulte os libros antigos latinos. Lin moitos instrumentos latinos da Media Idade, moitos instrumentos antigos casteláns e bastantes instrumentos antigos escritos en galego. Recollín todas as voces galegas que puiden nas miñas curtas peregrinacións por Galicia. Sobre todo, manexei de abondo e con gus-

4. *Mixto*, isto é, calquera obxecto natural, entendido como composto de varios elementos simples e primitivos.

tosa utilidade os principais autores antigos, os da Media Idade e os modernos que, ou de intento ou por incidencia, escribiron da Historia Natural en toda a súa extensión ou dalgunha parte dela. O meu fin neste foi adaptar os mixtos ó latín correspondente que se acha nos libros, para bater coa orixe etimolóxica de moitas voces, xa galegas, xa castelás.

28

Consultei algúns suxeitos eruditos e doutos, e excelentes latinos, de quen non dubido son moi capaces a escribir un discurso latino e aínda un poema con todos os primores da pura latinidade. Algunhas veces para instruírme preguntáballes qué voz latina e propia correspondía a algunha voz castelá vulgar significativa dalgún mixto da Historia Natural. Outras veces, pola contra, preguntáballes qué voz castelá vulgar correspondía a algunha voz latina das que pertencen á Historia Natural en toda a súa extensión, e como verdadeiros eruditos inxenuamente confesaban que non o sabían, pois xamais se dedicaran á Historia Natural. [29] Procuraba persuadilos de que por curiosidade se aplicasen a ese xénero de estudio, pois sobre ser fácil, útil e divertido, era moi necesario para saber con extensión calquera lingua morta ou viva. É constante que cando Deus presentou a Adán todas as cousas para que lles puxese nomes, non lle presentou cousas invisibles e menos artificiais, pois aínda non as había. Presentoulle o que creara, e en especial todo xénero de viventes. A todos puxo Adán nomes moi axeitados: “Appellavitque Adam nominibus suis cuncta animalia, et universa volatilia coeli, et omnes bestias terrae”⁵.

30

¿E quen poderá dubidar de que tamén Adán puxo nome ós vexetais? Eses tiñaos á vista no Paraíso onde estaba, e por iso non se fala deles, nin doutras cousas naturais que Adán xa

5. *Xénese*, II, 20: “E chamou Adán polos seus propios nomes todos os seres animados, cada ave do ceo e cada besta da terra”.

tiña presentes. Así pois, a primeira nomenclatura que houbo no mundo só se inventou para as cousas da Historia Natural. E acredito firmemente que o mesmo sucedeu en todas as demais linguas do mundo que despois se formaron. [31] Tamén teño notado que canto á abundancia de voces dunha lingua hai unha enorme equivocación. Crese que unha lingua que teña cincuenta mil voces, v. g., é máis abundante que outra que só ten trinta mil. Eu non son dese dictame mentres o número de voces dunha e doutra lingua non se divida en tres partes: primeira, das voces visibles naturais; segunda, das voces visibles de cousas artificiais; terceira, das voces de entidades invisibles que formou ou finxiu a fantasía humana e ás cales cada un lle aplica o concepto que maxina.

32

As linguas que pasan por cultas abundan moito das voces da clase terceira, e cando máis das da segunda, pero adoitan estar escasas das da primeira. Pola contra, as linguas bárbaras abundan de voces da primeira clase, son escasas das da segunda e son moi minguadas de voces da terceira. A razón é porque os bárbaros están máis adictos e atentos ás cousas que son obxectos dos seus sentidos exteriores. Pola contra, os que pasan por cultos e civilizados adoitan desprezar os obxectos materiais para darse todo á especulación de obxectos que de ningún modo se poden sensibilizar. A abundancia de voces para significar estes invisibles e inmateriais obxectos non converte unha lingua en abundante, a non ser coa abundancia de confusións. As voces da primeira e da segunda clase son as que propiamente han constituír a abundancia ou carestía dunha lingua ou morta ou viva.

33

Tomada a voz *abundancia* neste senso, débese aplicar a un do cal se diga que sabe unha lingua con extensión. Eu digo que se non ten coñecemento da maior parte das voces

e das cousas da Historia Natural, nin saberá con extensión esa lingua, nin a saberá con propiedade e fundamento. Dixen e repito que as voces da Historia Natural son as primitivas e principais dunha lingua e que atendendo ós seus significados se puxeron os nomes á maior parte das cousas artificiais e das cousas invisibles. Aínda dentro da Historia Natural, algúns mixtos teñen o seu nome, se son pouco usuais, aludindo a outros mixtos máis comúns. [34] Teño notado que a maior parte dos nomes dos peixes se puxeron por alusión ós animais terrestres. O *becerro*, *cabalo*, *león*, *carneiro*, *porco*, *araña*, *lagosta*, *sapo*, *lebre*, *can*, etc., non teñen máis nomes que o dos viventes terrestres co distintivo *mariño*. E en verdade que non oín *congro terrestre*, *pescada terrestre*, *sardiña terrestre*, etc. Nisto coñécese que se puxeron primeiro nomes ós animais ca ós peixes.

[5.2]

[UTILIDADE DOS ESTUDIOS ETIMOLÓXICOS]

35

Sempre que se me propón pescudar a orixe dalgunha voz, ou castelá ou galega, o primeiro que fago é indagar o actual e propio significado vulgar. Se a voz é pura galega ou antiga castelá entro na suposición de que, polo común, as máis desas voces teñen a súa orixe no latín, ou no puro ou no da Media Idade, ou a primeira vista ou con algún veo que ocasionara a singular inflexión e analoxía do patrio dialecto. [36] Despois advirto a qué clase de cousas pertence o significado da voz que se propón. Repaso mentalmente todas as voces latinas que sei e que son significativas das cousas daquela clase. Se entre elas bato cunha que case teña as mesmas letras e a mesma coordinación que a voz proposta, e que ten o mesmo significado, xa está atopada a orixe e máis nada se precisa.

37

A dificultade está en que as máis das voces mudaron de significación e se desfiguraron nas súas letras. A solución a esta dificultade entenderase mellor con exemplos e aclararase máis doadamente a dificultade. Proponse, v. g., a voz galega *año*, que significa o *cordeiro*. Busco a súa orixe nas voces latinas significativas de animais e bato coa voz *agnus*, que significa o mesmo. Pero se se me propón a voz *cordeiro*, non debo dicir que se orixinou da voz *agnus*, aínda que *año* e *cordeiro* significan o mesmo. As dúas concordan no significado, pero non nas letras. [38] Así, para sinalar a verdadeira orixe da voz *cordeiro* cómpre achar unha voz latina que concorde nas letras e no significado. De feito hai esa voz e é de purísima latinidade. *Cordus, a, um* é un adxectivo que significa unha cousa tardía. Esta voz aplícase a moitas cousas, v. g., *foenum cordum*, o feo que se sega moi tarde. A mesma voz *cordus* aplicárona os antiquísimos latinos ás crías das ovellas que nacían serodias e por iso chamaban a esa cría *agnus cordus*. Aquí se apalpa que a voz *cordeiro* vén do latín puro *cordus*, e apálpase de camiño que se chaman con impropiedade *cordeiros* as crías das ovellas que nacen no seu tempo regular. Posta xa a orixe etimolóxica das voces *año* e *cordeiro* no latín puro *agnus* e *cordus*, débese parar aquí e non pasar a pescudar a orixe desas dúas voces latinas por evitar prolixidade. [39] Pero ó curioso que quixer pasar adiante seralle máis doado que dar localizadas as voces vulgares na lingua latina. Para isto hai poucos libros e ningún para pescudar as voces galegas. Para seguir a orixe das latinas hai moitos e excelentes libros. Varrón, Festo, Nonio, Gellio, san Isidoro, Martini, Fungero, Vossio, etc., colmarán os desexos de calquera.

40

O que fai recuar a moitos eruditos á hora de dedicarse ó utilísimo estudio das etimoloxías consiste na case infinda variedade de alteracións das letras que cos séculos se fixeron e tal vez en faltarlles o xenio combinatorio e analítico. Deixo

162

como a desprezables os que desdeñan ese estudio por inútil e caprichoso. Por vía da regra carecen dos prerequisites para abrazalo. O mesmo digo dos que menosprezan o estudio da Historia Natural. Así, supoño que os dese calibre rirán destes papeis, ós que non poderei corresponder senón compadecéndome da súa supina ignorancia. [41] Todo saber se alicerza na verdadeira e propia significación das voces e no fundamental coñecemento das cousas. Sen calettrar a orixe das voces e sen saber unha como historia de todos os pasos que tiveron, das súas alteracións nas letras e nos significados ata o tempo presente, xamais se falará como racional, mais como un papagaio ou loro. E o que é máis, xamais se entenderá ben un libro que se escribira noutros séculos distintos do presente. Son moitas as voces vulgares cuxa presente significación é totalmente metafórica e moi distante e distinta da primitiva. E sen saber esta, xamais se penetrará a propiedade ou impropiedade da metáfora.

[...]

[5.3]

[O ESTUDIO DO LATÍN A TRAVÉS DO GALEGO]

77

Todo mestre que non é quen de responder a calquera pregunta racional dos seus discípulos, nin é mestre nin farrapos de gaitas. Se cadra os discípulos non fan preguntas e repreguntas sobre o que se lles aprende por non entenderen o que se lles di, e non entenden porque non se lles sabe ensinar. Teño dito mil veces que se eu non lle dou explicado a un rústico a cousa máis abstrusa de modo que a comprenda, debe xulgarse que eu mesmo xamais a entendín.

78

O mestre debe acomodarse ó discípulo usando só das voces que o discípulo sabe e comprende. Nisto consiste o pun-

163

to crítico de saber ensinar con froito. Téñase presente a explicación da *paralaxe* que dei a un neno galego. Cando a leu un galego, xa non neno, dixo que ó instante a comprendeu, sendo así que seis veces tiña lido a explicación da *paralaxe* nos libros e xamais puidera formar idea. E é certo que eu non engadín entendemento. Se na ensinanza se usa de voces facultativas e diversas das vulgares, nin o discípulo entenderá o que oe e se cadra o mestre tampouco entenderá o que fala. Ensínese primeiro con voces vulgares e despois de ben entendida a cousa, dígaselle ó discípulo: a tal e tal voz vulgar corresponde tal e tal voz facultativa.

79

De aquí infírese qué necesario é que ós nenos galegos se lles ensine o latín usando só a lingua galega, que é a que unicamente saben. Así, cómpre reimprimir a *Arte* de Nebrixa explicada só en puro galego e repartila por Galicia. Ó mesmo tempo iráselles ensinando as voces latinas correspondentes ás voces vulgares galegas que xa saben, e se quixeren preguntar ou latín para o galego, ou o galego para o latín, débeselles responder de viva voz. ¿E quen dubida que para isto é indispensable que o mestre saiba a lingua galega con extensión? [80]. ¿Non é cousa ridícula oír que un rapaz é excelente latino, e se se lle dá a construír un libro, entra a construílo sen saber os significados?⁶ ¿Haberá maior erro que convencelos de que poderán ser latinos sen saberen as voces latinas? Din que só son gramáticos e que saben a sintaxe, e que os significados non son do asunto. ¿Non é o fin que o neno estudie a lingua latina para entendela e falala? Pois se desbota os significados, ¿que lingua lle ensinan? Para catro nominativos, ou para declinar e conxugar e facer catro oracións sen outra cousa máis

6. *Construír* un texto latino era un exercicio que consistía en analízalo sintacticamente, recolocando as súas palabras conforme a orde normal en castelán.

¿deben telo oupado dous, tres e catro anos? ¿Para iso se lle malla a memoria? ¿e para iso tanto castigo?

[...]

82

Un cocheiro que fose a París, de volta entende e fala o francés sen ter visto *Arte* francesa, e outro que en dous anos xamais deixa a *Arte* francesa da man, nunca dá entendido e menos falado o francés. Claro está que o mellor é saber a gramática e os significados. Pero no caso de saber unha cousa *soa*, mellor é saber moitos significados sós, sen gramática, do que moita gramática sen significados. Os estranxeiros con só *douscentos* significados españois e co seu infinitivo, que fai a todo tempo, bandéanse e pasean por España sen intérprete.

83

Dirán os meus paisanos que como non hai *Arte* nin *Vocabulario da lingua galega*, non é doado achar a correspondencia entre as súas voces e as latinas correspondentes. Isto é tan certo como é xusta a queixa de que o sexa. E, acaso avergoñado e ruborizado diso, peguei na pena para escribir estes pregos. Os galegos que no século XI, v. g., estudaron latín ¿por cales artes e vocabularios casteláns o estudaron? É imposible que daquela non houberse vocabularios da lingua galega e algún librucho da súa gramática. Confeso que non teño noticia de ningún. ¿Que importa? Se cadra ese xénero de libros está comido da couza nalgún arquivo. [84] Moito dera de prezo por ter un deses libros para ter que imitar. Moita culpa debo cargar ós galegos eruditos que houbo e hai, por non teren aplicado o seu estudio para dar a coñecer a lingua que mamaron. Para aguilloar a súa desidia nisto, procurarei manifestar nestes papeis o bosquejo dun *Vocabulario da lingua galega* para que outros o poidan acrecentar e perfeccionar. Confeso que entro con poucos materiais, pois só son os que recollín estando de lecer en Galicia.

85

Non penso facer vocabularios das voces polo alfabeto, mais por onomástico e nomenclator, esto é, por clases das cousas. Este método é mellor e máis instructivo para comprender unha lingua e a natural etimoloxía das súas voces. [...]. [88] Así, o máis instructivo método de vocabularios é colocar xuntas as cousas dunha mesma clase, e explicalas alí, e ó final formar un alfabeto de todas as voces con remisión ó sitio onde se explican. Os vocabularios que unicamente poñen as voces polo alfabeto non son para instrucción, mais para refrescar a memoria do que xa se estudiou. As voces por alfabeto son vasoiras desatadas, ocasionan mil confusións, e xamais se entenden ben, porque non se entenden xunta a súa raíz e na súa matriz. [...] [89] Hoxe é moda desenfreada nas nacións reducilo todo a dicionarios, e a iso vaise seguindo a decadencia da fundamental literatura, e vaise exaltando a charlatanería dos semieruditos e mais dos sabios en aparencia. ¡Que ben entenderá a Escritura o que só a ler polas concordanancias! O uso destas non se había de permitir senón ó que probase que tiña lido toda a Biblia *de verbo ad verbum*.

[5.4]

[DICCIONARIO ETIMOLÓXICO ROMÁNICO]

90

Sábese que as linguas de Italia, a francesa, a lemosina, castelá, portuguesa e galega, non son máis que dialectos da latina, e que cada nación das ditas non fixo máis que torcer os narices ás voces latinas con esta ou coa outra inflexión, segundo o clima, o labio e os órganos da *loquela*. O que penetre o sistema destas inflexións, con só saber con extensión a lingua latina, entenderá a maior parte das voces de todos os dialectos ditos. [91] Mil veces teño desexado que entre a infinidade de libros que cada día veñen a lume en Europa, saíse un que fose *Diccionario harmónico* das voces vulgares coas latinas.

166

Isto é, que debaixo das raíces latinas se colocasen as voces dos ditos dialectos. Non todas, pero aquelas que efectivamente son derivadas da raíz como de nai. Explicareime. [92] Tóme-se un dicionario latino, ou o de Roberto Stephano, ou o de Passeratio, ou o de Facciolati⁷. Comécese polo *A* e váianse reflexionando todas as voces, e en especial as raíces e voces primitivas. Explíquense lixeiramente. Despois advírtase se esa mesma voz se conserva nalgún ou en todos os dialectos vulgares ditos. Escríbase en cáles. Póñase esa voz vulgar, engá-danselle os derivados como que son da mesma raíz, e o mesmo se fará cos demais dialectos en que se conserva aínda a dita raíz latina, suposta esta ou a outra inflexión e alteración das letras.

93

Sería un tesouro ese *Diccionario harmónico* se debaixo da raíz latina se colocasen os seus derivados e compostos ó modo do *Tesouro* da lingua grega de Henrico Stephano⁸. Primeiramente os derivados que usaron os bos autores latinos. E despois, con separación, os derivados da mesma raíz pura latina que se introduciron na Media Idade e que chaman de *bárbara latinidade*. Despois dirase: esta raíz latina pura consérvase no castelán, v. g. E así mesmo consérvanse tales e tales derivados puros. Item consérvanse tamén tales e tales derivados que da mesma raíz pura se formaron na Media Idade ou nos séculos que chaman da *barbarie*. [94] Sábese que Mr. Du Cange sacou o *Glossario das voces da Media Latinidade*, e son xa seis tomos en folio, por téreno acrecentado os

7. "Stephano, Roberto. *Diccionario = Thesaurus Linguae Latinae*. 4 tomos en dous corpos. Leon 1573"; "Facciolati, Jacob. *Calepinus 7 Linguarum in usum Seminarii Patavini*. Patavij, 1752 (7ª edición)"; "Calepino, Ambrosio (con Juan Passeratio, P. Juan de la Cerda e P. Lorenzo Chifflet). *Dictionarium Octolingue*. Leon, 1681".

8. "Stephano, Henrico. *Thesaurus Graecae Linguae* (e co apéndice que contén varios tratados conducentes [...] e índice alfabético de todas as voces gregas deste *Tesouro*). Paris, 1572."

167

benedictinos de San Mauro. Débese ler dito *Glossario*, pero con moita discreción. Nel hai voces que non son de raíz latina, nin aínda como derivadas. Ningunha desta debe entrar no *Diccionario harmónico*. Pero poderán entrar as que ou son gregas antigas latinizadas, ou derivadas delas na Media Idade, que Du Cange chama a *Media Grecisidade*, e das cales tirou dous tomos en folio con título de *Glossario*.

95

As voces arábigas, lombardas, góticas e setentrionais ou bárbaras que se acharen en Du Cange e noutros autores, aínda que se conserven [como se conservan moitas] nos dialectos vulgares da lingua latina, non deben facer papel no *Diccionario harmónico* proxectado. Este só comprenderá as voces latinas, ou puras ou deturpadas. Esoutro xénero de voces que se atoparen nos dialectos, se se lles souber a súa verdadeira orixe e etimoloxía, farán clase distinta. [96] Dirá algún que se este *Diccionario harmónico* vai ser tan universal como se propón, e con tanta exactitude, é case imposible, e que ningún erudito o poderá formar. Nego o primeiro e asinto ó segundo, estando as cousas como aínda están hoxe. Pero se cada nación fai á parte o seu respectivo diccionario do seu dialecto na conformidade dita, sen tocar os outros con-dialectos, formados xa eses cinco ou seis diccionarios particulares, haberá trescentos eruditos que poderán formar o *Diccionario universal*.

97

As nacións ditas, agás a galega, teñen moitos materiais nos libros para formaren cadanseu diccionario particular. Así, foi forzoso valerse de moitas voces non escritas para estear un *Diccionario galego* no cal se reduzan as máis das voces a algunha raíz latina ou a algunha das súas derivadas. O fin será sinalar co dedo todas as voces latinas que ó primeiro folio ou con algunha inflexión se conservan hoxe na lingua

168

galega, sen facer caso de que esa mesma se conserve tamén, ou non, noutros dialectos, aínda que tal vez se advertirá isto para manifestar a *harmonía*.

[...]

[5.5]

[ESTUDIO CONXUNTO DO LATÍN E DO GALEGO]

110

Batín na pena para escribir estes pregos compadecido da mocidade galega que tanto tempo ocupa en estudar unha lingua que ignora por outra lingua que non sabe; sendo así que na lingua nativa que mamou ten os principais fundamentos para entender con máis facilidade o latín e con máis perfección o castelán, se despois se dedica a ese dialecto. A un rapaz galego que amose inclinación a saber latín debe animárselle deste modo: *a maior parte desa lingua xa a sabes con só facer un pouco de reflexión á lingua galega que falas. Procura antes recoller moitas voces galegas e frases oíndo falar a moitos, e canto máis rústicos mellor, e despois coñecerás o que che digo e prometo.*

111

Despois debe pórselle diante coma nun mapa un extracto dos *Elementos etimolóxicos* polo que toca ó modo como as voces latinas pasaron a ser galegas cunha lixeira inflexión. Deben sinalárselle co dedo algúns exemplos dos tránsitos máis doados, despois dos máis complexos, e á fin dos máis escuros. En todo caso, as voces galegas que ó principio se deben propoñer ó neno emparelladas coas latinas case idénticas, de ningún xeito significarán cousas intelectuais e invisibles, todas significarán cousas corporais visibles, tanxibles e que estean presentes, para que as poida apalpar coa man. Será moi do caso que os atractivos que adoitan divertir os rapaces se lles fagan patentes nos significados das voces galego-latinas, v. g.: nas cousas de cociña, de comer, de froitas,

169

de paxariños, de peixes e de cunchas se están na beira do mar; de árbores ou plantas que lles serven para os seus enredos; de roupas e vestido de que se serven para adobiarse, dos enxovais de casa que ven cada día, etc.

112

Con esta prevención poderase instruílos no que son declinacións e conxugacións. Non se lles debe propoñer nisto nomes nin verbos cunha significación de que non teñan clara evidencia. Por esta razón debe desterrarse o nominativo *musa* e o nominativo *tempus*, e substituílos polas voces *terra* e *corpus*. Do significado de *tempus* nin aínda os barbados teñen noción, e *musa* é un arcano que non ten significado visible. [113] Tamén das conxugacións deben desterrarse os verbos *amo* e *doceo* e substituílos por outros de significado visible, pois *doceo* significa cousa de entendemento e *amo* de vontade. E eses dous entes invisibles aínda non son para a capacidade dos nenos. No dito ocuparase pouco tempo, o tempo principal empregárase en construír libros bos, non moi difíciles, mais que sexan instructivos. Deben tentarse construcións primeiro que verter romances en latín. O construír só se reduce a entender e o outro xa pica en falar a lingua. E isto é sen dúbida máis difícil ca o primeiro.

114

A principal mira do mestre debe ser ir construíndo co discípulo, descifrándolle todas as voces latinas que están ocultas nas voces galegas, sinalándolle a inflexión que intervéen e inculcándolle a oración ou frase que alí se presenta. Se a voz latina ten dúas voces galegas, non se debe adaptar a que non ten conexión coa raíz, mais aquela que envolve a raíz mesma, v. g., se ocorre a voz *capedo*, non se debe traducir *arxidal* ou *barreñón*, mais a voz galega *gabedo*, pois alén de significar o mesmo, é a mesma voz latina *capedo* cunha moi leve inflexión. Se ocorre a voz latina *rudica*, non se debe traducir *pao* ou

170

estaca, senón *rodriга*, que é a mesma *rudica* das viñas. Se ocorre a voz *situla*, non se debe traducir *herrada* nin *cántaro*, senón *sella* ou *silla*, que é a mesma voz *situla* e significa o mesmo, como por semellanza a voz *vetula* debe traducirse *vella* e non *anciá*. Pola contra, o latín *veterano* non se debe traducir *vello* nin *ancián*, pero coa voz galega *vedraño*, etc.

115

Destarte, así o mestre discorrendo para a ensinanza, como o discípulo advertindo e atendendo ó que lle ensinan, irán decatándose a un mesmo tempo da nobreza, antigüidade, pureza e harmonía da lingua galega vulgar que falan. Apalparán que a un mesmo tempo estudiando dúas linguas, non estudian senón unha con dúas terminacións. Informados ben do constante modo e analoxía con que as voces latinas pasaron a ser galegas, seralles despois moi doado comprender o modo e analoxía con que as mesmas voces ou outras latinas pasaron a ser vulgares en todos os dialectos da lingua latina, que é nai e matriz de todos eles. [116] Entrará despois o galego así instruído en entender o castelán, italiano, lemosino, francés e portugués, non a rumbo, ó aire e polo oído, pero tamén con comprensivo coñecemento do fondo, orixe, inflexións e significacións das máis das voces deses dialectos. Dise dos galegos que, aínda sendo iliteratos, entran cunha facilidade suma nas linguas francesa, italiana, castelá ou lemosina. E de certo que isto non é polo que se ocuparon coa *Arte* de Nebrixa, mais en virtude do seu nativo idioma e das súas nativas pronuncias.

117

É verdade que os galegos rústicos non entran ben nalgunhas pronuncias mouriscas que hai na lingua castelá porque sendo a lingua galega labial, non se acomoda o galego a abrir un palmo da boca e a sacar un palmo de lingua para pronunciar as letras guturais que quedaron dos mouros. Tam-

171

pouco as tres nacións ditas poden entrar nesas pronuncias africanas. Con todo, ninguén ri deles, ese riso está reservado contra os galegos. [118] Ben é verdade que os galegos poderán rir tamén dos casteláns porque non acertan coa pronuncia galega, a mesma que é común a italianos, franceses, cataláns, asturianos e portugueses, en especial nas letras *Ge*, *Gi*, *Iota* e *X*. A un castelán que se burlaba dun galego porque non pronunciaba *Gerónimo* ó mouro, mais *Guerónimo* á grega e á latina, díxenlle eu que pronunciase á galega estas voces que pronunciei antes: *Xorxe*, *axenxos*, *San Xenxo*, *alxoúxares*, *desexo*, *axerxilar*, etc., e todos se burlaron da súa ineptitude para pronuncialas.

119

Hai xa corenta e dous anos que a outro que quixo moquearse de min porque o seu hábito era moquearse de todos os galegos a causa da *Ge*, *Gi*, deixei cun palmo da súa boca aberta, probándolle que, non el, mais os galegos, pronunciaban mellor o *Ge*, *Gi*. Citei a *Arte* de Nebrixa, e tamén ceibou o seu ignorante riso ó oír cita semellante. Púxenlle a *Arte* na man e deille rexistrada aquela pasaxe onde Nebrixa di que a pronuncia dos casteláns nas sílabas *Ce*, *Ci* e *Ge*, *Gi*, é unha deturpación, pois deben pronunciarse uniformemente, como se fose con *K*, v. g., *Ka*, *Ke*, *Ki*, *Ko*, *Ku* e o *G* como se tivese *u* licuescente, *Ga*, *Gue*, *Gui*, *Go*, *Gu*⁹.

9. En realidade, Sarmiento está a medir a 'pureza' da pronuncia polo patrón latino. Efectivamente, tal como sinala Antonio de Nebrixa, o latín descoñecía o son interdental do castelán (e o galego non seseante) en *ce*, *ci*, e pronunciaba a letra <c> sempre como /k/: así, *Cicero* pronunciábase en latín clásico /'Kikero/. Analogamente, <g> sempre se pronunciaba como en *ga*, sendo a pronuncia /x/ do castelán (como en *gente*, *Egipto*) non de orixe mourisco, como sinala Sarmiento (seguindo a opinión común entres os eruditos do seu tempo) e despois repetirán incansablemente os estudiosos galegos, mais resultado da deriva evolutiva do propio romance castelán. Os galegos do tempo de Sarmiento, ó carecer o galego do fonema fricativo /x/ do castelán, tendían á *gueada* ó falar este idioma, pronuncia que o noso autor defende servíndose do latín. Sobre a *gueada* véxase máis adiante § 215.

172

[120] Os latinos xamais pronunciaron o *G* como *Je*, *Ji*, pois non tiñan letras guturais. Os gregos de hoxe non pronuncian a voz *angelus* como *anjelos*, senón moi suavemente, como *anguelos* [non soando o *u*]. Nas palabras gregas do Venres Santo pronúnciase mal *Hagios hò theos*, xa por omitir o *h*, xa pola pronuncia como con iota, *Ajios*, debendo pronunciarse *Haguios* co *u* licuescente, ou como o galego pronuncia *aguía*¹⁰. Espero que os galegos que se fixesen cargo destes papeis terán materiais de abondo para tapar a boca dos emperiquitados que só falan a súa lingua coma papagaios e que, non como racionais, mais como papagaios chocalleiros, se burlan do que non entenden.

121

¿E que direi dalgúns galegos que tamén falan coma papagaios o seu idioma nativo e que como tales se moquean de si mesmos? Digo que eses apóstatas da súa lingua foron os que principalmente ocasionaron que eu tomase a pena, para fustri-galos ou para instruílos. Non digo que postos en Castela falen galego, digo que, estean onde estiveren, e aínda que souberen dez ou doce linguas, non deben esquecer a que mamaron e sempre deben conservala como a súa máis preciosa lingua. Con razón, por ser ela a que, ben entendida e penetrada, abre un inmenso campo para entender o latín, o castelán e outros dialectos vulgares da lingua latina con facilidade.

10. Para a pronuncia do gamma grego, vale o que dixemos na nota anterior para o latín, isto é, sempre era como en *ga*. Aliás, o grego posuía un fonema aspirado ó comezo de palabra, que se representaba mediante un til, transliterado con <h>, e que, ó que parece, os casteláns tendían a omitir. Así, *Hagios* ('santo') pronunciábase /hagios/ (cun *h* similar ó do inglés de *home*, e un *g* pronunciado como en *ga*), mentres que os casteláns tenderían a pronunciar /axios/.

173

[5.6]

[UN EXEMPLO: *ENTENA*]

122

Non vai ser todo teoría, vaia un exemplar recente e práctico. Onte, día de San Fernando deste ano de 58, concorreron á miña cela algúns literatos que adoitan favorecerme. Non sei por qué acaso se falou da voz *entena*, que en Pontevedra significa ‘panal de mel’. Souben, polo que dixeron os galegos concorrentes, que esa mesma voz *entena*, e na mesma significación, se usaba en Lugo e noutros bispados de Galicia. Preguntei a un castelán se a voz *entena* era tamén castelá ou se a tiña escoitado utilizar. Dixo que era totalmente nova para el. Procurouse nos dicionarios casteláns e portugueses e non se atopou tal voz. Buscouse nos dicionarios latinos e tampouco se achou. Só na *Amalthea onomastica* se encontra así: “Entenna, Insecta, Gloss.” Non sinala qué glosa é esa e cando o *Glossario* de Du Cange unicamente copia a *Amalthea* é sinal que ese *Glossario* ou glosa non é común.

123

Non se puido recorrer a un dicionario galego porque non o hai. Así, aínda que saibamos o significado de *entena*, non sabemos a calidade e orixe desa voz. Matinei despois en pescudar esa voz *entena a fundamentis* e saín coa miña, non en virtude de dicionarios, mais lendo os autores que tratan das abellas. A verdadeira orixe da voz *entena* atópase en Plinio, libro 11, capítulo 14¹¹. Alí pon tres xéneros de panais de mel. O primeiro é o da primavera, e este chámase *anthino*: “vernum ex floribus constructo favo,

11. “Plinio. *Historia naturalis* (37 libros, con comentarios de Jacob Dalecampio e con variantes do Pintiano, Gelenio, etc.). 1631”, “Plinio. *Historia naturalis* (da edición e con comentarios do P. Harduino. Di en París, pero non é senón Basilea, 1741”; “Plinio. *Opera* (en catro tomiños manuais)”, “Plinio, en castelán, coa versión e notas de Geronymo de Huerta. Madrid, 1624”.

174

quod ideo vocatur *anthinum*”¹². Engade que este mel non se lles debe retirar ás abellas, pois ten que quedar para máis abundante alimento que concorra a maior fecundidade e para mantenza dos embrións, “ut largo alimento valida exeat soboles”¹³. [124] Velaquí descuberta a nobre e antiga orixe da voz *entena*, e non menos que nunha voz pura grega que Plinio adaptou á súa pura latinidade. A voz *anthos* en grego significa ‘flor’, e o adxectivo *anthinos* significa ‘cousa de flor’. De *anthino* e *anthina* díxose cunha leve inflexión (como de *asparagus*, *espárrago*) *entina* e *entena*, para significar o ‘panal de mel *antina* ou *entena*’, isto é, o primeiro panal que fabrican as abellas pola primavera, a distinción do outro panal que fabrican polo estío, que por iso Plinio chama *horaeum*.

125

De aquí infírese que, aínda que a voz *entena* se aplique en Galicia ó *panal* en común, o seu rigoroso e primitivo significado é o de ‘panal de mel da primavera’. Ó modo que, como dixeron, a voz *cordeiro* non significa senón o *agnus cordus*, isto é, o que naceu moi serodio, ó contrario do *agnus* (o *año* en galego) que naceu na estación regular, que ese non é *cordeiro*. Pola contra, a *entena* non é o panal do estío, mais o temperán da primavera. Nisto non me opoño a que as voces *cordeiro* e *entena* se usen como hoxe se usan. Úsense, pero saíbbase que ese uso é posterior ás súas primitivas significacións. E saíbbase de paso que as orixes das voces xamais se acertarán se non se recorre á fonte e á primitiva significación da voz.

126

Agora poderá facerse crítica daquela *glossa* que se cita na *Amalthea onomastica*, na cal se di: *entenna, insecta*, sen

12. ‘Favo (ou panal) construído das flores na primavera, que polo mesmo se chama *anthinum*’.

13. ‘Para que, coa abundancia de alimento, a descendencia saia sá’.

175

máis explicación. Botando a pasear un dos *N*, que acaso procedeu de trastornar o *H* que se omitiu, diría ó principio *enthen* (de *anthina*), *insecta*. Hai dous camiños para entender esa voz *insecta*: ou dicindo que son insectos das flores ou que son os embrións ou insectos que se alimentan da *entena* ou de mel *anthina* da primavera. Se hai texto do primeiro, non sei. Para o segundo vén idéntico o texto de Plinio. Así, *insecta* na *glossa* supoñen polos embrións das abellas, que con propiedade poden chamarse *insectos*.

127

É tan abundante a lingua galega, non para significar abstraccións, pero as cousas que se apalpan, que actualmente se usan catro voces para significar o panal de mel. A voz *entena*, grega latinizada. A voz *favo*, de pura latinidade. A voz *panal*, latina derivada de *panis*. E finalmente a voz *trebo*, que se usa no país de Caldelas. Todas significan o panal e acaso haberá outras moitas que eu non sei e que significarán o panal en varios estados ou respectivos a varias cousas¹⁴. [128] A voz *trebo*, que hoxe se usa en Caldelas, causoume abraio cando a oín. Pero a pouca reflexión sospeitei que ten a súa orixe no latín *trifolium*, en canto florido. É inconcuso que a voz castelá *trébol* e a galega *trevo* igualmente veñen do latín *trifolium*.

14. Sarmiento identifica erroneamente a palabra *trobo* (que o *Diccionario da Real Academia Galega* define como "habitáculo artificial para as abellas onde un enxame forma as súas entenas, acondicionado a imitación dos seus refuxios naturais, ben en vimbio, en cortiza ou en madeira") coa voz *trevo* (segundo o mesmo diccionario: "herba caracterizada por ter as follas agrupadas de tres en tres, moi utilizada para alimento do gando"). A segunda, tal como o autor asegura no texto, deriva do étimo latino *trifolium*. A orixe do erro provén de que, conforme a afirmación do propio Sarmiento, coñecía a primeira palabra a través dunha variante local *trébo* (esa é a forma gráfica que el utiliza). Por parte o significado de 'panal' que el recolleu tampouco é o máis común en galego, de 'colmea'. Débese ter en conta que no texto orixinal sempre se fala de *trebo*, con , entendida como unha mesma palabra con dúas acepcións. Nós escribimos *trebo* cando se fala do *trobo* ou *colmea*, e *trevo* cando se fala do *trifolium* ou *trébol*.

176

Hai moitas especies de trevo. Hai *trevo oloroso*, que é o *melilotus*, aludindo ó arrecendo ou sabor do mel. E hai *trevo dos prados*, de flores purpurina que teñen, segundo Lemery¹⁵, un celme meloso, doce e agradable. Estas dúas diferencias abundan para o caso. [129] Digo que o chamar en Caldelas *trebo* ó panal de mel orixinárase de que as abelliñas o fabrican pola primavera das flores do trevo, que saen de cedo. Non do *trevo meliloto*, que tamén Plinio o fai pasto das abellas, pois este non é tan común, senón do *trevo dos prados*, que é moi común. Así, os daquel país aludirán a que o panal se fabricou das flores do trevo, non usando da voz *entena*, que só significa *panal de flores*, senón da voz *trevo* para significar a especie de flores. Polo mesmo coido que *trevo* non significaría ó principio calquera panal, senón o panal da primavera, ó modo que xa queda dito da *entena*.

130

Nada do dito ata aquí desta voz é superfluo, e aínda sen ser superfluo podería engadir máis, se esa voz fose o meu único asunto. O dito abonda para que os galegos abran os ollos e os rústicos casteláns pechen a boca; estes para que non censuren o que non entenden e aqueles para que matinen sobre o que falan. E crean uns e outros que non teño por imposible que da maior parte das voces galegas poida facerse unha descrición analítica ó modo da que aquí fixen da *entena*. E se algún dixese que isto non é para todos, conveño niso. Pero, ¿como poderei convir en que isto non sexa para ningún? [131]. Non obstante, eu digo que isto é para todos, non todo, pero con distribución acomodada. Os máis rústicos poderán concorrer, preguntados, coas súas voces resesas e idosas e coas frases e adaxios do seu país. Iso é o que eu máis estimaría saber, pois non o podo saber por libro

15. "Lemery, Mr. Nicolas. *Dictionnaire Universel des Drogues Simples* (Edición 3ª, acrecentada con 25 láminas e cada unha cos 16 simples). Paris, 1748."

177

ningún. Os de mediana crianza poderán concorrer explicando os significados usuais con algunha distinción. Os literatos poderán recoller todos eses materiais, ou parte deles, e reservalos para se se ofrece ocasión de que algúns curiosos se dediquen ó estudio especulativo da lingua galega.

132

Ós avogados e ós mestres de latinidade en Galicia éelles indispensable este estudio. ¿Como o mestre de latinidade responderá a un discípulo que bateu coa expresión de Verxilio “Nec cytiso saturantur apes”, e lle pregunta qué significa *cytiso*? Se consulta a Nebrixa, dirá: “*Cytisus*, cierta flor. Hierba a mi no conocida”. Eu respondería ó galeguiño: ¿que preguntas se o sabes xa? O *y* grego pronúnciase como *u*, e o *u* esvara a *o*, así a voz *cytiso* pasou a *cutiso*, *cotiso*, e o *t* esvara a *d* (como *cadea*, de *catena*). Logo veu parar a *codiso* e despois *codeso*. ¿Que galego ignora cá é o arbusto *codeso* e os seus derivados *Codesido*, *Codeseda*, *Codeseira*, *Codesoso*, *Codesal*, etc.? Pois de todo é raíz de pura latinidade *cytissus*, aínda que na súa primeira orixe é grega, tomada da illa Cythnos, onde era abundante ese arbusto. As abellas non se fartan de chuchar as flores do codeso, e a iso alude Verxilio: “Nec cytiso saturantur apes”¹⁶. [133] Zerda, sobre Verxilio, supón que coñecía o *cytiso* e que o había nas veciñanzas de Madrid, pero non lle pon nome castelán ningún¹⁷. Eu asinto a que o hai nas ditas veciñanzas, pois no *Libro de Montería* do rei don Afonso o último pon un lugar sobre o Real Sitio do Pardo co nome *Citosedá*, que infaliblemente vén de *Cytosetum* e corresponde ó galego *Codesido* e *Codeseda*. O máis singular é que esa mesma voz *codeso* é pura e antiga voz e usada en Castela. Úsaa e explicaa non menos que o cronista Pedro López de Ayala, que viviu no século XIV,

16. ‘E as abellas non se fartan do codeso’.

17. “Verxilio cos comentarios do P. Luis de la Zerda, e coas concordancias de Erythraeo. Colonia, 1642 e 1647”.

178

e nun libro manuscrito que lin e trata de cetrería¹⁸. Os portugueses traducen *codeso* por *cítiso*, pero eu acertei esa correspondencia polas regras etimolóxicas.

134

¡Vaites! ¿E cantas preguntas semellantes poderán facer os rapaces galegos, xa preguntando o latín das voces que saben, xa preguntando qué voces das que saben nativas corresponden ó latín con que baten? Acaso será máxima dalgúns que ensinan o castigar os que falan algo de galego para non vérense avergoñados coas preguntas. Esa tiránica máxima devecería se os que van ser mestres fosen galegos e con coñecemento da lingua, ou, caso que non o fosen, se lles obrigase a que antes a estudiasen e entendesen con extensión. Sendo eu moi neno ía coa finada da miña nai e señora, que Deus teña na gloria, á igrexa de San Xoán de Deus, de Pontevedra, a oír misa. Diciaa un santo sacerdote que demoraba unha hora na misa. Os meus tenros xeonllos non podían aturar tanto tempo, e así, para enganalos, botaba os ollos polas paredes a rexistralo todo. Á dereita do altar maior estaba esta inscrición *CHARITAS*, e á esquerda estoutra *HUMILITAS*, ambas con letras maiúsculas. Eu lía o *ch* de *CHARITAS* como se le en *charco* e poñía o acento no *i*. Deste modo lía en alto *charítas* e dicía á nai: “Mi madre ¿que quere decire *charítas*?” A resposta era rifarme porque non atendía á misa. Atendía un pouco e despois lía en alto a outra voz *HUMILITAS*, así: *hu-mi-lí-tas*, e volvía preguntarlle: “Mi madre, ¿que quere decire *humilítas*?” E respondíame como antes¹⁹.

18. O *Libro de las aves de caza*, escrito c. 1385 polo chanceler de Castela Pedro López de Ayala (en boa parte trátase dunha traducción dunha obra do falcoeiro do rei Fernando I de Portugal, Pero Menino), gozou dunha grande difusión en forma manuscrita ata o século XVII, pero non se imprimiu ata 1869.

19. As palabras latinas *charitas* e *humilitas* (a primeira de orixe grega), que significan ‘caridade’ e ‘humildade’, lense *káritas* e *umíltas*.

179

135

Non pareza isto puerilidade: os nenos teñen dereito a que se lles responda a todo, e teño por sinal bo o que os nenos pregunten e repregunten sobre todo, pois amosarán que desexan saber. O que se responder ás preguntas que fixer un neno, quedáselle na memoria moi doutro xeito que o que se lle fai estudar de cor e que non preguntou. O primeiro conséguese porque concorre unha viva e espontánea vontade. O segundo vai moi costa arriba, porque a mesma vontade o enxeita. De min poderei dicir que non lembro o que me fixeron estudar de cor, mais o que lin por min mesmo e con gusto, sen a imposición de que o estudiase de memoria.

[...]

138

O seren tan difíciles algunhas preguntas dos nenos, e aínda dos rústicos, procede de que nacen do entendemento espido de toda preocupación literaria causada polos libros, por opinións, por sistemas e por convencións de cortesía, por obriga ou por hábito, uns a outros. Por esta razón teño dito algunhas veces que estes teñen ofuscada e envurullada a razón natural, e que os primeiros a teñen aberta, natural, sinxela, conforme a concedeu Deus, e limpa de po e palla. “Magna reverentia debetur puero”, di Xuvenal para recomendar que diante dos nenos se observe moita circunspección, así nas palabras coma nas accións²⁰. Eu digo que as súas preguntas son merecentes de moita atención. Así, o principal que se debe buscar para a súa educación e ensinanza é a acertada elección dos seus mestres.

139

Os avogados, que non sei por qué se ergueron co pomposo título de *literatos* ou *letrados*, teñen tanta ou maior obri-

20. ‘Ó neno débeselle moito respecto’.

180

ga ca os mestres de estudantes para dedicárense ó xénero de estudio que propuxen. Un avogado en Galicia (sexa galego ou castelán) que non sabe o latín puro e o facultativo, que non sabe o latín bárbaro da Media Idade que se escribiu en Galicia, que non sabe o galego antigo dos instrumentos e o galego vulgar e actual que en xeral se usa, e o que é especial nalgúns territorios, ese tal individuo nin é *literato* nin *letrado*, nin é nin pode ser avogado, nin informar os xuíces nos preitos dun asunto que é sobre a xenuína intelixencia dunha cláusula, expresión ou palabra dun instrumento antigo, sexa latino, sexa galego. Ese non se debe chamar avogado mais *voceiro*, como se usa nas *Partidas*, pois sen os requisitos propostos poderá meter o preito a voces, pero non entendelas nin caletalas.

[...]

[5.7]

[APRENDIZAXE A TRAVÉS DA OBSERVACIÓN DA NATUREZA]

185

O estudio da Historia Natural é tan conxénito a todo xénero de racionais que non debe formar facultade, confraría ou gremio á parte. Os animais téñeno por instinto e os racionais deben adquirilo por estudio. É un estudio que en todos debe preceder a outros estudos facultativos, sen o cal xamais se saberá con fundamento facultade ningunha. Por falta dese previo estudio lense tantas parvadas, contradicións, ignorancias, confusións, erros e insignificancias nalgúns libros de todo xénero de facultades. Estou certo de que se podería formar un groso volume deses erros particulares evidentes se con atención se len moitos libros unicamente cando tocan algún punto da Historia Natural. [186] É razón xa dar aquí satisfacción a todos os que atenderen ó ton no cal vou escribindo estes papeis: coidarán que eu tomei a pena xulgándome a min mesmo instruído xa nas linguas latina, castelá e galega, e algunha cousa nas linguas grega,

181

hebraea, gótica e nas vulgares, e con algunha especialidade na Historia Natural e na maior parte dos seus mixtos. Protesto a lei de relixioso que estou moi distante de vivir nesa falsa suposición. Non escribo como quen ensina, mais como quen se queixa de que non lle teñan ensinado como quixera que hoxe lle ensinasen se xa estivese en disposición para iso. Arrepentido do que non sei ou non puiden saber, escribo para que outros non cheguen ó tempo de arrepentirse, xa en valuto, podendo precaverse ó principio.

187

Os que coma min vivimos retirados por instinto ou por xenio, non podemos ver e apalpar a infinitésima parte das cousas que Deus creou; só nos queda o recurso a tal cal libro e ás voces ó aire. E como as voces non se caletran ben sen as cousas, nin as cousas sen as voces, alimentámonos de voces e de cousas inintelixibles, porque as máis creounas da nada a nosa fantasía. Quero dicir que non sabemos saír de entes de razón, e máis visto que foi ese estudio o noso leite primitivo nos estudos. [188] Non obstante coñezo que a Historia Natural é conxenial á nosa natureza racional. Polo que a min sucedía, era moito o gozo que me causaba o topar cunha voz castelá ou latina cun significado que penetraba, aínda que non apalpase a cousa, e con máis especialidade se a cousa pertencía á Historia Natural. Contra o ano de 1744 tiña a cabeza inzada e ateigada de nomes, pero sen posuír as ideas das cousas. Só sabía as voces e falaba delas coma un papagaio, e adoecía non pouco por ver os significados.

189

O ano de 1745 pasei a divertirme a Galicia e fixen a mesma xeira o ano de 1754. No tempo que me detiven naquel reino procurei recapacitar o pouco que mamara da lingua galega e fixen especial estudio de recoller e escribir todas cantas voces oía falar ós rústicos e moitas latinas e galegas

182

que por acaso lía nalgúns instrumentos antigos. En especial era o meu principal estudio recoller as voces pertencentes á Historia Natural en toda a súa extensión de árbores, arbustos, herbas, peixes, cunchas, mariscos, insectos, animais, aves e algunhas de minerais. Engadindo ó devandito as voces xeográficas de lugares, montes, ríos, pontes, etc., que pasei na miñas xornadas por Galicia cheguei a escribir cen pregos desta miña letra. [190] Por se aínda fora pouco vir a Madrid cargado de voces galegas, tamén vin cargado con moitísimas cousas da Historia Natural de Galicia. Non hai vexetal de Galicia, nin marisco ou cuncha das súas ribeiras que hoxe non teña na miña cela. E con razón admiran os que veñen a ela a prodixiosa colección que en tan pouco tempo fixen, e isto sendo así que todo o collín polas miñas mans e todo o escribín cos meus dedos, e canto a peixes e mariscos todos os probei cos meus dentes e con abundancia. [191] Despois de voltar de Galicia ó retiro da miña cela, procurei nos momentos libres acertar os latíns correspondentes a todas as voces e cousas, sen omitir tentar tamén as súas etimoloxías reducíndoas case todas a raíces latinas. Tamén procurei pescudar moitos nomes casteláns correspondentes. Confeso que todo o dito é aínda pouco para o que eu quixera saber. Pero apálpase no que levo feito que é abondo o espacio dun ano para que un rapaz galego tomase unha máis que tintura da Historia Natural de Galicia antes de entrar na Gramática, se houbese mestre que lla soubese ensinar. [192] Despois entraría como pola súa casa a estudar latín e con infinda facilidade polo que dixen arriba. Caletraría a pureza do idioma galego, comprendería mellor o latino, e sen querer faríase cargo do castelán e tería os fundamentos para estudar o italiano e francés.

193

En cada cidade e vila populosa de Galicia debería de haber algúns que se dedicasen a ensinar ós nenos a lingua galega con extensión e con propiedade. Non facéndoos estu-

183

diar de cor, que é o cocón e o espantallo que ós nenos fai enxeitar todo xénero de estudio. Había de introducirse só por un ano esa ensinanza para cada neno por vía de entretemento, xogo e conversa, sinalándolle co dedo todas as cousas visibles do país e dándolles os nomes galegos que alí soubesen ou os que usasen noutros países de Galicia. [194] Nese caso, os mesmos rapaces buscarían a porfía e levaríanlle ó mestre as cousas dos nomes que querían saber: levarían froitas, froitos, grans, follas, flores, herbas, paxaros, bechos, peixes, cunchas, mariscos, etc. O mesmo debería de facerse coas cousas artificiais, cos xogos e enredos. Pouco importaba que non soubesen os nomes galegos para todas esas cousas. Cando menos sabían os que había e cada un co tempo podería indagar máis. Tempo houbo en que non tendo visto eu pavos, oíndo contar nun conto que a un mandaran 'gardar os pavos', entendín que o mandaran gardar os *pabíos*, que son os cabos das candeas.

195

Os nenos non poden facer concepto das voces nin das cousas senón polas poucas cousas que viron e polas poucas voces que saben. A un paseo de Pontevedra está o Colexio de Lárez de beneditinos. A tres leguas está o de Armenteira de bernaldos. Por un acaso vira en Pontevedra monxes bieitos con cugulas nunha rogativa. Era tan neno que nin aínda oíra nomear a san Bernaldo nin tiña visto a súa cugula. Sucedeu que pregou en Pontevedra un monxe bernaldo coa súa cugula branca, vino pregar e preguntándome en casa quén pregara, respondín lixeiro: "Pregou un frade de Lárez vestido de branco"²¹. Nin Tito Livio respondería con máis propiedade se non tivese máis especies anteriores cás que eu tiña daquela. [196] Nisto coñécese cánto é preciso e útil que os rapaces entren a estudar a xerga da Gramática fecundados xa de moitas voces galegas (e os casteláns de castelás) e dun

21. O frades bieitos visten túnica negra, mentres que os bernaldos a levan branca.

184

visible e palpable coñecemento das cousas do seu país. Se nunha poboación se examinan doce rapaces de case unha mesma idade e se lles pregunta polo número de nomes que saben, dos cales coñezan tamén as cousas significadas, notarase gran diferenza, uns saberán moitas voces e outros moi poucas. Estes polo descoido dos pais e os outros porque acaso amolarán a todos con preguntas.

197

O ser os nenos moi preguntóns e pescudadeiros é un sinal moi admirable. A estes, se hai quen os diferencie, debe dirixirse a ensinanza con particularidade, pois o querer saber é o mellor principio para logralo. Non hai cousa das que Deus criou que non sexa admirable e que non teña algunha especialidade que agrade algún sentido exterior e todos os interiores. Así pois, o modo de inclinar os rapaces á Historia Natural do seu país sen libros, e só con ensinarlles a súa lingua nativa con extensión, é sinalarlles as cousas co dedo e coa advertencia do que tiveren de curioso e singular, que os afague.

[...]

201

Sobre este pé insisto en que para os nenos galegos tomen unha tintura da Historia Natural do seu país é tiranía facelos estudar de memoria e que comecen polos libros. Iso é para despois, se han seguir as letras. E que as sigan ou non, esa tintura no modo proposto serviralles para o goberno da súa casa e ensinanza verbal dos seus fillos, e aínda para curárense a si mesmos de toda enfermidade que non sexa a da morte, pois para todas hai remedios en calquera país se nel se estudia a Historia Natural e se recollen as observacións dos nativos e se fan outras á súa imitanza. [202] Apalpando as cousas da Historia Natural e sabendo xa os seus nomes galegos, e isto sen estudar de cor, despois tampouco cómpre estudar de cor para ir sabendo os nomes latinos, os caste-

185

láns, etc. e para saber os seus usos e virtudes, ou pola tradición dos naturalistas ou pola lectura dos libros, se seguíren as letras. Os brinquedos que fan os nenos co sabugueiro, co corimbo das hedras ou cagote, coa *persicaria urens*, coa flor da *digitalis* ou estralote e dos subrilotes ou cabaciñas, co celme da apóutega, do xasmín, da flor da paixón, da herba salgueira, dos chuchameles e de todo xénero de froitos e grans. Os brinquedos fanse coas cunchas da xiba, da centola, das cornas e caramuxas, dos camaróns, coas cunchiñas das ameixas, das vieiras, etc.

[5.8] [5.9]

[PEDAGOXÍA A TRAVÉS DO XOGO.
CONTRA O ENSINO MEMORÍSTICO]

203

As diversións dos xogos que corresponden a tal e a tal tempo; o que fan por mor de cazar paxariños, do que só eles poderán escribir moito; do que discorren para facer visgo, ou de acivro ou de leituga brava ou do propio visgo que nace nas árbores, etc., pregunto: ¿para saberen todo isto os nenos estudiaeron algo de memoria? ¿Leron algúns libros? ¿Precisaron do idioma castelán ou do latino? Nada desto. Abóndalles aquel pouco idioma vulgar que saben, e con todo sonlles inesquecibles os nomes galegos de todas as cousas ditas e aínda a moitas llelos puxeron os mesmos nenos, e por tanto son antiquísimos. [204] Máis aprecio oír e saber dúas ducias de voces vulgares que son especiais de nenos e de vellas que todas as voces híbridas e hermafroditas que cada día saen de novo nalgúns libros. Cicerón tiña especial gozo en oír falar a súa sogra porque lle parecía que oía falar os Nevios, Pacuvios e Plautos. Non importa que esas voces estean deturpadas. A dúas voltas que lles der un xenio etimolóxico, reduciraas á súa primeira ortografía, descubrirá a súa antigüidade remota e a súa propiedade significativa.

186

205

No meu país úsase entre nenos a voz *panterlo* e aplícase a un ichó para cazar paxaros sen visgo. E así hai entre eles a expresión “vamos armar ao panterlo”. Non esquecín esa voz, e xa moi cargado de barbas tentei pescudar a súa orixe. Atopei-na polo acaso de ler na *Historia Ludicra* de Balthasar Bonifacio²². *Panther, pantheros* é voz grega que significa un xénero de rede para coller todo xénero de aves, e aínda de animais, do cal tomou o nome. Despois lin que en Francia se usa esa voz algo alterada en *pantière* e que significa o mesmo, e se poderá ver no *Diccionario económico* de Chomèl²³. [206] Non digo que os galegos tomasen esa voz inmediatamente dos gregos, aínda que non sería inverosímil; tampouco acredito que a tomasen dos franceses, a causa da terminación. Crible é que uns e outros a tomarían dos romanos, e estes dos gregos. Introducida no latín a voz *panthero*, farían os romanos de Galicia o diminutivo *pantherulo* e despois os nenos *panterlo*. Os franceses conservan o absoluto en *pantière* e os galegos no seu *panterlo* un diminutivo, e con razón, pois o *panterlo* dos nenos non é rede, senón un *quid pro quo*. É como un cesto feito de vimbio e de figura piramidal, o cal está elevado, con engado e unha trapela, e ó turrar o neno por un cordel, cae o *panterlo* e colle os paxaros debaixo.

207

Poucos galegos saberán esta orixe de *panterlo*, e se algúns o saben, eu escribo para os máis. ¿Que cousa máis doada que conseguir, se se quere de veras que a volta de tantas voces que xa saben os nenos pola súa inclinación, saiban outras infindas máis se nos seus significados se lles fai patente algún uso ou propiedade do seu gusto? Son infindas as

22. “Bonifacio, Balthasar. *Historia Ludicra*, 20 libros. Venecia, 1652”.

23. “Chomèl, Noel. *Dictionnaire Oeconomique* (4ª edición moi aumentada por Jean Marret). Commercy, 1745”; “Chomèl. *Supplement au Dictionnaire Oeconomique*, por Pierre Roger, 4 tomos. Commercy, 1741”.

187

plantas perigosas que hai. Vemos que os nenos andan decote mosqueados a causa da inqueda que lles provoca. Se se lles dixese: “Atende a esta herba, a estoura e á outra, etc.; sempre que che fixeren unha ferida machuca as follas de calquera delas e ponas na ferida e sandará”. A este xeito discorrendo por todas as cousas dos tres reinos da Historia Natural, non só para remedios, mais para outros usos, enredos e diversións. [208] Como os nenos son tan lambóns, bótanse a todo para comelo. Disto ocasionáronse infindos danos e aínda mortes. A ignorancia que os pais e mestres teñen da Historia Natural é causa de todo. Se se lles dixese con agarimo, “atende ben a esta herba que se chama así. Coidado que non lle toques a raíz, follas nin froitos, porque de só tocala, caerás enfermo, e se a comes, morrerás”; ben seguro é que non a comerá.

Cren os nenos do meu país que as amoras teñen veneno porque escoitan a seus pais e a outros nenos que as cóbregas andan envorcallándose por elas e que deixan alí o seu veneno. [209] Nisto noto algo de antigüidade, un pouco de política nos seus principios e moito de ignorante credulidade nos pais. Verxilio deu este consello:

*Qui legitis flores et humi nascentia fraga
frigidus, o pueri, fugite, hinc latet anguis in herba*²⁴

Fraga son os amorodos, que son especie de amoras, e o latín das cales é *Rubus Idaea*. Nesta advertencia aludiu Verxilio ó probervio “*Vipera est in veprecula*”, isto é, que a víbora ou cóbrega aniña nas silveiras. Os pais, para retraeren os fillos que non anden fóra de casa, aterráronos con aquela especie, pois é certo que se os nenos comesen amoras andarían fóra de casa moitos días, pois é infindo o número de silveiras que

24. ‘Ou rapaces que colledes flores e amorodos que nacen da terra, non lle botedes a man, aí se agocha unha serpe aletargada na herba’.

hai en Galicia. Hoxe tamén os barbados o acreditan, pois no meu país ningún come amoras, a non ser algúns estranxeiros, que non os criaron con aquel terror; pola contra, as amoras das silveiras é a maior lambetada dos nenos.

210

Pouco importaría que correse este terror. O caso é que son tantos os terrores, fábulas e parvadas que os pais ensinan ós seus fillos, que os fan timoratos; e échenlles para nada a fantasía de pánicos e a memoria de fábulas e contos, o entendemento de necidades contradictorias e a vontade de antollos e mecos. A isto concorre o cariño excesivo e ó outro a demasiada ignorancia. Débense evitar na educación dos nenos os dous atrancos do esaxerado rigor e da indulxencia desmedida. E no caso de desviarse, sexa cara ó agarimo e o afago, pois á derradeira non son da caste de burricos, que son bos a paos.

MEMORIA. Os dous polos deben ser o premio e a emulación. Despois de ensinarlles, e ben, a doutrina cristiá, as oracións da Igrexa e outras devocións recibidas e usuais, non pasará día en que non se atope o neno con algunha nova instrucción. Isto poderá conseguirse sen estudio, pois todos son naturalmente curiosos de saber se hai quen lles responda; como, pola contra, teñen unha aversión innata a estudar de memoria e, por vía da regra, o que non entenden. ¿E quen non a terá aínda sen temor do castigo?

211

Dicía Mr. Varillas que de dez cousas que sabía, nove adquiríraas polo oído e nas conversas cos doutos; e en verdade que nas conversas non se estudia de cor. Cheguei a sospeitar que os primeiros que inventaron botar a albarda ós nenos de que estudiasen de memoria e que forxaron o falsísimo e malvado adaxio “a letra con sangue entra”, obraron con refinada política. Dirían: se ós nenos se lles ensina ben e non se lles pon un par de espantallos para que os retraian das

letras, todos sairán estudantes e non haberá quen se dedique ó arado, á guerra e ós oficios mecánicos. [212] Esta política solapada veu a parar en que moitos a coidan máxima indispensable, ¿e que tiramos con ela? Todo o contrario. Na concorrencia de moitos rapaces ó estudio apálpase que os de espírito e viveza, que serían aptos xa polo seu nacemento, xa polo seu entendemento, para seguiren as letras con utilidade do público, anóxanse e deixan o estudio, indignados contra a tiranía de estudar de cor e contra a crueldade do malvado adaxio. En troques, os que ó primeiro folio son ineptos para as letras e que semella que os marcou Deus, polo que xa teñen de burricos, para o cultivo da terra e para oficios mecánicos, aturan a albarda e as zorregadas e continúan no estudio. Teño feito moitas observacións sobre isto.

213

Dirán que se non se estudia de cor non haberá quen se poña nun púlpito e que así cómpre exercitar a memoria na nenez. O de exercitar a memoria na nenez téño por necesárisimo e moi útil para o porvir, e todos estes papeis diríxense a iso. Pero o estudar de cor non é exercitar a memoria senón atormentala, ofuscala, trastornala e pór a proba a paciencia da xuventude. ¿Que ten que ver fecundar a memoria de especies fixas, boas, certas, claras e exquisitas con estudar de cor e á letra? O que en Madrid sae a pasear polas rúas e a reflexionar no que ve, volve a casa coa súa memoria inzada de especies ser ter estudiado nada de cor. [214] Pola contra, un neno ó cal no mesmo espacio de tempo se lle cargue e obrigue a que estudie de cor seis ou sete períodos á letra, estará mallándose toda unha mañá, recitando, repetindo, transpoñendo e trastornando o texto, atordando os oíntes, as paredes e aínda a si mesmo. E ó cabo, ¿que tira deste exercicio? Nin estudar ben os períodos, nin entender ben nin mal a substancia, nin fecundar a súa memoria con algunha nova especie. ¿E isto se chama exercitar a memoria?

190

215

Acabo de oír a un castelán que estando en Galicia oíra alí a un rapaz que estaba recitando por meter na memoria isto: “*tu mihi dabis poenas*, tu me las pagarás”. O chiste estaba en que o rapaz pronunciaba *págaras* como esdrúxulo. Así, repetía mil veces: “*tu mihi dabis poenas*: tu me las págaras”. A isto engadía o bordón: “ahora, ahora; dice, dice; *tu mihi, tu mihi; dabis, dabis: tu mihi dabis poenas*: tu me las págaras, págaras, págaras”, etc. ¿É isto exercitar a memoria? ¿Que é isto senón un arbitrio para trastornar as potencias intelectuais da xuventude cando están máis aptas para a ensinanza? [216] Advirto que hai expresión galega case idéntica coa expresión castelá “tu me las pagarás” e que non a ignoraría o estudiantiño, pois a tería oído a seus pais máis veces do que quixera cando o ameazaban con esta tremenda expresión: “cala, que ti mas pagarás”. ¿Pois como o rapaz estudiaba *págaras* e non *pagarás*? Coido que descubrín a causa. Hai en Castela a máxima de que en tales e en tales ocasións nada falarán os estudantes no seu vulgar castelán mais en latín. En Galicia hai máis, e é que cando teñan que falar en vulgar os estudantes, é delicto o falar en galego e non en castelán.

217

Sábese que os galegos non entran ben na pronuncia castelá do *ja* ou *xa*²⁵ e que se han pronunciar a voz *páxaras* como en Castela, dirán *págaras*. Coidaría o rapaz que *págaras* era castelán e así o estudiaba de memoria. ¿E isto é exercitar a memoria ou é exercitar o riso dos oíntes? ¿Que papel faría na memoria daquel rapaz aquela expresión que non entendía? Pois así é todo canto os nenos estudian de memoria forzados e non así o que eles estudian de vontade e polo seu gusto.

[...]

25. Nos dous casos, remite ó fonema fricativo /x/ do castelán; pois na época aínda se utilizaba pra representar este fonema o grafema <x>, en palabras como <caxa>, <baxo> ou <páxaro>, ó lado de <g> e <j>, en palabras como <gente> ou <joven>.

191

268

Importa dous pementos que eu teña ou non teña gran memoria, nin que teña ou non teña algo de entendemento. O que importa saber é que esa práctica de facer estudar de cor ós rapaces segundo o proverbio “a letra con sangue entra” é bárbara, tirana, cruel e moi perniciosa para o adiantamento das letras. E que as queixas de falta de memoria son pretextos ridículos para aborrecer a literatura. Asunto é este de máis gravidade ca o que parece, pois non se toca menos nel que a fundamental instrucción da xuventude. Ben sei que todo o dito pasará por paradoxo nos ollos dos que, como machos de reata, non saben máis camiño que o que lles ensinou o macho que foi dediante.

269

Dirán outros que me aparteí do asunto dun *Onomástico etimolóxico da lingua galega*. Os que se queixan de falta de memoria nin piden nin merecen resposta, pois ou non lerán estes pregos ou cando chegaren a este xa se lles terá esquecido o título. Ós demais respondo que o fin principalísimo destes papeis é espertar os galegos do letargo en que viviron ata aquí tocante ó seu propio idioma. E advertilos da tiranía que se executa coa súa mocidade, facéndoos estudar o latín por medio dunha lingua estraña que non entenden e obrigándoos a que esquezan a que mamaron. [270] E sendo certo que eu vexo como erro pernicioso en xeral o facer estudar os nenos de cor e á letra, quixen desterrar este abuso, e en especial en Galicia. Eu xamais leo, nin estudio, nin escribo para temperar gaitas, nin galegas, nin zamoranas. Nada diso fixen, nin farei, por interese, honras, premios, fachenda, ou para facer de erudito aparente. Nada de todo iso engade ciencia. Tampoco escribo isto para que se imprima, pois xa non está o tempo para ser fato dese calibre. Escribo polo meu gusto e para a miña instrucción, e para exercitarme na demanda da antigüidade, nobreza e pureza da lingua que mamei. E oxalá tivese pensado nisto hai agora trinta e catro anos, pois non viviría

192

arrepentido, e sei que tería entendido mellor todo canto teño lido doutros diferentes asuntos.

271

Polo mesmo, e co mesmo fin, cargarei aquí a man na Historia Natural en común e con especialidade na de Galicia, probando antes que sen un máis que mediano coñecemento da Historia Natural nada pode saberse no natural nin no civil que non for exposto a mil erros e confusións. Non se me interprete do revés. Non digo que en sabendo a Historia Natural saberase todo. Digo que non precedendo o coñecemento da Historia Natural nada se saberá ben. Ó modo que se poderá dicir que sen unha numerosa librería e selecta, ningunha, pouca ou moi chafalleira erudición se poderá ter. Pero cunha semellante librería, e ben colocada nos andeis, con só iso, digo, poderá suceder que o dono non posúa chisco de erudición.

[...]

[5.10]

[NECESIDADE DE REDACTAR UN MANUAL DE HISTORIA NATURAL]

342

É ben certo que o que ó lerse causa especial admiración queda indeleble na memoria. E isto aínda sendo finxido o admirable por erro do que o le ou oe, que coída ser moi certo. Aquí está a orixe de que os nenos lembren tanto as heroicidades dos Doce Pares, as aventuras de Don Quixote, etc. ¿É quen dubida de que igualmente lembrarían os visibles prodixios que realmente existen dentro da Historia Natural, a infinda heroicidade que Deus exerce en todo o creado e as aventuras enxeñosas que os homes acometeron para indagar a verdade e desterrar os descomunais vestixios da avellentada ignorancia? Véxase aquí cánta utilidade se lograría se a infancia se instruíse na Historia Natural. [343] Dirán que non hai libros para isto. É así que ningún hai de

193

proveito. ¿E por que non hai? ¿E por que non o ha de haber? ¿E por que o público non pode solicitar que se compoña, se imprima e se faga trivial entre os nenos? Cómpre que se forme un curso de *Historia Natural Universal* conciso e metódico. Non debe entrar nese curso especie ningunha que non sexa evidente e ó menos moi certa. O curso escribirase en castelán e debe traducirse ó galego para que os barbados galegos e casteláns teñan por onde comezar.

344

Dese curso farase un compendio en castelán para os nenos casteláns e traducirase ó galego para que os nenos galegos teñan en que ensaiar cando se lles vai ensinando a súa lingua nativa. É indispensable que nese curso entre o índice de todas as voces da Historia Natural en latín e en castelán, e no curso galego en galego, castelán e latín. Destarte xa terán os poetas romancistas nese curso canto puideren desexar de certo para as súas descrições e pinturas, sen que isto quite que se dediquen a outros libros. Eu só falo aquí da Historia Natural, que xulgo indispensable para que os poetas romancistas digan menos necidades e poida o seu nume lucir neste punto a pouca custa, pero con sólida lectura.

345

Dirán que nin hai voces latinas para tantas voces vulgares, xa castelás, xa galegas; nin hai voces vulgares para tales voces latinas. Este é un erro pernicioso ó cal se abeira a febleza, desidia e aversión para non dedicarse á Historia Natural. Se se remexe nos libros dubido que neles non se atope un latín puro, de Media Idade ou que hoxe usan os modernos, para calquera cousa da Historia Natural que se sinalase. Non digo outro tanto das voces vulgares correspondentes ó latín. ¿Como se atoparán nos libros se a penas hai libros casteláns de proveito que traten da Historia Natural? ¿Que importa que non se atopen nos libros e receitarios se se atopan, usan e son

comúns nas bocas e conversas dos españois que non son literatos nin len libros?

346

Recóllanse todas as voces da Historia Natural que ata agora non saíron ós libros, pero que actualmente se usan en Castela e nas súas veciñanzas. E sei que ningún dirá que hai poucas voces vulgares para o latín. Dirán que as voces das provincias non deben entrar na lingua castelá. Esta é outra capa da desidia. Se iso fose así, era preciso desterrar a maior parte das voces castelás que están nos dicionarios e que neles se advirte que son provinciais.

[...]

348

Digo que calquera voz que en España se use para significar algunha cousa da Historia Natural, se buscándoa non se atopase no castelán, débese usar, e con preferencia a calquera outra estraña, italiana, francesa, etc. Non falo do vasco, mais das provincias que usan dialecto da latina. Se hai voz castelá, é escusado traela doutra parte; se non a houber, porque non ten a cousa, ou non se coñece, ou non é nomeada, ¿quen dubida que esa voz de provincia se debe escribir e usar en castelán? ¿Quen dubida que esa voz debe ser preferida a outra de lingua de fóra de España?

349

Pero non se debe dicir que o castelán non ten voz correspondente a tal latina da Historia Natural se antes non se procuran e recollen as voces usuais de lingua que non se poden achar nos libros porque os seus autores sabían pouco da Historia Natural. Dunha cotenada desaparecerá toda confusión, v. g., *melón* é o animal *teixugo* (castelán *tassugo*) derivado do latín *meles*, *is*, que significa o mesmo animal. É voz usada contra Carrión. Ben que *tassugo* sexa castelán, é máis castelá a

voz *melón*. [350] ¿As voces de peixes, mariscos, cunchas, etc., serán moitas en castelán se non se adaptan as voces das provincias? E se se adaptan unhas, ¿por que non se han adaptar as demais que faltan no castelán? Sempre falo das voces de cousas da Historia Natural que se crían en España e os nomes das cales non sabemos por falta de libros que as traían e expliquen. Se as cousas non se crían en España, nin teñen, polo mesmo, nome ningún, é preciso adaptar e harmonizar á castelá o nome vulgar do país onde nacen e non mendigar o nome que outros países, onde non nacen, lles deron.

351

Destarte aumentará a lingua con voces substanciais e moi necesarias para todo. O costume de meterse calquera a traductor ocasionou que xa a linguaxe dun libro castelán semelle de lingua morta ou de libros e non de lingua viva ou vulgar. Isto débese a que algúns tradutores non sabían palabra da Historia Natural e estaban moi carentes das voces castelás que había para ela. Acaso nin aínda saberían as poucas que hai nos libros, e sen acaso, as infindas que de viva voz se conservan na linguaxe común. [352] Disto seguiuse unha aversión a ler libros ou non entendelos se se len. ¿Por que vou chamar eu linguaxe castelá a aquel libro que se se le perante un gran concurso de xente do centro de Castela, e a penas hai catro casteláns que o entendan? Non pensaría que chegaba a tanto isto a non ter experiencia, aínda contra min mesmo. A un amigo meu castelán e que profesaba unha das tres facultades maiores, dei os meus dous tomos da *Demonstración crítico-apologética* para que os lese. Leu algo. Pero quedei pampo cando, vindo á miña cela, me dixo que non entendía moitas das voces que eu usaba. Dixenlle que, conforme ía lendo, fose apuntando nun caderno as voces que non entendía, que eu llas explicaría con extensión e claridade.

196

353

Dobrouse o meu atordamento cando lin no caderno as voces que non entendera. Non falo das que eran propias dalgunha facultade ou de erudición pouco trivial, pero das que eu xuraría que entendían todos os casteláns e que por iso as usara. Daquela, facéndome xuíz de min mesmo, sentenciei que os meus dous tomos tiñan moi pouco do idioma castelán verdadeiro e que só falaba neles o híbrido castelán da moda, que se escribe e non se fala, e que se se le nalgún concurso de casteláns e puros romancistas, todos quedan en xaxún. [354] Se se xuntasen as voces da Historia Natural de España que se falan e aínda non están escritas, e se imprimisen ou por ABC ou nun onomástico, logo se farían comúns a toda España e non tardarían os estranxeiros en pasalas ós seus libros da Historia Natural. Hoxe é moda nas nacións tirar dicionarios políglotas (ou de moitas linguas) das cousas da Historia Natural. E é unha mágoa ver o curto número de voces castelás que fan papel neles.

355

Pero debo advertir que se os que van recoller esas voces castelás non teñen máis que un mediano coñecemento da Historia Natural, recollerán confusións, contradicións e erros, e serán peores ca os primeiros. Debe intervir unha moi delicada crítica, e un oír a moitos de todas clases e idades, antes de fixar a voz que se vai recoller. E advirto dúas cousas: primeira, que se a voz vulgar significa cousa que non é común no país, debe ollarse con desconfianza; segunda, que se esa voz cheira a botica, ou é de Dioscórides ou da linguaxe de cirurxiáns e médicos, e non se debe recoller. Eses nomes non se deben de estudar nin entender na multitude, senón nos libros que ex profeso tratan da Historia Natural. [356] Canto as voces vulgares foren máis insólitas e revesgadas, será outro tanto ouro para o meu intento, sempre que sexan antigas no país. Esas serán as verdadeiras castelás que se deben recoller e restituír á lingua. Por esta razón non se debe pensar en recoller moitas

197

voces nun só país, mais en cada país as máis singulares e de cousas que todos apalpen e toquen. Facendo isto en cada país xuntaranse infindas voces, todas certas, fixas e útiles. Despois será máis doado enxergar a súa etimoloxía e moito máis doado coñecer as súas propiedades polos libros.

[...]

[5.11]

[TOPONIMIA GALEGA]

396

[...] En vista de todo o devandito, vexan os retóricos, oradores, poetas, etc. que, ou se deben dedicar antes á Historia Natural, ou dirán moitos desatinos con nume e intelixencia. [397] Semellarán inconexos os estudos destas dúas facultades. Pero eu farei que o sexan para que necesiten da Historia Natural. Non falo da Xeografía en canto comprende o especulativo e cosmográfico, nin o físico, pois todo iso é a mellor porción da Historia Natural. Falo da Xeografía política e práctica e do que dependeu do beneplácito do homes. E aínda nisto, non falarei da Xeografía de toda España, mais unicamente da Xeografía do Reino de Galicia e da orixe dos nomes dos seus lugares.

En igualdade de terreo é máis abundante Galicia do que Castela no número de nomes de lugares. As parroquias, freguesías e poboacións de Castela teñen todos os seus veciños xuntos e apiñados, moi achegados á igrexa, e as súas herdades case a unha legua distante en arredor, sen vivir nelas veciño ningún. Pola contra, en Galicia os veciños teñen as súas casas espalladas polas herdades e ás veces cunha enorme distancia da igrexa. Seis, oito ou dez veciños, e ás veces só tres ou catro, que viven xunto á igrexa, compoñen un lugar que se chama en galego *o lugar da igrexa*. A imitanza disto, cada pelotón de casas ou veciños que están espallados por todo o territorio compón un lugar con nome distinto. De

198

aquí resulta que en Castela unha aldea só ten un nome e un lugar e que unha aldea de Galicia ten seis, dez, quince, deza-oito, vinte e máis lugares con distintos nomes.

Esta distribución dos veciños é a que aumentou a poboación e veciñanza en Galicia, o número dos lugares e o maior cultivo das terras. Pasan de tres mil parroquias as que hai en Galicia, e tendo en conta os seus lugariños non é ponderación que en Galicia haxa pasados vinte mil lugariños cos seus respectivos nomes. Se algún dixer que en Castela hai tamén moitos nomes xeográficos dentro dunha parroquia, contando o nome de lugares e sitios, aínda que non teñan veciños; digo que tamén en Galicia hai, ademais dos lugariños, infindos nomes de sitios e herdades. Con esta diferenza para o exceso: que o sitio e herdade en Castela ocupa moito terreo e en Galicia cada recanto ou palmo de terra ten o seu peculiar nome.

[...]

398

Facendo un prudente cálculo, coido que haberá en todo o Reino de Galicia cen mil nomes xeográficos separados, aínda que non distintos, pois un só nome atribúese a infindos lugares. Teño os nomes de todas as parroquias de Galicia. E non contento con isto, procurei recoller nas miñas camiñadas todos os dos lugariños de moitas parroquias e aldeas por onde transitaba. E se estivese no Reino máis de vagar, recolleríaos todos e non me sería difícil distribuílos en dez ou doce clases sen gastar moito papel. [399] Isto debían ter feito, con método e clareza, os que en Galicia se ocuparon en facer inventarios das miserias galegas²⁶. E non sería malo que, obe-

26. Refírese ó célebre Catastro de Ensenada, primeira tentativa de censo universal de poboación do Reino de España. Sarmiento deploraba que non se aproveitase o inquérito para obter máis e mellores datos, previa preparación dos enquisadores.

199

decendo o Decreto Real de Filipe IV²⁷, fixesen antes inventarios das miserias con que algúns entraron na administración de Facenda Real, Xustiza, Empregos, etc., e que eles desen inventarios das súas antes de inventariaren as alleas. Uns e outros memoriais xurados servirían para o cotexo e para saber qué miserias subsisten ou aumentan en España e qué miserias pasaron da noite para a mañá a ser riquezas escandalosas, sen herdanza, sen caso fortuíto e sen dereito.

400

Estes inventariadores ditos deberon facer un inventario do que Deus creara en Galicia, de todos os sitios xeográficos, de todas as voces galegas e de todas as antigüidades visibles que atopasen. E isto non impedía o que tamén cumprisen coa súa comisión principal. Todos os eruditos se deben magoar de que se perdese ocasión tan acaída, e máis custeándoa o rei, e no oculto, contra a súa real vontade, e só a título de estafa e embude, recusteándoa as xentes; ocasión, digo, de recoller infindos materiais para unha Historia Natural e Xeográfica do Reino de Galicia, e o mesmo digo das outras provincias de España.

401

A moitas cousas atenderon os que puxeron nomes ós sitios xeográficos. Os máis fúndanse sobre cousas da Historia Natural. E se esta non se sabe, mal se poderán saber as orixes deses nomes e seguiránse mil erros de confundilos. Como o meu principal fin nestes apuntamentos é descubrir os tesouros que agocha o idioma galego para que a xuventude e os barbados de Galicia se dediquen a cultivalo, apuntarei aquí a

27. Explica o autor no parágrafo 386: "Ó entrar Filipe IV no seu reinado, expediu un Real Decreto que lin impreso na *Historia de Madrid*. Mandaba nel que todos os que habían de entrar a administrar xustiza e facenda, presentasen antes un memorial xurado e xurídico de todo canto daquela posuían de seu".

200

etimoloxía de moitos sitios xeográficos de Galicia. Só por comparanza e por incidencia falarei dalgúns de Castela ou doutros países. Os casteláns verán aquí o modo, e doado, para facer o mesmo respectivamente a súa Xeografía, pois eu só escribo para Galicia e para os seus naturais.

402

Entendo aquí por *sitio xeográfico* en xeral todo nome de cidade, vila, aldea, lugar, sitio, montaña, monte, outeiro e alto; val, río, fonte, lago, lagoa, mar, ría, castro, terra, partido, arcedianato, arciprestado, xurisdicción, etc. Claro está que é unha quimera que eu poida responder a todo, nin acaso á centésima parte. Teño moi poucos materiais. Pero con eses que teño farei ver, falando por clases, que calquera galego erudito, seguindo o mesmo método, poderá adiantar infindo neste asunto se antes se dedica á Historia Natural.

403

De todos os nomes dos sitios xeográficos de Galicia hai uns antiquísimos e anteriores ós romanos en Galicia. Destes falarei pouco ou nada, pois non gusto de gastar o tempo en pescudar o que xa é impescudable. Digo que por vía da regra eses nomes ou serán orientais e primitivos, ou serán gregos, ou serán célticos. Se se soubese cáles eran gregos, algo se podería tentar na súa etimoloxía. Se se soubese cáles eran orientais, algo se podería conxecturar tendo a Bochart²⁸, e esborranchar un pouco de papel. Se se soubese cáles eran célticos, en virtude do *Diccionario céltico*, que xa hai, tamén se podería rabuñar algo. Pero como todos eses nomes das tres clases ditas non se poden enxergar de fixo, aumenta a dificultade para calquera deles.

28. "Bochart, Samuel. *Geographia Sacra, ou Phaleg e Canaan*, un tomo. Leyden, 1707".

201

404

Supoño como constante que antes de gregos e celtas xa estaba poboada Galicia. Supoño cos autores que, rematada a guerra de Troia, algúns troianos e gregos, vindo por mar a España, se achegaron ás costas marítimas de Portugal e en especial desde as bocas do Douro ata as bocas do río Tambre. Supoño, e como máis certo, que os celtas que habitaban o río Ródano fixeron irrupción en España como vagabundos, dado que non cabían no seu país, ó modo que hoxe fan os esguizaros descendentes dos celtas montaraces. [405] Estes, entrando por Cataluña e asociados ós iberos, formaron o nome de Celtiberia. Como eran moinantes e vagabundos, estendéronse ata o último de Andalucía. Postos alí entre o Guadiana e o Texo, deulles outra arroutada, e con algúns agregados do país viñeron ata o país da Coruña, onde pararon. Pasaron o río Limia e alí sucedeu o que saben todos. Espalláronse os que o pasaron. Pasaron o Miño e polo país de Pontevedra, e como aquel país pola súa natural e humana fecundidade estaba moi habitado, non se detiveron. Pasaron a ría do Padrón e a de Noia e fixeron asento fixo no terreo que está entre o río Tambre e o río de Viveiro, que non estaba tan habitado.

406

Todo o dito vai en groso, pois non é doado describir o camiño duns moinantes. O terreo que hoxe chaman de Bergantiños é o máis famoso que conserva o nome dos pobos *brigancios celtas* que o ocuparon. Así, A Coruña chamouse *Pharum Brigantium*, e é erro dicir que este é Betanzos, aínda que non me opoño a que Betanzos teña alusión ós *celtas brigantios*. Pero aínda nese caso é preciso minorar a súa tanta antigüidade crida, pois moito antes que os *brigancios* asentasen en Bergantiños, xa estaban fundados moitos lugares, e famosos, na costa marítima occidental de Galicia, que fundaron ou acrecentaron os gregos. [407] Plinio, na descrición que fai do país dos bergantiños, aínda que non fai memoria deses

202

pobos, supón que aínda había cara alí entón pobos dos celtas contradistintos dos romanos. O mellor é que alí hai o arci-prestado de Céltigos, e hai o lugar de Céltigos noutras partes. Así, consérvase rastro dos pobos celtas que se fixaron alí. Os *brigantios* en Bergantiños, os *némitos* ou *németes* no arcediagado de Nendos, que en latín se chama *Nemitos*. Os *carnotenses* no país da Carnota. Os *centróns* na punta e lugar de Centroña, entre a ría de Betanzos e a de Pontes de Eume. Os *virgunnios* nos Bergondos. Os *presamarcos* en Posmarcos, etc. E acaso os *nerios*, que Plinio chama *celtas*, que estaban xunto ó cabo de Fisterra, conserváronse no monte Neriga, que está cara a Corme.

408

Omito poñer outros nomes de sitios galegos fóra de Bergantiños que acaban en *briga*, como Nemetóbriga, poboación dos *németes*, Volóbriga, etc. Iso pide máis tempo para acertalo de raíz e sempre andariamos divagando. Vou falar dos nomes que sucederon ós tempos tan remotos. Entro con dúas suposicións: primeira, que a maior parte son latinos e que a outra restante se debe dividir en nomes suevos e góticos, e porque eu non os sei distinguir entre si, chamarei en confuso xa godos, xa suevos. [409] Cando fixeron irrupción en Galicia os suevos e despois entraron os godos, xa Galicia tiña infindos nomes dos sitios xeográficos que lles puxeran os romanos. E despois, a imitación deles, tamén puxeron algúns os suevos e godos. E finalmente os galegos, usando xa da súa lingua vulgar, puxeron outros que son máis doados de entender e, polo común, son derivados de voces latinas. Cómpre, para idear algún sistema, que todos eses nomes se distribúan por clases para promover a intelixencia e axudar moito a memoria.

410

Permítaseme que ó meu xeito distribúa todos os nomes xeográficos de Galicia nas clases seguintes:

203

- I. Dos nomes da Historia Natural, exceptuando os de Botánica.
- II. Dos nomes tomados de vexetais.
- III. Dos nomes impostos pola disposición do terreo.
- IV. Dos nomes postos polas proximidades a outros obxectos.
- V. Dos nomes que aluden ó fundador ou posuidor do sitio, se foi romano.
- VI. Dos nomes que aluden ó fundador ou posuidor, se foi suevo ou godo.
- VII. Dos nomes que aluden ó fundador ou posuidor, se foi galego posterior.
- VIII. Dos nomes dos sitios marítimos que aluden a cousa de mar.
- IX. Dos nomes que aluden a algún edificio antigo ou moderno.
- X. Dos nomes soltos, sen atarse a clase.

411

A estas dez clases poderán reducirse todos os nomes dos sitios xeográficos de Galicia, separando a un lado os antiqúsimos. Poñerei algúns exemplares para cada clase e coa orixe de cada nome cando non está moi a primeiro folio.

CLASE I

412

Son moitos os nomes xeográficos que hai en Galicia e que aluden á Historia Natural, prescindindo aquí da Botánica, v. g.*:

Foyllebar	de <i>Fogium Lupale</i>
Lobeyra e Matalobos	de <i>Lupus</i>
Leboreyro	de <i>Lepus: Leporario</i>
Raposeyras	de <i>Raposa</i>

* Nestas listas, reproducimos sen adaptación (nin sequera ortográfica) as formas que dá o autor.

204

Crabeyra	de <i>Capra: Capraria</i>
Cerbas	de <i>Cervus</i>
Monte Cabalo	pola figura
Río dos Sapos	do grego <i>Saps, sapos</i>
Cobres	¿de <i>Coluber</i> , que é a cobra?
Poza das Rans	de <i>Rana</i>
Mosqueyro, Moscoso	de <i>Musca</i>
Isla dos Ratos	de <i>Ratón, rodo, is</i>
Gatomorto (Pía)	de <i>Catus, gato</i>
Ponte do Porco	de <i>Porcus</i>
Porqueyra	<i>Porcaria</i>
Ponte das Poldras	<i>Pullastro: potra</i>
Campo de Vezerro	<i>Vitulus, Vitellus</i>
Pedra do Lagarto	<i>Lacerta</i>
Lagartóns	<i>Lacertus</i>
Cerponzóns	<i>Serpentones. Instrumento</i>
Teyxugueyras	<i>Teyxugo, Taxus</i>
Carvallo do Can	<i>Canis</i>
Pè de Múa	<i>Mula</i>
Touràl	<i>Taurus</i> (acaso)
Formigueyros	<i>Formica</i>
Bacariza	<i>Vacca</i>
Corveyra	<i>Corvus</i>
Lagartoso	<i>Lacertus</i>
Caga-Boy na Fonte	<i>Bos, ovis</i> ²⁹
Mexa Boy	<i>Mingit Bos</i>

413

Touro (Pía)	<i>Taurus</i> ³⁰
Besteyros (Pía)	<i>Bestia</i>

29. "Sacar de Bois, en Caldelas. *Bois* non é *Boves*, senón parte de *Riparia, Riboyra Sacrata* ou *Sacra Reboyra*; fixen evidencia disto en prego á parte" (Nota de Sarmiento). Efectivamente, o noso autor redactou un escrito sobre este topónimo, titulado *Etimoloxía do nome e lugar de San Martiño de Sacar de Bois*, datado en 1758.

30. " *Tourón* xunta Pontevedra. Pía. *Tourón* significa dúas cousas: primeira, o touro pai; segunda, un animalucho silvestre como furón ou rato, en cas-

205

Cervantes	<i>Cervus</i>
Cervaña	<i>Cervus</i>
Golpellares	<i>Vulpecula</i> ³¹
Porqueyros	<i>Porcus</i>
Escornabois	<i>Boves</i>
Gulpillás	<i>Vulpecula</i>
Pejada da Vaca (pisada)	<i>Vacca</i>
Formigosa	<i>Formica</i>
Coto dos Teyxugos	<i>Taxus</i>
Cabreyros	<i>Caprarii</i>
Miñotos	<i>Milvus</i>
Curuxeyra	<i>Nicty-corax</i> e
Coruxa	<i>Noctua</i>

414

Falcoeyra	<i>Falco</i>
Ínsua da Pillara	<i>Phalaris</i> acaso
Ínsua das Gaybotas	<i>Gavia</i>
da Aguia	<i>Aquila</i>
Niño do Corvo	<i>Corvus</i> ³²
do Azor	<i>Astur, uris</i>
Pombar	<i>Palumbario</i>
Pombeyro	<i>Palumbario</i>
do Cuquelo	<i>Cuquillo</i>

415

Monte das Anduriñas	<i>Hirundine</i>
do Ralo	<i>Ralo</i> , ave nocturna
Coruxa	<i>Nycti-corax</i>
Cuqueyra	<i>Cuquillo</i>

telán *turón*, os seus pelos serven para os pinceis; en galego, *tourón*, e en latín, *nitedula*. ¿De *tyros*, queixo?" (N. de Sarmiento).

31. "Golpejares, castelán" (Nota de Sarmiento).

32. "A voz *niño* significa en galego lugar onde crían as aves, así: *nidus*, *nilo*, *nino*, *niño*" (N. de Sarmiento).

Paxarinol	<i>Passer</i>
Mazaricos (Pía)	<i>Ave mariña</i>
Buytiròn	<i>Vultur</i>
Passarelos	<i>Passer</i> ³³

416

Alveos	<i>Alveare</i>
Alvarellos	<i>Alvearia</i>
Bispeyro (Monte)	¿De <i>vespa</i> ?
Cebreiro ³⁴	[De <i>cebra</i>]
Aguiar	<i>Aquila</i>
Paxarín	<i>Passer</i>
Formigo	<i>Formica</i>
Abelleyra	<i>Apis</i>

417

Percevelleyra	<i>Percevellos</i> , os chinchos
Zapal (Ponte)	<i>Sapo, Bufo</i>
Matacans	<i>Canis</i>
Tessoeyras	<i>Taxus</i>
Cigoñeyra	<i>Ciconia</i>
(río de Barbadelo)	
Miñoteyros	<i>Milvus</i>
Buytureyra	<i>Vultur</i>
Falcoeyra	<i>Falco</i>
Isla dos Sagres	<i>Sacer, sacre</i>
(cara a Palmeira)	
Rabo de Egua	<i>Equa</i>
A Perdiz	<i>Perdix</i>

33. "Cigarrosa. Crese que é de *cigarra*, *cicada*. É erro. Escribín un prego sobre ese sitio, é dos pobos *ciguros*" (N. de Sarmiento). Refírese ó escrito *Etimoloxía da voz Valdeorras e da súa ponte Cigarrosa*, de 1758.

34. "O famoso, outro sobre a Limia, ó sur, outro cara a Toledo. Todo do animal silvestre *cebra*, que é o *onager*. Escribín sete pregos sobre este fermoso animal perdido, que había, se cazaba, e se comía en España. Outro en Galicia." (N. de Sarmiento) O autor refírese a un escrito de 1752, intitulado *Sobre o animal Cebra*.

Loboso	<i>Lupus</i>
Años (en Tui)	<i>Agnus</i>
Jovencos	<i>Juvenus</i>
Alvariza	<i>Alveare</i>
418	
Corzanes	¿De <i>corzo</i> ?
Cou Cerval	¿De <i>collis - cervi</i> ?
Abelliñas	<i>Apis</i>
Urros	¿De <i>urro de ulula</i> ?
Punta da Balea	<i>Ballaena</i>
Ostras	<i>Ostrea</i>
Sardiñeyra	<i>Sardina</i>
Lagostreyras	<i>Gavia</i>
Lagostreyras	<i>Locusta</i> (Areal de)
Rayeyros	<i>Raya</i> (Areal de)
Aguas Santas	<i>Sancta</i> (Medicinal)
Caldas	
Caldelas	
Caldiñas	de <i>Augas cálidas</i>
Caldons	
Río Caldo	
Baños	
Baliñas	de <i>Balneum</i>
Baiñas e Baliña	<i>Balineum</i>
Baiña e	
Bande	
Banalzo, río de Caldelas, en instrumento	
Feixa e Freixa	catarata, de <i>Frango</i>
Ferverza	<i>Ferveo</i>
Burgas	
419	
Cachón de agua	
Fonte	

Fontán	
Fontã	
Fontaneyra	
Fontaiña	de <i>Fonte</i>
Fontenla	
Fontar	
Fontao	
Lagoa	
Lagoas, Lago	<i>Lacuna</i>
Gurgullon	<i>Gurges</i>
Samieyra	<i>Seminaria</i>
Sada	
Saa	<i>Sata</i>
Sà	
Serantes	
Sarantes	de <i>Sero, Satum</i>
Sarantelos	
Sarandón	
Zarandóns	
Seára, Siareyros	
Senra, Seaya	
Seraje	
420	
Saavedra	<i>Sata vetera</i>
Agra, Agrelo	<i>Ager</i>
Agras	<i>Ager</i>
Laxe	
Laxinde	
Lastra	
Lapamán	de <i>Lapis</i>
Lousada	<i>Laas</i>
Lousadela	
Lousame	
Lousaneta	
Laxiñas	

Layosa	
Montouto	<i>Monte alto</i>
Monzón	<i>Monte grande</i>
Montecelo	<i>Monticellus</i>
Seixo	<i>Saxum</i>
Seixoso	<i>Saxosus</i>

CLASE II
DE VEXETAIS PARA A XEOGRAFÍA

421

Hai infindos lugares e sitios en Galicia con alusión a vexetais, v. g.:

Amarelas	<i>Calta, flor Maravillas</i>
Ameyxeyra	<i>Mixaria, Prunus</i>
Ameyxenda	
Ameyxinde	
Meyxoeyra	
Meyxide	
Argomoso	<i>Argoma, Toxo</i>
Aveleyra	<i>Avellanaria</i>
Aveleda	
Avelenda	
Avelindo	
Avelaíndo	
Avelayra	
Aveledo	
Aveledos	
Avelal	
Avelan	
Azebeyro	<i>Aquifolium</i>
Acibal	
Acevedo	
Aceboso	

210

422

Bidueyro	<i>Betula, Betulario</i>
Biduedo	<i>Betuletum</i>
Biduído	
Bidourèdo	
Bidueyra, monte	
Bifereyra	<i>Ficus bifera, brebas</i>
Codesal	<i>Cytisus</i>
Codeseda	
Codesido	
Codeseyra	
Codesoso	
Codesal	
Caramiñal	<i>de planta caramiña</i>
Camariñas	<i>O mesmo trasposto</i>
Carpazás	<i>Carpaza</i>
Carpazàl	
Carpazanes	
Chaguazoso	
Chaguazedo	<i>Carpaza</i>
Cardoso	<i>Carduus</i>
Cidràs	<i>Citriales</i>

423

Carvalledo
Carvallido
Carvalleda
Carvalleyra
Carvallal
Carvallosa
Carvalliño
Carvalla
Carvallediño
Caxigal
Caxigoyro
Cerquido

211

Cerqueda	
Cerceda	
Cerqueyro	
Carqueyxeda	
Carcacia	
Carrasqueyro	<i>Carex</i>
Carrizans	
Carracedo	
Ceboliño	
Centear, Centeás	<i>Centenar</i>
424	
Castiñeyro	<i>Castanea</i>
Castañeda	
Castenda	
Castiñeyra	
Castiñeyriño	
Castiñeyras	
Castañeyro	
Cereyxo	<i>Cerasus</i>
Cereyxido	
Cerdedo	
Cerdido	
Cerdedelo	
Cerdeyro	
Cerezeda	
Cerdeyras	
Cerdeyriñas	
Cerdeda	
Cerdeyra	
Cerdeyros	
Cornido	<i>Cornus, cerdeira brava</i>
Cornide, Cornado	
Cornedo, Cornero	
Corneda, Cornazo	
Cangas	<i>Cannicas</i>

Canedo	<i>Cannetum</i>
Caneda	
Canoso, Canizar	
Canaval	
Canido	
Candedo	
Candeda	
Candaído	
425	
Erbedeyro	<i>Arbutus</i>
Erbededo	<i>Arbutetum</i>
Erbedal	<i>Erbado</i>
Erbedosa	
Engo, Fuente do, en Pontevedra	<i>Ebulus</i>
Escoureda	<i>Esculeta, Esculus</i>
Escurel	
Courel, acaso	
Espiñeyro	<i>Spinus</i>
Epiñeyra	<i>Espinoso</i>
Espiñaredo	<i>Espiñeyros</i>
Espiñeirido	
Espincelo	
426	
Figueyra	<i>Ficus, Ficaria</i>
Figueyredo	<i>Ficaretum</i>
Figueyrido	
Figueyras	
Figueyròa	<i>Ficariola</i>
Figueyrô	
Filgueyra	<i>Filix, Filicaria</i>
Felgueyra	
Folgozo, Folgosa	

Folgueyra, Filgueyros
 Folgueyriñas
 Fillagosa, Fuente, Pontevedra
 Fenteyra
 Fentosa
 Fental
 Fentáns
 Fabal *Faba*
 Fiulledo
 Fiolledo *Foeniculetum*
 Ferrañol *Far, Ferran*
 Freixo *Fraxinus*
 Freyxeiro
 Graízes *Granum*
 Gesta *Genista*
 Gesteyra
 Gestedo, Gesteda
 Gestido
 Gestoso
 Gestal
 Gesteyro
 Hedrosa *Hèdera*
 Hedrada
 Junqueyra,
 Junqueyras *Juncaria*
 Lentellais *Lenticula*
 Lodayro, Loeda *Lotus*
 Lesta *Lesta, herba*
 Lestedo
 Leston
 Loureyro *Laurus*
 Louro
 Louredo
 Loureda
 Lourido
 Lourizan

Lorenzana
 Lór
 Loredó
 Louriña
 Louriño
 Liñares *Linum*
 Liñaran
 Lampazas *Lapathum*
 Maceyra *Malus matiana*
 Maçayra
 Maçedo
 Maçeda
 Maçenda
 Manzaneda
 Macendo
 Mazenlle
 Moreyra *Morus*
 Moreyròa *Morus minor*
 Moreyras, Moreda
 Moreyras, Moredo
 Milleyros *Milium*
 Millarada, Mixòs
 Nespereyra *Mespilum*
 Mezquita *Ruscus*
 Nogueyra *Nux, nucaria*
 Nogueyras
 Nogueyroa
 Nogueyroa
 Nogales, Noz
 Nocado *Nucetum*
 Noceda
 Nocedas
 Olveyra *Oliva, Olivaria*
 Olveyroa
 Oliveyra
 Olveròa

Olived	<i>Olivetum</i>
Ortigueyra	<i>Urtica</i>
Ortegal	
Verducido	<i>Vrticetum</i>
Paizàs	<i>Panicum</i>
Paiceyros	
Palmeyra	<i>Palma</i>
Pexegueyro	<i>Persicario</i>
Piornedo	<i>Piorno, pluviurno</i>
Piornal	
Pumar	<i>Pomarium</i>
Pumariño	
Pumariega	
Pino	<i>Pinus</i>
Piñeyro	<i>Pinaris</i>
Piñeyra	
Piñeyras	
Pereyra	<i>Pirus, Piraria</i>
Pereyro, Pereyriña	
Pereyras	
Pereda	
Quiroga	<i>Carioca, de Carex</i>
Queyrogas	
Queyruga	
Queyrogenes	
Queyroas	
Rosal	<i>Rosa</i>
Reboredo	<i>Robur</i>
Reboreda	<i>Rebor</i>
Rebordelo	
Rebordaos	
Rebordoso	
Rebordiño	
Rebordiños	
Rebordelos	
Salgueyros	<i>Salix, Salicaria</i>

Salcedo	<i>Salicetum</i>
Salcido	
Salcidos	
Salgueyras	
Salgueyron	
Salgueyral	
Salceda	
Sanguiñedo	<i>Sanguinetum</i>
Sanguiñeda	
Sabugueyro	<i>Sambucus</i>
Sabugueyra	
Sabugal	
Sabucedo	
Sobreyra	<i>Suber</i>
Sobredo	<i>Suberetum</i>
Sobrido	
Sobreda	
Sobradelo	
Sobrado, Sobreyrado	
Sobroso	
Sobran	
Sobral	
Sobrada	
Sobrecedo	
Sobreyro	
Sobreyras	
Silva	<i>Sylva Rubus</i>
Sylveyra	
Sylvoso	
Saramagal	<i>Saramàgo</i>

427

Torbisquedo	<i>Torbisco</i>
Tioyra,	
lugar de Ardán	<i>Herba tioyra, tímaria</i>
Tabuído	<i>Tabùa, Typha</i>

Toxos	
Toxeyra	
Toxal	
Toxos Outos	de <i>Toxis altis</i>
Tanoyro	
(Tenorio)	<i>Tanorus, vexetal</i>
Tronzedo	<i>Truncus</i>
Tronzeda	
Troncoso	
Vide, Videyra	<i>Vitis</i>
Viñas	<i>Vinea</i>
Vimbreyra	<i>Vimen</i>
Teyxoeyra	<i>Taxus, árbore</i>
Teyxedo	
Teyxido	
Teyxeyra	
428	
Uzeyra	<i>Ulex, urze</i>
Urzal	
Uz	
Ouzedo	
Ouzes, Vila Uxe	
Vilaouzan	
Vilar de Uz	
Vilousaz	
Ousande	
Candorzas	acaso <i>Campo de urzes</i>
Osedo	
Fonte Usa	
Zerreda	
ou Cerreda	<i>Cerrus, acaso</i>

OUTROS

Bruños	<i>Prunus</i>
Bruñal	
Abruñedo	
Espadañado	<i>Spatana, Espadaña</i>
Mato	<i>Macta</i>
Puga	<i>Phytos</i>
Pugeda	
Borrajeiros	¿de borraja? <i>Cadavedo</i>

DUBIDOSOS

429

Silleda, Bòbeda, Sezeda, Cubilledo, Carnoedo, Rabuñade, Raygosa, Ecurriscadas, Loeda, Eibedo, Amoedo, Argibide, Luneda, Cordido, Mouzide, Arnuíde.

430

Amoeyro, Treboedo, Lueda, Tremuedo, Bugallido, Eruce-do, Cerneda, Erboedo, Culleredo, Carnuedo, Dorneda, Berdeogas, Cardama, Arcedo, Toedo, Cousedo.

CLASE III

DISPOSICIÓN NATURAL DOS LUGARES

431

Son infindos os sitios xeográficos en Galicia que tomaron o nome por disposición do terreo, v. g.:

Vexo	<i>Visus</i>
Bombexo	<i>Bonus visus</i>
Belvis	<i>Bellus visus</i>
Besomaño	<i>Visus magnus</i>
Boa Vista	

Vista Alegre, O Viso	
Monte Alegre	
Altamira	
Miranda	
Mirandela	
Posto Mirón. Miradores	
Salvaterra	
Ledesma	acaso de terra <i>Letesima</i>
Outeyro das Boas Novas. De alí vese a Mariña	
Coto	<i>Cautes</i>
432	
Outeyro	de <i>Altus, Autario</i>
Teso	
Costa	<i>Costa</i>
Costado	
Costoyras	<i>Custodias</i>
Rocas	
Roquedo	
Pena	<i>Pinna</i>
Penedo	
Couto	<i>Cautum</i>
Cons	
Perafita	<i>Petra fixa</i>
Parafita, Pedrouzo	
Infesta	<i>Infestas</i>
Antas	
Poyo	<i>Podium</i>
Pico	<i>Pic</i>
Picouto	<i>Pico alto</i>
Castro	<i>Castrum</i>
Castelo	
Castrelo, Castrillon	
Facho	<i>Fax</i>
Faro	<i>Pharum</i>
Rañadoyro	

Loma	<i>Lumbus</i>
Val	<i>Vallis</i>
Valado	<i>Vallum</i>
Valada	
Valadares	
Rial	<i>Rivus</i>
433	
Barcia	
Barcena	
Fragas	
Gandara	
Gandarela	
Landa	
Chaín	<i>Plano</i>
Chan	<i>Plano</i>
Chaos	
Vila Châ	
Campo, Campos,	
Campelo	<i>Campus</i>
Braña	
Bouza Chousa	<i>Busta, pasto de bois</i>
Chouza	<i>Clausula</i>
Touza	<i>Bosque, para cortar</i>
Busto Frío	<i>Bustum</i>
Bostelo, Bustelo	
Cortiñas	
Souto	<i>Saltus</i>
Soutelo	
Soutullo	
Veiga	
Devesa	<i>Defensa</i>
Cachada	
Rozas	
Tapada	
Antas	<i>Antes</i>

Campos Ancos	<i>Ancos</i> , revolta
Trasancos	
Prado	<i>Pratum</i>
Pradela	
Praducello	
Parada	<i>Parata</i>
Paradela, Pradedo	
434	
Lama	<i>Lama</i>
Lamas	
Lameliña, Lamela	
Lameyro	
Lama-mâ (mala)	
Arêas	<i>Arena</i>
Areàs	
Areeyro	
Taboada	<i>Tabulata</i>
Taboadelo	
Tablada	
Escusa	
Esculca	
Atalaya	
Pazo, Pazos,	
Pacios, Pacio	<i>Palatium</i>
Torre, Torres	<i>Turris</i>
Vila, Vilela	<i>Villa</i>
Vilar, Viloría	<i>Villare</i>
Vilariño	
Casal, Casaes,	
Casar	<i>Casale</i>
Casrelos, Casadelos	
Vilaboa	<i>Vilanova</i>
Vilaverde	<i>Vila Vella</i>
Vilameà = Villa mediana	
Cima de Vila - Fondo de Vila	
Villalba	

435	
Eyras, Ayroa,	
Eyriña, Ayra	<i>Area</i>
Curràs	<i>Currus</i>
Mosteyro	<i>Monasterium</i>
Ygrexalba	<i>Ecclesia Alba</i>
Grixòa	<i>Ecclesiola</i>
Cruzeyro	
Cruzes = Encrucilladas	
Cruz	
Hermida	
Hermèlo	<i>Eremellum</i>
Humilladoiro	<i>Humiliatorium</i>
Milladoiro	
Santiña	
Moiño	<i>Molendinum</i>
Moiños	
Presa	
Rego	
Regos, Regueyro	
Río	<i>Rivus</i>
Ponte	
Ribeyra	<i>Riparia</i>
Ribas de Sil	<i>Ripa</i>
Riba de Miño	
de Neyra	
de Ulla	
de Umia	
de Tea	
de Avia	
436	
Azeñas	
Vau	
Porto de río	
Porto de mar	

Poza
 Requeyxo,
 Queyxadoyro,
 Requixada *Recasus. Recaída*
 Penela
 Marco
 Marcòn
 Barca
 Pedra Lada
 Portela
 Quinta
 Quintàa
 Quinteyro
 Burgo
 Pousada
 Posadoyro
 Leyra
 Estrada
 Portelo
 Mémoa
 Mámoas (7)
 Ribas
 Ribas Altas
 Ribas Pequenas
 Alén
 Alende
 Carril
 Remessar, Remesseiro
 Couso
 Foxo
 Refoxo
 Pallares
 Palloutas
 Masside
 Misarela
 Campañò *Campaniola*

Lóngara
 Longarelas
 437
 Ambas Vías
 Brea *Vereda*
 Vrea. Verea
 Xebe *Seps, sepis*
 Moldes
 Ambas Mestas
 Entrambas Aguas
 Venta
 Casa do Vento
 Cabanas
 Cabanelas
 Pías *Pías*
 Cancela
 Cancelo
 Horta
 Horto
 438
 Graña *Grania*
 Granxa *Grangia*
 Portas
 Sisto
 Caritel
 Cartelo
 Cartelos
 Carteyre
 Alemparte
 Calzada
 Escudeyros

CLASE IV
DOS NOMES POR RAZÓN DE EDIFICIOS

439

Moitos dos nomes que tocaban a esta clase xa quedan postos e así omítese esta clase.

CLASE V
DE POSUIDORES ROMANOS E DOUTROS NOMES LATINOS

440

Mourente	(suple <i>Villa, Casal</i>) <i>Maurentii</i>
Mourentán	<i>Maurentani</i>
Mouricius	<i>Mauricius</i>
Constantín	<i>Constantini</i>
Osebe	<i>Eusebii</i>
Casalbito	<i>Albitus</i>
Casalbite	
Monte Agudo	<i>Acutus</i>
Agudelo	
Aroza	<i>Ara Augusti</i>
Torres do Este	<i>Turris Augusti</i>
Chazente	<i>Placentii</i>
Gabin	<i>Gabini</i>
Alban	<i>Albani</i>
Amarante	<i>Amaranti</i>
Bolaño	<i>Bolani</i>
Ousoño	¿de <i>Ausoni</i> ?

441

Fontey	<i>Fonteius</i>
Quintillan	<i>Quintiliani</i>
Chaveansiños	<i>Flaviani</i>
Chouzán	<i>Flaciani</i>
Chorente	<i>Florentii</i>

226

Romay	<i>Romani</i>
Pompeán	<i>Pompeiani</i>
Orellán	<i>Aureliani</i>
Belesar	<i>Belisarii</i>
Sadornin	<i>Saturnini</i>
Servoy	<i>Servo Dei</i>
Paadín	<i>Palatini</i>
Reverente	<i>Reverentii</i>
Ouròlo	<i>Aureoli</i>
Lugo	<i>Lucus Augusti</i>
Samos	<i>Samanos</i>
Coruña	<i>Columna</i>
Vigo	<i>Vicus</i>
Redondela	<i>Rotunda</i>
San Payo de Lodo (Ponte)	de <i>Luto</i>

442

Pontevedra	<i>Ponte vetera</i> . Hellenes
Cisargas (Islas)	<i>Cesaricas</i> , acaso
Mondoñedo	<i>Amygdaletum</i>
Orense	<i>Aurigense</i>
Zaelaguantes	<i>Cella hic orantes</i>
Orzan	<i>Turris ardens</i>
Justans	<i>Justani</i>
Festiñans	<i>Festiniani</i>
Magallans	<i>Magellani</i>
Casal d'Orraca	<i>Urraca é María</i>
Padriñan	<i>Pater</i>
Madriñan	<i>Mater</i>
Doade	<i>Donati</i>
Cela	<i>Cella</i>
Celeyros	
Celeyròs	
Oleyros	<i>Ollaria</i>
Fiestras	<i>Fenestras</i>

227

Benvivre	<i>Bene vivere</i>
Chamoso,	
Chamosiños	<i>Flamma</i>
Rabuñade	<i>Rapitani</i> , acaso
Rabade (Puente)	<i>Rapidus</i>
Arcos	<i>Arcus</i>
Arcade	
Valboa	<i>Vallis bona</i>

443

Valcarce	<i>Vallis Carceris</i>
Francos	<i>Franci</i>
Francelos	
Francia	
Cortegada	<i>Corticata</i>
Junio	<i>Junius</i>
Muros	<i>Murus</i>
Antequera	<i>Antequera</i>
Padrón	<i>Petronus</i> , <i>Iria Flavia</i>
Padróns	
Padornelo	
Lozenza	<i>Lucentia</i> , <i>crepúsculo</i>
Lucencia	
Barbeyto	<i>Verbactum</i>
Fitoyro	<i>Fixum</i> (fito)
Ambia	<i>Ambas vías</i>

SANTOS DE LUGARES

444

Santiago	<i>Sanctus Jacobus</i>
Bieyto	<i>Benedictus</i>
Seoane	<i>Johannes</i>
Giao, Gian	<i>Julianus</i>
Sadorniño	<i>Saturninus</i>
Antoíño	<i>Antoninus</i>

228

Fiz - Fins - Finz	<i>Felix</i>
Mamed	<i>Mames</i>
Baya - Vaya	<i>Eulalia</i>
Santalla, Santaya	
Santella	
Uxia, Eugea,	
Ogea, Eugia	<i>Eugenia</i>
Comba	<i>Columba</i>
San ou santa:	
Genxo	<i>Genesisius</i>
Cremenzo	<i>Clemens</i>
Payo	<i>Pelagius</i>
Breyximo,	
Breyxome	<i>Verissimus</i>
Adrao	<i>Adrianus</i>
Jorxe, Jurxo	<i>Georgius</i>
Tiso	<i>Tyrus</i>
Boulo	<i>Paulus</i>
Cybrao, Cybrán,	
Cydrán	<i>Cyprianus</i>
Romao	<i>Romanus</i>
Leocaya	<i>Leocadia</i>
Acisclo	<i>Aciscus</i>
Amaro	<i>Maurus</i>
Clodio	<i>Claudius</i>
Guirgoyro	<i>Gregorius</i>
Margarida	<i>Margarita</i>
Bràs	<i>Blasius</i>
Vicenzo	<i>Vicentius</i>
Lois	<i>Ludovicus</i>

229

CLASE VI
LUGARES SUEVOS OU GODOS

445

Suponse que eses lugares son fundacións ou vilaxes ou casais ou quintas do señor, ou suevo ou godo, v. g.: Rosende, Casale Rudesindi, Recemil, Casale Recimiri, etc.

Sigo as terminacións.

Guillade, Andreade, Andrade, Christinade, Ganade, Guiliade, Moialde, Cisalde, Frayalde.

446

Goyan, Goyanes, Goyàs; Villaambran, Lebozan, Ansean, Gian, Cutian, Guitillan; Framean, Golan, Gulans; Gontan, Froyan, Froyans, Frollans; Guizan, Lubian, Lobanes; Frean, Freanes; Forxàn, Fafian, Fefiñans, Guimaran, Guimarans, Guimaraís, Requian, Requianes Ramiran, Ramiranes, Ramiras (*Ramirus*)
Gondomar, Guillar, Valdomar, Baltar, Gondàr (*Golmar*), Gonzar, Ansemar

447

Gosende, Rosende, Christosende, Esposende, Mosende, Lebosende, Aldosende, Lesende, Truitosende, Osende, Recesende, Requesende, Tosende, Recende, Hermesende, Gresende, Gondarande, Ransinde, Guisande, Spasande.

448

Recarey, Guimarey, Guillarey. Gigirey, Almofrey. Aguary, Anserey, Sigeredo. Sigerey, Sabarey, Xobrey, Ansey. Asorey, Forcarey, Lobrey, Roxofrey.
Christomil, Quindimil, Arsemil, Beemil, Ansemil, Seixomil. Brandomil, Ramil, Damil, Guntimil, Amil, Ruimil, Velmil, Ardemil, Guisamil, Argemil, Recemil, Veymil, Goymil, Toymil, Felmil, Guillamil, Guamil, Castromil, Graamil.

230

449

Casomir, Boymir, Samir: Don Ramiro, Crescemir, Guillamires, Vila-mir. Trasmiras, Valdomir, Guimir, Godemir.
Tangil, Zaqueril, Sampil, Coujil, Guixilde, Braxilde, Engilde. Urdilde, Fagilde.

450

Diomonde, Ramonde, Bamonde, Ligonde. Saxamonde, Toomonde, Argimonde, Rozamonde. Rizamonde, Queiximonde, Aldimonde, Bracamonde, Reymondez, Hayamonde, Gaimonde, Salamonde, Ximonde.
Bergondo, Bergondiño, Avegondo, Cullergondo, Crismondo.
Bermun. Bermuy; Estramunde, Recemundi, Sismunde, Bergunde.

451

Allariz, Tuyriz, Destriz, Esmeriz, Gomariz, Gondriz, Alperiz. Estragiz, Rodiz, Toyriz, Argiz, Mariz, Oriz, Mondriz, Goldriz, Guitiriz, Espuriz, Fromariz, Reiriz, Valdoriz, Ruiriz, Ansariz. Angeriz, Esmoriz, Villayriz, Golfariz, Rayriz. Brandariz, Sabariz, Vitoriz, Goyriz, Gerdiz, Boiriz, Romariz, Flariz, Astariz, Armariz. Mariz, Beariz, Trassariz, Ariz, Baldriz, Agiz. Argiz, Roriz

452

Obre, Xobre, Fiobre, Tiobre, Ciobre, Callobre, Yllobre. Eixebre, Bañobre, Barallobre. Baralló, Sillobre, Cillobre, Anobres, Anzobre. Pantiñobre, Canzobre, Lobre. Lubre, Pezobre.

453

Gondulfe. Ulfe, Friolfe. Friol, Guidulfe, Frexulfe, Rendulfe. Randulfe. Randufe, Grixulfe, Aldurfe, Mañufe.
Gondrame, Gundivos, Guntin. Gundin, Ransinde, Fonsin, Gutian, Guillar, Visantoña (Lugo), Gondelin, Merlin, Guisande, Esperante.
Villafeyle, Magalofes, Farragoto, Ansey, Guin.
Lestrove. Trove, Landrove. Tragove, Castrove.
Gude, Goda, Ginxibe, Guisalle, Teibilide, Lubre, Dubra, Brigo.

231

454

Araldo (Casal de), Groba, Golmar, Genxide, Pepin, Feandre, Casar de Eita, Ansemar, Gondaisque.

Landoy, Ricoy. Mondoy, Raxoy. Bijoy. Gafoy, Zacoy. Cabroy. Caroy, Nigoy. Liboy.

Vilaosende, Gudiña, Lubian, Gendibe. Valtar, Gontan, Nemans, Nemens. Nemiña, Nemenzo, Froime, Cambre. Bordel, Boebre, Cecebre, Dubra, Brandezo, Armonda, Gandon

CLASE VII, VIII, IX, X

455

Porque estas catro clases non son tan abundantes e porque estas que quedan postas bastan para comprobar o meu asunto, poñerei aquí algúns sitios xeográficos soltos. Acaso noutra ocasión tentarei dividir por clases e con método e máis extensión os sitios xeográficos de Galicia e pescudarei o seu latín correspondente. Non quixen aquí determe nisto por non precipitar o xuízo.

Sías ou Cías (illas de Baiona)	<i>Cicae</i>
D'Ons, Onas, Ones, Ons, Onza (illas da ría de Pontevedra)	<i>Aunios</i>
Tambo (illa preto da Vila)	
Cortegada (illa da Arousa)	<i>Corticata</i>
Cedeyra	<i>Cetaria</i>
Porto -Novo	
Guardia (gótico)	<i>Varda</i>
Tuy	<i>Tyde</i>
Noya	<i>Novium</i>
Vila García	<i>Garsiae</i>
Villa João	<i>Johannis</i>
Rianjo	<i>Ri'amplo</i>

232

456

Sálvora, illa	
San Andrés de Teixido	<i>Taxetum</i>
Rêgoa	<i>Regula</i>
Viveiro	<i>Vivarium</i>
Ilhas	<i>Insulas</i>
Ilhó, diminutivo	
Cariño	<i>Carina, acaso</i>
Ferrol	<i>Pharum</i>
Prioiro	<i>Prior de Juvia</i>
Juvia	<i>Jovis</i>
Naron (río)	<i>Narius</i>
Mero (río)	<i>Merarus</i>
Monxía	<i>Monachus</i>
Grove, Punta do Grove	<i>Orobium Promontorium</i>
Ribadeo	<i>Eu, río</i>
Pontesdeume	<i>Eume, río</i>
Ponte a Valga	<i>Valga, río</i>
Ponteabroes	<i>Broes, río</i>
Ponteavea	<i>Vlla e Ve, río</i>
Esteyro	<i>Aestuarium</i>

457

Seca	<i>Aestuarium</i>
Ponte do Cesó	<i>Acessus maris</i>
Ponte Cesúres	<i>Acessus</i>
Tambre (río)	<i>Tamaris</i>
Trastamara	<i>Transtamarica</i>
Nantes	
Noalla	
Revel, parecen non latinos	
Mogor	<i>Mucor, oris</i>
Chapela (en Vigo)	<i>Capella</i>
Monforte	<i>Dactonium</i>
Lemos	<i>Populi Lemavi</i>

233

458

Allariz	<i>Alarici</i>
Oribio, monte	<i>Eribium</i>
Poulo	<i>Populus</i>
Lerez, río	<i>Laeron</i>
Xiabre, monte	<i>Sabulum</i>
Castrove	<i>Castrum Jovis</i>
Pindo, famoso monte	<i>Pindus</i>
Veadoyro, cuesta	<i>Via</i>
Ponte Lafonso	<i>Alfonso</i>
Serra	<i>Serra</i>
Soandres	<i>Subantris</i>
Isla de Aguión (de Bayona)	<i>Aquilonis</i>
Cons	de <i>cuneus</i> , <i>ángulo sólido</i> , <i>Coin francés</i>
Chantada	<i>Plantata</i>
Salnès	<i>Salinense</i>
Sistral (monte)	de <i>Sistra - Meum</i>
Leyra	<i>Larea</i>
Peyrào	de <i>Paralio</i> ou <i>Parado</i>
Vasconcelos (en Monforte)	<i>diminutivo de Vascones</i>

459

Seméllame que estas catorce follas son bastantes para facer algunha idea dos nomes dos sitios xeográficos de Galicia. Non todos levan o latín correspondente, xa porque dalgúns non o saberei fixar, e doutros, aínda que o sei, non me quixen parar a escribilos. Dos nomes góticos, quixen poñer os nomes, v. g., *Recesende*, do xenitivo *Recesuindi*. Pero como penso poñer a etimoloxía gótica a moitos, v. g., ¿de onde vén esta voz sueva ou gótica *Recesuindos*?, deixei ese traballo para mellor ocasión.

234

460

O que principalmente fai ó noso caso presente é o probar que o xenealoxista sen Historia Natural e sen Xeografía dirá mil necidades en orde ós apelidos, armas e naturezas primitivas
[...]

[5. 12]

[UN PROGRAMA DE ESTUDIOS SOBRE A LINGUA GALEGA.
O *ALETHOPHILO* OU AMIGO DA VERDADE]

653

Para remediar todos os absurdos devanditos, determinei instruír aquí os galegos ben intencionados, discretos e curiosos que quixeren dedicarse ó estudio das xenealoxías de Galicia para honra e lustre da nación, e para rebater os dicterios, parvadas e aldraxes con que algúns portugueses e outros que non son galegos teñen embarrado, emborrallado e esborrachado os seus escritos desprezables, aguillados por unha infernal aversión cobizosa e dun malévolo particularismo. Para explicarme, supoño que un deses galegos, por acaso, se chamará *Aletho-philo*, que vén a ser o mesmo que *Veritatis Amator* (Amigo da Verdade).

654

Supoño que *Alethophilo* é fillo dun cabaleiro nobre de Galicia e posúe un morgado de tres mil ducados anuais. Supoño que é o primoxénito e que seu pai lle deu unha nobre educación e o puxo ós estudos adoitados. Supoño que sabe medianamente a súa lingua nativa galega, que sabe o idioma castelán e o latino. Supoño que estudou Artes e que principiando un pouco de Xurisprudencia, anoxouse de tan árido e esgrevio estudio, e que se dedicou á Teoloxía e ás Letras Sagradas uns tres ou catro anos. Todo o devandito pode sabelo *Alethophilo* aínda antes de que o obrigue o xaxún. [655] Supoño que ó entrar nos vinteún anos, finou o seu

235

pai, e que ó deliberar en tomar estado, afeccionado xa ás Letras Sagradas, escolle o estado eclesiástico secular e deixa que o seu irmán segundo usufructe o morgado e contraia matrimonio. Digo usufructe, e non máis, e cando máis, que reserve a terceira parte e que só ceda as dúas. Esta advertencia é moi precisa para desterrar do mundo monstrosas ingratitudes, inxustas e inhumanas. Merece que lle dean cunha moca nos fociños o que en vida cede a outro a súa facenda e se suxeita a comer por man allea, podendo comer pola propia. É máis que común a ingratidade dun irmán segundón ó seu irmán morgado cando este lle cedeu todo.

[...]

662

Así, supoño que *Alethophilo* vive en boa harmonía cos seus, e só vivirá se o que reservou para si o ten e administra por si mesmo. Tendo xa abondo con que pasar, e agregando algunha renda simple ou da súa casa ou por outro lado, temos *Alethophilo*, un sacerdote sen cura de almas alleas, sen coidados de familia e sen emprego que lle estorbe o estudio, e con dous mil ducados fixos anuais para toda a súa vida. Agora tócame a min o propoñerlle cómo os debe empregar ben en beneficio do público, en honra de Galicia e en adiantamento da súa afección literaria. [663] O primeiro que debe facer *Alethophilo* é comezar a mercar libros do seu gusto e de todo xénero de literatura e erudición. Non todos de golpe, mais tantos e tantos, tales e tales cada ano. Entre todos, nin debe mercar, nin debe ler, nin debe ter libro ou escrito ningún de xenealoxías, nin de armas ou brasón. Esta excepción é moi útil nos primeiros anos das súas observacións literarias, de maneira que ata pasados os corenta anos da súa idade, en que poida facer crítica e recto xuízo deses escritos e dos seus autores, non os debe ler nin aínda ver.

236

664

O estudio que xamais debe deixar da man é a lingua galega en toda a súa extensión e de todas as bisbarras. Terá cadernos á parte en que irá colocando verbos, nomes, frases e adaxios segundo os vaia oíndo; e sempre preguntando, para oír máis, a vellos, vellas, nenos, rústicos e pouco ou nada ós que, sen saberen o galego, presumen de castelani-zantes. Non debe pasar ano en que non faga algunha xeira por Galicia, maior ou menor, de modo e maneira que ós corenta anos poida afirmar que non hai recanto en Galicia onde non teña estado e onde non teña feito algunha observación. En cadernos á parte colocará todas as súas xornadas, ou grandes ou pequenas, co día, mes e ano en que as comezou e rematou. [665] Neles apuntará todos os lugares, aldeas, vilas, cidades, etc. por onde pase e coas distancias entre si, e aínda con algunha nota dos rumbos. Entre eses lugares debe colocar os ríos, pontes, barcas, calzadas, lagos, montes, vales, etc., que topase na xeira. Debe distinguir parroquia e anexo. A estas xornadas, aquí e alí, e escritas no xeito dito, chamará *Fragmentos xeográficos de Galicia*.

666

De tanto emprego público como hai en Galicia, e tanto que comen a conta do Reino os empregados, entrando enxeñeiros e outros infindos que a título de sal e de tabaco penetran por todos os recantos e sitios de Galicia ata entrar nas casas, nas cociñas, sotos e bodegas, e, o que causa enfado, ata rexistraren os que, entre camisa e coiro, ou entre coiro e carne, agachan unha presada de sal ou un po de tabaco; deses e dos demais digo: ¿como ata agora non deron a lume unha *Descrición xeográfica de Galicia*?

667

Se quero saber todos os lugares, cidades, pías e aldeas de Portugal, poderei atopalos xuntos todos nos libros, mentres

237

que para saber algúns de Galicia precisei patealos. Hai tres tomos en folio con título *Corografía Portuguesa*, o seu autor Antonio Carvalho da Costa, presbítero. Imprimiuse en Lisboa o ano de 1706, e xa é moi cara e rara esa *Corografía*³⁵. O primeiro deses tres tomos emprégase todo na corografía da provincia de Entre Douro e Miño, isto é, da parte meridional de Galicia ou *Galicía Bracarense*, como a chama Ptolomeo. [668] Procede por partidos, concellos, cidades, vilas, etc., e debaixo de cada cabeza pon todas as freguesías, anexos, mosteiros, aldeas, lugares, etc., con cadansúa explicación mediana. Se ó último tivese un índice alfabético universal de todos os sitios xeográficos desa provincia de Entre Douro e Miño, era un tesouro para comparar as xenealoxías ou as familias galegas coas portuguesas, en especial as que tomaron o nome dos lugares. Este tomo, e aínda os tres, servirán moito a *Alethophilo* en diante.

669

Para fixar a residencia de *Alethophilo*, figúraseme acaída a cidade de Santiago, xa porque alí hai librerías e arquivos que consultar, xa porque ó seu tempo poderá consultar alí a literatos, xa pola facilidade de traer libros desde Madrid e doutras partes, e xa finalmente pola comodidade de facer desde alí as súas xornadas a todas partes. Pero sería do caso para maior quietude dos seus estudos que, aínda que fose morador de Santiago, vivise nas estacións benignas retirado e entretido nos seus estudos nunha largacía quinta cara á mariña onde puidese criar todo xénero de vexetais. [670] Posto en Santiago, solicitará que lle deixen tirar copia de todas as freguesías, anexos, pías e mosteiros que hai en todo o arcebispado coa orde de arcediagados, arciprestados, parroquias, etc. Despois, e en tempo oportuno, fará catro xeirás a Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui, e en cada capital tirará copia de todas as freguesías e anexos do seu bispado.

35. "Carvalho, P. Antonio. *Chorographia e Topographia de Portugal*, en portugués, por pías e lugares. Lisboa, 1706".

do. Ou por si, ou por algún amigo, solicitará que lle dean copia en Astorga das freguesías do bispado, e en especial das que ten no Reino de Galicia. E será moi útil que teña copia de todas as freguesías de Oviedo e de Zamora. Dese xeito, co dito e co tomo dito da *Corografía Portuguesa*, terá xa *Alethophilo* todas as pías de Galicia e dos seus bispados limítrofes³⁶.

671

Recollidos estes catálogos, numerará todas as pías de cada bispado desde a primeira ata a derradeira. Así saberá cantas ten cada bispado e esa numeración servirá de moito para dalas a entender e citar. De todas as pías recollidas formarase un índice alfabético universal de todas elas e con reclamo ó número que teñen en cadanseu bispado. A primeira utilidade deste índice é ver dun golpe cantos lugares hai dun mesmo nome en Galicia e onde están esas freguesías, e saber cales son as que teñen nome moi singular. [672] Esta colección de freguesías será o fondo da xeografía de Galicia, sen o cal nada se poderá escribir con fundamento. Pero non abonda o devandito. É indispensable facer outra colección de todos os sitios xeográficos que non teñen *pía*, pero que teñen uns nomes ou revirichados ou singulares. Estes son os que principalmente darán luz para investigar a antiga xeografía de Galicia, a da Media Idade e dos instrumentos, a moderna e sobre todo os apelidos das familias galegas. Os nomes só de freguesías e anexos non dan luz abonda para o dito, pois as máis non se impuxeron como a sitio antigo, mais como ó sitio determinado onde se fabricou a igrexa. Explicareime, pois é útil reflexión a que agora me acudiu á pena.

36. O propio Sarmiento emprendera o labor que propón, pois en 1750 compilou en cadanseu escrito as *Listas dos lugares do Reino de Galicia, do Principado de Asturias e do Partido de Astorga*. Por parte, en 1751 tamén redactou un *Plano dun novo e doado método para formar unha Xeral Descrición Xeográfica de España e da América*, e en 1762 compoñería un breve tratado intitulado precisamente *Problema Chorográfico para describir Galicia cun novo método*.

673

Os xentís son máis antigos en Galicia, e en todas partes, ca os cristiáns. Había, v. g., nunha valgada, tres, catro ou cinco lugares dos xentís cos seus nomes propios. Sucederonse os romanos, suevos, e godos, formando no mesmo val diversas quintas e casais que tomaron o nome do xenitivo do dono, suplíndose o nominativo *vila* ou *casal*. Despois fundouse no dito val unha igrexa que fose común a todos. Ese sitio onde se fundou só debía chamarse o sitio ou lugar da igrexa, como aínda hoxe se usa. Pero en atención ó titular que se escollía e a unha lixeira circunstancia do sitio, nomeárono cun nome composto do santo e da lixeira circunstancia. [674] Por vía de exemplo, o adaxio galego “Legua por legua Santo Amaro da Portela” alude a que desde Pontevedra tirando ó norte e camiño de Santiago hai unha legua desaforada de longa ata chegar a Santo Amaro da Portela. O nome antigo do terreo é *Crescimír*, voz sueva. Fundouse a igrexa nun sitio en que había unha silva e dedicouse a san Mamede. Así, esa freguesía chamouse *San Mamede da Silva*. Fundouse despois alí unha ermida a san Mauro ou santo Amaro, e por estar alí unha especie de portela que fan dous outeiros chámase hoxe *Santo Amaro da Portela*. Isto sábeno todos. O San Mamede da Silva sábeno moitos, pero que aquela portela se chama nos instrumentos antigos *illa Portella de Crescimír* só eu o sei porque o lin, e ignóranos moitos.

675

Velaquí a diferenza que hai entre os nomes de freguesías e os dos seus lugares. Con *silva* e *portela*, que son nomes comúns, nada tiramos en limpo. E a voz *Crescimír* poderá servirnos de moito. Sen saír da veciñanza, alí está a freguesía de Santa María de Alba, por estar sobre o río Alba ou Elba dos antigos. Pero ten un lugar chamado *Guixilde*, que seguramente é gótico. Desta calidade de nomes de sitios xeográficos, e doutros semellantes, por seren pouco comúns,

240

precísase ter unha colección para complemento da xeografía de Galicia. [676] Xamais se fará ben esta colección senón preguntando nas mesmas freguesías, ó transitar por elas, todos os nomes dos seus sitios particulares e apuntando os nomes que non foren moi comúns. Despois debe copiarse outra vez e á parte o catálogo de todas as freguesías, e debaixo de cada unha poñeranse os nomes dos seus respectivos, entrando nomes de montes, ríos, etc. Despois debe facerse outro índice universalísimo e alfabético de todos os nomes, así de freguesías coma de sitios, citando o bispado e o número de freguesía, v. g.: *Guixilde* Sant., núm. 620, v. g., os nomes dos sitios para distinción escribíranse con letra cursiva e con estas letras, *M, R, P* (monte, río, ponte) etc.

677

Xa temos o noso *Alethophilo* instruído na Xeografía. Vamos á Historia Natural e á Botánica. Todo isto debe estudiarse peregrinando, preguntando, escribindo e recollendo. Debe recoller todos os nomes de animais, aves, peixes, mariscos, cunchas, insectos, anfíbios, terras fósiles, minerais, etc. Tamén debe recoller todos os nomes de canto vexetal, árbore, arbusto, herba, flor, froito, semente, etc. Non só un nome que lle dan en tal parte, mais todos cantos nomes oíse aquí ou alá que conveñen a un só mixto. [678] Será moi útil que da Historia Natural se recollan algúns mixtos para formar un gabinete e da Botánica diferentes vexetais en sazón para formar un herbario seco, e recollendo á parte todo xénero de sementes para a comunicación, sinalando o sitio, día, mes e ano a todo. E ningunhas augas termais, baños ou augas medicinais deben esquecerse. Con isto imponse *Alethophilo* na lingua galega. O latín, o castelán e a Etimoloxía virán despois de toda esa colección.

679

Instruído xa *Alethophilo* da lingua galega en toda a súa extensión, da Xeografía ata a última individualidade, da His-

241

toria Natural respectiva a Galicia e da Botánica respectiva ó mesmo reino, debe dedicarse a recoller as antigüidades que aínda se conservan en Galicia, tanto en pedras coma en metais. En Galicia non se acuñaron moedas romanas nin góticas e así as que se atoparen foron alí doutras partes. Moedas castelás e portuguesas acharanse moitas, recóllanse as que se puidesen, aínda que sexa mercándoas a outros, e se se sabe o sitio onde algunhas se descubriron, pónase á parte coa nota do sitio onde se atoparon e en qué tempo. [680] En materia de inscricións hai moito que recoller e sobre isto debe poñerse especialísimo coidado e debe facerse singular estudio. En Galicia, polo pouco que alí teño visto, hai inscricións de todos os tempos. Hai inscricións romanas purísimas. Hainas do tempo da decadencia do Imperio. Hainas suevas e góticas, anteriores á perda de España. Hai moitas anteriores ó ano mil e moitas máis posteriores a ese tempo, ata que rematou o carácter gótico, todas en latín. Hai moitísimas latinas con caracteres casteláns ou franceses. Hai infíndas en lingua galega e son sen número as que hai modernas, desde 1500, en lingua castelá.

681

É fatuidade crer que en Galicia hai inscricións arábicas ou hebreas, pero non dubido de que se acharán algunhas con caracteres descoñecidos ou sumamente revirados. No cimenterio que está en San Vicente do Grove, no promontorio do Grove, hai media ducia de caracteres clarísimos, pero non sei a que idioma pertencen. Teño oído que dentro no cóncavo do famoso monte do Pindo, que está emparellado co cabo de Fisterra, había moitos letreiros moi antigos. Aínda que pasei á vista non se me proporcounou entrar dentro. [682] Pero informarei aquí a *Alethophilo* dos sitios onde poderá sospeitar que hai inscricións. Nos montes e castros elevados que rematan en puntas de rochedo adoitan atoparse letreiros, ou por razón dun antigo sepulcro, ou dalgún antigo castelo, ou para denotar que era o termo ou marco de

242

dúas ou tres xurisdiccións distintas, ou das poboacións diversas dos antigos xentís.

683

Nos campos e serras onde os romanos queimaban os cadáveres adoitan atoparse como unhas lombas de terra con algunhas pedras por remate. A estes montes como medas, uns chaman *castros* e o máis común é chamalos mámoas. A súa orixe é de *mamma*, *mamula*, *mámoa* á galega. E todo porque teñen a figura dunha teta. Outros chámanas *minas* porque cren que dentro hai tesouros. Ó ir de Carreira a Corrubedo hai unha gran campiña á cal chaman o Campo das Minas; pasei por ese sitio e vino inzado de mámoas, unhas aínda enteiras e outras xa socavadas. [684] Dentro desas mámoas só se achan carbóns, cinsas e algúns cachotes de olas cinerarias quebradas. É verdade que en tal cal adoita acharse unha pedra cun letreiro e eu copiei un romano que se atopou cara alí nunha mámoa do lugar de Vertal. Esas mámoas son frecuentes en Galicia. E se se rexistrasen, que sería fácil, non deixarían de acharse algunhas inscricións romanas exquisitas por singulares. Pero disto xa falei noutros papeis para facer camiños universais en España, sobre o que, mandado, escribín trinta pregos, aínda que xa antes tiña escrito vinte pregos sobre uns bos camiños en Galicia³⁷.

685

Por vía da regra, as inscricións que se encontran nos montes, castros e desertos, e as que se atopan na mesma beiramar, son as máis antigas, pois implican, se se atopan en sepulcros, unha antiqüísima revolución do mar. O que for á romaría da Nosa Señora da Lanzada e ó pasar á ermida mire ó poñente, verá á súa esquerda, a doce pasos, como un semi-

37. Refírese ós escritos *Sobre camiños reais de España*, de 1757, e *Das utilidades que se seguirán se se arranxa o antigo camiño de carros do Ribeiro de Avia ata Pontevedra*, de 1751.

243

círculo que aquel mar bravísimo fixo socavando a terra. No terreo deste semicírculo descubríronse oito ou nove sepulcros a pulos do mar, que sacou os ósos e os fixo aboiar. [686] Estiven na Lanzada cando xa se descubriran eses sepulcros, pero por non estar certo do sitio e porque coidei que estaban cara a Vilalonga, vinme sen facer observación ningunha, o que sentín moito. Os que viron aboiar os ósos e como saíron do profundo da terra foron pouco curiosos. O sitio está afastadísimo de casa ningunha, excepto a ermida. O mar é bravísimo e bate contra o sitio. ¿Non será fatuidade crer que se o mar chegaba alí, alí se poñerían sepulcros? Logo é crible que o mar estaba distante de alí, e que acaso por alí habería algún lugar ou cidade. O sitio non pode ser máis acaído. E estou inclinado a crer que cara alí estaba a cidade Lambriaca que trae Pomponio Mela e non aparece.

687

Despois dos montes, etc., cómpre procurar inscricións nas pontes, e debo advertir aquí que non só se deben buscar nas paredes ou pedras verticais, mais tamén nas horizontais que fan o bordo. Na ponte de Pedre sobre o río Lérez, na ponte A Broes e na ponte de San Salvador da Arnoia notei que no lombo do bordo había letras ó longo e que por estar o bordo cheo de carrizo non me puideren parar a xuntalas e lelas. Isto proba que ese sería o costume cara ós ditos países e poderá servir a advertencia para rexistrar as pontes polo lombo do bordo. [688] Ó entrar nos lugares murados adoita haber inscricións, e estas acostuman estar sobre as portas. Nos lugares que foron antigos e despois viñeron a ser aldeas, áchanse inscricións nas paredes das casas, ou discontinuadas ou enteiras; nas cercas e muros das viñas, hortas ou herdades que se fixeron con pedras sacadas de edificios antigos. Disto hai moito en Galicia e algo vin. E nisto apálpase a pouca curiosidade dos galegos antigos, que deixaron perder, ou quixeron que se desprezasen as antigüidades do seu país.

244

689

Non se deben omitir as igrexas rurais e as vellas ermidas porque nelas adoitan acharse letreiros. Nunha rural que está en Moldes, xunta Pontevedra, vin, lin e copiei unha inscrición en memoria de que *Pedro Bigili, famulus Dei*, comezara aquela igrexa. Non ten data, pero polo menos é do século XI. Nótese xa aquí a familia *Bigil* e se será a mesma que a de *Vigil*, nobilísima. *Bigili* non é o mesmo que o latín *Vigil*, senón que é terminación gótica, como *Leovigildo*. Polos arredores da dita igrexa rural, e que foi parroquia, consérvase hoxe a familia do apelido *Novigil* ou *Nobigil*, moi pobre. Coido que *Novigil* é o mesmo que o patronímico de *Leovigildi*, mudado o *L* en *N*. [690] As igrexas parroquiais das aldeas teñen polo común algúns letreiros, ou na porta, ou na capela maior, ou nalgún sepulcro. Así mesmo hai letreiros nos bordos das campás, nas cruces, nos cálices, etc., e aínda nos ferros para facer as hostias. Todo debe recollese e todo debe copiarse, pois todo vai servir. Sobre todo o letreiro que tivese data. No antigo había arredor das igrexas grandes sepulcros de pedras ós cales cara a Ferrol chaman *sartegos*. Se tiveren letras, copiaranse.

691

Os mosteiros de monacais están polo común en despoñados. Eses abundan de inscricións en patios, claustros, igrexas, capelas, etc. Non faltará algún monxe que as sinale a *Alethophilo* co dedo. Pero el mesmo debe copialas pola súa mesma man, despois de lidas e remedando os caracteres o mellor que puidese. A ese fin levará sempre canda el un amanuense galego que saiba latín, que escriba ben e que saiba debuxar e copiar figuras máis que medianamente. Este amanuense poderá servir infindo para a Historia Natural e para as antigallas. [692] Nas vilas e lugares populosos deben buscarse as inscricións nos conventos, nas igrexas e nos edificios públicos. Os epitafios son de moita consideración, pois adoitan dar noticia da persoa, da filiación, do emprego e da data

245

da morte. Así, débense copiar todos e á letra. E se é epitafio antigo remedando os caracteres da primeira liña, como mínimo. Os caracteres orixinais suplen ás veces a data, pois están indicando o século da súa exaración. Finalmente, debe *Alethophilo* recoller todos cantos letreiros se achasen en pedras, en madeira ou en metais.

693

Xa me fago cargo das dificultades que me opoñerán a todo o dito. Pero eu non me espanto de ratos. A maior dificultade que hai será un non querer e a pápara cantarea de Galicia: “Non señore, acá non facemos iso”. Nada propoño aquí que non teña eu executado e aínda que non con tanta extensión, coa abonda respecto do pouco tempo que andei por Galicia e moi de paso³⁸. Con seis anos que eu estivese en Galicia, e con medios e liberdade para viaxar de aquí para alí, recollería todo o dito e moito máis. ¿E que non poderá recoller *Alethophilo* empregando vinte anos?

694

O principal para o fin é facer moitas xeiras diferentes e non importa que dúas ou tres veces se pase por un mesmo lugar, pois haberá ocasión de informarse máis e mellor. Se non se puideren copiar ó paso as inscricións todas, de todas debe apuntarse polo menos o sitio individual onde se atopan ata que se ofrezca mellor ocasión. Non importa que non se entendan no intre. Cópiense, que ó seu tempo se entenderán. É indispensable ir preguntando ós do país se saben ónde hai letreiros pequenos ou grandes e empregar cartos para que os ensinen. [695] Como corra a voz de que *Alethophilo* lles dá cartos ós nenos para castañas, ós vellos para tabaco, ás vellas para unha roca e a calquera para botar un neto de viño,

38. Ademais dos traballos recollidos nas notas anteriores, téñanse en conta, entre outros, os dous escritos *Viaxe xeográfica do autor a Galicia e Historia Natural* (1745) e *Viaxe xeográfica do autor a Galicia* (1755).

como lle ensinen os sitios onde viron letreiros, eu fio que atopará bastante que recoller. O mesmo digo das costas marítimas para recoller cunchas e testáceos. Viñan a min os rapaces con monteiras de varias cunchas e ás cales daban o nome vulgar porque sabían que lles daría para castañas. O mesmo fixen en orde a vexetais que non podía ver, e faría cos mineiros, se houbese quen os trouxese.

696

Véxase aquí a *Alethophilo*, que xa paseou toda Galicia e que se recolle a Santiago cargado de tan preciosos materiais sen ter precisado libro ningún nin estudar nada de cor. Supoño que mentres *Alethophilo* estivo ocupado en xornadas leu pouco, pero que mentres viviu retirado na súa casa ou quinta, no inverno, non deixou os libros da man, dedicándose a todo xénero de literatura, menos a libros de xenealoxías, que eses virán despois. Antes debe ir mercando libros do seu gusto e que lle vaian servir. [697] O *Vocabulario portugués* do padre Bluteau en dez tomos en folio é indispensable, pois suplirá un vocabulario galego. Ademais diso ten moita erudición. Nebrixa, Aldrete, Covarrubias e o *Diccionario académico* da lingua castelá. Para o latín, o Calepino con Passeratius e Chifflet e sobre todo o *Glosario* de Du Cange, seis tomos en folio, para entender o latín da Media Idade e dos instrumentos. Supoño que xa terá os máis dos autores latinos puros en prosa e en verso. Será do caso ter unha Arte e Lexicón da lingua grega para ler alomenos e saber buscar unha voz. O mesmo digo do idioma francés e italiano.

698

Debe mercar o *Chronicón* de san Isidoro³⁹ e todas as súas obras. Despois os *Cinco bispos* e os *Cinco reis* de Sandoval e a

39. “San Isidoro. *Chronicón*, desde Adam ata Heraclio, todo con notas de García de Loaysa. Turin, 1593”.

súa *Historia de Tuy*⁴⁰, e en fin canto escribiu Sandoval e a *Crónica* de Yepes⁴¹. Despois debe mercar a *Historia* do arcebispo don Rodrigo (e se atopase a *Hispania Illustrata*)⁴² e a *Chronica General de España* de don Afonso o Sabio⁴³. Sobre todo deben mercarse todas as crónicas reais seguidas e as historias das ordes militares. [699] Son indispensables Morales⁴⁴, Garibay⁴⁵, Mariana⁴⁶, etc., e os poucos que hai para a historia de Galicia. Son precisos libros de Xeografía, pero como hai tan pouco para España, e tan nada para Galicia, mercáranse os xeógrafos xerais. O propio digo da *Historia Natural* e da *Botánica*. Outrosí, dos libros de inscricións e moedas. Polo mesmo que Galicia non ten libros para o dito, debe ser o asunto de *Alethophilo* que os teña. Unicamente co traballo que propoño, conseguiranse materiais dunha vez para todo.

700

A pouco custo despois poderá saír unha *Arte e Diccionario* da lingua galega cun *Etimolóxico* que reduza case todas as súas voces ó latín. Poderá saír unha *Descripción xeográfica* de todo o Reino de Galicia, sen omitir o máis mínimo recun-

40. "Sandoval, frei Prudencio. *Catálogo dos bispos de Pamplona*. Pamplona, 1614; *Antigüedad de la Ciudad y Iglesia de Tuy*. Braga, 1610".

41. "Yepes, Antonio de. *Chronica General de San Benito*. Hyrache, 1609."

42. "Don Rodrigo, arcebispo de Toledo. *Historia latina*, en nove libros, e un dos ostrogodos, suevos, vándalos selingos, etc."

43. "*Crónica General de España* que mandou compor don Afonso o Sabio, e deu a lume Florián Docampo, enteira. Valladolid, 1604".

44. Pode referirse a *Viage de Ambrosio de Morales, por orden del Rey D. Phelipe II a los Reynos de Leon y Galicia y Principado de Asturias* (realizada en 1572-73, publicada só en 1765 por Henrique Flórez, historiador amigo de Sarmiento), ou máis probablemente á obra *Las antigüedades de las ciudades de España* (1575), ou á continuación que Morales, cronista rexio, compuxo para a *Crónica General de España* de Florián Docampo (véxase nota anterior).

45. "Garibay, Esteban de. *Compendio de las Crónicas de España*, 40 libros. Barcelona, 1628."

46. "Mariana, P. Juan. *20 libros de la Historia de España*, en latín. Toledo, 1592. Os seus *30 libros de la Historia de España asta 1515*, e mailo *Sumario, asta 1621*, en castelán. León (de Francia), 1719."

248

cho. Poderá saír unha *Historia natural* de todo canto Deus cría en Galicia. Asemade, á parte, outro libro de todo canto vexetal, natural ou estraño, cría e fructifica en Galicia, sen mendigar doutras nacións. Poderá formarse un mediano tomo das inscricións e antigüidades que aínda se conservan en Galicia e das moedas ou medallas que foron a parar alí por acaso. Cada un deses cinco tomos formados sobre a proposta instrucción sería un tesouro. [701] Aínda falta outro tesouro, e é o que despois do dito se poderá formar das fixas e certas xenealoxías de Galicia. Dos apelidos e da súa orixe, das súas armas e brasóns rectificadados e dalgúns puntos históricos máis singulares, así seculares como eclesiásticos. Asunto é este para o cal abonda un só *Alethophilo*. Pero non me opoño a que en Galicia haxa unha ducia de *Alethophilos* espallados, ou que unidos nalgunha parte como en Academia traballen sobre uns mesmos principios e o mesmo fin. É verdade que non estou ben con isto de que moitos entendementos se alisten nunha confraría. [702] O padre Bluteau escribiu en por si os dez tomos en folio do seu *Vocabulario*, ademais doutros catro tomos en folio a outros asuntos. Obra que sae de moitas mans e de moitos entendementos é un queixo de sesenta leites. Non pode haber nela a desexada consecuencia. Isto vese no *Diccionario* de Moréry⁴⁷ e noutras compilacións ás que concorreron moitos.

703

Xa é tempo de instruír a *Alethophilo* para que se forneza de materiais próximos para escribir algo sobre xenealoxías e apelidos. En dous ou tres anos ten que ser a súa principal lectura de todo xénero de instrumentos antigos, xa impresos, xa manuscritos; todos os instrumentos que Yepes saca ós apéndices e que pertencen a Galicia deben lerse de *verbo ad verbum* con moita reflexión e coa pena na man e un caderno

47. "Moréry, Luis. *Diccionario histórico*, en francés, 6 tomos. Paris, 1732, e dous do suplemento de 1735."

249

de papel sobre a mesa, ou con seis cadernos distintos cos seus rótulos ó principio, v. g.:

Primeiro caderno, para a lingua latina, galega e castelá e etimoloxías.

Segundo caderno, para cousas de Xeografía e correspondencia dos lugares antigos cos de hoxe.

Terceiro caderno, para cousas da Historia Natural e Botánica, segundo as voces.

Cuarto caderno, para todo xénero de filiacións de reis, señores, particulares e sucesións de empregos, e sobre fórmulas ou costumes singulares.

Quinto caderno, para todo xénero de inscricións, moedas, pesos, medidas, datas, épocas, etc.

Sexto caderno, para apuntar todas as persoas que asinan no instrumento e cos seus oficios, distinguindo os góticos dos latinos.

704

¿Quen acreditaría que dun vello instrumento antigo, que se despreza ou se mira como cousa estéril, poderán tirarse as utilidades expostas nos seis cadernos e outras que se deducen delas? Pois así é, e eu falo por experiencia. Deste xeito, o primeiro coidado será recoller, ou mercándoos ou pedindoos emprestados, todos os libros impresos que teñen á letra algún instrumento antigo que toque a Galicia; todos, todos deben lerse *de verbo ad verbum* e extractarse nos seis cadernos, numerando os instrumentos, poñendo a data e citando o autor que os imprimiu á letra. [705] Decátome de que non será doado ver, ler e extractar moitos instrumentos antigos que aínda se conservan manuscritos nos arquivos pola moita reserva dos seus donos. Pero se saben estes que *Alethophilo* é temeroso de Deus e que o seu asunto é tan santo e tan bo e tan útil para o Reino de Galicia, é natural que os manifesten para copialos e despois poderá extractalos na súa casa. Estando presente o dono, ou cousa súa, ó tempo da

250

copia, non debe haber desconfianza ningunha. Deben preferirse os instrumentos góticos e os de seiscentos anos a esta parte que aínda están case esquecidos nos arquivos de catedrais e mosteiros.

706

Despois de que *Alethophilo* faga unhas grandes coleccións de todo o dito, volverá facer xeiras repasando todos os perfís do Reino de Galicia e penetrando polo centro ós trinta e dous rumbos á súa disposición. Estas viaxes que xa o collearán tan instruído, servirán para rectificar as xornadas pasadas e as cousas que notara nelas, procurando aumentar o número de voces galegas de sitios xeográficos, das cousas e voces da Historia Natural e da Botánica, das inscricións, epitafios, moedas, etc. [707] Pero o fin principal debe ser o repasar todas as casas que hai en Galicia e que son como soares das familias que todos supoñen ser notoriamente nobres e ilustres. Para isto terá cadernos á parte e neles irá describindo como as for repasando nas súas viaxes, sen meterse en gradualas nin en dar preferencia a unhas casas sobre outras, para evitar todo xénero de queixas. E para evitar as mesmas se despois saíren todas nun escrito, colocaranse, ou polo alfabeto, ou por orde dos arciprestados, seguindo o fío xeográfico.

708

O que *Alethophilo*, posto no sitio da casa ilustre, debe apuntar, reducirase unicamente a este exemplo que lle poderá servir de modelo, e daquela abundará deterse unha hora en cada sitio para cumprir a súa comisión. [709] Por vía de exemplo, en tal bispado, no arciprestado N e na freguesía N, está a casa tal, preto do río ou monte tal. O que a posúe chámase Dn. N, que tal día, mes e ano, naceu ou se bautizou en tal pía. É fillo de Dn. N, que naceu en tal parte, tal día, mes e ano, e se bautizou en tal pía, e de Dna. N, que naceu tal día, mes e ano, en tal lugar, e se bautizou en tal pía. O dito dono

251

pola súa nai é da casa tal. Está casado con Dna. N, que veu da casa tal e que tal día, mes e ano, naceu en tal lugar e se bautizou en tal pía. Casaron tal día, mes e ano. [710] Teñen, por acaso, dous fillos e dúas fillas. O primoxénito chámase N e naceu en tal día, mes e ano en tal lugar e bautizouse en tal pía. Dígase o mesmo dos outros fillos. Se algún está casado, dígase cando e en qué casa. E dígase se algún segue a Igrexa, as armas, as letras ou o político. Canto a persoas non debe haber máis pescuda, pero poderá dicirse se os pais do dono viven ou non e cando morreron, e os nacementos e mortes do pai e da nai da muller.

711

Apúntese se ten o dono algunha xurisdicción e algunha presentación de peza eclesiástica e se ten algún emprego hereditario ou vitalicio. Se nas paredes da casa houber algún escudo de armas dirá *Alethophilo* ó seu amanuense que o debuxe en menor, e se son difíciles os obxectos, pregunte e apunte a resposta, sexa certa ou non. ¿Quen dubida de que se de cincuenta en cincuenta anos se fixese unha igual descrición das casas ilustres de Galicia, non podería calquera formar e ter unhas certas e fixas xenealoxías de todas elas? Tal vez un señor herdou moitas casas e algunhas só están con caseiros. Non importa. Poñerase o sitio da casa, e se hai armas, e no demais remitirase á casa onde habita o dono. [712] Advirto que para poñer a descrición dunha casa cómpre que haxa morgado tal, xurisdicción e presentación ou todas tres cousas, ou dúas, ou unha cando menos. Os que chaman morgados e só son pequenos vínculos ou melloras non son deste asunto de casas. Diso, outro poderá facer un catálogo ó seu tempo que tamén terá utilidade.

713

Despois de que *Alethophilo* volva á súa casa, xa pensará en mercar libros de xenealoxías e brasóns. O primeiro que

252

debe ter é o *Nobiliario* do conde don Pedro⁴⁸ coas notas de Faria, Lavaña, Montebelo, etc. Molina, *Descripción de Galicia*⁴⁹, debe terse, pero debe lerse no asunto con moita reserva. O bispo don Servando, que só anda manuscrito con Seguin⁵⁰, nin se debe ter nin ler, e se se tiver, sexa para saber a orixe de mil fábulas e andrómenas. Os dous tomos do *Nobiliario de Haro* non son malos, pero xa non se lle dá creto nos tribunais. Vasco da Ponte, que escribiu en galego, debe terse; como así mesmo Gerónimo da Ponte e Argote de Molina⁵¹. Nada do de Pellicer⁵² e Rodrigo Méndez de Silva⁵³, que escribiron fundados en don Servando e nos cronicóns e así todo vai en falso.

714

Será do caso que *Alethophilo* teña o citado xa Franckenau⁵⁴ para que conte os 1.490 escritos de xenealoxías de Espa-

48. *Livro de Linhagens do conde don Pedro*, compilado por Pedro Afonso, fillo bastardo do rei don Denis, probablemente entre 1340 e 1344. Véxase nota 7 do texto 3.

49. "Molina, Luys. *Descripción de Galicia*, en verso de arte maior e con comento del. Mondoñedo, 1550". Téñase en conta que o verdadeiro nome do autor non é o que dá Sarmiento na referencia que acabamos de citar, mais Bartolomé SAGRARIO de Molina.

50. O *Cronicón de Don Servando* é unha falsificación feita en Galicia no século XVII, por mor de enaltecer os antecesores de determinadas familias nobres do país.

51. Vasco da Ponte, cronista galego que viviu nos finais do século XV e os comezos do seguinte, é autor dunha *Relación dalgunhas casas e liñaxes do Reino de Galicia* (c. 1534), un nobiliario que se converteu en fonte de consulta para os xenealoxistas posteriores. Para Argote de Molina, véxase nota 3 do texto 3.

52. Joseph Pellicer de Tovar, cronista maior de Filipe IV, é un famoso historiador e xenealoxista, autor entre outras obras do *Memorial de la casa y servicios de Don Joseph de Saavedra* (1647), onde dá creto ós falsos cronicóns que tanto aborrecía Sarmiento, e concretamente ó de *Don Servando*, que lle debe a este autor, en boa parte, a súa difusión.

53. "Méndez de Silva, Rodrigo. *Poblacion de España; y el Catálogo Real*. Madrid, 1645."

54. "Franckenau, Gerardo Ernesto. *Bibliotheca Hispanica Heraldica de los Genealogistas*. Lypsiæ, 1724."

253

ña. Alí hai moitos de Galicia e en partes hai crítica dalgúns. Gándara en folio e en cuarto é máis necesario⁵⁵. Poderán terse léndoos con crítica. Sota, *Príncipes de Asturias*⁵⁶, é un conto, pero son útiles os instrumentos que cita ó último. Todo o de don Luís Salazar debe terse⁵⁷, porque na *Casa de Lara* pon os instrumentos xustificativos. E abonde o dito para a cautela.

715

Aínda falta outra cousa e é que ningún xenealoxista portugués se debe acreditar nin ler, a non ser para impugnalos con desprezo, ben merecido pola súa ingratidade e polas portentosas e fantásticas mentiras con que enzoufan o papel. A ese fin debe comprarse a calquera custa a citada *Corografía portuguesa* de Carvalho. Tómese o tomo primeiro, que todo é de Entre Douro e Miño, léase *de verbo ad verbum* e con pena na man. [716] Sáquense nun caderno todos os lugares, apelidos e os que el chama soares. Despois farase un índice alfabético universal de todos para citar e poder gobernarse. Feito ese, compárese co índice alfabético universal dos lugares, apelidos e soares de Galicia. Nesa comparanza debe exercer *Alethophilo* toda a súa crítica, sen faltar á verdade nin nun punto. Terá presentes as seguintes regras xerais de crítica.

717

Primeira: sempre que hai un apelido mesmo en Portugal e no centro de Galicia, e ese apelido non se atopa no texto do conde don Pedro, ese apelido pasou de Galicia. *Segunda*: sempre que o hai tamén no conde don Pedro, cotexe a maior antigüidade deses dous apelidos, e se hai máis antiga memo-

55. "Gandara, Fr. Phelipe de la. *Nobiliario, Armas y Historia de Galicia*. Madrid, 1677."

56. "Sota, Fr. Francisco. *Crónica de los Principes de Asturias y Cantabria*. Madrid, 1681."

57. "Salazar y Castro, D. Luys. *Casa de Lara*. Madrid, 1694 e 1696. Do mesmo, *Casas de Austria y Baviera, y sus enlaces*. Madrid, 1689."

254

ria do en Galicia, de Galicia pasou a Portugal o do conde don Pedro. *Terceira*: sempre que houber dúbida, vótase por regra xeral que pasou a Portugal o de Galicia e non ó contrario. [718] *Cuarta*: sempre que se atope en Portugal un lugar ou poboación e que no centro de Galicia hai outra poboación co mesmo nome, a poboación de Portugal é poboación de galegos e non ó contrario. É palmar, pois os portugueses xamais poboaron en Galicia e os galegos, segundo ían liberando Portugal de mouros, ían poboando o país de galegos, de apelidos e dos nomes de lugares que deixaban no seu país. Isto fixeron os españois na América e non ó contrario, e o mesmo fixeron os portugueses nas súas conquistas ultramarinas.

719

Quinta: sempre que en Portugal houber algún apelido que se tomou dalgún lugar e ese lugar non o hai en Portugal, pero si en Galicia, vótase que ese apelido, aínda que non o haxa en Galicia, de Galicia pasou a Portugal. É moi crible que hoxe suceda o mesmo cos milleiros de galegos que pasan a Portugal, pois, aínda que non pasan como conquistadores, son infindos os que casan e quedan en Portugal. Sexa un Pedro Fernández, natural, v. g., de Cándoa. Este no seu lugar só se chamaba Pedro Fernández, e en Portugal para distinguirse doutros Pedro Fernández, tomará o apelido de Cándoa. Co tempo será Cándoa apelido en Portugal e non obstante que en Galicia non creo que haxa apelido de Cándoa, o apelido Cándoa en Portugal será apelido que pasou alá de Galicia por razón do lugar. [720] *Sexta*: sempre que no centro de Galicia se use unha voz galega e que se use tamén en libros portugueses, esa voz pasou de Galicia a Portugal. Por esta razón as voces *mixiriqueiro*, *mágoa*, *saudade*, aínda que se usan en Portugal, son primitivas galegas. Duarte Nunes pondera tanto a súa voz *mixiriqueiro* por antiga e especialísima portuguesa que di que non se lle sabe a orixe. Eu digo que é latina e despois pasou a ser galega. Teño materiais para escribir un prego sobre a voz *mixiriqueiro* que

255

formarei cando se ofrezca ocasión⁵⁸. [721] *Sétima*: sempre que cara á raia de Portugal e Galicia se use algunha voz que non sexa galega, esa pegouse de Portugal á raia de Galicia, non ó interior, v. g.: *alfaiate* (xastre), *alfajeme* (cirurxián), *almocreve* (arrieiro), etc. Esas voces cheiran a Mahoma e son das que en Portugal quedaron dos mouros.

722

Sempre que concorran dous instrumentos góticos antigos, un galego e outro portugués, debe apreciar o galego e mirar con desconfianza o portugués e facer exacta crítica del; co conto de que teñen rei á parte e que están na teima fata de non quererem ser *cadetes* dos galegos, valéronse de mil ficcións para sostelo e negaron feitos constantes.

[...]

726

Advertido destas claves, *Alethophilo* poderá rebater mil imposturas portuguesas contra Castela e contra Galicia. Informado xa e instruído de todo o dito, e sendo dono de tan certos e fixos materiais, poderá tomar xa a pena para escribir algo segundo a súa elección. Pero nada disto lle impedirá ter outras diversións literarias distintas. Tendo a súa largacía quinta na mariña, poderá entreterse en algo de Matemática, Física Experimental, Historia Natural e Botánica, sen omitir a lectura diaria da Biblia e outros libros sagrados. Para todo hai selectos libros. E se parase nas súas mans copia de doce pregos que escribín para formar unha selecta, numerosa e universal biblioteca, neles achará a crítica dos que poderá escoller e mercar⁵⁹.

58. Efectivamente, Sarmiento escribiu en 1759 un texto intitulado *Orixe da voz galega 'mixiriqheiro'*, que está extractado a seguir a este na presente antoloxía.

59. Refírese ó seu escrito de 1749, *Catálogo de libros para unha librería curiosa*.

256

727

O Reino de Galicia non só padece das insolentes imposturas de portugueses, pero tamén doutros que non o son, nin son galegos. Sobre a andrómena do Meco, que naceu en país de mouros e fatuamente quixo trasplantarse a Galicia, ó modo das andrómenas das mouras encantadas, escribín seis pregos e outro sobre o chasco na Cruz de Ferro⁶⁰. Debe *Alethophilo* recoller esas e outras fábulas e aldraxes contra Galicia e os galegos e expoñelas á vergoña para darlles o castigo de que son merecentes. [...]

M. Sarmiento, Onomástico etimolóxico de la lengua gallega.
Madrid, 1758.

60. Refírese ó seu escrito *Confirmación de que a orixe da fábula do Meco e do Chasco naceu fóra de Galicia*, de 1757.

257

[6]

ORIXE DA VOZ GALEGA *MIXIRIQUEIRO*
[CONSIDERACIÓNS SOBRE A RELACIÓN ENTRE O GALEGO
E O PORTUGUÉS Ó FÍO DA OBRA *ORIGEM DA LINGUA*
PORTUGUESA DE DUARTE NUNES DE LEÃO]

10

Ningunha lingua se fala hoxe en España vulgarmente [salvo o vasconzo] que non sexa dialecto ou subdialecto da lingua latina; a esta debemos atender todos como a nai e principal raíz. Os subdialectos formáronse por extensión dalgúns dialectos, ou pola conquista e expulsión dos mouros, ou pola conquista doutros países remotos. Co gallo disto inzaron os subdialectos de voces bárbaras, quedando os dialectos na súa pureza. [11] Isto apálpase no dialecto inmediato da lingua latina que se fala en Galicia, que non ten ningunha voz arábiga introducida. Se os que falan algún subdialecto non atenden ó dialecto de que, por extensión, se formou, poderán dicir boas cousas da orixe e etimoloxía das voces estrañas e bárbaras que teña adoptado, pero non saberán nin chisco sobre a orixe das fundamentais e primitivas voces do mesmo subdialecto. Non vale dicir que tal orixe se pode sinalar na lingua latina, pois iso será saltar: hai que vir a parar aí non inmediatamente, mais por medio do dialecto que inmediatamente dimanou da lingua latina como nai.

12

As voces castelás v. g. que se empregan en Granada, Andalucía, etc. non forman dialecto derivado inmediatamen-

te do latín, mais unha especie de subdialecto derivado do primitivo dialecto castelán. Este estendeuse polas conquistas, alterouse na pronuncia, e inzou de voces arábigas. As conquistas foron desde os países do norte de España ós países do mediodía, e por conseguinte os subdialectos do país meridional derivaron dos dialectos do país do norte. Así, non se poderá falar da orixe das voces dos subdialectos se non se caetra antes a orixe das voces dos dialectos primitivos, nin estas se poderán endender *a fundamentis* se non se recorre á lingua latina.

13

Duarte Nunes de Lião, portugués, escribiu un *Compendio das Crónicas portuguesas*, unha *Geografía de Portugal*, outro de *Orthographia Portuguesa*, e outro con este título: *Origem da lingoa portuguesa*¹. Este título é semellante ó que tería un libro disparatado, *Origen de la lengua andaluza*, no cal non se fixese mención de que era derivada do idioma castelán. *Orixe da lingua portuguesa* sen mencionar que é derivada do dialecto galego é unha fábula, unha quimera, unha necidade monstrosa, unha fanfurrinada e un desvarío que deixa moi atrás o fantástico intento de Varrón². [14] A linguaxe que hoxe

1. Duarte Nunes de Leão (Sarmiento adapta a 'León' o segundo apelido) (c. 1530-1608), é un dos maiores representantes do humanismo portugués renacentista, especialmente pola súa obra lingüística e historiográfica. Na primeira salientan a *Orthographia da lingua portuguesa*, 1576, e especialmente a *Origem da lingoa portuguesa*, 1606, libros que constaban na biblioteca no noso sabio e foron (sobre todo o segundo) consultados, citados e comentados por el. Como historiógrafo, son de destacar as *Crónicas dos Reis de Portugal* (1600), que constitúen unha das primeiras tentativas de relato global da historia lusitana. O presente escrito é en realidade unha refutación das teses historiográficas e lingüísticas de Duarte Nunes, en canto supoñen ignorar o papel de Galicia na historia de Portugal e na formación da lingua portuguesa.

2. Nos primeiros parágrafos do escrito, Sarmiento critica a tentativa do enciclopedista e gramático latino Varrón (116-27 a. d. C.) de explicar o latín como lingua aborixe, ignorando a súa suposta derivación do grego (admitida polo groso da tradición lingüística occidental ata o século XIX, incluído, naturalmente, Sarmiento). Véxase sobre isto o que di Sarmiento nos *Elementos etimolóxicos*, § 199 e 200.

falan os portugueses e que se atopa escrita nos libros ata Duarte Nunes nin é lingua nin dialecto, mais un subdialecto da lingua galega que hoxe se fala e no antigo se escribía. O que debía ter posto Nunes era a orixe das voces mouriscas, das brasileiras, das africanas e das asiáticas que xamais foron galegas, e coas cales se enzoufou o primitivo dialecto despois das conquistas dos portugueses cara ó mediodía.

15

Na páxina 97 do citado libro, capítulo 16, pon o dito Duarte Nunes este título “Dos vocabulos que os portugueses tem seus nativos, que nam tomaram de outras gentes, que nós saibamos”, e coloca perto de oitocentas voces debaixo deste título. (A expresión “que nós saibamos” proba que Nunes sabía pouco latín, ou que se esforzou en disimulalo —coma Varrón o grego—, que non tiña oído falar os galegos nin lera os seus escritos). [16] Das oitocentas voces propostas, non sei se hai algunha que se poida chamar portuguesa nativa. Case todas se achan no dialecto galego, ou falado ou escrito; outras son castelás; e algunhas, latinas. Se Nunes atendera á verdadeira orixe do seu subdialecto, non se expuxera ó riso e fixera boas cousas, continuando desde o dialecto galego ata o latín. Reducida unha voz do subdialecto ó seu dialecto, e este á súa matriz (a lingua latina), débese parar aí, non porque sexa difícil subir da latina ó grego, e do grego á lingua hebrea como a matriz universal, pois para todo hai libros, mais porque, sinalando no latín a raíz de onde se derivou unha voz galega ou castelá, non se precisa máis pescuda.

17

Matinei indagar a orixe e etimoloxía de case todas as oitocentas voces de Duarte Nunes, e non me sería difícil, se tivese lecer; para isto, non me había de lembrar de Portugal. Pero para que se saiba como se debe acertar a orixe dunha

voz, escollín a voz *mexerico*, que é unha das oitocentas de orixe ignorada por Nunes, que por iso a coidou aborixe en Portugal. Canto ó significado, non hai dúbida: hai o verbo mexericar, a persoa mexeriqueiro e a acción mexericas, etc. Todo significa ‘rexoubar’, ‘descubrir defectos’, e é mixiriqueiro (á galega) o que anda con andrómenas. [18] Se en tempo de Duarte Nunes existisen xa os Vocabularios de Pereyra e de Bluteau, non tería posto *mexerico* por voz enigmática. Sendo eu cativo, oín en Galicia a copla seguinte.

*Paxaro mixiriqueiro
todo canto ve descobre;
daquela banda do río,
maldiga folla que bole*

O que ler esta copla, non saberá enxergar se é galega ou portuguesa. Importa pouco. O que fai ó caso é pescudar, por ela, o primitivo significado da voz *mixiriqueiro*.

19

Cando o mestre sabe que un rapaz fixo algunha trasnada culpable porque algún maligno rexoubeiro lle levou o conto, sinálalle ó rapaz que o soubo porque llo dixo un *paxariño*. Do mesmo xeito, as follas das árbores que están á beira do río, nin bolen nin abanean para que ningún paxaro mixiriqueiro vaia con lerias e lle aumente o que non oíu. O home mixiriqueiro anda a todas: descobre chatas alleas, inventa defectos que non hai, sementa a cizaña e discordias, e leva e trae contos e loias de aquí para acolá. [20] Estando o ano 55 en Galicia, oín outras dúas coplas que veñen ó caso da significación de *mixiriqueiro*. Di a primeira:

*Paxaro mixiriqueiro
heinche de cortar o pico
porque levas os recados
adonde está don Benito*

262

Di a segunda:

*Craviños da miña quinta
heinvos de cortar os picos,
xa Catriña non me fala
quen lle dixo mixiricos?*

21

Coido que no canto de *craviños*, din outros “*paxaros da miña quinta*”. Non estaría mal, pero *craviños* di máis e ten máis énfase, pois introdúcense os caraveis falando e rexoubando: saíu Catalina ó xardín do seu amante, arrecendeu alí algúns caraveis, estes fóronlle con loias, andrómenas e *mixiricos* contra o devandito amante, e xa desde aquela nin tan sequera lle quería falar (“xa Catriña non me fala”). Destarte queda entendida a copla, e caletrada a significación de *mexericos*, ou como máis dondamente pronuncia o galego, *mixiricos*.

[...]

45

Se o ano de 1600 tivese vindo a lume ese *Vocabulario galego*³ ben seguro é que Duarte Nunes tería escrito doutro xeito. Dirá algún que para ese vocabulario cumpría que houbera escritos en galego, por mor de confirmar cada voz. Esta suposición é un desatino sen xeito. ¿Quen dirá que ten máis autoridade un escritor de pantalla para autorizar o significado dunha voz, ca o común consentimento do pobo? Asegúrese que ese consentimento dá tal significación a tal voz, e aforrase de acugular os dicionarios con textos de escritores, de moitos dos cales se poderá dubidar (eu dubido de moitos) que entendesen ben a xenuína significación de moitas voces que teñen estampado. [46] Horacio confirma todo o dito; e téño o meu favor sobre a reviviscencia de voces perdidas:

3. Refírese ó *Vocabulario* de voces usuais galegas que el decote lamenta que non estivese aínda feito, e que propón que se emprenda.

263

*Multa renascentur quae iam cecidere cadentque
quae nunc sunt in honore vocabula, si volet usus;
quem penes arbitrium est et ius et norma loquendi*⁴.

A expresión “usus” e “norma loquendi”, refírese á fala do común, non pola escritura de tres ou catro autores que a quixeron alterar, como Juan de Mena, Juan de Lucena⁵ e outros que, aínda que o tentaron, non o deron conseguido.

47

Pero se para o *Vocabulario galego* fosen indispensables algúns escritos, teño certeza de que se poderán cargar moitos carros dos instrumentos escritos en galego que aínda se conservan nos arquivos de Galicia, desde San Fernando ata a metade do século XVI. Galicia ten outra singularidade que non ten Portugal, e é que recuando de San Fernando ata primeiros do século IX conserva moitos instrumentos latinos con caracteres góticos e moitísimos instrumentos latinos con caracteres que chaman *casteláns*⁶. [48] Todo debe contribuír ó vocabulario galego. O texto gótico para observar nel a inmediata derivación do latín; o texto latino posterior, para observar nel os principios do dialecto galego, con vistas a fixar a ortografía; e a linguaxe vulgar de hoxe, que non se escribe, para admirar a copia de voces galegas. Xunto todo o devandito e impreso, despois non sería tan difícil formar un *Tesou-*

4. 'Moitas palabras que xa caeran renacen, e outras que agora circulan caerán se o quere o uso, que é coma quen di o árbitro, a lei e a norma do falar', célebre aforismo de Horacio, contido na súa *Epístola ad Pisones*, unha especie de autopoética.

5. Juan de Mena e Juan de Lucena son dous poetas do século XV que salientan polo seu afán de latinizar no léxico e na sintaxe o romance castelán, o que motiva os axes de Sarmiento.

6. Sarmiento refírese a documentos escritos en latín, empregando o que hoxe chamamos 'letra carolinxia' (caracteres casteláns), introducida no centro e oeste da península entre os finais do século XI e a metade do século XII, e anteriormente, en 'letra visigótica' (que na Idade Media se denominaba 'letra galega', aínda que isto ignorábo Sarmiento).

ro etimolóxico da lingua galega, reducindo case todas as voces do dialecto á lingua latina, a súa matriz.

49

Exemplo. Entre as oitocentas voces que pon Nunes como nativas de Portugal, pon *regueifa*; sendo que hoxe é trivial en toda Galicia esta voz, por 'rosca' ou 'molete de pan'. Nun instrumento latino do ano 1167 que eu lin en Samos atópase esta expresión “prandiis et regeiphis”. Que ten que ver Samos con Portugal? Tamén nos quixo meter por aborixe a voz *prata*. É trivialísima en Galicia, e eu lin nun instrumento gótico de Galicia a mesma voz *prata*.

50

Quixera eu ver cos meus ollos o instrumento máis antigo, xa en latín, xa en vulgar, que os casteláns, portugueses e galegos coidan ser tal, para reflexionar de qué fe son merecentes, e qué antigüidade verdadeira ten cada un deses instrumentos respectivos.

[...]

52

O mesmo Duarte Nunes, páxina 32, disparatou do seguinte teor: “[as lingoas de Galliza e Portugal eraõ antigamente quasi hũa mesma, nas palauras & nos diphtongos e na pronunciação que as outras partes de Hespanha não tem.] Da qual lingoa Gallega a Portuguesa se auentajou tanto, quãto na copia e na ellegãcia della vemos. O que se causou por em Portugal hauer Reis e corte que he a officina onde os vocabulos se forjaõ e pulem e onde manaõ pera os outros homes, o que nunqua houeu en Galliza”. É a canto puido chegar a aldraxante fantochada, imprimir que nunca houbera en Galicia reis nin corte. [53] Que quere dicir *Reino de Portugal* en comparanza co Reino antiquísimo de Galicia? Que rapaz ignora que o Reino de Galicia, polos suevos, é o primeiro e

primitivo reino católico da Cristiandade? Quen ignora que o Reino de Portugal é o último dos reinos que se estableceron en España? Quen non sabe que iso foi sobre un retallo do Reino de Galicia, que só se deu en goberno? Xamais puideron ver o instrumento de don Afonso VI que dea fe e que nos indique quen foron, senón os galegos, os que conquistaron de mouros o que hoxe é Reino de Portugal. Un home soilo, con título de conde, non conquista, sen moitas tropas. Don Henrique⁷ nin as trouxo, nin as tiña. O recurso a tropas estranxeiras que viñeron por mar, é fuxir de Galicia e confesar coa lingua aínda hoxe que os que conquistaron Portugal foron os galegos.

54

Galicia sempre foi reino, e tivo Corte e Cortes aquí ou acolá. Lugo e Braga dos suevos: alí se xuntaban os concilios, e non en Portugal. Lugo e Santiago, dos reis que sucederon ós suevos. En Santiago coroouse o emperador Afonso VII, que nacera en Galicia. Os fillos dos reis godos criábanse xunto a Baiona. San Fernando e mailo seu fillo Afonso o Sabio criáronse en Galicia, como consta das coplas que o mesmo don Afonso escribiu en lingua galega. [54 bis] Daquela non había lugar permanente para a Corte, nin tampouco a tivo o Reino de Portugal. Todo o territorio era Corte, porque en todas as partes e por todas as partes andaban os reis: “Onde está o Rei, está a Corte”. Dicar que a Corte é a oficina onde se forxan os vocábulos e se pulen, é manifesto erro. Toda Corte permanente e única é unha babilonia, onde, lonxe de luírse a lingua, se confunde con outras, e se enlarafuza con voces bárbaras de todas as nacións. [55] Tendo en conta que Lisboa foi máis infestada e apestada de nacións bárbaras ou forasteiras a causa das conquistas e do comercio, digo que a linguaxe portuguesa que se fala en Lisboa é a máis híbrida e

7. Refírese a Henrique de Borgoña, conde de Portugal (c. 1096-1112), pai do primeiro monarca portugués, Afonso I *Henriques*.

corrupta linguaxe de Portugal. Non nego que en Lisboa haxa moitos que falen con pureza o portugués; pero iso será ou polos libros ou porque xa o falaban antes. Para iso non se precisa Corte; nin tampouco na Corte pode haber acento fixo, nin pronuncia constante, a causa da variedade de nacións concorrentes.

56

O ilustrísimo señor Feixoo fala como escribe. Poucos negarán que o estilo das súas obras sexa escorreito, luído, claro e elegante. E con todo iso, xamais se criou na Corte, nin precisou dela, para posuílo. Non obstante, el mesmo refírese canto superior era o gozo que experimentaba oíndo falar en galego un pobre rústico arrocheiro que levaba o viño ó Colexio de Lárez, beneditino, xunta Pontevedra. Era alí lector de Artes o ilustrísimo Pañelles, que morreu bispo de Mallorca, e era pasante o ilustrísimo Feixoo. Gustaban tanto os dous de ter coloquios co devandito rústico galego, que acordaran avisarse un a outro cando viñese o arrocheiro para baixaren os dous a sentilo falar e parolaren con el. Non era a dozura do idioma galego o que os engaiolaba, senón a natural elocuencia.

57

Aquel rústico non sabía escribir, nin aínda ler. Nacera nunhas fragosas montañas, xamais vira Corte, só sabía falar o seu idioma nativo. Endebén, era tan naturalmente discreto e elegante que nos seus discursos engaiolaba os dous ilustrísimos. Logo, esa pataqueirada de Corte e Oficina é unha matrícola para querer aloumiñar os que non viviron na Corte. A elegancia de voces non se ha de regular pola multitude das superfluas, exóticas e sexquipedais, pero polas máis propias e expresivas, e sobre todo que sexan nativas. [58] Nin os reis, nin o clima das cortes, nin as galas, nin as modas, nin os moitos caudais, nada diso dá entendemento. Este só o dá Deus, e repárteo por cortes, cortellos, vilas, aldeas e lugares. Sen un

entendemento perspicaz e natural, son papeis mollados todos eses escritos que miran a luír a lingua e a introducir unha elegancia servil.

59

Di o dito Nunes que a lingua portuguesa se avantaxou tanto á galega, “quanto na copia e na elegancia dela vemos”. Falando da verdadeira elegancia e da copia propiamente tal, en maldita cousa se avantaxou o subdialecto portugués ó dialecto galego. Léanse os escritos portugueses anteriores ó rei Don Sebastián, e non se atopará neles sombra de máis elegancia e de máis copia do que nos escritos manuscritos que se conservan en galego. Teño presente Rui de Pina e García de Resende⁸, e nin polo forro notei neles farrapo de máis copia nin de máis elegancia.

60

O Padre Bluteau pon ó comezo do seu *Vocabulario portugués* os escritos en portugués que tiña presentes para a súa obra. Noto en primeiro lugar que só para o título amoreou cincuenta e sete adxectivos, e ningún é voz portuguesa; pero ou pura grega, ou pura latina. E isto é máis copia? Noto en segundo lugar que de trescentos setenta escritos en portugués que propón, se se atende ós anos de impresión, só vinteún tocan á época antes de Filipe II, cento cincuenta e seis ós anos en que Portugal estivo unido a Castela, e cento noventa

8. Rui de Pina (c. 1440-c. 1520), garda maior do Arquivo do Reino, compilou as crónicas dos reis de Portugal desde Sancho I ó seu coetáneo João II (esta última é citada máis abaixo no texto). García de Resende (c. 1470-1536), poeta e historiógrafo, secretario particular do rei João II, foi o encargado da compilación do *Cancioneiro Geral* (1516), a máis importante colectánea de poesía producida en Portugal no século XV e comezos do XVI. No catálogo da súa biblioteca, Sarmiento anota: “*Cancioneiro Geeral*: colección de máis de 120 poetas portugueses antigos, en letra gótica. Lixboa, 1516. Este cancioneiro, e nesta impresión, é libro rarísimo que non ten prezo; é evidente pola encadernación en tafilete, o dourado e as armas, que foi do Conde Duque” [de Olivares?].

e tres ós anos que seguiron ó levantamento⁹. [61] Noto en terceiro lugar que está moi minguado nos escritos anteriores a Filipe II e que lle esqueceu o *Cancioneiro Geral* portugués de García de Resende e a súa *Crónica de Don João II* e outros moitos. Noto en cuarto lugar que entre os escritos do tempo da unión lle esqueceron João de Barros¹⁰, autor moi clásico, e outros. E finalmente noto en quinto lugar que os autores de despois da separación se inflan con libros de pouco miolo. Con palabras que se atopan nun sermón, nin se pule, nin se autoriza, nin se fai copiosa unha lingua¹¹.

62

Sendo tan clásicos os autores que escribiron nos sesenta anos da unión, quixera que me dixese Duarte Nunes se os portugueses tiveron neses sesenta anos algunha Corte de Rei propio. E sendo evidente que non tiveron máis rei que o que tiñan os galegos, apálpase que nin Corte nin Rei nin Roque cómpre para falar, cultivar e escribir unha lingua.

[...]

M. Sarmiento, *Origen de la voz gallega* mixiriqueyro. Madrid, 1759.

Texto inédito

9. Sarmiento periodiza tomando como fito o dominio filipino (1580-1640), durante o cal as coroas de Portugal e España estiveron unidas nas persoas dos Austrias españois Filipe II, Filipe III e Filipe IV, ata o ‘levantamento’ de 1640 que abocou Portugal á separación.

10. João de Barros (c. 1496-1570), célebre escritor, gramático e historiador renacentista, é un dos grandes clásicos da literatura portuguesa. É autor, entre outras obras, da novela de cabalería *Clarimundo* (1522), o diálogo filosófico *Ropicapnefina* (1532), a *Gramática da Lingua Portuguesa* (1540) e as *Décadas* (1552-1563), crónicas da expansión portuguesa polo mundo.

11. Probablemente, Sarmiento refírese aquí ó Padre Antonio Vieira (1608-1697), insigne prosista e o máis importante pregador sacro do século XVII portugués, célebre polos seus *Sermoens* (1679-1697).

[7]

ELEMENTOS ETIMOLÓXICOS SEGUNDO O MÉTODO
DE EUCLIDES

[7.1]

[XUSTIFICACIÓN: FECUNDIDADE DA LINGUA GALEGA]

3

Non faltará quen, erradamente, crea que eu posúo algunhas linguas, xa mortas, xa vivas, vendo que as traio ó asunto como se as tivese mamado ou estudiado, xa polos libros, xa peregrinando por diferentes nacións. Digo, e protesto, e aínda se for mester xurarei, que o que viva nese concepto, vive en erro desaforado e maiúsculo: só mamei a lingua galega, que con ocasión de vir a tomar o santo hábito esquecín case de todo e deime á lingua castelá. Da lingua latina só sei o chapurreado que me ensinaron ó uso do país. Da grega sei moitas voces soltas e tales cales da hebrea. Da arábica só sei as voces que se conservan no castelán e andaluz. Pola lectura de libros franceses e italianos só adquirín o entendelos. [4] De maneira que, axustadas contas, ningunha lingua posúo, senón o castelán vulgar, que falo, leo e escribo sen requinte particular. Por ser o idioma castelán case infindo e tan abundante de voces heteroxéneas, a cada paso topaba con voces castelás que oía ou lía e que eran para min inauditas e exóticas, que nin entendía o seu significado nin sabía a súa verdadeira orixe. De balde preguntaba a orixe,

aínda que me informaban do significado en xeral. Cansado de preguntar a quen non me sabía responder, determinei responderme a min mesmo consultando libros para o material da voz e para o formal do significado.

5

Para todo teño libros abondos, xa de linguas mortas, xa de linguas vivas, xa de todo xénero de erudición: pasan de seis mil cincocentos tomos. E non tomarei a mal que algúns me apliquen a oración de Luciano: *Adversus indoc-tum, et libros multos ementem*¹. Ben certo é que o posuír unha chea de libros nin proba ciencia nin erudición. Pero máis certo é que o non ter ningún libro é proba de iletrado. A literatura que vai xogar nestes *Elementos etimolóxicos* é moi superficial. O fondo vai ser unha condenada combinación das letras. Para isto non cómpre saber linguas senón a vulgar e o latín con extensión.

6

Por brincar formei, daquela, unhas etimoloxías dalgunhas voces castelás. E o gusto que me deu este inocente estudio fixo que escribise un *Vocabulario castellano* para o meu goberno, tendo mentes de engadirlle cada día máis e máis pregos nos cales había moitas etimoloxías curiosas². Con ese exercicio e coa observación de apalpar as varias e diferentes alteracións e transmutacións dunhas letras noutras, pareceume que se podería formar uns elementos que puidesen servir de norma para os que se quixesen dedicar ó estudio das etimoloxías das voces castelás soas, pois aínda non matinara na lingua galega. En trinta e cinco anos que faltaba de Galicia a penas estivera tres meses naquel Reino e case me era xa descoñecido

1. 'Contra o ignorante e o que merca moitos libros'.

2. Refírese ós seus escritos *Conxecturas para establecer algunhas etimoloxías de voces castelás por alfabeto* e *Estromaton ou tapiz da lingua castelá*, ambos de 1730.

o idioma galego, e só lembraba en confuso das voces que mamara. [7] O ano de 1745, ano do xubileo de Santiago, ofréceuseme facer unha xornada a Pontevedra a recrearme en compañía dos meus irmáns e parentes e a pasear por Galicia. Andei moito por aquel Reino, pero sempre coa pena na man para apuntar todos os lugares e todas as voces e frases galegas conforme as ía escoitando, e aínda moitas voces galegas antigas escritas en instrumentos galegos medievais como as ía lendo. E sobre todo moitos nomes galegos dos mixtos da Historia Natural e en especial dos vexetais, peixes, cunchas, etc., segundo os ía collendo e comendo. Á volta deses nomes recollín tamén as súas propiedades e virtudes.

8

Tornei a Madrid cargado de apuntamentos e materiais de voces puras galegas, vulgares e triviais, significativas de cousas do uso común e de artes e cousas artificiais e de nomes dos mixtos da Historia Natural. Emborranchei algúns cadernos de papel con eses preciosos borróns, de maneira que se antes vivía remoto da lingua galega, de regreso a Madrid atopeime fecundado de infindas voces galegas, sen cargar a man á sintaxe —a sintaxe non fai nin padece para pescudar a orixe e etimoloxía dunha voz solta—. E agora cesará a admiración de que non sabendo eu linguas, dese en falar de etimoloxías. [9] Despois, o ano de 1754, voltei a Galicia a divertirme, e demorei alí dezaioito meses, decote ocupado no mesmo exercicio do ano 45. Axuntei infindos materiais máis, así de voces puras galegas coma de nomes dos mixtos da Historia Natural, non só que se falan e usan en Pontevedra, v. g., ou noutro lugar determinado, senón tamén os que se falan e usan en diferentes países de Galicia, aínda que escollín o territorio de Pontevedra para fixar alí o fondo da lingua vulgar galega. Isto porque alí fixen a maior demora da miña estadía e pateei a palmos todo o terreo e porque alí rexistrei e lin moitos instrumentos antigos dos arquivos.

10

En virtude de todo o dito, tardei pouco en observar que a lingua galega e a castelá non son senón dous dialectos da lingua latina en toda a súa extensión, e que canto máis se recúa séculos, case coinciden eses dous dialectos. Isto é moi do caso para que os casteláns se aproveiten dos *Elementos etimolóxicos*, pois hai moitas voces puras galegas que tamén se usaron no puro castelán, pero xa se perderon de todo. Antes dos godos a analoxía e alteración das letras latinas era uniforme nos dous dialectos, despois, co tempo, o dialecto castelán apropiouse dunha especial analoxía e o galego, tan tenaz, non quixo mudar a súa. [11] Non hai cousa máis vulgarizada que dicir que o puro idioma castelán é unha corrupción da lingua latina e que o puro galego é unha corrupción da lingua castelá. Son dous erros vulgares e errada a intelixencia da voz *corrupción* en materia de linguas, confundindo a *analoxía* coa *corrupción*. O castelán foi formándose paulatinamente do latín, gardando sempre a analoxía das letras. O mesmo digo do galego. Pero xamais o galego se formou do castelán. Non ó principio, pois as dúas nacións falaban un mesmo latín. Non na Media Idade, pois Galicia tiña reis, e non Castela, e o idioma que daquela se falaba non puido derivarse do que se falaba en Castela. Non ó remate, en fin, pois xa Galicia e Castela son dúas diferentes provincias.

12

Pero cada unha observa a súa analoxía peculiar e cada unha con respecto á latina como a clave, orixe e raíz de onde procederon os dous dialectos, galego e castelán. Non falo aquí do idioma vasco, pois seguramente non é dialecto da latina, e cando máis será un subdialecto dalgún dos moitos dialectos da lingua universal céltica xa perdida. Tampouco falo das outras linguaxes particulares doutras provincias que son como subdialectos ou da castelá, ou da galega, como é a portuguesa, ou da lemosina e provenzal, cales son a catalana

274

e valenciana, que non teñen conexión, senón remota, coa castelá e coa galega.

13

Nestes *Elementos etimolóxicos* só xogarán principalmente tres linguas: a latina, como nai, e a castelá e a galega, como fillas. Dos outros subdialectos provinciais usarei incidentalmente e con inevitable parsimonia porque eu non os sei. O mesmo digo doutras linguas mortas e vivas; non coma quen as entende, mais coma quen leu a explicación desta ou da outra voz solta nos libros latinos dos que as entendían. Así poderei citar voces gregas, hebreas, sirias, arábegas e doutras linguas exóticas que xamais souben. Nisto nada hai de leria nin vaidade, pois aborrezco o primeiro e hai xa máis de cincuenta anos que estou evidenciado por min mesmo que non teño en que atar un gran de sal para fundar vaidade de prenda naturais, morais e intelectuais. Despois de Deus, debo este coñecemento á moita e varia lectura que teño feito.

14

O ter lido moito nin proba ciencia nin intelixencia de linguas, e a árida intelixencia dunha soa lingua nin proba ciencia nin erudición. Case todos os iletrados de España falan, entenden e escriben a lingua castelá e non por iso deixan de ser iletrados se non teñen outros estudos. E teño para min por imposible que haxa castelán ningún que saiba a mesma lingua que mamou con toda perfección e extensión. O mesmo digo doutra calquera nación e dun nacional que fale a súa lingua viva que mamou. [15] A lingua viva que se fala ten unha infinidade de voces. Saberá máis desa lingua o que souber máis voces. E como cada día aumenta o número, non é posible que haxa un que as saiba todas, todas. Na China gradúanse os literatos polo maior ou menor número de caracteres, cada un dos cales significa unha cousa enteira. As linguas vivas son necesarias para os que van andar polo mundo, pero estes teñen un atallo para non saber ningunha e daren a

275

entender que saben moitas: teñen un libriño impreso que é un *Onomasticon* no cal están divididas por clases e en columnas todas as voces que significan as cousas máis comúns e triviais que adoitan ocorrer nos camiños, pousadas e conversas, con algunhas frases vulgares. Eu teño un en oito linguas vivas³.

16

As linguas mortas son as que xa non se falan, pero se falaban antigamente. Esas só se conservan nos libros e por eles se teñen que estudar, como a latina, grega, hebrea, caldea, siria, etc., e aínda a arábica literal do *Alcorán*, Avicena, etc. Canto as linguas vivas son copiosas de voces, tanto son diminutas delas as linguas mortas. As linguas mortas están reducidas en lexicóns e dicionarios, para as linguas vivas non hai vocabularios que abonden. Non baterei con moitas voces de pura latinidade das que non ache ou poida achar explicación nos meus libros. Pola contra, cada día leo e sinto voces castelás das que non podo achar explicación nos libros, nin ma saben dar os mesmos que as falan. ¿E que farei nese caso? [17] Ese caso, repetido, é o que naturalmente me obrigou a recorrer ó estudio das etimoloxías das voces castelás. Con máis razón debo dicir o mesmo das voces galegas que se len nos instrumentos antigos en galego e das voces soltas que oím da lingua viva en Galicia, pois nin unhas nin outras entendín senón ó aire. A razón é palmar. Para as voces castelás hai moitos libros de gramática e moitos dicionarios que me poidan dar algunha luz. Pero para as voces galegas nin hai libros nin gramáticas que ma dean. ¿E que recurso queda neste caso? Non hai outro senón acudir ó estudio das etimoloxías das voces galegas puras. Se ese estudio é árido, seco, espiñento, desagradable e esgrevio, e falsamente arbitrario para os que o aborrecen, eu penso doutro xeito.

3. Trátase do *Calepino en sete linguas*. Véxase texto 5, § 92, en nota.

18

Non entro en cando comezaron a formarse os dous dialectos, galego e castelán, nin tampouco en cando comezaron a falarse, como destetados xa da súa nai e matriz, a lingua latina. Abonda para o caso saber cando se comezaron a escribir. Nin do un nin do outro se atopou, ata agora, escrito ningún fidedigno anterior ó século XII, e os que se acharen serán un chapurreado de mal latín e peor vulgar. Ó século XIII, pois, debe reducirse a época de escribir os vulgares castelán e galego, e aínda en tempo de san Fernando son comúns os instrumentos medio en latín e medio en vulgar. [19] Os galegos conservaron o costume de escribir os seus instrumentos públicos e privados no vulgar galego ata Carlos V, pero canto a falar ese mesmo vulgar idioma, proseguiron ata hoxe falándoo en toda Galicia. Isto trouxo a grande utilidade de que o dialecto se conservase, e se conserve, purísimo, e aumentase moito sen pasar a idioma heteroxéneo, como lle pasou ó castelán, precisamente porque se escribe. Teño observado que as linguas vulgares que soamente se falan e non se escriben son case eternas, inmutables, e que cada día aumentan máis e máis, conservando sempre o carácter privativo da lingua. Quero dicir que as voces que incrementan non son estrañas mais derivadas das mesmas raíces da lingua, segundo as leis e analogía dela mesma, sen conexión con lingua estraña.

20

Pola contra, a lingua que se escribe cada día vai perdendo máis e máis as súas voces puras e primitivas e só se acrecenta de voces estrañas e exóticas que xamais foron nin serán da lingua e que ninguén do pobo as entenderá. Isto explícase porque os que escriben procuran acomodarse á linguaxe e voces dos libros, abandonando as voces puras da lingua que saben, entenden e falan os vulgares desde tempo inmemorial, de maneira que hai dúas linguas castelás: unha, a provincial e das xentes, que é homoxénea e metódica, e outra, a dos

libros, que cada día é máis heteroxénea. [21] Tamén teño observado que as linguas que só se falan e non se escriben son máis copiosas de voces da lingua que as linguas que se escriben. Falo de voces da lingua, non das voces de achego e totalmente estrañas. Estou abraiado da abundancia das voces galegas puras que oín e recollín en Galicia, que acaso non será a décima parte. Disque en Galicia semella que dun lugar a outro hai lingua diferente, eu andei por Galicia e non atopei esa multitude de linguas. Estes ou os outros termos soltos que se falan aquí e non acolá é certo que os hai, pero sen saír do galego en xeral. E isto sucederá en todo país cunha lingua que se fala e non se escribe.

22

Esta variedade é moi pertinente para probar a fecundidade da lingua galega. A Duarte Nunes, que veu botar fanfurrinadas coa súa lingua portuguesa de que tiña moitos derivados dunha voz, engadinlle eu seis máis que ten a lingua galega. Por enredar, púxenme a recoller todas as voces galegas que oín en Galicia para significar un home pailán e camastrón, xuntei cen e téñoas colocadas por orde alfabética⁴. Non tería tantas se a lingua galega se escribise, pois xa se terían perdido as máis delas. Pola mesma razón de que a lingua portuguesa se escribe, está moi minguada de raíces propias, aínda que Bluteau quixo impoñer que era moi abundante con dez tomos en folio. [23] Se a ese *Vocabulario portugués* se lle separan as raíces e voces tomadas na súa orixe da lingua galega, as voces mouriscas, africanas, brasileiras e orientais, e as de lugares xeográficos e as voces puramente facultativas, todas as cales nunca foron portuguesas, pararán os dez tomos nun esqueleto que cause mágoa. O ano de 1674 imprimiu o padre Bento Pereyra a súa *Prosodia* ou *Vocabulario da lingua portuguesa*, o cal aínda non chega a corenta pregos. E despois de tantos tomos, se se lle retiran as

4. Véxase máis adiante, § 456 e ss.

etimoloxías de Covarrubias, é nada o que resta da orixe das voces portuguesas⁵.

24

Ós *Elementos etimolóxicos*, que servirán para reducir á lingua latina as voces puras dos seus dous dialectos, castelán e galego, espero, querendo Deus, que seguirá un *Onomástico*, no cal, á sombra da lingua galega, poñerei diferentes etimoloxías das voces puras do seu subdialecto portugués. En colocando eu unha voz na súa raíz latina, non teño mentes de pasar de aí nin subir máis arriba, aínda que me sería máis doado ca chegar ata o latín pola abundancia que hai de libros para iso. Non penso pois en etimoloxías de voces latinas, mais das voces castelás e galegas puras. Por incidencia será preciso que toque algo da grega cando o meu asunto for o tecer unha serie cronolóxica da voz ata hoxe, segundo o que puider acadar coa miña curta literatura e a ignorancia que confeso ter das linguas vivas e mortas.

[7.2]

LIBRO I. DAS CONSOANTES

225

Teorema 3º: B de F
trebo de *trifolium*
acibo, de *aquifolium*
bebra, de *bifera*
seixebra, de *saxifraga*
 [...]

228

Teorema 6º: CH de CL
chamar, de *clamare*
chouza, de *clausa*
choir, de *claudere*
chave, de *clavis*
choca, de *cloca*
chavella, de *clavicula*

5. Sebastián de Covarrubias (1539-1612), é autor dun célebre *Tesoro de la lengua castellana o española* (1611), primeiro diccionario español con pretenções etimolóxicas. No catálogo da súa biblioteca, Sarmiento anota: "Covarrubias, Sebastián. *Thesoro de la Lengua Castellana, añadido por el P. Remigio*. E ó comezo, *Origen [de la lengua castellana]*, de Aldrete. Madrid, 1674".

229

Teorema 7º: CH de FL
Chaves, de *Flavias* (cidade)
chamizo, de *flamma*
chorido, de *florido* [sic]
chouteira, de *flauta*
cheirar, de *flagrare*

230

Teorema 8º: CH de PL
chumbo, de *plumbo*
chorar, de *plorare*
chover, de *plovere*
chantage, de *plantagine*
cheo, de *pleno*
chagas, de *plagas*
 [...]

248

Teorema 26º: LL de TL
vella, de *vetula*
silla, de *situla*
rollo, de *rotulo*
 [...]

250

Teorema 28º: LL de CL
orella, de *auricula*
abella, de *apicula*
ovella, de *ovicula*
navalla, de *novacula*
ollos, de *oculos*
mallá, de *macula*
 [...]

280

LIBRO II. DAS VOCAIS

305

OU de AU
ouro, de *aurum*
touro, de *taurus*
mouro, de *maurus*
cousa, de *causa*
lourel, de *laurel* [sic]
 [...]

LIBRO III. DAS LETRAS PERDIDAS

320

Teorema 8ª:
 A consoante L entre dúas
 vocais
paa ou *pâ*, de *pala*
pía, de *pila*
Payo, de *Pelagio*
Vaya, de *Eulalia*
Cobre, de *Coluber*
mao, de *malo*
Gíao, de *Juliano*
Grixóá, de *Ecclesiola*
Sô, de *Solo*

321

Teorema 9º:
 A consoante N entre dúas
 vocais
mao, de *mano*
lagoa, de *lacuna*
lua, de *luna*
laa ou *lã*, de *lana*
féo, de *foenum*
boo ou *bô*, de *bonum*

LIBRO IV. DAS LETRAS ENGADIDAS

341

Dos patronímicos: Z engádesse ó nome do pai para o fillo.
Álvarez de *Álvaro*; *Antunez* de *Antonio*; *Bieitez* de *Benito*;
Diaz de *Didaco*; *Dieguez* de *Diego*; *Domínguez* de *Domingo*;
Eitaz de *Eita*; *Froilaz* de *Fruela*; *Florez* de *Floro*; *Estevez* de
Esteban; *Gosendiz* de *Gudesindo*; *Gonzalez* de *Gundisalvo*;
Gutierrez de *Gutierre*; *Fernández* de *Fernando*; *Yáñez* de
Joan; *Gomez* de *Gomesano*; *Ibañez* de *Juan*; *Muñoz* de *Munio*;
Nuñez de *Nonio*; *Ossorez* de *Ossorio*; *Perez* ou *Petriz* de *Pedro*;
Rodriguez de *Rodrigo*; *Ordoñez* de *Ordonio*; *Bermudez* de *Ber-*
mudo; *Ramirez* de *Ramiro*; *Sanchez* de *Sancho*; *Garcez* de
García; *Lopez* de *Lope*; *Martinez* de *Martin*; *Bernaldez* de *Ber-*
nardo; *Abraldez* de *Abelardo*; *Miguez* de *Miguel*; *Fagundez* de
Facundo; *Giraldez* de *Giraldó*; *Pepiz* de *Pepe*; *Gelmirez* de *Gel-*
mir; *Pelaez* de *Pelayo*; *Ovequiz* de *Oveco*; *Raimondez* de *Ray-*
munto; *Vazquez* de *Vasco*; *Suarez* de *Suero*; *Sabariz* de
Sabarico; *Salvadorez*, *Iñiguez*.

[7.3]

[REFLEXIÓNS PEDAGÓXICAS]

344

O dito vulgar “o rato que non ten máis que un buraco, logo o collen”, poderá aplicarse ós semiliteratos rateiros que non tendo máis que un libro morriñoso, encetado dos ratos e labrado pola couza, se entremeten nas conversas de eruditos a manifestar a súa propia ineptitude e a censurar os estudos alleos. Por esta caste de xente díxose: libreme Deus de home dun libro, dun preito e dun oficio. Dun preito porque é insufrible oílo falar soamente del, coma se fose un tolo coa súa teima. Dun libro porque, sacándoo dese libro e de acompañalo coa *Gazeta*, *Mercurio* e almanaques, rematou toda a súa erudición. [345] Eu engadin de experiencia: e libreme Deus dun home dun só oficio, gremio, confraría, partido, gavela e

281

facultade de *pane lucrando*, pois non hai homes máis satisfeitos, insolentes e soberbios sobre unha herdada ignorancia de mestres a discípulos. Poderán contarse por millóns os homes que comeron deses empregos, pagando dunha vez a carta de exame, e non se poderán contar por ducias os que desa turba de mediocres saíron sobranceiros, pois os que saíron, débéronllo a Deus e ó seu nume sen pexas.

[...]

347

É máis que certo que tampouco se trata de ter moitos libros, nin aínda en mallar neles toda a vida. Iso é laudable, pero é máis o que se desexa. Aquilo será rematar a corrida de zoupóns sen entrar na carreira de sabios. Estou convencido de que, *caeteris paribus*, hai españois que len e estudian máis ca os estranxeiros, e que estes, *caeteris paribus*, non os exceden en enxeño e penetración. ¿Como se explica, pois, a pretensa diversidade das produccions duns e doutros? No que dixo Paulo Merula: *Hispani, felices ingenio, infeliciter discunt*. E no que engadín eu: *et infelicissime docent*⁶.

348

O verbo *doceo* e o verbo *disco* son correlativos. É case monstruosidade que dun mal mestre saia un bo discípulo; aínda que non é moi rara, todos se meten a mestres e todos a discípulos. Deixando a herdada e lamentable ignorancia dos mestres e a case innata rudeza dos discípulos para os estudos, hai outros tres capítulos ós que atribuír o atraso da literatura en España: primeiro, que ó español que vai seguir letras o teñen tiranizado o máis florido da súa idade con miudallas e bagatelas. [349] O segundo é que non hai método fixo, claro e certo para o ensino. Terceiro, que xamais se afecciona ós estudantes a que se dediquen ás artes e ciencias que deben ser prelimina-

6. 'Os hispanos, de enxeño feliz, aprenden malamante', o engadido de Sarmiento 'e aínda peor ensinan'.

res e se teñen que saber antes de concentrarse en ciencias maiores. É indispensable que o primeiro en que hai que exercer a mocidade é na lingua en que están escritos os libros da facultade, e en especial na lingua patria. ¿Onde se ensina a lingua castelá con toda a súa extensión, propiedade e pureza? Os casteláns, a troca de seren nativos do país, eles mesmos dispénsanse dese preciso estudio, como que non hai cousa máis escusada que o estudar a lingua que mamaron.

350

Os que non son casteláns e sexan, v. g., galegos, xamais poderán estudar artes e ciencias pola lingua que mamaron porque os libros non están escritos e menos impresos nesa lingua. Así pois, os galegos, ou non estudarán ou teñen que estudar polo latín, castelán, francés, italiano e portugués. Toda esa minestra de linguas redúcese a unha soa, que é a lingua latina con catro dialectos e un subdialecto, que é a portuguesa. Os galegos poderán suplir a falta dos seus libros polos libros antigos impresos da lingua portuguesa, porque os modernos ferven de voces exóticas, bárbaras e latinas que non coñeceron os anteriores á unión de Portugal a Castela. [351] O atallo para todo é que, en lugar da *Arte* de Nebrixa, se forme unha *Arte da lingua galega* e un *Vocabulario*, para que por eses dous libros estudien os rapaces a lingua latina. A *Arte portuguesa-latina* do padre Pereyra poderá servir de modelo para formar a *Arte galega-latina*. Con razón téñome queixado xa, en diferentes escritos, de que posuíndo cada nación que usa o seu propio idioma a súa particular *Arte* para estudar latín por medio da súa lingua vulgar, se introducise en Galicia a barbarie de que os nenos galegos estudien o latín por medio da lingua castelá, que lles é estraña, e con ameaza de castigo se se lles escapa algunha voz da lingua que mamaron.

352

¿E que sucede con isto? Que lles usurpan catro anos da súa máis florida idade en esquecer a súa lingua nativa e aínda aborrecela, e en non aprender nin latín, nin castelán. Non o castelán, pois ningún soubo castelán pola *Arte* de Nebrixa; e os galegos que non viron tal *Arte* falan e escriben mellor o castelán ca moitos casteláns naturais. [353] Os nenos galegos tampouco non aprenderán o latín pola *Arte* de Nebrixa, pois non saben lingua ningunha que sexa intermedia para a correspondencia do latín. Non a galega, pois xa está esquecida, non a castelá, pois aínda non está aprendida. Pola contra, exercitados os nenos galegos na *Arte* da súa lingua nativa, e co latín correspondente, habilitaranse moitísimo en penetrar a súa lingua e a castelá, e en breve tempo estudarán a lingua latina. E co mesmo método verán como cousa fácil a lingua italiana e a lingua francesa (non digo para falalas, mais para entendelas). Velaquí o grande paradoxo de que un neno galego se poida facer cargo dos principios fundamentais de cinco linguas, e en breve tempo; cando en catro ou cinco anos non se pode facer cargo de ningunha. Espero evidenciala ó que quixer poñer atención ó que aquí diga.

[7.4]

[O DICCIONARIO ETIMOLÓXICO DAS LINGUAS ROMANCES]

354

De catro modos poderán coordinarse as voces latinas. Primeiro, polo alfabeto en lexicóns, dicionarios e vocabularios —este modo é o máis doado, pronto e universal, pero é o menos instructivo—. O segundo é por clases de cousas en nomenclátors, onomásticos e índices —este modo instrúe moito porque se ven as cousas todas xuntas—. O terceiro é o que usou Nicolás Peroto na súa *Cornucopia*, pois sen saír do *Comento* do libro primeiro de Marcial, a cada palabra pon todos os derivados dela⁷. [355] O cuarto modo de coordinar

7. “Peroto, Nicolás. *Cornucopia, ou Dicionario Latino sacado e composto das raíces latinas que se atopan no Libro 1º de Marcial; e comentario seu*

as voces e raíces latinas coído que é da miña invención, pois non vin autor que o usase para o fin a que o aplicarei. Hai libro de raíces gregas, hai libro de raíces hebreas, etc., pero non vin libro de raíces etimolóxicas, nin dicionario que as conteña, para facilitar a pescuda de etimoloxías de moitas voces galegas, castelás, portuguesas, italianas e francesas. E este dicionario será a clave fundamental para pechar a boca a todos os antietimoloxistas.

356

Tómese o *Calepino de sete linguas* que aumentou Jacob Facciolati, e ben común, pois supoño que é o máis completo de voces latinas. Debe repasarse desde o A ata o Z lendo todas as voces. En papel á parte deben irse colocando todas as voces latinas que, ou como soan ou cunha lixeira inflexión, pero gardando sempre unha constante analoxía etimolóxica, se conservan ou conservaron, no castelán puro ou no puro galego, e por incidencia, que tamén se conservan no dialecto francés e italiano e noutros dialectos provinciais, e que por acaso se conservan tamén en linguas estrañas que non son dialectos da latina. [357] De todas as voces latinas de Facciolati formou catro clases: primeira, das que nin canto á voz nin a significado se conservan en dialectos. Segunda, das que non se conservan canto á voz, pero si canto ó significado. Terceira, das que se conservan canto á voz, como soan, e canto ó significado fixo. E cuarta, que conservándose canto ó significado, só se conservan canto o material da voz latina con algunha alteración de tales e tales letras. Exemplo da terceira clase: como *sol*, *lúa*, *estrelas*, *auga*, *viño*, etc. [358] Pero as voces da clase cuarta son o obxecto das etimoloxías, como: latín = castelán = galego = italiano = francés: *merula* = *mirlo* = *merlo* = *merlo* = *merle*; *propago* = *provena* = *probaixa* = *provana* = *provin*. Con estas voces van as que quedan postas nos

sobre o Proemio de Plinio; ó comezo está Salustio comentado por Lorenzo Valla. Venecia, 1493”.

cento dezaseis teoremas destes *Elementos etimolóxicos*. Facendo, pois, un vocabulario das voces da cuarta clase e outro das da terceira, compoñerase un só que conteña por orde alfabética todas as voces latinas co vulgar significado nos dialectos. E iso é o primeiro que se debe poñer nas mans dos nenos galegos ou casteláns antes de Nebrixa nin doutro libro de Gramática. De maneira que se debe evidenciar a un neno galego que, sen saír da súa lingua nativa, xa sabe unha manchea de voces latinas que se conservan no seu idioma materno.

359

Non podo conter a carraxe cando oio dicir a un que tal rapaz, ou castelán ou galego, é un excelente gramático, e pescudada esa excelencia redúcese a que sabe unhas regras que podería saber en menos dun mes, e se se lle pregunta cómo se chama en latín a *verza* ou cómo se chama en vulgar o latín *brassica*, queda estonteado. O mesmo digo doutra infinidad de voces latinas e voces vulgares, ou galegas ou castelás. Dirá o preceptor que ó rapaz non lle toca saber latín, mais as regras da Gramática. Defensa desatinada. Ó rapaz tócalle pasar da súa lingua vulgar á lingua latina e xamais pasou das regras do vulgar ás regras do latín. [360] A ensinanza dunha lingua non debe comezar por regras, pero por unha abundante copia de voces, así de verbos como de nomes. As regras gramaticais estudíaranse despois. O principal debe ser ler e repasar o proxectado vocabulario das voces latinas tiradas de Facciolati cos significados en galego e en castelán. Esas serán as primeiras regras e o atender ás constantes alteracións etimolóxicas sen estudar nada de memoria *ad literam*, que é o espantallo dos nenos cando os arrincan dos garabatos a estudar regras.

[7.5]

[SENTIDO E RESUMO DOS SEUS ESTUDIOS ETIMOLÓXICOS]

361

Nin será cousa inaudita nin difícil formar o devandito vocabulario. Aínda non tiña eu barbas cando tentei facer cousa semellante. O ano de 1714 merquei a *Universa Grammatica Graeca* de Clenardo, con Antesignano, Alexandro Scoto, etc., impresa en León en 1593, que, a verdade, é un tesouro. Xa posuía o *Calepino* de Passerat. Pero botaba en falta un dicionariño grego. ¿Pois que fixen? Dividín en diferentes clases as diferentes terminacións dos verbos gregos. Ía colocándoos en papeis á parte segundo cadansúa clase, comezando polos verbos gregos co seu latín. Sei que eses papeis non os botei ó lixo, pero non sei ónde están. [362] Para aquel pueril labor nin tiven quen o suxerise nin quen o mandase. E agora reflexiono no que daquela executaría gustoso se houberse director competente que aguilloase a miña curiosidade. O traballo de entresacar as voces latinas do *Diccionario* de Facciolati para formar un vocabulario de voces que vaian xogar nun *Onomástico latino, galego e castelán etimolóxico* aínda hoxe non me espaventa. Pero ese labor poderá tomalo calquera erudito ó seu cargo. O caso deplorable é que aínda os eruditos se burlan do estudio das etimoloxías e dos que se dedican a elas, como que o seu elevado entendemento e exorbitante literatura afeitada non se peitea para ese estudio pueril e caprichoso.

363

Á lambida dama que para desprezar a todo mozo fixou na súa ventá este letreiro: *Non me peiteo para ti*, escalazoulle a transitoria vaidade un mozo de bo humor. Arrincou o dito letreiro con noxo e desprezo e puxo estoutro en desquite: *¿Non te peiteas para min? Nin eu para ti tampouco*. Así quedaron pagados o galán resolto e a dama lambisqueira. É notorio que eu son o albo das visibles censuras daqueles ini-

migos do estudio das etimoloxías que nin coñezo nin xamais me metín con eles. Pero eles querían que eu me metese. [364] O ano de 1745 estiven hospedado en Pontevedra en casa do meu irmán Francisco Xabier. Tiña dúas fillas, unha chamada Francisca, de dez anos, e outra Escolástica, de só sete. Esta nena era a suma viveza e a outra a suma quietude e inimiga de enredar, e así refugaba á irmaciña cando quería brincar e xogar inocentemente. Queixouse a nena de que a súa irmá Farruquiña non quería reinar con ela e dixo a seu pai: *Mi padre, Farruquiña non se quere meter conmigo. Dígalle vostede que se meta conmigo*. Desta graciosísima, formal e orixinal, e aínda inaudita queixa fun eu testemuña.

365

O chiste daquelas lizgairas queixas consistiu en que sendo tan común que os nenos e irmáns se queixen a seus pais de que tal ou tal se mete con eles, se queixase a dita nena de que a súa irmá Farruquiña non se quería meter con ela. Á fin, a inocencia non se goberna por leis, pero que tamén haxa barbados que queiran gozar dos privilexios daquela inocencia é risible. Eu nacín só e sempre vivín só e vivirei o tempo que Deus gustar sen agregarme a confraría ningunha co falso pretexto de querer ser máis racional. Xamais me metín con ninguén, aínda cando moitos porfiaron que eu me metese con eles, que non querían peitearse para min e coa equidade de que eu tampouco debía querer peitearme para eles. [366] Como católico que son, cativei sempre e cativarei o meu entendemento *in obsequium fidei*⁸; como relixioso libremente suxeitei desde a miña nenez a miña vontade e conducta ós meus lexítimos superiores. E como monxe custoume pouco vivir só, retirado e abstraído de todo humano comercio, civil, político e literario. Por vestir a cugula e profesar neste mosteiro de San Martín de Madrid teño que residir aquí. E aquí procurei formar un deserto para vivir retirado e tan gustoso coma

8. 'En beneficio da fe'.

se vivise nunhas brañas. A tanto retiro foi conseguinte que eu non puidese meterme con ninguén.

367

Son coma o máis rústico aldeán que non ve xente nin fala con ela senón os días de festa cando vén oír misa. Nisto xustifico que a compañía non debe baixar de tres, coma as Gracias, nin subir de nove, coma as Musas. Non preciso de máis numerosa confraría para vivir racionalmente. E isto non é compatible con que a miña intelixencia faga número cos entendementos de reata ou cos monipodios literarios⁹. Cada un estudie o que máis for do seu xorne e capacidade, que eu tamén fago o mesmo. Para isto nin eu preciso meterme con moitos nin que moitos se metan comigo. Eses moitos poden vivir e estudar sen min. ¿E por que eu non poderei vivir e estudar sen eles?

368

Eu vexo o estudio das etimoloxías como a raíz e base fundamental para entender, castrar e comprender a orixe das mesmas voces que falo e que antes só falaba coma un papagaio. Os homes non se comunican por conceptos mais por palabras, e os papagaios nin aínda por palabras poden comunicarse porque xamais entenderán o mesmo que *papagaián*. A penetrar ben a orixe e etimoloxía das voces, experimentei, non sen especial gozo, que se me abría unha porta ancha para entrar ó maior coñecemento das cousas significadas por elas. En virtude de tanta utilidade, dediqueime ó gustoso estudio das etimoloxías sen meterme nin lembrarme dos que anoxan ese estudio porque nunca o probaron nin gustaron.

9. O autor quere dicir que a súa intelixencia repugna o gregarismo, tanto dos que se limitan a ir tras doutros (a 'reata' era a corda que suxeitaba a dúas ou máis cabalerías para que marchasen en ringleira) nin os que forman as capelas ou mafias literarias. En definitiva, defende a súa liberdade de criterio persoal e o seu inconformismo individualista.

369

Ben estou con que eses vivan contentos coa súa ignorancia, pero ¿que razón alegarán para que eu sexa o albo das súas censuras porque vivo teimudamente adicto ó estudio das etimoloxías? Ese estudio nunca foi o meu principal asunto, mais un asunto accesorio que non me estorbou dedicarme a outros varios e diferentes estudos. Non pretendo que os que teñen outros estudos útiles se dediquen enteiramente ó das etimoloxías, que non os sacarán de pobres, pero ben sei que a pouco que se dediquen os sacarán de ignorantes. [370] Vendo a tenaz teimosía dos que murmuran dos etimoloxistas e supoñendo que non o fan por malicia, senón por ignorancia, estiven cismando na maneira de ceibalos dese vergoñento erro. Para esa empresa ben coñezo que non abondará que eu o diga, nin que o argumente o máis eloquente retórico nin o máis sutil dialéctico, nin o exemplo dos máis doutos homes que gastaron moito tempo e papel nese estudio. Cómpre recorrer a probas matemáticas que os reduzan *ad incitas*¹⁰ e que os estreiten a conceder, *velitis nolitis*, o meu asunto, tronzándolles todo recurso e terxiversación con que ata aquí viñan escudados.

371

Arduo parecerá o asunto. Pero remito ás probas e á historieta seguinte: polos anos de 1730 descubrín en min un xenio dedicado a etimoloxías. E así fun axuntando máis de trinta pregos con voces castelás distribuídas en pregos polo ABC —pero todas as voces eran castelás—. Despois dei en xuntar moitas voces galegas coas súas etimoloxías. Desde aquela a hoxe teño escrito moitos e diferentes papeis a varios asuntos, e fixen dúas xeiras por Galicia, onde recollín moitísimas voces galegas puras, porque alí tomei por asunto facerme cargo dos nomes galegos das cousas da Historia Natural e

10. 'Que os acurralen, os apuxen ó último extremo'.

coa etimoloxía que se me ofrecía de pronto, reducíndoos á lingua latina. [372] Para colocar todas esas voces e frases galegas con algún método, maxinei compoñer un texto galego de todas co fin de formar un *Glosario* ou comentario de cada unha delas en particular¹¹. Comecei ese *Glosario* e aínda que xa levo escritos sesenta pregos, non pasou da vixésima parte de todo o texto ou tecido de voces galegas. Nese *Glosario* tomei a liberdade de amorear moitas etimoloxías galegas e castelás para desentrañar mellor as cousas ou significados, que decote é o meu fin principal, observando a analoxía das letras como medio para ese fin. Nada proseguiría con máis gusto que ese *Glosario* se me atopar con tempo sobexo; e se Deus me der saúde agardo continualo.

373

Outra obra teño comezada co título *Onomástico da lingua galega*, e aínda que xa levo escritos trinta pregos sobre ela, véxoa só como un ensaio. Así nela coma no *Glosario* dito sigo o método do citado Peroto na súa *Cornucopia latina*, pois é o que máis se acomoda ó meu xenio; coa distinción de que no *Glosario* vou atado á voz e frase galega que se segue no texto galego xa citado e que ocupa oito pregos, mentres que no *Onomástico* escollín algunhas voces ó meu arbitrio que fosen moi vizosas de derivados. Alí adoito ocupar dous pregos sobre unha voz, e aquí puxen unha análise da xeografía de Galicia cos nomes de infindos lugares e coa etimoloxía de cada un. [374] De maneira que, despois de que o ano de 1732 dei a lume os meus dous tomos da *Demonstración crítico-apoloxética*, levo escritos máis de mil cincocentos pregos sobre diferentes e curiosos asuntos e todos están inzados de varias etimoloxías, xa galegas, xa castelás, que xamais lin en libro ningún. Fago a conta de que dirán que as máis das etimoloxías van sobre a miña palabra e que non as demostro.

11. Obviamente, refírese ó *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* e o correspondente *Comento* ou *Glosario*.

Este reparo é xusto e acedor a unha palmar solución. Confeso, pois, que tanta multitude de etimoloxías que están espalladas en todos os meus papeis manuscritos, pedían unha comprobación universal para argumentalas e que non pregáse por amor de Deus a gracia de que se me concedesen sobre a miña palabra.

375

Matinei, pois, en escribir uns pregos que fosen como cabeza de todas e á cal todas se reducisen para a súa comprobación e aínda demostración hipotética. E este é xa o prego dezaseis desa cabeza, que ten por título *Elementos etimolóxicos segundo o método de Euclides*. Comecei esta obriña, como din, *ab ovo*. Toco nela a orixe das linguas e os principios da linguaxe humana. [376] Propoño unha tentativa para unha lingua case universal en todo o mundo e explico o método de Euclides, que se debe aplicar ás etimoloxías. E xustifico a verdade do título que ós antietimoloxistas semellará fantástico. Non é fantástico, mais moi axeitado a esta cabeza. Tendo presentes todas as etimoloxías castelás e galegas e reducidas ó latín, quixen coordinalas con algún método fácil e pronto e que un neno poderá entender e aplicar, ou para saber de cál raíz latina se formou tal voz vulgar, ou para discurrir en cál voz vulgar se conserva a voz latina, aínda que con algunha alteración.

377

Por non aumentar confusións, contenteime con dividir estes *Elementos etimolóxicos* en catro libros. No primeiro poño as alteracións das consoantes latinas que mudan noutras. No segundo, as vocais que mudan noutras. No terceiro trato das letras que se perden ó pasar do latín ó vulgar. E no cuarto das letras que se engaden. Puiden escribir o libro quinto, da metátese ou transposición das letras; o sexto, das etimoloxías cuxa raíz é algunha voz das linguas céltica, gótica

292

e dalgunha do norte; o sétimo, das etimoloxías da lingua arábiga ou doutra oriental, e o oitavo, das etimoloxías das voces das conquistas, que se deben estudar nos viaxeiros. O libro primeiro ten sesenta e catro teoremas; o segundo vintecatros; o terceiro, dezaioito, e o cuarto, dez teoremas; e son en todo cento dezaseis teoremas.

378

Chamo teorema a unha regra comprobada con dez ou doce exemplos. v. g., o teorema corenta e nove do libro primeiro di que o R se dobra, e próbase con doce. Logo este teorema así demostrado debe obrigar ó asenso, e o mesmo digo dos demais teoremas que xogasen nunha etimoloxía. Logo, concorrendo a analoxía das letras e a identidade do significado, se fai proba matemática de que a etimoloxía é evidente. [379] Estes mesmos elementos e teoremas poderán servir, ou para que aplicados a voces galegas e castelás se poida rastrexar a voz latina de onde viñeron, ou para que, aplicados ás voces latinas, se discorra cáles voces latinas se conservan nas voces vulgares. Claro está que o acerto dependerá da combinación, penetración e discurso do que tomará ese exercicio. Pero responderán algúns que *non omnibus est adire Corinthum*¹². Confeso que aquilo non é para todos, pero debe ser para todos os que unha vez lean unha etimoloxía ben comprobada, recorran a estes elementos e teoremas e se convenzan por si mesmos, e que lle dean o debido creto, e que é xusta segundo as leis de etimoloxías, sen facer gracia: *ut cum factum fuerit credatis*.

380

Non todos entenderán un problema de Euclides, pero o que o le demostrado por outro en virtude dos elementos e teoremas propostos, será moi túzaro se non o entende e asente a el. ¿Que é pedir a etimoloxía dunha voz vulgar senón un

12. 'Non todos teñen que ir a Corinto', indicando que hai cousas que non están feitas para todo o mundo.

293

problema etimolóxico? V. g., pídese a etimoloxía da planta *axedrea*¹³. Respondo: o A engádese, o X vén do S, polo teorema cincuenta e cinco do libro primeiro, o D vén do T, e resulta *satureia*, que significa a mesma *axedrea* e en galego *segorella*. Nos teoremas faltan algúns e en moitos teoremas faltan exemplos porque todo o escribín á carreira; co tempo emendarase todo o dito. No entanto, abundan os teoremas e os exemplos propostos para que o máis testán se faga cargo destes *Elementos etimolóxicos*. [381] Dese modo entrarei desembarazado a formar e escribir, se Deus quixer, a avultada obra dun grande *Onomástico latino, castelán e galego etimolóxico*, canto ás voces físico, filolóxico canto ás cousas de erudición e da Historia Natural, e cronolóxico canto ás alteracións sucesivas das voces e das cousas. Confeso que o título promete moito, sobre ser algo runfleiro, pero os que saben que o título do *Vocabulario portugués* do padre Bluteau ten cincuenta e sete adxectivos esdrúxulos desde o A ata o Z de *Zoolóxico*, non estrañarán o título do meu *Onomástico*.

382

Non poderá menos de suceder que con tan repetido manexo e combinación das voces latinas, xa puras, xa da Media Idade, non tope con moitas voces francesas e italianas que fagan ó caso para comprobar a etimoloxía, xa galega, xa castelá, dunha voz. Daquela, incidentalmente, debe advertirse a harmonía correspondente. Os mesmos franceses e italianos afirman que os galegos, por rústicos que sexan, son os que con maior facilidade e prontitude entran na lingua francesa e italiana. Que con tanta e máis entren na lingua portuguesa non hai que admirar, pois entran en cousa súa, agás as voces bár-

13. *Axedrea* é voz castelá, a grafía con *x* é antiga; na actualidade escríbese con *j*. Na actualidade, pénsase que a palabra castelán vén do latín *satureia*, como defende Sarmiento, pero a través do árabe *shatriya*; a voz galega provén directamente do latín, tal como indica o noso autor. Véxase J. Corominas & J. A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos, 1980.

baras do Brasil, África e Oriente. [383] Non será moi difícil, e será moi útil, que por modo de escolios ou de corolarios se engadan debaixo algúns teoremas destes meus *Elementos etimolóxicos* os máis principais teoremas das etimoloxías francesas e das italianas. Todo poderá coadjuvar moitísimo para entender de raíz non só a voz, pero tamén a cousa significada. Dúas cousas entran nunha completa etimoloxía: a historia cronolóxica da voz e as súas translacións metafóricas. E a historia da cousa e das súas propiedades. Isto é o máis útil nas etimoloxías. E xa se ve que con estes dous antecedentes poderá correr a pena en calquera escrito.

384

Teño experiencia de escribir un ou dous pregos sobre unha soa voz e paréceme que quedei curto. ¿E que sería se escribise sobre unha cousa? Se esa cousa é un mixto da Historia Natural, poderán escribirse dous tomos. Sobre o rinoceronte, e en especial sobre o seu precioso corno, escribín vintecinco pregos nos cales mesturo moitas etimoloxías curiosas e reflexións que non lin en libro ningún. [385] O mesmo digo doutros dezaioito pregos que escribín sobre un grande e precioso cáliz de áloe, de dez sobre o cinocéfalo que vin en Madrid, e de seis sobre un lince que teño na miña cela¹⁴. O mellor que traio neses papeis débollelo non ós libros, mais ó exercicio da arte combinatoria e das etimoloxías, o que me convenceu de que iso debe ser o *Christus*¹⁵ de toda ciencia. Tan certo é que cousas sen voces, ou voces sen cousas, serven de moi pouco, e que é indispensable estudar a un tempo as voces e as cousas para saír do costume de falar e entender coma o papagaio, deixando de banda a racionalidade, prenda característica do home, animal racional.

14. Refírese ós seus escritos *Noticia dun corno do rinoceronte e Ligno Aloes*, ambos de 1762, e mais *Sobre o lobo cerval ou lobicán* e *Sobre o papión ou Cynocéphalo*, ambos de 1760.

15. A *Cartilla de Christus* era o instrumento elemental para aprender a ler.

385 BIS

Todo canto ata aquí levo escrito é da lingua latina como matriz dos dous dialectos, castelán e galego. Non se forma un dialecto con unha ou dúas ducias de persoas que o falen, ese non será dialecto, mais unha xerga de familia ou dalgunha compañía de mercadores. Cómpre que toda a multitude nacional fale ese dialecto en país distinto e separado. Non é posible que unha lingua transmigre dun país a outro se con ela non transmigran as persoas que naturalmente a falarán e conservarán de país a fillos. Disto infírese que para falar dun dialecto é forzoso saber a historia da lingua matriz e a época do cando se estableceu o dialecto. [386] Quero, para dar-me a entender a todos, poñer un exemplo palmar. A lingua castelá que hoxe é vulgar en México é como un dialecto da lingua castelá, a súa matriz. Transmigraron os españois a América e con eles a lingua castelá. A época daquel dialecto ultramarino debe fixarse desde o ano de 1500 en diante. Non puido pasar a América outra lingua castelá senón a que era vulgar e se falaba polos anos de 1500 ou no século XV. Logo, as especiais voces castelás do *Fuero Juzgo*, do poeta Berceo, da *Biblia Ferrariense*, das *Partidas*, das antigas crónicas, de Juan de Mena, etc., non puideron pasar a América porque xa estaban anticuadas e en desuso e nin os conquistadores as entendían. [387] Así, o etimoloxista castelán que vive en México (o mesmo se entende Lima, Cartaxena, Quito, Bos Aires, Puebla de los Ángeles, etc.), se quere falar do vulgar castelán que alí se fala, debe estar advertido das voces castelás que non puideron pasar a América e non contar con elas, mais coas do século XVI coas especiais alteracións das letras no país e coas voces bárbaras e exóticas que se pegaron ó castelán.

[...]

[7.6]

[PROGRAMA DE ESTUDIOS GALEGOS]

404

Repetidas veces lle teño oído dicir a un cabaleiro castelán, douto, discreto, erudito e dunha vasta lectura e literatura, entrando o latín, grego e algo de árabe, que daría a metade do que sabía de linguas por saber a lingua galega. En Madrid reside ese cabaleiro que o dixo e repite cada día. Non por louvamiñeiro, nin por adulación á miña persoa, porque nin el nin eu gastamos desas falsas formalidades, nin tampouco sabe a lingua galega máis que polo pouco que dela me oíu. [405] Pero ese pouco aguillooulle o apetito de saber a lingua galega con extensión. Consistiu isto en que nas conversas familiares lle fixen evidencia de que a lingua galega é como escada para subir da lingua castelá á latina por medio das etimoloxías. ¿E que dirán a isto os galegos que estudian de todo e só se aferran en querer ser esforzados ignorantes da súa mesma lingua nativa que mamaron? Dirán que é lingua inútil porque non hai libros escritos nela, nin hai vocabularios. Que isto o diga un castelán, francés, inglés, etc., pase. Non obstante, hai casteláns que vivindo de asento en Galicia, se namorran da lingua e procuran imitala.

406

Os peruanos e mexicanos non tiñan libros nin vocabularios escritos, e sería máis ca salvaxe quen dixese que por iso deberían esquecer a súa lingua nativa e aínda aborrecela. ¿Para que precisaban de vocabularios se todos sabían os nomes de todo canto se lles poñía diante? Son poucas as cousas que Deus creou en Galicia ou que fabricaron os homes que non teñan o seu nome e os verbos correspondentes. Todos os aldeáns saben eses nomes. Pois velái un vocabulario vivo. ¿E quen poderá negar que ese dito vocabulario se poderá imprimir? En cada lingua culta hai dúas clases de voces;

unha, das que se escriben e a penas se entenden, e son as dos libros; a outra é das que se falan, pero non se escriben, e son as do ínfimo vulgo das aldeas. [407] E ¿qué máis terán estas últimas voces ca todas as voces galegas que se falan e non se escriben, nin hai vocabulario para elas, como non o hai ata agora para as voces dos aldeáns de Castela? E en verdade que ese vocabulario, se o houberse, sería utilísimo para a lingua castelá. Claman todos os eruditos por ese vocabulario e eu tamén clamo polo vocabulario galego, pois sería un tesouro para as etimoloxías galegas e castelás reducidas ó latín.

408

Esoutro de se hai ou non hai libros escritos en lingua galega é un espantallo e pataqueirada e *petitio principii*. Non se estudia o galego porque non hai libros. E eu digo que non hai libros porque non se estudia o galego e só se estudia o esquecelo e aborrecelo. Dentro de vinte ou trinta anos, se se manda e se custea, haberá libros galegos impresos e encadernados en pasta que traten de todas as materias por espiñentas que sexan. Das soas coplas que inventan e cantan as rapazas poderá formarse un groso volume de *Cancioneiro* e moitos tomos de *Xeografía*, *Xenealoxía* e *Historia Natural*, sen saír do Reino de Galicia. [409] Esta *Historia Natural* será a que máis debe interesar ós galegos naturais e ós non galegos que de asento residen naquel país. Un ou dous tomos en folio que conteñan toda a Historia Natural de só o Reino de Galicia, pero escritos e impresos en lingua galega, sería un tesouro non só para Galicia, mais tamén para toda España, e aínda para toda Europa, onde hoxe é da última e útil moda o estudo da Historia Natural en todos os seus ramos. Dubido que haxa provincia que *caeteris paribus* de terreo teña máis mixtos da Historia Natural dos que ten Galicia.

410

Para ridiculizar o licenciado Molina, malagueño, ós pai-láns de polaina que, sen teren estado xamais en Galicia nin

298

saberen onde caía, crendo que só era unha aldea, rexoubaban de Galicia, dilles: “No hable del Papa quien non ha estado en Roma”. E despois, para amolalos, apostrofa con estes versos de ouro: “Qué ay en España que aqui no se halle?” E engade: “y aun faltas ay fuera que aqui no se estiman”. Así falou aquel andaluz que estaba en Galicia e que o ano de 1550 imprimiu en Mondoñedo a súa *Descripción de Galicia* en verso e prosa.

411

Hai en Galicia todo xénero de animais, todo xénero de aves, todo xénero de peixes, mariscos e cunchas, todo xénero de sabandixas e insectos. Hai todo xénero de árbores, arbustos, vexetais, plantas e herbas medicinais e con nomes galegos que, a imitación dos gregos, aluden á enfermidade. Hai todo xénero de metais, semi-metais, fósiles e terras e todo xénero de pedras e mármoreos preciosos. E sendo abundante de cristais de rocha, non pode por menos haber pedras preciosas, se se saben buscar. Se se forma esa obra da *Historia Natural* da soa Galicia e se imprime en lingua galega, descubriríanse mil primores canto ós nomes galegos e as súas etimoloxías. [412] Non sería menos curiosa unha *Descripción xeográfica* de todo e só o Reino de Galicia en lingua galega. Eu inventei un especial modo de describir toda Galicia sen omitir un palmo de terra, e noutros papeis propuxen ese problema xeográfico que non se achará nos libros¹⁶. A clave está en que colocado Pedro no ángulo que fai a ría de Ribadeo co mar de Asturias, desde alí debe andar toda Galicia cunha soa liña continuada, seguindo sempre a beiramar; e de todos os ríos, por pequenos que sexan, levando sempre a auga do mar ou dos ríos á man dereita. Dese modo andaré Pedro todas as beiras e perfís das costas do mar, rías, ríos e regatos ata a súa orixe.

16. Refírese ó seu escrito *Problema corográfico para describir Galicia cun novo método*, de 1762.

299

413

Se iso parecese moito para un só, poderá distribuírse esa inmensa liña curva entre moitos, segundo o número de rías, e á fin unir todos eses anacos da liña curva, e que unha soa liña curva continuada resulte de todos os anacos. Só en Galicia poderá facerse isto con comodidade, porque todas as súas rías e os seus ríos nacen e morren en Galicia, excepto o río Sil e a ría de Ponte de Lima. Todo canto obxecto salientable se achase á dereita e esquerda da dita liña curva debe describirse en lingua galega, e así debe imprimirse. [414] En virtude deste artificio, repartido o traballo entre doce curiosos, poderá rematarse todo nun ano. Non quedará cidade, vila, aldea, lugar, casarío, solar, pazo, convento, igrexa, ermida, fábrica, muiño, pesqueira, edificio, ponte, barca, monte, lagoa e outro sitio xeográfico que non saia nos mapas que deben construír os intelixentes. Tomando a metade máis de tempo, poderá servir a mesma liña curva para apuntar os mixtos da Historia Natural que nela se atoparen ó paso, en especial, minas, canteiras, terras, vexetais, aves e animais especiais.

415

Non se pode dubidar de que se co tempo viñese a lume unha *Descrición xeográfica* e unha *Historia Natural* de todo o Reino de Galicia, todo en lingua galega, daría un gran golpe en toda Europa, xa pola novidade do idioma, xa polo singular método xeográfico, xa pola riqueza e exactitude da Historia Natural. É evidente que para esa magnífica obra en lingua galega non cumpriría que os autores mendigasen voces de lingua estraña, pois as máis as tiñan en casa e serían puras galegas. E os etimoloxistas terían máis voces en que exercitar as súas combinacións para ratificarse dos seus teoremas etimolóxicos. [416] Tampouco debe dubidarse de que con esa obra impresa en galego, tan útil para Galicia e para toda España, se afeccionarían os galegos á súa lingua nativa, e máis se a cada mixto da Historia Natural se lles sinalase, ademais dos nomes, as medicinas caseiras e usos

300

domésticos experimentados que lles atribúen nas aldeas, non as falsas e fantásticas que se len nos libros.

417

Acaso será atractivo para que os galegos depoñan o odio que teñen contra a súa lingua o que, recollidas todas as coplas galegas, se impriman nun *Cancioneiro galego*. Non dubido de que nel habería coplas moi sinxelas e naturais e outras moi lizgairas e expresivas, sen os defectos de equívocos, falsos conceptos, retrancas e ponderacións hiperbólicas. Debe supoñerse que case todas as coplas as inventan e cantan as mulleres e así non teñen aqueles chafallos. Pero teñen o primor de que nelas se acha o purísimo idioma galego, dunha remota antigüidade, ademais da dozura da pronuncia e do canto. [418] Xa teño visto e lido o rarísimo *Cancionero Geral portugués*, de Resende, impreso en folio e en Lisboa o ano de 1516. ¿E por que non haberá un cancionero galego? Pois saiban os galegos que foxen da lingua galega que mamaron, que hai máis de cincocentos anos que temos ese cancionero en lingua galega. Non se chama cancionero, senón *Libro dos cantares*. O poeta que os compuxo e cantou foi nada menos que o rei de Castela, de León e de Galicia, don Afonso X, que só el se ergueu co epíteto de don Afonso o Sabio.

[...]

422

Matine nisto o lector que non for español e diga se é paradoxo o que aquí propono da lingua galega. Reflexione o castelán en que non será moito que hoxe haxa escritos en lingua galega existindo os que un rei castelán escribiu. E avergónhense os galegos naturais de facer estudio de esquecer a súa lingua nativa coma se fose incompatible o poder saber dúas linguas a un mesmo tempo, entrando a lingua natural como fundamento da outra ou outras linguas estrañas.

301

423

Aínda que Pedro saiba catro linguas, v. g., por estudio, nunca saberá ben ningunha se non sabe ben a lingua que mamou, e moito peor se a esqueceu de todo e se se empeña en observala con horror por non enzoufar a súa labia e a súa fata vaidade de que sabe linguas, non sabendo a súa. Desengánense os homes, que ningún poderá explicar ben os seus conceptos senón na súa lingua propia. Ríe dos que, sendo casteláns, queren explicarse en latín ou en francés ou noutra lingua estraña á súa. Eses usarán voces alleas, pero xamais explicarán ben os seus conceptos, pois non será pequena felicidade o que os explique ben na súa lingua propia.

[...]

427

O don de linguas é gracia especial que Deus dá a estes ou ós outros homes. Pero o don da confusión adquireno algúns que queren ser políglotas sen saberen a súa lingua nativa. Seméllame conforme a razón que cando se presenta algún estranxeiro que non sabe máis que a súa lingua propia, haxa algún español que entenda algo dela e que a fale, aínda que trapalleiramente, pola necesidade do trato transitorio. Pero non se pode aturar que un galego que xamais saíu de Galicia, ou un castelán que xamais saíu de Castela, vaian falar cos seus caseiros, colonos e rústicos, botándolles uns poucos de lingua francesa, se son casteláns, ou uns poucos de lingua castelá, se son galegos. [428] Todo iso vai do revés. Ó pobo galego e ó pobo castelán debe falárselle na súa lingua nativa vulgar respectiva.

[...]

302

[7.7]

[HISTORIA E VINDICACIÓN DA LINGUA GALEGA]

[GALEGUIZACIÓN DO CLERO]

431

En tempo do rei don Afonso o Sabio era moi vulgar falar e escribir en lingua galega, ó menos dentro do Reino de Galicia, non só en prosa, pero tamén en verso, e isto xa viña do máis antigo, como consta dos poetas galegos que xa cita o conde don Pedro no seu *Nobiliario*. Pero que un rei nacido en Castela falase en galego e fixese coplas nese idioma no século XIII aínda hoxe me causa moito abraio. E máis non tendo batido aínda con instrumento auténtico do cal conste que ese rei se criou en Galicia como o seu pai san Fernando, ou que ó menos residiu en Galicia por algún tempo.

432

De seguro que os galegos daquel século gozaron a ventura de que o seu rei oíse ou as súas representacións, ou as súas queixas, ou os seus agradecementos na súa mesma lingua galega e nativa sen o pegón de intérpretes, coma os soldados de Mithridates. Paréceme imposible que daquela non fosen comúns moitos libros en galego para todo, e sobre todo para a Gramática, pois non é crible que reinase a tiránica barbarie de que os nenos galegos aprendesen a lingua latina por medio de dúas linguas estrañas, e con castigo se se lembraban da propia e nativa. [433] Dirá algún, ¿ulos, eses manuscritos en lingua galega? Digo que estarán onde se atoparía o *Cancioneiro* galego de don Afonso se non se gardase con tanta custodia. Isto é, estaría totalmente perdido, e aínda a lembranza de tal *Cancioneiro*. O mesmo debo dicir do códice manuscrito en pergameo, e en folio, escrito todo en prosa da lingua galega. Vin ese códice, que se conserva na Real Biblioteca e que chaman a *Chronica galega*. É coetánea da *Chronica General de España* e os seus autores non se

303

saben. Acaso non quedou outro códice que sexa copia da *Chronica galega*¹⁷. Pero eses dous códices que se conservan abundan para inferir os moitos que se perderían de todo.

434

Endebén, non desconfío de que o tempo descubra diferentes manuscritos galegos, xa en prosa, xa en verso. É innegable que o século XIII foi o século da literatura en galego e que durou ata os principios do século XVI, e que duraría hoxe o escribir e imprimir en galego, como dura en Cataluña o imprimir en catalán puro. Non vin tomo escrito e impreso en galego, pero a impresión non fai nin padece para o caso de estudar, falar e escribir en galego. [435] Non poucas veces teño matinado en cá! foi a causa de que en Galicia se introduciuse o uso e abuso de escribir en castelán o que antes se escribía ou en latín ou en galego. Non hai xénero de escritura, testamento, venda, contrato, foro, arrendo, compra, troco, partillas, etc., que eu non vise e lese en Galicia ou en latín ou en galego. E pódense cangar carros deses instrumentos que se conservan en Galicia. Non tendo, pois, precedido nin concilio, nin cortes, nin consentimento uniforme dos galegos para actuar, outorgar, comerciar en lingua castelá, ¿quen o introduciu?

436

A resposta está patente, que Galicia chora e chorará sempre. Non os galegos, mais os non galegos, que ós principios do século XVI anegaron o Reino de Galicia non para cultivar

17. Sobre esta *Chronica galega*, da que Sarmiento xa dera noticia nas *Memorias para a historia da poesía*, véxase o que dicimos no estudio introductorio, apartado 11, en nota. A clave para a súa identificación atópase no escrito sobre o vocábulo *mexiriqueiro*, § 68: “Hai outro texto manuscrito que non puido ter presente Duarte Nunes e atópase na *Chronica galega*. Despois da *Historia [de rebus Hispaniae]* de don Rodrigo [Ximenez de Rada] e mais da *Chronica General [de España]* citadas, formouse sobre elas o ano de 1289 a *Chronica galega*. Vina, aínda que por pouco tempo. É un códice antigo do século XIII, contra finais, e escrito todo el no puro dialecto galego. Só comeza en Ramiro I e acaba pouco despois de San Fernando”.

304

as súas terras, mais para facerse carne e sangue dos mellores e para cargar cos máis pingües empregos, así eclesiásticos como civís: eses foron os que por non saberen a lingua galega, nin por palabra nin por escrito, introduciron a monstrosidade de escribir en castelán para os que non saben senón o galego puro. Esta monstrosidade é máis visible nos empregos eclesiásticos. [437] Non sei como toleran os bispos que cregos que non son galegos nin saben a lingua teñan emprego *ad curam animarum*, e sobre todo a administración do santísimo sacramento da penitencia. ¿Que é o coloquio dun penitente rústico e galego e un confesor non galego senón un entremés dos xordos? Son innumerables os chistes vergoñentos que se contan desa inicua tolerancia. Haberá quince días que un cura galego natural me dixo que confesando a unha galega ela dixo que xa confesara antes cun castelán, pero que non acreditaba que fora confesión porque nin o castelán entendeu a galega, nin esta ó castelán.

438

O verbo *trebellar* en galego, de *tripudiare*, sempre significa *in malam partem* e dista cen leguas do honesto verbo *traballar*. Confesor castelán houbo que ata despois de moitos anos estivo no erro de que o mesmo era o verbo *trebellar* galego que o *trabajar* castelán, e ós penitentes que confesaban que *trebellaran* tantas veces, dicíalles que en días festivos só podían *trebellar* unha hora, pero que nos días soltos podían *trebellar ad laudes et per horas*. Se o tal confesor oíse a copla galega común: “O crego mais a criada xogaban ós trebelliños”, etc., entendería o significado. [439] Para evitar estes e outros absurdos en odio, burla, nulidade e escarnio do sacramento da penitencia, é xustísima a lei ou costume dos cataláns, que xamais darán curato ou rectoría ó que non é catalán ou non está examinado de que sabe ben a lingua catalana. Non hai moitos anos que a un gran doutor que pregara a coresma en Barcelona con aplauso, o suspenderon para unha rectoría pola soa razón de que non sabía o vulgar dialecto

305

catalán. ¿E por que os bispos de Galicia non se deben cinxir a esta xustísima lei?

440

É moi loable, sobre ser precisa, a lei de América segundo a cal ningún sacerdote pode ter curato ou doutrina se non sabe ben a lingua bárbara dos pobos que vai instruír. Así, chaman políglotas ós que estudian moitas linguas bárbaras para estaren aptos para este ou o outro curato. Eu aseguro que se para os curas de Galicia houbese exame do que saben do galego vulgar e suspendesen os que non o saben, tería eu menos que persuadir sobre o estudio da lingua galega. [441] Ademais da utilidade espiritual que se debe seguir de que un crego saiba ben a lingua vulgar dos seus rústicos fregueses galegos, seguirían outras moitas utilidades e proveitos para o público e a sociedade humana. Se o crego, ademais do devandito, é literato e curioso e amador da agricultura, Historia Natural e Botánica, ¿cantos adiantos nesas tres fundamentais facultades non poderá comunicar ós seus fregueses? ¿E cantas conveniencias visibles non se poderán seguir ó cura e ó aumento do seu curato se os mesmos fregueses rústicos comunican ó seu mesmo cura, mediante o vulgar galego, as súas prácticas, observacións e descubrimentos nas tres facultades ditas?

441 BIS

O que digo do crego que non entende a linguaxe dos seus fregueses e dos fregueses que non entenden a linguaxe do seu crego poderá aplicarse a outros moitos que deben tratar con galegos rústicos e non entenden a súa lingua. Non falo do trato para contratos, comercio, vendas e compras. Estes poderán executarse, aínda que sexan de linguas diferentes os executantes, ou por medio de intérprete, chalan e truchimán, ou por xestos. E o que é máis, poderán comerciar sen verse, nin oírse, nin falarse, como, segundo Plinio, facían os saeres ou chineses. Todo o suplía a boa fe de expoñer en

306

sitio público os xéneros recíprocos que se ían trocar cando non había moeda. Os primeiros holandeses que pasaron a Asia comerciaron por acenos. E os primeiros españois que pasaron a América non puideron comerciar por intérpretes. [442] Falo, si, dos que van tratar de instruír e dirixir os fieis na relixión católica e dos que van administrar xustiza civil, acomodándose uns e outros ós inviolables e loables costumes do país, pois un costume establecido de inmemorial e que non é mao, ten tanta forza coma unha lei extemporánea e transitoria. E todos os que non saben nin a lingua galega, nin os costumes respectivos, son ineptos para os ditos empregos.

443

Onde unha potencia dominante permite o exercicio libre de relixión diferente e aínda contraria á dominante relixión, tamén permite que os desa diferente relixión ou secta nomeen por si mesmos os que van ser directores en materia de relixión e os que van ser maxistrados na administración da xustiza civil, exceptuando o *ius gladii*. Así viviron os cristiáns baixo o dominio dos mahometanos. Así vivían os mouros e xudeus baixo o poder dos cristiáns cando se lles permitía o exercicio libre das súas relixións. Así viven hoxe os xudeus en Roma, Francia, Inglaterra, Holanda, etc. E así viven os gregos baixo o xugo do Gran Sultán. [444] Todo o dito vai fundado en que, ou eses tolerados non se deben xa tolerar coma en España, ou se se toleran co libre e público exercicio da súa relixión, se lles deixe escoller os maxistrados que saiban a súa lingua, leis e costumes. Levo visto e lido non poucos instrumentos e foros antigos de lugares. Neles é moi común a expresión, cando hai diferencias sobre un dereito, remitilo ó que catro ou seis homes bos xulguen: “Quanto quatro hombres buenos asmaren”. O verbo *asmar* é puro castelán e vén do puro latín *aestimare*, ‘estimar’ ou ‘xulgar’. Pregunto: ¿eses catro homes ían procuralos fóra do país? ¿E eses non sabían a lingua vulgar? ¿Como, pois, se tolerou que vaian de longas terras a Galicia

307

eses bos homes a ser maxistrados civís e eclesiásticos sen saberen a lingua nin os costumes?

[...]

448

Así, non son os galegos os que cesaron de escribir en galego, mais os casteláns, que comezaron a escribir e a actuar en castelán e pasaron á barbarie de que os nenos galegos estudiasen o latín pola lingua castelá, totalmente estraña para eles. E estou firme en que todo canto papel se esborranha en Galicia con lingua castelá é para os galegos rústicos e aldeáns coma se estivese escrito en algarabía, e no meu concepto todo é nulo e nugatorio. [449] O máis sensible é cando os que non son galegos nin saben ben o idioma galego se meten a instruír os rústicos na doutrina cristiá, a administrar-lles os sacramentos, e en especial o da penitencia, a exhortalos, e todo en lingua castelá que non entenden os oíntes. Este punto é asunto dun concilio provincial no cal os aldeáns presentasen as súas xustas queixas, para que non seguisen tantos absurdos enormes do abuso contrario. Para maldita cousa se precisa en Galicia a lingua castelá, abondoulle por algúns séculos a súa lingua galega, que tanto apreciou o rei don Afonso o Sabio e acaso o seu pai san Fernando, porque consta que de neno se criou en Galicia.

[...]

[7.8]

456

CEN VOCES GALEGAS PARA RIDICULIZAR A UN PAILÁN¹⁸

Pedró n é un...

- | | |
|--------------------|------------------|
| 1. Almallo | 32. Farulleyro |
| 2. Arroaz | 33. Farfulleyro |
| 3. Adramán | 34. Faramalleyro |
| 4. Alarbe | 35. Furta bestas |
| 5. Arrocheyro | 36. Fura bolos |
| 6. Aforra gaytas | 37. Gurumante |
| 7. Animal | 38. Gorxón |
| 8. Bausan | 39. Galdrupeyro |
| 9. Baldragas | 40. Galdrumeyro |
| 10. Baldrocas | 41. Godallo |
| 11. Boleyro | 42. Lanudo |
| 12. Cirolas | 43. Laparo |
| 13. Cirolán | 44. Labrego |
| 14. Congorzo | |
| 15. Cortezudo | 457 |
| 16. Codeo | 45. Lapa caldos |
| 17. Cazoleyro | 46. Lambón |
| 18. Calazeyro | 47. Lambroiras |
| 19. Carrejon | 48. Lamboeyro |
| 20. Cañon | 49. Lambaz |
| 21. Canaves | 50. Lambuzas |
| 22. Centulo | 51. Lambuzeyro |
| 23. Choqueyro | 52. Lambisqueyro |
| 24. Castroeyro | 53. Lampantin |
| 25. Calancrán | 54. Larfon |
| 26. Empreña vellas | 55. Larpon |
| 27. Esculapeyro | 56. Larpeiro |
| 28. Escoler | 57. Larouzas |
| 29. Estantiga | 58. Larafouzas |
| 30. Farouteyro | 59. Lampreeiro |
| 31. Felpudo | 60. Lobeyro |

18. Tal como fixemos antes cos topónimos, nesta lista reproducimos a ortografía dos manuscritos.

- | | |
|------------------|---------------------|
| 61. Lacoeiro | 83. Porqueiro |
| 62. Lacuzeyro | 84. Polaynudo |
| 63. Lacuzán | |
| 64. Labanco | 458 |
| 65. Laberco | 85. Palanquin |
| 66. Laranxo | 86. Rasca mulas |
| 67. Lareyro | 87. Raspalleyro |
| 68. Larengo | 88. Sanguai |
| 69. Longueirón | 89. Sandio |
| 70. Maloutan | 90. Toleyro |
| 71. Matulas | 91. Toleyron |
| 72. Mullidas | 92. Talludo |
| 73. Mazacote | 93. Tumba lobos |
| 74. Mazabarrigas | 94. Trancho |
| 75. Manteigueyro | 95. Taleygueyro |
| 76. Marra-hum | 96. Vergante |
| 77. Macanquè | 97. Xoubio |
| 78. Macaco | 98. Zancado |
| 79. Nubeiro | 99. Zimbron |
| 80. Ninguen | 100. Zorrega peidos |
| 81. Nugallan | e Mixiriqueyro |
| 82. Palurdo | |

Item para mulleres

- | | |
|----------------|-----------------|
| 1. Antaruxã | 6. Meiga |
| 2. Bruxa | 7. Pieyra |
| 3. Bieyteyra | 8. Vellouqueyra |
| 4. Baldrida | 9. Meciñeyra |
| 5. Cagalloeyra | 10. Zorregueyra |

459

Non puxen na táboa máis de cen voces por ser o número redondo e dez para ridiculizar as mulleres. Vexa aquí algún secuaz de Duarte Nunes e vexan algúns casteláns canta é a abundancia de voces que ten a lingua galega para significar unha mesma cousa ridiculizándoa. Véxase como pararán en fume as fanfurriñas portuguesas de que a súa lingua ten

310

moitos derivados da voz *ferro*. Pon catorce, pois *ferrollo* e *ferrollado* non veñen de *ferro*, pero de *veru* e *veruculo*. E sen saír da voz vulgar *ferro*, que escolleu Duarte Nunes para demostrar os moitos derivados que ten, conte algún secuaz de Duarte os puros e vulgares derivados da voz *ferro* que ten a lingua galega, que son os seguintes:

Da raíz latina *ferrum*, derivouse

- | | |
|-----------------------------|----------------------------------|
| 1. Ferro | |
| 460 <i>Item</i> | |
| 2. Ferruge | 8. Ferreyro (o paxaro carboeiro) |
| 3. Ferrugento | 9. Ferrador |
| 4. Ferrarias (das fábricas) | 10. Ferradura |
| 5. Ferrería (do barrio) | 11. Ferramenta |
| 6. Ferreiro (o oficial) | 12. Ferreño (cousa dura) |
| 7. Ferreyros (lugar) | 13. Ferropéas (os grilos) |

461

14. Ferrado (o *modius praeferratus*, medida)
15. Ferrada (vasilla)
16. Ferrada (a *Besta ferrada*, pantasma nocturna)
17. Ferrado (carro)
18. Ferrado (pau)
19. Ferrudos (zapatos)
20. Ferreñas (axóuxeres ou o sistro)
21. Ferreñas (a planta *Scrofularia*)
22. Ferrona (a planta *Brunella*)
23. Ferrea (a mesma planta)
24. Ferrete (aguillón)
25. Ferron (do bastón)
26. Ferralla (escoura e limaduras)
27. Ferralleiro (o cerralleiro)
28. Aferrar (na náutica)

311

462

Non suei moito para lembrar os vinteoito derivados da raíz latina *ferrum* que se conservan hoxe na lingua vulgar galega e que son o dobre dos catorce derivados con que Duarte Nunes nos quixo cegar porque se atopaban no subdialecto portugués, estampando na páxina trinta e dúas mil fatuidades, como que Galicia non tivo reis nin Corte, e que a lingua portuguesa nada tomou da galega e pouco da castelá. Así, a lingua portuguesa é divina, porque non ten principio nin fin. Deixemos os portugueses coa súa teima desatinada e vou á abundancia de voces que ten a lingua galega para todo.

463

Aínda que puxen cen voces para significar unha cousa, é nada respecto das que se poderán engadir se concorren moitos galegos, pois eu non poño senón as que oín. Outros catálogos podería poñer das voces galegas que significan a un neno enfermizo, feble, a un borrachón, a un ladrón, a un trapalleiro, a un putañeiro, etc. E sei que avultaría moito papel se puxese os nomes vulgares galegos que teño oído e sei de todos os mixtos da Historia Natural. Mixtos hai dos que poden poñer seis, oito, dez e aínda doce nomes galegos. [464] Digo isto para animar os galegos deleixados a que miren pola súa lingua nativa, pois se a saben e caletran ben, saberán máis cousas eruditas e curiosas con ela que con ningunha outra lingua, penetrarán mellor a castelá, terán máis gusto na latina e faránselles máis doadas a francesa e a italiana. E os que tiveren o xenio de etimoloxistas, teñen bastante cos *Elementos etimolóxicos* que quedan xa propostos, para descubrir novos teoremas e novas etimoloxías de voces galegas e castelás, reducíndoas ó latín puro, ó latín bárbaro e se cadra ó latín que xa se perdeu e que se conserva no vulgar español.

M. Sarmiento, *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Madrid, 1766.

312

[8]

DISCURSO APOLOXÉTICO POLA ARTE
DE RASTREXAR AS MÁIS OPORTUNAS ETIMOLOXÍAS
DAS VOCES VULGARES

[8.1]

[LINGUAXE INFANTIL]

73

Outro modo hai para que o neno recolla moitos nomes e cousas e é facendo análise de todos os xogos e enredos puerís, pois entre eles hai moitas voces antiquísimas castelás que a penas se entenden e adoitan usar unhas coplas case inintelixibles. Ás veces non usan os nenos coplas, mais un texto vulgar e asoantado. E é de saber que todas esas voces que usan os nenos son antiquísimas e moi puras. Poñerei un exemplo no vulgar galego. [74] Sendo eu moi neno, había un xogo en Pontevedra: poñíanse cinco ou sete nenos en círculo. Decía o man:

*Manda o Rey
cuxueiren,
que peneiren,
que amasen,
que se casen.*

E como sempre son impares, queda un sen abrazarse e ese perde. Trinta e cinco anos estiven na relixión sen saber qué significaba *cuxueiren*. Preguntei a meu irmán, que é do

meu tempo¹. Dixome que lembraba o xogo, pero que non entendía *cuxueyren*. De casualidade oínlle a unha aldeá que dixo *xoeira*, que era o cribo para separar o xoio. [75] De súpeto penetrei no significado: *lolium*, en latín puro é o xoio ou lérica. O cribo que aparta o xoio do trigo chámase en latín *loliarium* e *loliaria* e en galego puro *xoeira* e o verbo, *xoeirar*. O texto primitivo dicía:

*Manda o Rey
que xoeiren,
que peneiren, etc.*

O neno xuntou *que* co *xu* ou *xueiren* e formou *cuxoeiren*. “Que peneiren” é conseguinte do latín *pollen*, *inis*, *polinaria*, *peneira*, ‘cribo’. “Que amasen” tamén é conseguinte, v. g.: *xoeirar*, *peneirar*, *amasar*.

[...]

77

Sendo eu moi neno oín na música da procesión do Corpus a copla seguinte:

*Marineros que en golfados del mundo
andaís navegando
pues la letra, no os coja Pilatos
azota ventanos.*

Nunca entendín esta copla porque nunca a escoitei ben e con claridade ata despois de moitos anos. A copla debe dicir:

*Marineros que en golfos del mundo
andaís navegando:
pues, alerta, no os coja el pirata
asotaventados.*

1. Debe referirse ó seu irmán Francisco Xabier, nado en 1700, e por tanto cinco anos máis novo ca el.

Agora enténdese ben e ó caso, pois os mariñeiros de Pontevedra son os que custean a festa do Corpus. [78] As tres voces, *alerta*, *pirata* e *asotaventados*, trastórnanas en *la letra*, *Pilatos* e *azota ventanos*. A voz *alerta* é voz italiana, francesa, castelá e mesmo seica galega. Vén da voz *erecta*, *suple via*, voz para as sentinelas. *Pilatos* por *pirata*. *Asotaventados*: hai barlovento e sotavento. Di a copla que o pirata ou o diaño non os colla a *sotavento*, e así que estean co ollo alerta. [...]

79

A culpa destes desatinos téñena os párrocos, que non saben ensinar a ler con sentido incluso en lingua castelá. ¿E que será se o texto é latino? Preguntando o mestre a min e a outro neno da miña curta idade que respondesemos ó *Orate fratres* do axudar a misa, eu respondín ben (*Suscipiat*, etc.), pero o outro aínda non pronunciou ben ata agora *suscipiat*, pero só dixo e repetiu *zuzú*, *zuzu* e *zuzupí*, e o que sacou en limpo do seu *zuzú*, *zuzu* foi que o mestre mandase ó *pauper* que lle dese ó neno seis *zuzupias*. E mellor fora que ó mestre lle desen media ducia de paos porque non sabe ensinar. [80] ¿E cantas *zuzupias* non se oirán ós clérigos bandallos da aldea cando na misa len latíns? Polos meus oídos oín a un: *Quantum debes Demonio tuo?* por *Domino tuo*. Destas *zu*, *zu*, *zupias* ou desta *zupia* de latíns teñen a culpa os mestres incapaces de ensinar os nenos a ler, escribir, soletrear e pronunciar o latín, castelán e galego con clareza e exactitude.

[8.2]

[O GALEGO NO ENSINO]

Pero a principal raíz de todas estas bárbaras *zupias* ten máis alta e profunda orixe e pide un pronto e eficaz remedio. Non poucas veces teño clamado e declamado, por boca e por escrito, contra a notoria barbarie e visible fatuidade dos maxistrados de Galicia que aturan que ós seus nenos

nacidos, criados e residentes nese populoso Reino, se lles ensina na lingua castelá, que é tan estraña para os nenos galegos como é o mesmo latín. Os nenos portugueses aprenden o latín pola lingua portuguesa reducida á *Arte gramática* que escribiu o padre Bento Pereyra, e que teño. [82] O neno francés, italiano, inglés, flamengo, alemán, estudia o latín pola súa lingua vulgar que mamou. ¿E por que o neno galego non fai o mesmo? Moi doutro xeito, diferente e máis superior, entenderá o neno as cousas e voces latinas se se lle explican na súa lingua nativa, que explicada en lingua que xamais oíu, e que non pode penetrar nin na propiedade, nin na conexión, nin na correspondencia.

83

Exemplo: se a un neno se lle ensina unha figueira, e que en latín se chama *ficus* e *ficaria*, ó punto dirá o galego que a súa *figueira* vén de *ficaria*. Se a figueira é pequena, dise en latín *ficariola* e en galego *figueirola* e *figueiroa*, de onde veu o apelido nobre de Figueroa. Se a figueira de béveras se chama en latín de Plinio *Ficus bifera* (como que dá froito dúas veces, de *bifera*) e en galego *bevra* [*bévera*], máis achegado ó latín *bifera*, moi doutro xeito se fará cargo o neno galego do texto de Plinio e das cousas figos e béveras pola lingua galega que pola lingua castelá. [84] Outro exemplo: se a un neno galego se lle ensina a árbore que falsamente chama o castelán *madroño* e lle din que en latín se chama *arbutus*, ó punto se lle ofrecerá ó neno a voz galega *érbedo* como idéntica ó latín *arbutus*. Por non saberen os casteláns a lingua galega, non fixeron bo pé sobre o significado de *arbutus* e é falso que sexa o *madroño*. Ó *arbutus* chaman no Bierzo *borrachines* e *madroño* ó froito do escambrón ou espiño, e en Mondoñedo ó *érbedo*, *bedreiro*, de *arbutario*. Tamén son voces galegas *erbedosa*, *erbedal*, *erbedeiro*, e de aí *bedreiro*.

[...]

[8.3]

[CONDICIÓN DO CATEDRÁTICO EN GALICIA]

87

En virtude do dito, apálpase que máis e mellor se penetra o latín pola lingua galega que pola castelá. Así pois, agora que o Reino de Galicia está sen mestres de Gramática e con só preceptores, é ocasión de establecer en Galicia uns mestres ou preceptores que ensinen a Gramática e a lingua latina ós nenos galegos cun novo método singular, natural, doado, breve e científico. En cada vila murada debe haber un deses mestres, que se poderán chamar catedráticos de tal vila. [88] Fúndome para dar ese título en que Juan de Guzmán, natural de Sevilla e discípulo do famoso Brocense, polos anos de 1587 deu a luz un tomo en oitavo no que comenta as *Xeórxicas* de Verxilio e nel asina Juan de Guzmán, catedrático da vila de Pontevedra². E é que daquela era alí preceptor de Gramática, e aínda hoxe se sinala a casa onde vivía, que chaman da Preceptoría porque a vila deu esas casas e terras no sitio do Gurgullón para os seus alimentos e congrua.

89

Se eu posuíse ese tomiño que só vin, procuraríase que se reimprimise e se repartise en Galicia, e en especial entre os estudantes de Pontevedra, pois no prólogo, que é longo, di belísimas cousas en eloxio de dita vila e do seu benignísimo clima e temperamento, e podería ser en mans da mocidade un eficaz incentivo para estudar con máis ardor e imitar os moitos homes doutos que saíron daquela, non sendo o menor Juan García, [o autor de] *De Expensis* e o seu fillo, Juan Gar-

2. Juan de Guzmán viviu na segunda metade do século XVI e as primeiras décadas do XVII. A súa obra *Las Geórgicas, juntamente con la décima Egloga, con muchas notaciones que sirven en lugar de comento*, apareceu en Salamanca en 1586; aínda que no texto figura 1587, e no catálogo da biblioteca do autor aparece con data 1588.

cía Saavedra, [o de] *De Nobilitate*³, e don Antonio Mouriño de Pazos, bispo de Ávila e de Córdoba, presidente de Castela e gobernador de España.

90

A primeira condición que debe ter o futuro catedrático é que sexa galego da cima ó cabo e que sexa preferido o que fose nacido, criado e habitante algúns anos da vila onde vai ser catedrático ou do seu xiro, sen saír da diocese. Ese emprego debe ser de por vida, e en caso de morte ou de vacante, debe abrirse oposición para outro novo, e elixirano os maxistrados da vila. Poderá ser clérigo ou secular, sen máis emprego que o de dicir unha misa. [91] Non será malo que antes de elixir o que vai ser catedrático, se tome informe *de vita et moribus* del e da súa conducta moral, pois á fin vai educar nenos e debe darlles exemplo. Tamén se debe examinar de Gramática e latinidade ó uso do país e ademais diso debe saber xa unhas cen voces galegas puras cos seus latíns correspondentes e casteláns vulgares.

92

Isto de pedir que saiba cen voces galegas puras o catedrático, cando non hai moitos anos que era delicto que a un discípulo se lle escapase algunha palabra galega, é moi do caso para establecer o meu novo e doado sistema de ensinar lingua latina sen saír da galega e desterrar de Galicia a cruel e tiránica barbarie de estudar unha lingua ignota por outra lingua descoñecida. Así, se o catedrático pensase en opoñerse, debe pensar en irse informando da lingua galega que mamou e que nunca o fará ben o que non se criou en Galicia nin mamou co leite esa lingua patria. [93] Por outra banda, o

3. Juan García Gallego naceu en Pontevedra en 1532. Foi maxistrado da Audiencia de Galicia. Deixou inéditos dous tratados, *De Hispaniorum nobilitate et Exemptione* e *De Expensis et meliorationibus*, que foron dados ó prelo polo seu fillo Juan García Saavedra en Madrid, en 1622.

mesmo catedrático debe ir examinando os que van ser os seus discípulos, v. g., de ler, escribir e contar, da doutrina cristiá en castelán, e sería mellor que o *Padre Astete* ou outro calquera catecismo semellante se traducise en galego puro, e que por ese catecismo galego se examinasen os nenos, mulleres, aldeáns, etc., e se lles oíse de penitencia. Non se cometerían tantos erros en Galicia. En Cataluña suspenderon un crego porque non sabía o catalán. Ós que en América van ser misioneiros teñen que estudar as linguas bárbaras dos fregueses.

94

Nisto apálpase o absurdo e desatino de admitir en Galicia por curas a uns lampantíns que non son galegos nin saben unha palabra da súa lingua. En Santiago hai confesores políglotas que saben linguas estranxeiras para confesar a peregrinos. Este asunto é de moita substancia e pide pronto remedio, ou en sínodo ou en concilio. Se os veciños dunha localidade manifestasen que non admitirán por cura de almas o aventureiro que nin é galego nin sabe esa lingua con perfección, non habería tanto restroballo en Galicia de curas aventureiros.

95

Hei introducir en Galicia un sistema para restaurar a anti-ga e nobilísima lingua galega, na cal descubrirei os tesouros de antigüidade, erudición e literatura que encerra, ata disputar á lingua latina moitas das súas voces que pasan xa por perdidas e se conservan no vulgar galego. Unha desas voces é *solitas*, *-litis*, e dese teor hai outras moitas, e ben sei que o modo de entender mellor o latín é recorrendo á lingua galega pura. [96] [En virtude do dito sistema], o catedrático, que ha de ensinar os nenos galegos a lingua latina, ó mesmo tempo debe ensinalles a lingua galega, e isto sen estudar os nenos cousa ningunha de memoria e á letra, mais unicamente

de sentido e comprensión. Isto de obrigar os nenos a estudar algo de cor é invención de pedagogos para mortificalos e para que collan aversión e odio ó estudio, e se hai castigo de vareadas, para que enxeiten o estudio e o mestre e todo libro. No Xapón non se azouta os nenos que estudian, pois os xaponeses son máis discretos no ensino.

97

Os mestres dos nenos xaponeses nunca pensan mover as súas tenras vontades ó estudio con látegos e xostregadas, senón con enganar inocentes, con galanos, con premios e con representarlles os famosos feitos dos seus antepasados, ou verdadeiros ou finxidos, para que os imiten, e así son valerosos, constantes e entregan a vida. Pola contra, en Europa atérranse, conmóvense e fanse ineptos para todo. Horacio supón que ós nenos para que estudiasen lles daban lambetas por mor de que aprendesen os primeiros elementos: *ut pueris olim dant crustula blandi / doctores elementa velint ut discere prima*. [98] Renego do home que ten que ser bo a paos e do neno que debe estudar con labazadas. O estudar de memoria e non de sentido é unha parvada. Ninguén se lembra senón do que estudiou de sentido e comprensión. É infindo o que saben os nenos sen estudar de cor con só o trato cos demais nenos nas rúas, e sobre todo no que atinxe a relacións e coplas.

99

Non dubido de que as coplas se aprenden mellor de cor, pero os contos interminables en prosa que contan... ¿cando, onde e por que libros estudaron os nenos de memoria e á letra tanta prosa, versos e coplas? Este argumento é perentorio contra os pedantes que declaman en favor do estudar de cor, pois ver que os nenos non precisaron de azoutas para estudar de sentido o moito que saben e repiten, evidencia que as zorregadas, que son propias dos burricos de xeseiro, non se

deben aplicar ós nenos racionais para que estudien, a non ser por algún delicto moral. [100] Dicitur que con estudar de cor se exercita a memoria e que a letra con sangue entra é dicir dúas necidades. Con estudar de cor non se exercita senón a paciencia do pobre neno, violéntase a súa vontade e ofúscase o seu entendemento. Obsérvense os progresos que fai o neno galego no primeiro ano do seu estudio segundo o meu sistema e compárense cos que fai outro neno galego da mesma idade e de iguais circunstancias segundo o inveterado sistema de estudar e véxase a vantaxe de qué parte está.

101

Este sistema inveterado e vulgar é o de estudar de memoria e á letra, e sempre co temor da azouta e por vocabularios que sigan o alfabeto ou polo ABC, e ademais diso por unhas regras moi xerais en latín que por concisas non se entenden e por difusas confunden a capacidade do neno. O meu sistema ou método non ten os dous defectos ditos de estudar de memoria e das xostregadas sempre inminentes. Desterro todo vocabulario alfabético e principio porque todas as regras gramaticais se escriban en galego puro. E non debe de haber máis vocabulario que o que chaman onomástico ou nomenclátor, no cal estean os nomes galegos e as cousas deste mundo por clases, con orde e conexión. [102] Os nenos, de calquera nación que sexan, perciben mellor as cousas se se lles poñen os exemplos con froitas. Supoñamos que nunha sala moi grande, na cal haxa moitos caixóns cheos de todas as diferencias de froitas, están distribuídas en diferentes, distintos e distantes apousentos. Se todas as especies ou diferencias de mazás, v. g., se achán xuntas e unidas e coordinadas segundo a súa orde na sala grande, e se esas mesmas se achán mesturadas e confundidas con outras cousas nos apousentos, ¿quen dubidará que un neno galego falará máis e mellor de mazás entrando na sala que outro que ande polos apousentos? Esa diferenza, pois, hai entre vocabularios alfabéticos e os onomásticos.

[8.4]

[O ONOMÁSTICO TRILINGÜE GALEGO-LATINO-CASTELÁN]

103

Isto non é quitar de todo os dicionarios alfabéticos. Poderán ter o seu uso útil, non para saber de raíz, mais para procurar o que se quere saber. Así, ó último dun onomástico galego debe haber un vocabulario alfabético de todas as cousas que contén o onomástico, para buscar e saber ónde *a fundamentis* se trata desa cousa. Outra sólida utilidade se segue de manexar onomásticos, e é facerse cargo desta ou da outra facultade, pois de manexar vocabularios alfabéticos só se consegue confundilo todo, saber pouco e iso moi superficial e sen método.

[...]

107

O primeiro, pois, que se debe facer para o meu sistema é fundar un onomástico completo e universal en tres columnas. Na primeira estarán as voces galegas puras, na segunda os latíns correspondentes, e na terceira os casteláns equivalentes. Dese xeito estúdanse a un mesmo tempo tres linguas, galega, latina e castelá, sen estudar de memoria e sen temor ó castigo. Con só repasar algunhas veces e só de sentido o onomástico, conséguese todo. [108] Para formar o proxecto onomástico galego deben concorrer moitos. Primeramente o que será o catedrático, pois debe ser galego natural, mediano latino e que saiba a lingua castelá. Ese catedrático non deixará pasar día que non adquira unha nova voz galega, ou de viva voz ou por escrito, para aumentar o onomástico galego. En segundo lugar, cada discípulo debe ter a pensión de concorrer cada día con media ducia de voces galegas das que oe, xa de cousas naturais, xa de cousas artificiais. Antes era delicto que un estudante galego soltase unha voz galega. Iso, no meu sistema, ten que ser moi laudable.

322

109

O catedrático debe dedicarse ó gustoso estudio das etimoloxías, e as que coñecese que son evidentes, debe ir inculcándollelas ós discípulos para írense afeccionando a ese xénero de literatura, pois eu sei que se pode reducir a principios matemáticos pola constante analoxía da transformación dunhas letras noutras. Da voz grega e latina *cythara* formouse o galego *guitarra*. Da voz grega e latina *cytisso* formouse o galego vulgar *codeso*. Do nome latino *vicia* formouse o galego puro *veza*. [110] É inexplicable o gozo que un percibe cando dunha voz pura galega ou pura castelá vulgar acerta a etimoloxía nunha raíz de pura latinidade. Da voz latina *Ficus bifera*, que significa levar dúas veces o froito, tómase a raíz *bifera*; desta orixinouse o galego puro *bevra* e o puro castelán *brevra*. Sabendo esta orixe, quedan na memoria, tenazmente e a un mesmo tempo, as tres voces, latina, galega e castelá, coa súa etimoloxía e propiedades.

111

Isto todo xunto nunca se saberá polos dicionarios alfabéticos onde están desvencelladas as voces e as cousas, como vasoiras desatadas. Aquí apálpase que non pode haber home erudito que non sexa dedicado ó estudio das etimoloxías e que nunca pasará por douto o que aborrece ese estudio. Tal vez con ese estudio se resolverán as cousas cando se explican en lingua estraña ou cando se estudian na súa lingua propia e nativa. E se a esas voces se lles engaden as súas etimoloxías, non só se entenden mellor as cousas, mais tamén se comprenden. [112] Se a un neno galego se lle explica unha historia ou fábula en latín puro ou en puro castelán ou en galego puro, ¿haberá algún que diga que o galeguiño non entenderá mellor a historia na súa lingua nativa e que mamou? E isto aínda que sexa discípulo que teña estudiado por Nebrixa. A lingua latina, canto máis pura, é xa lingua morta para o castelán e o galego. A lingua castelá, canto máis pura e antiga, é case lingua morta para o galego. E é cousa vergoñenta que se valesen os homes

323

de linguas mortas para ensinar ós galegos a Gramática, artes, ciencias e erudición.

[8.5]

[LINGUAS ESCRITAS / SÓ FALADAS]

113

Pero como Galicia ten tanta extensión de terreo, é inevitable que nese reino haxa moitos subdialectos do galego común. Silio supón o mesmo: *Barbara nunc patriis ululantiem / Carmina linguis*⁴. E nótese *patriis linguis*. Aínda hoxe sucede en Galicia que, segundo os diferentes horizontes, hai xa diferenza no idioma vulgar, nas expresións e na pronuncia, etc. Isto non quita que o galego común non o entendan todos, fóra de tal cal voz peculiar daquel país respectivo. [114] É da miña observación que as linguas vivas que só se falan e non se escriben son máis abundantes de voces que as que se escriben e se falan. A razón é palmar. Os que escriben unha lingua viva son polo común letrados e así, escríbena e a imprímna sen facer caso do pobo, e por iso son tan escrupulosos que non usarán voz ningunha que non ande impresa. Ó contrario, os que só falan esa mesma lingua viva son polo común iletrados e non fan caso do que se imprime, pero do que todos falan. E de todo infírese que cos letrados se perden as voces e cos iletrados aumentan. Consiste isto en que o pobo forma moitos derivados de nomes ou verbos, pois ten autoridade para iso, a que non ten un escritor particular.

115

Do mesmo dedúcese que as linguas que non se escriben e só se falan, medran en voces deducidas da mesma lingua, e

4. 'Ouveando bárbaros cánticos nas súas linguas nativas'. Silio Itálico (25-101 d.C.), rexistrado na biblioteca de Sarmiento: "*Lib. XVII de Bello Punico Secundo*, con longos comentos de Claudio Dausquio. Paris, 1618. *Item: Manual*, Amsterdam, 1631".

324

as que se escriben, ou non medran, ou só medran en voces estrañas, bárbaras e exóticas que nunca foron da lingua primitiva. Por curiosidade xuntei e escribíen as voces galegas dunha soa cousa, isto é, dun home pailán, e xuntei cen voces que oín en Galicia. Disto non hai exemplo en linguas que se escriban e se falen⁵. [116] Dirán algúns que todo canto dixen para introducir e promover en Galicia a lingua galega que actualmente se fala e non se escribe, ou é un fantástico paradoxo ou vai fundado no aire. Dirán, pois, que a lingua galega nin ten gramática, nin dicionarios, nin hai cousa escrita nesa lingua. Esta razón supón en falso que non hai escritos en galego. Se se rebeiran os arquivos, atoparanse neles máis escritos en galego do que en castelán.

117

O *Cancioneiro* de don Afonso o Sabio, que contén as súas coplas en galego puro. A *Crónica xeral*, que chaman a *Galega*, coetánea da *Crónica general de España*. Nos arquivos consérvanse carros de escrituras en galego de foros, arrendos, doazóns, compras, apeos, etc., e nos oficios dos escribáns haberá moitos máis instrumentos escritos en galego puro antes de Carlos V. A Gramática poderá suplirse pola portuguesa do padre Pereyra mentres non se fai unha nova e os vocabularios servirán de moito o do padre Bluteau e para onomástico o do padre Pacheco⁶. [118] Despois da lei de don Afonso o Sabio, que mandou que todos os instrumentos públicos se escribisen non en latín, mais en vulgar castelán, todos se escribiron en Galicia en galego ata Carlos V. ¿E por que se omitiu isto? Direi a miña conxectura. En tempo dos Reis Católicos incorporáronse os mestrados das ordes militares na Coroa. Sucedeu a reforma dos monxes negros e a dos monxes brancos precedera o ano de 1440, e con esta ocasión anegouse Galicia de homes

5. Véxase texto 7, § 455-59.

6. "Pacheco, Fr. João. *Divertimento erudito*, 4 vols. É coma unha redución do Vocabulario de Bluteau por orde de materias. Lisboa, 1734 e 44".

325

non galegos e casteláns; meiriños, xuíces, escribáns, curas de almas, etc., eran provisións de casteláns, e a penas se daba algún emprego a galegos naturais.

119

Claro está que ningún deses empregos podería actuar no idioma galego, nin entender tampouco o actuado. Irmáns, sobriños, primos, parentes, paisanos e criados dos presenteiros cargaban con todos os empregos e case ó mesmo tempo se introduciu a Audiencia da Coruña e con iso aumentou o número dos que en Galicia nin falaban nin entendían galego, e así se introduciu o abuso de escribir e actuar en castelán. E ese abuso no espiritual aínda hoxe é pernicioso para o sacramento da penitencia, no cal un se confesa en polaco e outro o amoesta en arábigo. [120] Está escrito que Temístocles non quixo pasar por embaixador perante o rei de Persia se antes non se tomaba o tempo preciso para entender ben a lingua persa, falala e pronunciala. Son moitos os erros e gracias que suceden no sacramento da penitencia por non entenderen os confesores a lingua galega dos rústicos vulgares; o mesmo a proporción sucedía cando un castelán ensinaba Gramática a un neno galego, e sucederá se non se atalla ese abuso e será maior se o catedrático non sabe a lingua galega, se non é de por vida e se cada ano se mudan dous ou tres catedráticos como camisas diferentes. Hoxe os cataláns escriben as súas cousas na lingua vulgar catalana.

121

Suposto isto, tamén os cataláns formaron o seu dicionario alfabético da lingua catalana. Non é moito, pois, que tamén os galegos formen o seu dicionario alfabético da lingua galega e das voces que se usaron e vulgarmente se usan en diferentes partidos do Reino de Galicia. Así será fácil formar despois o onomástico no cal se recollan por clases todas as cousas naturais e artificiais, e ese onomástico será o principal para estudar

326

a Gramática e castrar mellor a lingua galega, latina e castelá, que é o meu principal sistema, adornándoo todo de moitas etimoloxías moi verosímiles.

[8.6]

[MÉTODO PARA COMPILAR O ONOMÁSTICO GALEGO]

122

O Reino de Galicia, segundo o último cálculo, ten o dobre de almas de comuñón que todo o principado de Cataluña. Este ten 413.000 almas e Galicia 848.000 mil. Ten Galicia un arcebispado e catro bispados. E dividindo Santiago, Lugo e Ourense en dous partidos, resultan oito partidos para toda Galicia onde se fala a lingua galega con tal cal variedade.

123

O primeiro partido é todo o bispado de Tui; o segundo é desde a ría de Vigo ata a ría de Padrón; o terceiro, o restante de Santiago ata A Coruña; o cuarto, todo o bispado de Mondoñedo; o quinto, desde Ribadeo ata O Cebreiro; o sexto, desde O Cebreiro ata Valdeorras; Lugo, o sétimo, desde Valdeorras ata A Limia; o oitavo, desde o río Limia ata acabar Galicia, bispado de Ourense. Nestes oito partidos debe de haber polo menos oito suxeitos espallados que saiban latín, castelán e que sexan galegos nativos. Cada un destes terá un prego de papel en limpo e dividido en oito columnas, como este prego en que escribo, no cal se irán apuntando as voces vulgares galegas que con singularidade se usan en tal partido e non noutro. [124] Os que van entender e atender esa colección de voces deben advertir que ata agora non hai vocabulario ningún completo de lingua viva e vulgar das que se falan e escriben, nin é posible achar home, por douto que sexa, que saiba unha lingua vulgar en toda a súa extensión. Así, para un dicionario de lingua vulgar deben concorrer moitos eruditos e non eruditos,

327

pois non é traballo para un só. Por iso non haberá xamais dicionario completo da lingua castelá en canto non se tome o arbitrio de dividir todo o territorio de Castela por bispados e partidos e que en cada un haxa homes que apunten e recollan as voces singulares que se falan nese partido.

125

As voces que se achan nos vocabularios son as que se recolleron dos escritos, non as que fala vulgarmente o pobo. Son vocabularios do castelán escrito, non do castelán falado. ¿E cando se verá un vocabulario das voces que só se falan vulgarmente? As linguas mortas dependen dos doutos, pero as linguas vivas e que se falan só dependen do capricho do uso popular: *Si volet usus / quem penes arbitrium est et jus et norma loquendi*. O modo e norma de falar deber ser segundo o pobo, que fala natural e vulgarmente, non segundo este ou outro escritor. [126] Os tradutores deturparon o idioma vulgar castelán que se escribe e non chegaron ó que se fala. Ata agora non vin tradución de lingua estraña vulgar ó vulgar galego que antigamente se escribía, nin ó vulgar que actualmente se fala en todo o Reino de Galicia. Deste modo, poderán formarse dous dicionarios do galego puro, un alfabético de todas as voces e outro onomástico de todas as cousas naturais e artificiais dispostas por clases e con conexión. Sobre este onomástico vai fundado todo o meu sistema para as etimoloxías das voces galegas e a súa redución ás raíces latinas.

127

Do arroz dise que é máis gorentoso e sabedeiro canta máis cantidade del se guisa, o que sucede nunha comunidade numerosa. Non así cando só se guisa en cantidade curta en casa dunha particular familia. Hai escritos que cando concorren moitas mans para compoñelos saen máis cabais e perfectos que cando só concorren poucas mans para a súa fábrica.

7. Véxase texto 6, § 46.

328

Os vocabularios son dese xénero de escritos que piden moitas mans, e en especial se a lingua é viva e vulgar, pois un home, nin dous, nin tres poden recoller tantas voces como fala o pobo. Por non atender a isto, algún vocabulario saíu diminuto nas voces.

128

Os innumerables veciños que habitan os oito partidos que sinalei para Galicia poderán servir de moito apuntando nos oito pregos ditos as voces que se lles ofrecesen no falar e que non se usan noutro partido. Os catro partidos primeiros, por seren marítimos, deben ter conta de todo xénero de peixes, cunchas, mariscos e aves de mar e de río e de animais mariños e de plantas que nacen no mar, en ríos, lagos e lagoas ou areas. [129] Os catro partidos restantes deben de empregarse, por habitar en terra, montes, bosques e despoabados, en observar todo xénero de animais cuadrúpedes, todo xénero de aves de rapina, nocturnas, domésticas e de canto; todo xénero de sapos, cobras, insectos e sabandixas. Eses mesmos observarán metais, minerais, fósiles, terras, betumes, pedras e pedras preciosas e todo xénero de vexetais: árbores e arbustos, froiteiras, froitos, frútices, plantas, herbas silvestres, hortenses, legumes, hortalizas, velenos e contravelenos, licores, leite, viño, vinagre, etc.

130

Ata aquí, un trazo dos mixtos da Historia Natural e de todo o que Deus creou, que son as cousas principais do onomástico galego. Despois deben seguir as clases das cousas artificiais que fabricaron os homes. E pola súa orde os instrumentos das artes mecánicas. E xa que a agricultura toca á ciencia e á arte primitiva do home, e a súa materia é a terra que Deus deu ós nosos primeiros pais, deben de ir diante os aveños, ferramentas e artificios de que o home se vale para o cultivo da terra ou agricultura. [131] Despois, seguindo as

329

materias das artes mecánicas, poñeranse os trebellos respectivos, v. g., liño, cânabo, algodón, seda, esparto, etc. Fiandeiras, teceláns, xastres, costureiras, bordadores. Madeira: carpinteiros, ebanistas, torneiros, escultores. Coiro: zapateiros, talabarteiros, peleteiros, cadeiros. Pedra: pedreiros, albaneis, arquitectos, muiñeiros. Ferro: ferreiros, reloxeiros, cerralleiros, fabricantes do ferro, espadeiros, escopeteiros, armeiros. Vidro: vidreiros, anteolheiros, lanterneiros, lapidarios, xoieiros, faroleiros, cristaleiros. [132] Metais. Todo fundidor de metais: campañeiros, prateiros, ourives, estañeiros, latoeiros, chumbeiros, acibecheiros, perendengues, quincallas, enxovais de casa, alfaias dun templo, partes dun navío, arsenal, imprenta, ferramentas dun cirurxián, dun boticario, dun ferrador, xogos de nenos, xogos de adultos, cousas diferentes e indiferentes. Destarte, debe poñerse nun onomástico calquera cousa das que se ven, se tocan, se oen, se gustan e se cheiran.

133

Todas estas cousas naturais e artificiais e as que por esquecemento quedaron, e así mesmo as cousas divinas e supracelestes, comezando por Deus, os ceos, anxos, os catro elementos e os seus meteoros, todo debe estar colocado no onomástico con método, orde e clases. Este tomo é o que os nenos xamais deben de deixar das mans. Eu son do dictame de que o onomástico debe ter por cabeza un extracto do *Catecismo* de Astete ou a Doutrina cristiá para que os nenos teñan decote presente a profesión da fe e para que sempre a poidan considerar e repasar segundo os tres símbolos da fe.

[8.7]

[CATECISMO EN GALEGO]

134

Segundo o *Símbolo dos Apóstolos*, que é o que se reza; segundo o *Símbolo niceno*, que é o que se canta, e segundo

330

o *Símbolo* que chaman *de san Atanasio*, que se di nas *Dominicas* do ano. Ese *Símbolo de san Atanasio* é un compendio do Catecismo moi expresivo e curioso. Ese imprimírase en latín, castelán e galego. Debo querer que os nenos galegos ante todas as cousas se familiaricen moito co Catecismo, pois fóra de Galicia e Asturias hai bastante descoido nos pais para ensinarlles ós seus fillos a doutrina cristiá, e os cregos pensan pouco en explicárllela.

[...]

136

A experiencia mostrou que nos lugares moi populosos, onde os pais non inculcan ós seus fillos a doutrina cristiá, é unha mágoa ver a profunda ignorancia que hai nesa materia, ó contrario que nas aldeas e montañas. É verdade que os nenos de todo país só saben a doutrina cristiá coma uns paxariños. Non importa. Os barbados que de nenos non souberon a doutrina coma paxariños nunca a saberán con máis claridade e intelixencia en idade máis avanzada. [137] Por iso será moi oportuno que os catedráticos que vaian ensinar nas vilas muradas de Galicia ós nenos galegos, lles inculquen a doutrina cristiá, que terán impresa e tendida no *Onomástico galego* e que poñan coidado en que os nenos a lean e decoren con toda claridade, soletreo, pronuncia e sentido, para que non lean desatinos maiúsculos. Isto debe ser antes de tomaren na man os libros gramaticais, e ese exercicio debe habelo cada día da semana. Daquela, repartiránelles ós nenos as estampas que representan os misterios e as cousas espirituais e invisibles que non se poden explicar por palabras, nin entrar polos sentidos exteriores.

331

[8.8]
[Ó LATÍN POLO GALEGO]

138

Con esta preparación previa entrará o neno na Gramática. O seu principal coidado e asunto será ir recollendo todos os días as voces galegas, polo menos dez cada día, que compoñerán o *Onomástico galego, latín e castelán*. O latín e o castelán debe poñelo o catedrático. Deste xeito, o neno galego farase cargo de case todas as voces galegas, latinas e castelás sen estudar nada de memoria e á letra, senón de sentido. Máis aínda, a pouco que o neno galego advirta, observe e reflexione sobre as palabras e letras das voces latinas e castelás correspondentes ás voces galegas, lle saltará ós ollos a conexión desas tres linguas e as recíprocas etimoloxías. [139] Poño exemplo comparando os tres mixtos da Historia Natural da clase de animais, aves e peixes: vaca, galiña e sardiña.

touro	=	taurus	=	toro
vaca	=	vacca	=	vaca
boi	=	bos	=	buey
galo	=	gallus	=	gallo
galiña	=	gallina	=	gallina
polo	=	pullus	=	pollo
sardiña	=	sardina	=	sardina

140

Coa soa vista natural e sen estudar nada de memoria, faise clara idea das vinteunha voces das tres linguas e da conexión delas entre si. De camiño saltarán ós ollos algunhas etimoloxías doadas e se preparará o neno galego para rastrexar outras etimoloxías máis recónditas, pois este estudio, coma todos os demais, debe comezar polo máis fácil e que está á vista. [141] Neste plano das vinteunha voces apálpase a harmonía que teñen as tres linguas, latina, castelá e galega; e se ós nenos se lles sabe ensinar ben unha das tres, eu fío que se

332

farán cargo das tres en virtude dun bo onomástico trilingüe. ¿E cal lingua das tres se debe ensinar primeiro ós nenos? Digo que se son galegos, dicta a razón natural que sexa a galega que co leite mamaron, pois a latina é lingua morta para eles e a castelá éelles forasteira e case bárbara na pronuncia. Os mesmos casteláns confesan que a lingua galega é moi doce e dondísima, en especial en boca de mulleres e de nenos, e é porque aínda conserva moitos retallos e frases da lingua latina, a súa matriz e nai, e da cal é o máis nobre e antigo dialecto.

142

Aquí se apalparán as moitas e grandes utilidades que poderán conseguir os nenos galegos se se lles ensina o latín por onomástico e comezando pola lingua galega. Ensinándolles coma ata aquí, consumirán tres ou catro anos e ó cabo perderán o seu idioma nativo; xamais saberán latín, pois a penas saberán dúas ou tres ducias de voces latinas cos seus significados en castelán; todo se reducirá a saber de memoria e coma un paxariño media ducia de regras gramaticais en latín que de nada serven senón para perder o tempo. [143] Non fago aprecio do espantallo da lingua castelá como que esta se precise para estudar latín. O castelán debe aprenderse pola viva voz e comercio de casteláns con galegos. Así, saben máis castelán os galegos que xamais estudaron Gramática ca os que a estudaron. Nas vilas muradas de Galicia non sobra outra cousa que casteláns habitantes nelas, e así é doado aprender co comercio o castelán. Pouco importa que os aldeáns xamais saiban o castelán nin o latín como saiban ben o galego para explicaren ben os seus conceptos.

144

Non hai galego ningún, por aldeán e rústico que for, non hai muller nin neno ningún, que non saiba explicar no seu galego nativo todo canto outro home racional explique

333

en lingua moi culta. Non esaxero se digo que teño oído diferentes veces a un erudito castelán que nunca estivo en Galicia, sentíndome a min algunhas expresións puras galegas, que as tales tiñan moito de gregas e áticas, enfáticas e poéticas. Non o estraño, pois Silio Itálico xa supón que os antigos galegos eran moi dados ó canto e á poesía, e é de sentir común que os gregos que acompañaron a Teucro (que Plinio chama en Galicia pobos *helenios*) saíron de Salamina, illa da Ática. É famoso o texto de Plinio que di: *Graecorum sobolis omina* ["Todo procede dos gregos"]. [145] Sendo os galegos tan obstinados nos seus costumes, non debe estrañar que aínda hoxe conserven no seu idioma reliquias dos antiquísimos gregos.

[...]

[8.9]

[LITERATURA EN LINGUA GALEGA: O CURA DE FRUIME]

162

Téñase presente a demarcación que ó comezo fixen de todo o Reino de Galicia en oito territorios ou semi-bispados. Non se pode dubidar que sempre houbo en Galicia, e hai hoxe, e haberá, homes para todo: santos, militares por mar e por terra, literatos, eruditos e curiosos de antigüidades. Nos arquivos de Galicia consérvanse os máis preciosos monumentos da antigüidade, xa en prosa, xa en verso, xa latinos, xa galegos, xa casteláns. Polos anos de 1640, un crego de Galicia, en nome dun labrego, sacou as famosas coplas en galego que comezan: *Santo da barba dourada*⁸. O labrego apostrofa a Santiago, que está no altar maior e a súa imaxe ten as barbas douradas. [163] Esa expresión *ex abrupto* é singular da lingua galega comezando por vocativo, coma a outra vulgar:

8. Refírese ás 'Décimas ao apóstolo Santiago', composición de Martín Torrado, párroco de Urdilde, escrita c. 1617.

*Santo san Justo da Fraga
Casamenteiro das vellas
¿Por que non casais as mozas,
Que mal vos fixeron elas?*

A outra expresión a Santiago di "Raís e fillo do trebón, etc.", aludindo ó epíteto *Boanerges* con que Cristo aplaudiu ós fillos do Zebedeo (*Filii tonitruí*), e a que cantaban as mulleres a san Xoán de Poio cando volven do xubileo de Santiago:

*Santo san Juan do Poio
Que estais na vosa capilla
Mándache muitos recados
Santiago de Galicia.*

164

Estas e outras expresións son puramente galegas. E así as celebran os casteláns e gustan moito de oílas. Un cabaleiro moi erudito pediume as coplas "Santo da barba dourada" para copialas, e a este teor outros copian outras e as estiman.

165

Ben coñecido é hoxe en España, e aplaudido, o abade de Fruíme, xunto a Noia, polas súas poesías en galego, castelán e latín; e a un castelán moi erudito, e que ten voto na materia, sentín que lle chamaba o poeta galego⁹. Tamén oín que se pensa en imprimir todas as súas poesías. Se se imprimisen esas obras, deben lelas con frecuencia os rapaces galegos, e dese xeito se imporán mellor no proxectado *Onomástico* trilingüe. Algúns curiosos de Galicia recolleron diferentes coplas en galego e gárdanas moito. Sería bo que esas se comunicasen para adornar o *Onomástico*.

9. Refírese a Diego Cernadas de Castro (1689-1777), prolífico poeta e publicista, autor dunha obra que enche sete volumes, publicados postumamente (1778-1781).

[8.10]

[MATERIAIS PARA O ENSINO EN GALEGO]

166

Se o *Onomástico* trilingüe de galego, latín e castelán se forma como eu propono, apalparase a abundancia de voces galegas vulgares que se falan no Reino de Galicia. E se os rapaces galegos penetran o dito *Onomástico*, saberán en breve a Historia Natural e terán unha idea científica de todas as cousas que Deus creou para Galicia de pedras, metais, minerais, fósiles, vexetais, peixes, aves, cuadrúpedes, sabandixas e insectos, etc., e apalparán que os estudantes que gastaron catro anos na Gramática de nada do dito terán idea ningunha. [167] Pregunto: se os nenos galegos conseguen saber en menos dun ano, sen estudar nada de memoria e á letra e sen pasar polos rigores do castigo cruento, conseguen saber, digo, e tocar coas súas mans e sentidos exteriores, non só as voces como as cousas mesmas da Historia Natural que Deus creou en Galicia, ¿que estudante de universidade, nin que catedrático saberá, despois de tanto estudio, o que saberá un neno galego? Será un prodixio que ese neno reconte de socato todos os peixes, aves e animais, o que non fará ningún barbado.

168

Non importa que Deus non creara en Galicia todas as especies e diferencias dos mixtos da Historia Natural que están espalladas polas catro partes do mundo. Non hai nación, rexión ou provincia que teña todas as especies. Galicia ten moitísimas, e as principais, e das que non ten poderá saber o nome propio polos libros da Historia Natural en común e facer algunha idea da cousa pola comparanza que os autores fan dos descoñecidos mixtos cos mixtos coñecidos ou que se crían en Galicia e nas súas veciñanzas. Nada se coñece senón por comparanza. [169] Gesnero, Aldrovando,

336

Jonston, Dioscórides, Jorge Agricola¹⁰, etc., son os autores clásicos da Historia Natural. A pouco que os nenos galegos rebeiren neses libros, aínda que sexa enredando, farán idea das cousas que non se crían en Galicia e se aproveitarán das láminas e dos nomes e dos seus sinónimos. De camiño, tomarán unha tintura das propiedades, virtudes medicinais e usos das cousas naturais. E iso abondará para infundir nos nenos unha afección ós libros, ás ciencias e ás artes.

170

Todo o que non for ir preparando os nenos co estudio para que por si adianten algo nas artes e ciencias, é perder o tempo no estudio. Non todos os nenos que se poñen ó estudio saíran aptos e con xenio para as ciencias. Deberían examinarse antes, e os que fosen totalmente prosmas, deberían

10. "Gesnero, Conrado, *De Animalibus*, polo alfabeto. Francfort, 1602.- *De Avibus*, polo alfabeto. Francfort, 1604".

"Aldrovando, Ulysses, *Libri XII de Avibus*, os seus tres tomos en un. Francfort, 1610.- *De Quadrupedibus Solipedibus*, un libro e un tomo. Francfort, 1623.- *De Piscibus libri V et de Cetis liber I*. Francfort, 1634.- *De Insectis libri VII*. Francfort, 1623.- *Ornithologiae tomus tertius* ou os libros 19 e 20 *De Avibus Aquaticis*. Francfort, 1634.- *Crustaceis, Testaceis e Zoophytis libri IV*. Francfort, 1623.- *De Quadrupedibus Bisulcis*, o libro 1 con 1.040 páxinas. Bononiae, 1642.- *De Digitatis Viviparis libri III e De digitatis oviparis libri II*. Bononiae, 1645.- Aínda hai que engadir a esta lista Montalban, Ovidio, *Dendrologia* (de Aldrovando) *liber I de Glandiferis e Libri II de Pomiferis* (son só dous tomos, pois non son máis; tratan a cousa con infinda extensión). Boloña, 1668".

"Jonston, Juan: o seu tomo II que ten seis libros *De Avibus* con 62 láminas; *II libri de Serpentina et Draconibus*, con 12 láminas. Amsterdam, 1657.- *Thaumatographia naturalis* (10 clas.), Amsterdam, 1633.- *De Piscibus, Naturae Constantia*, Amsterdam, 1634".

"Dioscórides, *Opera omnia Graeca-Latina libri V: 1 De venenis e 2 De Medicamentis euporistis, seu facile parabilibus*, con versión e notas de Juan Antonio Saraceno. Francfort, 1598.- Dioscórides, coas *Enarrationes* de Amato Lusitano e con *annotationes* de Roberto Constantino, León, 1558, con figuras.- En castelán, cos comentarios de Andrés Laguna e adicións de D. Francisco Suárez de Ribera, Madrid, 1733".

"Agricola, Jorge. *De re metallica libri XII e De animalibus subterraneis*, Basilei, 1556".

337

separarse para o arado e cultivo das terras e para oficios mecánicos. E os que apuntasen o xorne inquieto, entreitizo e liorteiro, separalos para o militar e a mariña, e os de xénero devoto, rezador e pacífico, para que sigan o estado clerical ou regular. [171] Non aprobo a multitude de discípulos cun só mestre. Coa multitude de discípulos xamais se conseguirá ensinamento sólido, senón unha confusión e ensinanza superficial. Coñezo a moitos que estiveron catro anos na Gramática e non saben cousa de miolo. Se eses son galegos esqueceron a lingua que mamaron co leite, non terán aprendido a lingua castelá nin a latina, nin entenderán a Gramática. ¿Non é mágoa que se dilapidasen os catro anos da xuventude máis florida dos nenos para que só estudien en ser fatos? ¿Cando abrirán os ollos os pais dos nenos galegos e casteláns?

172

Os casteláns xa teñen libros abondos para o castelán e latín, e con todo son raros os estudantes que saiban medianamente os dous idiomas, e estou firme en que se entre eles se introduce o método de estudar por onomástico castelán-latín, de contado saberán máis e mellor. Os galegos non teñen libros para a súa lingua galega senón os escritos que van citados nestes pregos, e de non terse introducido a tiranía de outorgárense as escrituras en castelán e non en galego, hoxe habería bastantes libros impresos en galego. [173] Non hai cousa máis doada que traducir ó galego diferentes libros casteláns. A un neno galego da Coruña e de trece anos mostreille o *Onomástico* do padre Pomey en latín e castelán; namorouse tanto del que non parou ata achar en librerías de vello o mesmo *Onomástico* de Pomey en castelán e latín¹¹. Tamén lle ensinei o *Divertimento erudito* do padre Pacheco

11. No catálogo da biblioteca do autor, atopamos referencia á obra de Pomey, pero non castelán-latín, como se di no texto, mais italiano-latino: "Pomey, P. Francisco. *Pomarum latinitatis*, pero con diccionario italiano. Palermo, 1695. Do mesmo: *Indice Universale* (é un onomástico italiano-latino). Bologna".

en portugués e en catro tomos moi curiosos. É como un onomástico portugués en que están as voces por clases.

174

O neno galego achou os tres tomos primeiros dese *Divertimento* en folio e levounos a seu pai galego, que é home de letras e está en Madrid a pretensións. Eu teño catro tomos en folio, o rapaz só achou tres e o autor promete cinco, seis, etc., pero eu non teño máis que catro. O pai do neno gustou moitísimo desa obra en portugués. Os tres tomos primeiros conteñen todas as voces das cousas da Historia Natural e comezan desde a creación do mundo. O primeiro tomo vai desde a vida de Adán ata que foi botado do Paraíso. [175] Os tomos segundo, terceiro e cuarto conteñen os obxectos artificiais que inventaron e fabricaron os homes e todas as voces, nomes, verbos e cousas das artes liberais e mecánicas. Os tomos quinto, sexto e sétimo, etc., se viñeron a lume, aínda non os vin nin sei de qué tratan; supoño que tratarán continuando a materia do onomástico, e sendo galegos o pai e o neno, con facilidade entenderán o texto portugués da obra *Divertimento* a pouca inflexión que o reduza ó galego.

176

Debo advertir que entre as voces artificiais e de oficios hai verbos que non hai no onomástico das voces naturais das cousas que Deus creou. Pero eses verbos son derivados do nome da cousa mesma, como de *prata*, *pratear* e de *lima*, *limar*, etc. Pacheco usa moitas voces exóticas de cousas do Brasil, América, África, Asia, China, etc., que nunca foron portuguesas puras, nin puras galegas. Esas deben poñerse tal como soan e unicamente coa abreviatura *exót.* para significar que son exóticas. [177] Estou firme en que se os dous galegos, pai e fillo, que están en Madrid, se dedicasen a repasar algunhas veces o *Onomástico italiano-latino* do padre Pomey e

o *Divertimento erudito* en portugués do padre Pacheco, descubrirán esas dúas persoas un largacío campo no cal conseguirán, a pouco custo, tomar unha tinctura de todas as ciencias e artes cunha mediana explicación. Saíu xa hai tempo en París unha obra co título *Encyclopaedia* que á letra significa *in circulo* doutrina ou curso de artes e ciencias¹². Non teño ese numeroso xogo e xa a Inquisición tomou a man para atallar as perniciosas resultas da lectura desa obra infame.

[...]

180

Non sei se o padre Pacheco ideou un índice universal alfabético para toda a súa obra despois de que a remate. Ese índice universal alfabético non ten os defectos dos outros vocabularios, pois debe ser moi lixeiro e unicamente para reclamo ó número onde se trata da voz e da cousa. Suposto o reclamo, deben lerse todas as voces e cousas da clase citada. Á vista do padre Pomey e do padre Pacheco, seranos doado formar un completo onomástico da lingua galega por onde os nenos galegos deben comezar todos os seus estudos despois de saberen ler, escribir e contar e antes de soñaren tomar na man libros de Gramática. [181] Cando o neno galego estivese desocupado, debe ir repasando, para consigo e de memoria, todas as clases de cousas e voces que xa soubese polo que toca á Historia Natural, v. g., polas aves, peixes, cuadrúpedes, metais e pedras, e pola agricultura e botánica ou vexetais. O modo será dividir por capítulos as clases e por artigos as cousas, e as voces por un pequeno alfabeto. [182] De todos estes pequenos alfabetos particulares debe compoñerse ó último o alfabeto universal de toda a obra, que sirva unicamente de rexistro do que xa teña repasado e entendido. Non hai ciencia especulativa, non hai arte liberal, non hai oficio mecánico

12. Refírese á célebre *Encyclopédie*, ou *dictionnaire raisonné des sciences, des arts e des métier*, obra emblemática da Ilustración francesa, que comezou a vir a lume en 1750, e completouse, ata 28 volumes, en 1772.

que non teña unidas as súas voces en portugués no *Divertimento erudito* do padre Pacheco. Eu repasei eses tomos e case son galegas todas as súas voces, fóra de tal cal pronuncia portuguesa que o neno galego con facilidade poderá reducir á súa lingua nativa.

183

No tomo segundo do *Divertimento erudito* do padre Pacheco, desde a páxina 782, están os termos ou voces das matemáticas e con bastante extensión para facerse cargo dos seus significados. É moi certo que se un sabe todos os termos que xogan nas matemáticas, saberá a pouco custo as mesmas matemáticas que se ensinan nos Estudos e Universidades. Creo firmemente que para estudar con fundamento unha facultade é preciso seguir o meu método ou sistema, e é o de saber, ante todas as cousas, todos os termos ou voces que xogan nesa facultade e con coñecemento dos seus propios significados. [184] Pola contra, o que quixer estudar unha facultade segundo o vulgar método das escolas, consumirá dous ou tres anos de tempo en escribir parágrafos e máis parágrafos e acabará o curso sabendo ó final dúas ducias de voces e a penas unha ducia de cousas, e aínda esas cousas xamais as penetrará ben, non sendo na súa propia lingua nativa. As cousas explicadas en lingua latina é o mesmo para un neno galego que explicarllas en grego ou en moscovita.

[...]

M. Sarmiento, *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares*. Madrid, 20 de outubro de 1770.

SOBRE A LINGUA GALEGA

Selección, introducción, edición, notas e índices
Henrique Monteagudo

Traducción ó galego
H. Monteagudo e Xosé Manuel Soutullo

A stylized, handwritten signature in black ink that reads "F. Martín Sarmiento". The signature is written in a cursive, calligraphic style with decorative flourishes at the end.

ANTOLOXÍA

Deseño da colección
Francisco Mantecón

Ilustración da cuberta
Gravado de J. Cuevas sobre unha escultura de Felipe de Castro

I.S.B.N. 84-8288-528-6

Depósito legal:

Imprime

© Editorial Galaxia, S. A., 2002
Reconquista, 1 - 36201 VIGO
www.editorialgalaxia.es

[9]

CORRESPONDENCIA
UN FRAGMENTO E TRES CARTAS

[9.1]

[O DELEITE DE LER NO LIBRO DA NATUREZA]¹

Pontevedra, 3 de xuño de 1754

Canto a libros, acá atopei, e teño a man, un antiquísimo e opulentísimo tomo en folio e de marca máis ca atlántica. O códice é orixinal e, aínda que códice, está impreso cun xénero de caracteres que a primeira vista semellan claros e sinxelos, pero son difíciles de comprender. Endebén, son constantísimos na súa estrutura; e investindo moita aplicación e estudio continuado, poderanse descifrar e ler. É libro que non ten índice separado, pois case todo el é índice de obra maior. Por ser orixinal non ten varias leccións que fagan problemático o seu texto, coma a meirande parte dos libros antigos que deixei na miña cela. Tampouco non ten errata; pola contra, ten un testemuño auténtico e de pluma moi superior que advirte e testifica que en todo o devandito

1. Fragmento dunha carta enviada polo autor ó seu amigo o duque de Medina Sidonia. Véxase J. Santos Puerto (ed.), *Fray Martín Sarmiento. Cartas al Duque de Medina Sidonia (1747-1770)*, Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 1995; pp. 84 e ss.

códice non se atopa gralla ningunha, nin no texto, nin no seu senso, nin na impresión.

O título do volume é *Historia universal, en vivo, das propiedades de todas as cousas creadas*, e vén con láminas e figuras perfectísimas que nin pintadas poderán ser mellores. Notei que non ten licencia ningunha nin do Consello, nin do Vicario, nin de ningunha Comunidade, e conseguinte a isto tampouco non ten aprobación ou censura de Mestre, Doutor ou Bacharel. Ocorreseme que se cadra será porque é libro moi anterior á invención desas trapalladas de libros. Polo mesmo, tampouco non ten taxa, pois para a miña idea non hai prezo no mundo que lle poida corresponder. O limiar é moi conciso e a obra ela mesma dedícase ó seu autor, ó revés dos autores *de pane lucrando* que dirixen e dedican as súas obras ou os seus soños, para matar a fame que os obrigou a tomar a pena (por todos os visos venal) ou para adular ó mecenas achegadizo e asemade pór de manifesto que iso de tirar libros é o oficio máis doado que hai no mundo.

Ben sabe Vosa Excelencia que son afeccionado a ler un libro cando é moi vello e de autor antiquísimo e que, ó mesmo tempo, tamén teño gusto de ver un libro recién saído do prelo cando é de autor de superior xerarquía. ¿Canto non dera eu por ollar, cando menos polo forro, os volumes que se desenterraron en Herculano? ¿Canto non dera por ler os máis selectos libros que actualmente se imprimen en Roma, París, Florencia, Londres, Amsterdam, etc.? Secomasi, aquela arelada ledicia non chega á ledicia que experimento fóra da miña cela de ollar e follear o dito códice, cando menos pola ramada, polas follas e pola cortiza. ¡Cousa prodixiosa! Só con ler algo nel xunto os dous gozos de ler e de rexistrar o máis antigo que se leva escrito no mundo, e o máis escolleito que se está a imprimir e reimprimir actualmente en todo o orbe.

Abonda, Excelentísimo Señor, de alegoría. Quero dicir que vivo feliz fóra da miña cela, nesta vila, vendo os barcos e infindos obxectos que Deus creou, e que son materia dunha

universalísima Historia Natural, que é o códice propio. E, aínda que non son quen a comprendelos, rebórdame o deleite e o contentamento só con velos, admiralos e facer sobre eles algunha que outra lixeira observación. Todo canto vía, lía, ou tiña nos meus andeis figúraseme nada, comparado co que aquí contemplo dunha soa ollada ou cun só paseo.

[9. 2]

[CARTA A FRANCISCO XABIER SOBRE A EDUCACIÓN DE ALONSIÑO]

[Madrid, 1758, xuño, 28]

Irmán Xabier:

Recibín a túa carta, e coido que se remitise a ese país un método e atallo para salvarse, desprezaríano por non desemporcarse dos seus podres usos e costumes, pois estímáanos máis cá salvación. Estou abraiado de que ninguén pensase en ter un torno de fiar, sendo tan doado imitar o que remitín. *Non señore, acá non fiamos así.*

Fólgome de que o ricino prendese en Tomeza e no xardín de Castro. O ricino que vin e remitín ten a folla non coma silveira, mais coma unha man cos dedos estendidos e case coma o castiñeiro de Indias. Ó principio non se distinguen ben as follas. Se o que me diches ten as follas da gra, é mágoa que se deixase perder.

Fólgome de que Alonsoño e Matildiña vaian saíndo espe-lidos para maldita cousa. Cómpre non aterrar a Alonsoño con castigos nin espiritalo coa Compañía e outros espantallos. Agarimo, premio e emulación deben ser os seus atractivos e, sobre todo, ciencia e claridade, e arte en ensinalo, pois teño evidencia de que hai moita falta diso en España. Agora que aínda é neno, fai que o paseen e que vexa obxectos novos e observables.

E quero que se lle aprenda a lingua galega con especial coidado, ademais do que deba garlar cos outros nenos. Non penses en que castelanice ata que saiba ben e con extensión o galego. Non lle ensines voz ningunha galega de significado que non toque con algún sentido exterior, apalpándoo, vén-doo, remirándoo, gustándoo e cheirándoo. Tampou- co xulgo que o debas encamiñar a nome de cousa intelectual e que non se ve, pois se nós nin aínda hoxe podemos formar idea desas cousas, ¿que será confundir os nenos con esas voces? Esas ó seu tempo as formará el. O principal é que se lle im-

priman as voces das cousas sensibles e visibles, que esas non lle poden ocasionar confusións. O fondo principal dunha lin-gua é a colección das voces da Historia Natural ou de todas as cousas que Deus creou visibles. Así, pídoche que procures que lle inculquen os nomes de todo o comestible de froitas, grans, etc.; de carnes, aves, peixes, dándolle a probar o gusto de árbores, plantas, flores, etc.; ensinándolle algún enredo que lle guste coma o sabugueiro, a hedra, o croque, o xas-mín, etc.

É unha desalmada parvada poñer os nenos galegos na xerga da Gramática antes de saberen con moita extensión a lingua galega e todas as voces da Historia Natural, cando me-nos das visibles do seu país. Repara en que ó portugués se lle ensina o latín en portugués; ó francés, en francés; ó italiano, en italiano; ó inglés, en inglés; ó sueco, en sueco; ó castelán, só en castelán. Daquela, ¿que tiranía é que ó galego non se lle aprenda en galego o latín? ¿Que fatuidade é que ó neno galego se lle ensine unha lingua ignota en lingua castelá que non entende? Habería que queimar todo libro de Gramática que pasase a Galicia e que non estivese explicado en lingua galega. Teño unha *Arte* de Nebrixa que se estudiaba en Fran-cia, pero a explicación está só en francés.

Teño evidencia de que un neno galego se xa sabe ben a súa lingua, entrará como pola súa casa a entender latín, e despois a entender o castelán mellor ca os mesmos casteláns. E isto sen estudar nada de memoria, que é o cocón e o que promove a ignorancia e a aversión ás letras en España. Lém-brate de Pepiña, que nos referiu aí todos os obxectos da pro-cesión do Corpus sen estudar de memoria nin unha palabra. É dobre fatuidade dicir que explicada a Gramática en castelán se aprende castelán no camiño. A maior parte dos galegos que falan, e ben, o castelán de memoria, xamais viron a *Arte*, nin estudaron seis palabras de memoria. O castelán só se aprende coas conversas, cos libros e cunha viaxiña, non con marear de memoria a *Arte* de Nebrixa. E o caso é que des-pois de todo hai infindos galegos con catro ou cinco anos de

estudiar de cor a Gramática que nin saben latín, nin castelán, nin galego. Asunto este que pide moitos pregos para descubrir os crasos erros que se cometen nel. E, se cadra, estarán algúns escritos.

Adeus.

Teu irmán, frei Martín.

[Martín Sarmiento. *Epistolario*. Disposto por Xosé Filgueira Valverde e María Xesús Fortes Alén; Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995; 115-16.]

[9.3]

[CARTA A DON PEDRO RODRÍGUEZ CAMPOMANES]

Recuncho de San Martín e 19 de setembro (San Xenaro) de 1761

Moi señor meu:

Dono, amigo e señor Don de Campomanes¹.

Recibín a da Vosa Señoría ó tempo que estaba dándolle unha volta ó meu Glosario burlesco galego-latino. Digo *burlesco* pois sei que os que máis se han de moquear del e de min han ser os galegos, se viren o glosario. A razón é palmar: os galegos son obstinados en conservar as súas vellices, non hai cousa, ou hai poucas, no glosario, que non lles parecece nova. Novidades fóra, dirían: a lingua galega é aborixe e *ab origine mundi*. Son inventadas e dispartadas cantas etimoloxías quixer sinalar para as súas voces o frade que nos vendeu o galgo de non querer ser abade de Ripoll². Outros galegos dirían: ¡Glosario da lingua galega? ¡Xesús, que desatino! Ou este frade virou licántropo ou pensa moquearse dos galegos. ¡Lingua galega? ¡Onde estamos? Dirían outros que non son de Galicia. Se en Galicia azoutan os nenos na gramática cando se lles escapa unha voz galega á volta dun *Petanlez*, e ás veces dun *Petanler*, á volta da volta susodita, e de xuso dada³.

¿Con que consciencia vén o frade a escribir seriamente dunha lingua que non hai, e que é delicto falar dela? Ben se coñece que a manía de escribir é invención de frades. Que es-

1. Pedro Rodríguez de Campomanes (1723-1803), na data da misiva era ministro do Consello de Facenda, pouco despois chegaría a fiscal do Consello de Castela (1762), e converteríase nun dos políticos máis poderosos durante os reinados de Carlos III e Carlos IV. Coñecía Sarmiento desde a súa chegada a Madrid (na década dos '40), e de feito frecuentou a tertulia que se axuntaba na súa cela en San Martín.

2. Seis anos antes, en 1755, Sarmiento fora presentado polo monarca para a abadía de Ripoll, un dos mosteiros beneditinos máis importantes de España; cargo ó que Sarmiento acabou renunciando.

3. Ignoramos o sentido exacto desta oración, en particular o significado do enigmático *Petanlez/Petanler*.

criban en castelán, vaia. Que escriban en latín, veña. Que traduzan do latín, aínda que sexa algunha trapalladiña literaria, pase; aínda que non pase senón por obra dun caleseiro que estivo en Francia. Pero querer facer análise das voces galegas e das cousas que significan, tendo a ousadía de citar os autores máis clásicos do grego, latín e castelán; e cunha chea de voces orientais; iso xa non é invención de frades, mais dun frade de invencións. Daniel foi o *vir desideriorum* [o home do desexos] e Cardano⁴ chámase nos libros *vir inventionum* [o home dos inventos]. Ben. Este escribiu 10 tomos en folio, e aquel foi santo profeta; pero estoutro frailuco, que non ignora que se dixo del que era un frade comprado a misas, e que botándolle polo alto é un frade do cento dos correntiños, ¿a que vén coa súa nai galega da súa lingua esfarrapada?

Amigo, seméllame estar oíndo a galegos e casteláns que me din esas louvamiñas. Pero eu proseguirei coa miña teima do Glosario e do Onomástico, ata que canse ou *rumpantur illa*. Recoiro! Eu non escribo por interese, non por vangloria, non por captar protectores para despois tirar tallada, non para estafar diñeiro ó público vendéndolle gato por lebre. Non para dar de comer a libeiros e impresores; non para que os xuíces que entenden en caso se dean un baño de pedra mármore e me bouren con negativas. Non para dar que rir, burlar, satirizar, criticar nas bancadas de San Filipe ós literatos de esquelas e papeis varios. Escribo porque non teño outra cousa que facer, vivindo tan senlleiro e retirado no meu corruncho. Escribo porque non teño con quen falar. O mesmo fixo san Zacarías, que sendo mudo *scripsit dicens*. O mesmo fixo a miña dona Philomela (o reiseñor) que por non poder falar valeuse da acupictura. Escribo soamente por conversar con alguén, e quero que me dean leria unha mal tallada pena, un tinteiro que precisa de agulla de marear para topar o punto onde está a súa tinta, e un papel cos *Octaplos*

4. "Cardano, Jerónimo. *Opera omnia, Physica, Mathematica, Medica*, etc. 10 vols. León, 1663".

de Oríxenes. Velaquí por que as miñas cartas son prolixas: para suplir as longas parrafadas que tería se non fose a alma soa, con corpo sen potencia locomotiva, coma a ostra e o olláparo.

Fólgome de que a obra da Vosa Señoría tivese a aceptación de que xamais dubidei⁵. Seicasi, sexa embora, pois oín a un carreteiro: Padre, xa sabe vostede que non é o mesmo ter razón que ter xustiza. Deixoume apalermado, pois non o lera en Séneca semellante camastrón. Pero desde aquela manexei e manexarei sempre ben tal sentenza, aínda mellor cá *gemursa* do meu pé⁶. Daquela decateime de que vivía nun país onde non era o mesmo ter razón que ter xustiza. ¿Onde estamos? dixen eu. Desde aquela, deime un baño de misantropismo con reflexión. ¿E quere Vosa Señoría que eu me esforce a escribir razóns e que agarde do público algunha xustiza? Que o público coma as súas xustizas, que eu comerei as miñas razóns.

O señor Duque estivo na miña cela, pero esqueceulle a obra de Súa Señoría. Tempo resta para lela. E Vosa Señoría tome o tempo que gustar para ler os tomos de Bergier⁷, pois coído que non me cómpren para o Glosario. Ó señor don Filipe mil cousas, 999 a todos os que preguntaren polo frade comprado a misas. Diga Vosa Señoría que estou bo e coma na miña casa, apurando o que non sabía a miña nai aínda que era galega, lidando con galegos badulaques e contra literatos brucolacios.

Adeus amigo, que o meu insigne gato Mizaldino me miña que deron as doce, e que el non quere ser escritor, mais bibliotecario, que *venter non patitur dilationem* [o bandullo non atura demoras]. Adeus amigo, que arrefrian os garvanzos. Os meus respectos, etc. Remítome ó estilo de cartas.

5. Pola data da carta, debe referirse á obra *Itinerario de las carreras de posta dentro y fuera del Reino* (1761).

6. Refírese á doenza que lle impedía camiñar.

7. "Bergier, Nicolás. *Historia dos grandes camiños e calzadas dos romanos* (todo en francés, e ó final tamén trae as famosas Táboas Peutingerianas). Bruxelas, 1736".

Beixa a man de Vosa Señoría o seu amigo e capelán frei Martín Sarmiento

[Simón Díaz, J., “El Padre Sarmiento en los archivos de Campomanes y de Silos: seis cartas más”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27 (1972): 325-39, nas pp. 331-32. Tamén en X. Filgueira Valverde & M. Xesús Fortes Alén, *Epistolario*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995; 501-3]

[9.4]

[CARTA DA SÚA CUÑADA MAGDALENA GARCÍA OGANDO]⁷

[Pontevedra, c. 1760 ?]

Meu irmanciño:

Hai moitos correos que non lle escribín por non o aboujar con tantas cartas. Agora non podo máis esperar sin escribir dúas letriñas para decirlle que estou boa, e Farruquiña e mais toda a parentela. Xabier élle un pícaro, que ben lle pudo escribir dúas letras. Vusté ten razón en queixarse del, más quando eu lle mando todos os correos á moza donde el está a levarlle as cartas. Pero eu discurro unha cousa: que por ver que eu son tan favorecida de vustede con unha correspondencia tan gustosa de que el gusta moito, as miñas cartas ten por súas —pois aunque llas mando pedir despois que as lea non hai remedio, alá as enfochaca que para acá non vén hasta que el veña, mais entonces ha de haber estreita conta.

Saberá vustede, si non sabe, que Mariño vai por sargento maior a Murcia, e o de Murcia aquí está a pique que entre o murcio nel, pois acá, cando entra na carne de *lechón* ou na demais, cheira que penetra. *Es una lástima el que un cristiano* non se poida purgar ben.

Eu funlle a máis farruquiña a segar unha veiga de trigo ó Purrelo, viñemos por Santa Margarita, traballamos moito, agora ja podemos ir alá ás segas.

As monjas do convento de Santa Clara anduveron reloucadadas de contentas con as súas cartas. A todo lugar as enseñaron. Bustede é un alborotador de cousas mui benditas. O padre Calderón estalle mui maliño e dicen que todo é *malencolía*. A noso gran ilustrísimo padre diralle de a nosa parte un millón de cousas de a nosa boa lei.

7. Magdalena García Ogando era a esposa de Francisco Xabier, o irmán que vivía en Pontevedra e con quen Sarmiento mantivo unha relación máis estreita, testemuñada por unha abundante correspondencia. O orixinal está en galego, feito absolutamente insólito no século XVIII. Actualizamos lixeiramente a ortografía, tanto do galego coma do castelán.

A súa sobriña Farruquiña me dice que de súa parte lle diga a vustede que lle quer regale un rosario de Jerusalem mui guapo, con súa borla feita ao uso da corte, pois o que ela ten é mui ordinario. Mire qué raro modo de estafar ten a miña filla. Parece que teño de sacar boa discípula.

Adios, meu amiguiño, que vou a escribir dúas letriñas a Xabier e son as nove da noite de domingo, e quero cenar.

Besa la mano de Vuesa Merced su más humilde servidora e favorecida hermana.

[Rodríguez Montederramo, J. L., “Una carta en gallego dirigida al P. Sarmiento: nota sobre la actitud lingüística del beneditino”, en N. Delbecque & C. de Paepe, *Estudios en honor al profesor Josse de Kock*, Leuven, Leuven University Press, 1998; 457-67, na p. 463]

APÉNDICES E BIBLIOGRAFÍA

[GABANZA DE SARMIENTO POR B. FEIXOO]

Ten a miña orde un suxeito que, na idade de 35 anos, é un milagre de erudición en todo xénero de letras divinas e humanas. En calquera materia que se toque dá tan prontas, tan particulares noticias, que non semella que se oían da súa boca, mais que se len nos mesmos autores onde el as bebeu. É de tal feliz memoria como de áxil e penetrante discurso, polo que as moitas especies que verque en todos os asuntos saen escorreitas dunha sutil e xuízosa crítica. É suxeito tan admirable que só se lle recoñece un defecto, é que peca de modestia esaxerada ou moi delicada. É tan inimigo de que lle aplaudan que refuga que o coñezan. De aí e mais do seu grande amor ó estudio pende que, asistindo a un gran Teatro, é tan ignorado coma se vivise nun deserto. Ben vexo que o lector gustaría de coñecer un suxeito de tan escolleitas prendas, pero non son que a nomealo, porque sei que é incomodalo.

Teatro crítico universal, IV, 259 (1730).

II

[PRÓLOGO DE JUAN SOBREIRA A DOUS TOMOS DE CORRESPONDENCIA RECIBIDA POR SARMIENTO]

O ano de mil setecentos setenta e sete fun trasladado por disposición do noso Capítulo Xeral desde o noso mosteiro de Monserrate de Madrid, onde ocupaba un púlpito segundo, ó de San Martín, na mesma corte, para igual ministerio. Así como cheguei fixen varias dilixencias por ver e ler escritos do Reverendísimo Sarmiento, que morrera neste mosteiro, algúns papeis vin, e algúns copiei, ata que un mofador da miña laboriosidade me presentou algunhas arrobos de papeis vellos, dos que os máis eran cartas escritas ó Reverendísimo Sarmiento, desbotadas por deleixo ou desprezo ó corruncho menos limpo do convento. Eu fixen moi verdade as chufas que se me facían, porque, desde logo, discorrín que entre as cartas escritas a un sabio tan venerable habería moitas dignas de aprecio por todas ou algunhas das súas circunstancias. [...] Pareceu-me bo o pensamento, sexa o que for da súa utilidade, que non todo o moi curioso é igualmente útil. E isto fixome entrar con maior ansia en escodriñar as correspondencias dun sabio con quen tantos sabios se correspondían.

Un ano enteiro botei a ler cartas, gardando unhas, rachando outras nocivas, e arredando outras inútiles. Destas últimas axuntei ata dúas arrobos de papel vello, das nocivas rachei innumerables, e das que eu chamo útiles axuntei quince tomos coma estes dous, pero algúns moito máis grosos.

Dividinos por clases con esta orde: a primeira clase é de grandes de España, títulos de Castela, cardeais e bispos. Na segunda clase están dous tomos grosos de cartas de don Francisco Xabier Sarmiento, irmán do reverendo. Na terceira clase hai innumerables cartas de monxes da súa relixión, que, aínda que conteñen asuntos curiosísimos nos dous tomos de botánica e diplomática, tamén os conteñen tan ridículos como se podería agardar de moitos ociosos e desatentos que lle escribían, e estas ociosidades que non son separables de todo fan que non se poidan franquear aquelas preciosidades. Noutra clase hai varias cartas e pequenas pezas do autor. Noutra hai moitísimos apuntamentos, debuxos, deseños, planos e humanidades do mesmo. E por último e remate desta memoria hai estes dous tomos de cartas escritas ó dito reverendo por cabaleiros ou damas particulares en razón dalgún obxecto interesante.

Nestes dous tomos atópanse as cartas orixinais de moitos escritores. Destes os máis expresan ou indican nas súas propias cartas a mencionada condición de escritores, e xa que logo escuso de anotala. Outros son moi coñecidos no mundo literario, e doutros non teño qué dicir. Iso aforro de tempo, que non o teño moi sobexo.

As cartas, a máis de ofrecerem unha colección paleográfica para o sucesivo, comprenden varios asuntos útiles. Unhas son físicas, outras matemáticas, outras médicas, outras botánicas, outras históricas, outras anticuarias, e diplomas outras. Bo sería facer o índice destas cousas en cadanseu artigo, pero eu non podo. [...]

En fin, estes dous libros son meus, fabricados de farrapos refugados á vista e co consentimento do Padre Abade de San Martín de Madrid, e como meus os ofrezco á Real Academia da Historia e os remito desta a miña cela de san Zoil de Carrión.

Decembro 20 de 1786. Frei Juan Sobreira e Salgado.

[Rodríguez Montederramo, J. L., "Una carta en gallego dirigida al P. Sarmiento: Nota sobre la actitud lingüística del beneditino", en N. Delbecque & C. de Paepe, *Estudios en honor al profesor Josse de Kock*, Leuven, Leuven University Press, 1998; 457-67, nas pp. 466-67]

III

[CATÁLOGO DOS ESCRITOS OU VIDA E VIAXES LITERARIAS. NOTAS PARA UNHA BIO-BIBLIOGRAFÍA¹]

Número e calidade dos escritos do Reverendísimo Padre Mestre Frei Martín Sarmiento, fillo profeso do Mosteiro de San Martín de Madrid, orde de San Bieito, tirada á letra da que el mesmo deixou escrita da súa man, asinada, por orde cronolóxica, xa das viaxes, xa das datas dos escritos, e xeralmente a cronoloxía da súa vida e sucesos.

1695

A noite do 9 de marzo nacín [en Vilafranca do Bierzo, Reino de León, facendo alí mansión os meus pais por algún tempo,] e o día 19 bautizáronme co nome de Pedro Joseph [na parroquia de Santiago da dita vila].

1. Reproducimos a edición deste escrito que ofrece L. Viñas Cortegoso, deixando constancia das advertencias de J. L. Pensado: "Este benemérito editor [Viñas] deu demasiada confianza a un manuscrito que se conservaba na Biblioteca Provincial de Ourense e destruído no incendio de 1927, despois de que o publicase J. Domínguez Fontenla [...] fronte ó único que tiña valor que é o autógrafo de Fr. Martín conservado na Biblioteca Nacional ms. 17642 que leva o título seguinte: *Catálogo de los pliegos que yo Fray Martín Sarmiento, beneditino y profeso en S. Martín de Madrid, he escrito de mi mano, pluma y letra sobre diferentes asuntos*". (*Fray Martín Sarmiento testigo de su siglo*, p. 15). O certo é que Viñas seguiu o autógrafo indicado por Pensado, e comparouno coa copia de Ourense, segundo a edición de Domínguez Fontenla, decatándose de que o texto orixinal fora acrecentado na copia de Ourense con interpolacións tiradas de distintas obras de Sarmiento e lixeiramente adaptadas ó novo contexto; interpolacións debidas probablemente ó responsable desa copia, o padre José Goyanes. Seguindo a edición de Viñas, colocamos entre parénteses esas interpolacións. O subtítulo que

1702

Botei a miña primeira asinatura na plana de a catro e a mediados de outubro queimou o inglés a flota de Vigo en Redondela, e as corenta monxas de Santa Clara fuxiron a Tenorio e eu con elas.

1710

Ata este ano escribín moitos pregos para cousas dos meus pais e para a Gramática. A tres de maio saín de Pontevedra para Madrid a vestir o santo hábito.

[Xamais fun poeta e nunca me ocupou moito tempo ler poetas. Non sei se o meu xorne me inclinaba ou non a ese xénero de fútil literatura. Sei de experiencia que por un acaso, sendo aínda de quince anos, me afeccionei e me fartei de ler unha Biblia que tiña estampañas, e chegou a tanto esa afección que aínda non cumpridos os dezasete anos quixen por un pulo natural estudar de cor e á letra toda a Biblia. Aínda que tan nobre intento non pasase dunha pueril tentativa, sempre proba a grande afección que eu tiña a ler a Biblia e que ata hoxe conservo: gusto moito de ler as verdades divinas e humanas nas súas fontes orixinais e puras, e as mentiras e tralladas de impostores nos seus mesmos lamugueiros e fedorentas pozas orixinais. Sen esta precaución, ningún poderá ler *sine formidine*² se está ou non está fardado de falsidades bebidas en escritos de impostores. Destarte, cómpre ter primeiro exacta noticia deles; a este fin escribín algúns pregos inventando un remedio preservativo e seguro para ler historia de España sen risco de ser enganado. (*Papel de 660 pregos*,

poñemos, “Vida e viaxes literarias...”, débese a Domínguez Fontenla. Como se pode comprobar, o escrito foi rematado de redactar en 1768, onde se acaban as noticias. Finalmente, debe terse en conta que a información que ofrece, tanto no inventario de escritos canto á súa datación, é puramente aproximativa: faltan referencias a escritos de Sarmiento documentados por outras vías, e as datas ás veces non coinciden coa que figura no propio escrito. Compárese coa *Cronología de los escritos...* inserida por J. L. Pensado na obra citada, pp. 61-70. Por parte, deixamos sen traducir ó galego os títulos dos escritos que se inventarían.

2. Sen temor.

§ 5.333). En segundo lugar, afeccioneime á Xeografía, Cronoloxía e Mitoloxía. Mal se podía compoñer esta a miña afección a estudos serios cunha afección vaga e sen fundamento a facer coplas, a lelas, e a pescudar a súa orixe. Seicasi, alcanzado de materiais, escribín e dirixín ó excelentísimo señor cardeal Valentí, obedecéndoo, cincuenta pregos da miña letra sobre a poesía española, como despois se dirá, en 1745.]

1711

Profesei o día segundo de Pentecostés, e contra finais de outubro saín de Madrid para Navarra a estudar as Artes no noso colexio de Irache, e alí estudiei e escribín os cartafolios de Filosofía.

1714

A mediados de abril saín de Irache para voltar a Madrid. Neste verán non saía da librería de San Martín e alí enredei e repasei todos os seus libros, [que atinxen os dez mil volumes (*Papel e Elementos etimolóxicos*, § 46)] e copiei moitas curiosidades. En especial copiei os alfabetos cantos puiden das linguas grega, hebrea, caldea, rabínica, siríaca, arábica, gótica, etc., e algunhas táboas astronómicas, astrolóxicas, etc., que despois puxen en limpo.

[Daquela aínda non tiña eu barbas, cando tentei facer un vocabulario etimolóxico das linguas latina, galega e castelá. Neste ano merquei a *Universa grammatica graeca* de Clenardo con Antesignano, Alexandro Scoto, etc., impresa en León en 1593 (*Elementos etimolóxicos*, § 361, 362), que verdadeiramente é un tesouro. Xa posuía o *Calepino* de Passeratío, pero botaba en falta un diccionario grego. ¿Que fixen? Dividín en diferentes clases as diferentes terminacións dos verbos gregos, íaos colocando en papeis á parte segundo as clases correspondentes, comezando polos versos gregos, cun latín. Sei que estes papeis non os botei á rúa, pero non sei onde están. Para aquel pueril traballo non tiveron quen mo suxerise, nin quen mo emendase. E agora reflexiono no que daquela executaría gustoso se houbera director competente e que satisfíxese a miña curiosidade.]

A primeiros de outubro saín de Madrid para o colexio de San Vicente de Salamanca a estudar a Teoloxía.

1715

Posto en Salamanca, escribín os cartafoles de Teoloxía.

1716

Rexistrei ó meu gusto a biblioteca do Colexio, e alí copiei do tomo de Ambrosio Theseo uns corenta alfabetos orientais e servín de amanuense ó Rvmo. Navarro, que imprimía o seu tomo *De Fide, Spe et Charitate*. A primeiro de xuño volví de Salamanca a Madrid, e neste verán fixen o mesmo que no das Artes, e nos dous anos de 1715, 1716 e medio de 1717 escribín todas as contas da mordomía e fixen os estados para o Capítulo Xeral.

1717

Por novembro fun a Exlonza, á pasantía, e voltei a Madrid por marzo.

1718

Tiven o verán coma os dous pasados e exerciteime na biblioteca de San Martín.

[Por este tempo merquei a *Aritmética* de Moya en cuarto. No capítulo 4 do libro 5 vin, lin e fixenme cargo dunha estampa que alí pon dun taboleiro como do xadrez, ó cal chama *Rithmi-Machia*, porque neste taboleiro e campo hai unha batalla e pelexa de números sinalados nas pezas. Aínda non vin ese ábaco ou taboleiro en ningún outro autor... Entón argallei eu un taboleiro grande de oitenta casas e fixen corenta e oito pezas: dezaseis circulares, dezaseis triangulares e dezaseis cadradas, e vintecatros pezas de cada banda. Preparado o taboleiro coas corenta e oito pezas numeradas, convidei algúns amigos para que xogásemos á *arithmo-machia* e teño xogado moitas veces con especial gusto e diversión porque me exercitaba nas proporcións, que son o fundamento dos quebrados e de toda a aritmética. Sería, por tanto, moi útil exercitar os nenos nesta *arithmo-machia*, e para iso poño o

taboleiro explicado e rectificados os números das corenta e oito pezas, que en Moya están confusos e errados, e así poderán xogar os nenos nel con máis utilidade que se xogasen ás damas, táboas reais e xadrez. É tan proveitoso exercitar a memoria con números, que os que a eles se deren, aínda que sexan torpes de enxeño e frouxos, se fan enxeñosos e dilerentes para calquera outra disciplina, segundo Platón. E por iso quixera eu, e propoño, que ós nenos se lles entregue o taboleiro da *Rithmo-Machia* e se lles explique para o exercicio das proporcións.]

No mesmo ano tiven emprestado o tomo da *Biblioteca oriental* de Mr. d'Hervelot, que extractei en tres cadernos en cuarto en quince pregos, con infindos alfabetos orientais, góticos, etc., como os ía xuntando ata hoxe, primeiro de xaneiro de 1768. Tiven emprestada a *Biblioteca rabínica* de Bartolocio, que extractei en tres cadernos en cuarto, 15 pregos.

Por novembro voltei a Exlonza e de alí regresei a Madrid. O mesmo sucedeu polo outono de 1719.

1720

De Exlonza fun a Salamanca e volví a Madrid. E en tres veráns da pasantía dediqueime a coordinar en cadernos en cuarto todos os alfabetos que puiden axuntar desde 1718, e nesta obra seguí ata hoxe, primeiro de xaneiro de 1768.

A primeiros de novembro saín de Madrid para Celorio, en Asturias, onde botei cinco anos Alí dicteí algunhas materias de Teoloxía e prediquei uns vinte sermóns.

1725

Por xuño, saín de Oviedo para Madrid rodeando por Galicia, por Ribadeo, Mondoñedo, Betanzos, A Coruña, Santiago, Pontevedra, Tui, Ourense, León, e cheguei a Madrid o 27 de outubro de 1725. O verán boteino en Pontevedra.

Formárase unha compañía para as minas de Guadalcanal, e saíu un *Interrogatorio* ridiculizando a compañía e o mineiro. Despois, saíu un papel satírico contra este

Interrogatorio, e eu, ó último de decembro tirei un papel burlesco, con cinco pregos en cuarto, contra o avogado satírico³.

[Daquela vin alí o libro de Miguel de Luna, del non tiña aínda a máis mínima noticia. A pouco que lin del, non puiden conter o riso, escarmentado xa, e ben, do calote que dez anos antes me pegara o Beroso e demais canalla de libros que forxara Annio Viterviense, e de volta a Madrid lin en don Nicolás Antonio o xuízo que facía dese infame impostor e do seu tomo, o cal, non obstante, se reimprimiu, pois o exemplar que teño está impreso en Madrid en 1676 en cuarto. Rara teima dos españois en imprimir e reimprimir libros falsos e malvados en canto deixan perder os libros casteláns selectos en todas as materias (*Papel en 666 pregos*, número 1.561).]

1726

A primeiros de febreiro saín para Toledo en compañía do Mestre frei Diego Mecoleta, fillo de San Millán, por mor de rexistrar o arquivo da igrexa. Alí estivemos quince meses e escribimos un tomo en folio, índice do Arquivo, e outro da Biblioteca de manuscritos, corenta e cinco pregos. Por decembro, saíu en Toledo un papel manuscrito do médico xordo don Juan de Lesaca contra o tomo primeiro de Feixoo, sobre medicina. Eu batín a pena e escribín dezaseis pregos en cuarto contra Lesaca⁴.

1728

Quixo o Ilustrísimo Feixoo que eu corrixe os seus tomos. Así o fixen ata a súa morte e formei catorce índices de dous pregos (vinteoito pregos). Con esta ocasión mantiven correspondencia epistolar, e polo caixón que conservo das súas cartas se coñecerá cántos pregos lle levarei escrito eu nas miñas cartas por tantos anos.

3. O título deste papel é *Diógenes contra Demócrito*.

4. En 1726 saíu o primeiro tomo do *Theatro Crítico Universal*, de Feixoo. O papel xocoso de Sarmiento contra Lesaca titúlase *Martinus contra Martinum*.

1729

Este ano foi famoso polas súas moitísimas Neves. Daquela formei eu a idea de facer o meu diario ou efemérides de canto ía sucedendo día por día. Escribín dez cadernos en cuarto desde 1729 ata 1754, cando saín para Pontevedra, e dous cadernos extractos de gacetas.

Por marzo de 1766 comecei o proseguimento das miñas efemérides que abandonara en abril de 1754.

Antes disto escribín para a Inquisición sobre o cadro de San Román catro pregos. Sería o ano 1727.

1730

Por este tempo matinei dedicarme a etimoloxías en xeral, e en especial das voces castelás difíciles. Tomei vintetrés pregos de *marquilla* en cuarto, púxenlles cadansúa letra do abecedario e nel ía colocando as voces castelás conforme ían saíndo, e alí apuntei a miña conxectura para a súa etimoloxía. Serame doado escribir moitos tomos, pois teño entresacadas moitas voces de varios libros que lin *de verbo ad verbum*. Só hai corenta pregos.

1731

Por carnestolendas escribín un papel todo xocoso irónico contra un tal don Carlos Montoya Uzueta, que escribira contra o Reverendísimo Padre Feixoo (son nove pregos en cuarto).

1732

O verán de 1726 veu a lume impreso en Madrid o tomo primeiro do *Theatro crítico* do Reverendísimo Feixoo. O ano 1729 saíu a súa *Ilustración apologética* e nela puxen eu a miña aprobación. En agosto de 1731 saíu a *Réplica satisfactoria* dun tal don Salvador Mañer contra o *Theatro*, a *Ilustración* e a miña aprobación. Non quixen ver nin merquei eses dous tomos ata que o vulgo os lese e cacarexase. A primeiro de outubro merqueinos, vin e lin e fixen apuntamentos para ridiculizalos e impugnalos. A primeiros de marzo de 1732 xa presenteí ó Reverendísimo Padre Xeral para a licencia todo o material dos meus dous tomos da *Demostración crítico-apolo-*

gética. Vendo que non había fundida letra nova para imprimir, ordenei de ir poñendo máis en limpo o primeiro orixinal, e así escribín dúas veces os meus dous tomos: o que está impreso e o orixinal que conservo, que é moi diferente do impreso. Escribín todo en douscentos sesenta pregos en cuarto.

1734

Por este tempo fundouse a Real Academia Médico-Matritense, e pediuseme que idease unhas *empresas* para escoller. Escribín dous pregos ou catro, e despois ideei outras para a irmandade do Hospital xeral de señoras e títulos. Nisto escribín seis ou sete pregos en cuarto de empresas curiosas con lemas latinos.

1737

Por outubro nomeoume o Rei para unha Xunta de Cabedais de América, e eu escribín o meu voto en catro pregos. Non teño o orixinal nin copia.

1738

O Real Consello remitiu á miña censura o tomo *España primitiva*, de D. Francisco Huerta. Escribín o meu voto nun prego de letra miúda.

1739

Achegábase o Capítulo Xeral do Reverendísimo Herze e o Mestre Marín (que hoxe é Bispo de Xaén) que era o Nepote, escribiume para que formase e idease un *Plano para el Pitipié de los votos del Capítulo*. Non entendía diso, e polo mesmo escribín cinco pregos da miña idea, e fixen evidencia.

1741

Cando se foi a Roma o cardeal Valentí Gonzaga, deille palabra de que lle escribiría algo sobre a poesía castelá. Escribín doce pregos, e vendo que era pouco, tomei a pena e escribín cincuenta pregos, que remitín á súa Eminencia en 1745 por man de Monseñor o nuncio Enríquez. (*Vid.* 1745) (*Papel de 600 pregos*, § 5.491 e seguintes.)

1743

Escribín vintedous pregos *Sobre una Real Biblioteca*. Escribín vintecinco pregos *Sobre el ocho por ciento que había de pagar la religión benedictina*. O rei Filipe V, vendo os adornos que os arquitectos [dispuxeran para o] Real Pazo mandou que se me remitisen para que eu lle dese o meu dictame. Vinos e escribín oito pregos e medio que dirixín ó Rei por man do señor Quadra.

1744

A Cámara de Castela remitíume o privilexio orixinal de Santa María de Arvas, para que eu dixese o meu dictame. Escribín sobre isto tres pregos.

1745

Achegábase o Capítulo Xeral do Reverendísimo Mariño. Remitinlle dez pregos *Sobre disposiciones monásticas*, e mais tres pregos *Sobre el pitipié de los usos capitulares*, que me pediu porque andaba en apretos coas combinacións.

Fun ó capítulo xeral a Valladolid e desde alí pasei a divertirme a Galicia. Agarrei e levei comigo un libro en cuarto e en branco para ir escribindo nel o meu Diario de todas as miñas viaxes. Apuntei todos os lugares por onde pasaba e todas as inscricións coas que topaba. Tamén anotei todos os vexetais que vía, cos seus nomes galegos de froitos e froitas, todos os peixes, cunchas e mariscos, todas as aves e animais. Tamén me fecundei de moitas voces galegas vulgares, e o diario ocupou vinte pregos. Ocupei outros vinte pregos en catro cadernos das voces galegas que oín en Pontevedra e o resto de Galicia. Con esta ocasión afeccioneime infindo á Historia Natural, á Botánica e á Lingua galega, e a pescudar a orixe e etimoloxía de cada voz galega, reducíndoa ó latín. O ano de 1730 escribín sobre as etimoloxías das voces castelás, sen pensar nas etimoloxías das voces galegas ata 1745.

[Pola miña soa curiosidade teño atravesado todos cantos areais marítimos hai desde a boca do Miño ata o cabo Ortegal, así do mar aberto coma das rías. Polo gozo con que

transitaba, graváronseme vivísimamente na fantasía os vexetais que vin neles, ademais das cunchas que collía de camiño. Procuraba recoller os nomes galegos e costume pouco pescudar despois os latinos correspondentes nos libros (*Papel de 660 pregos*, § 6.093 e 6.097). Paseando polo areal que está no camiño do Colexio de Poio ó lugar e posto de Combarro, vin á esquerda unha gramínea pequeniña de tres ou catro dedos de alto, pois aínda non tiña as espigas. Notei, ó arrincala, e non sen abraio, que sen violencia a saquei con case un pé de longo de raíz, e esta era como unha meada de algodón ou de febras de fio. Atopei que no libro 18, páxina 460, de Juan Bahuino, está pintada a mesma gramínea, que chama *Grammen escoparium*, porque daquelas meadas de fios e raíces capilares fan as señoras unhas vasoiriñas moi delicadas para o uso dos seus afeites. Oín que as hai en Madrid, pero que se traen de fóra. Non dubido que se achará moito nos areais de Galicia, se se busca, ou que sementándo, se multiplicará ese xénero e se poderán facer vasoiriñas de señoras que se deberán traer a Madrid para o comercio, como hoxe se traen de fóra e non se dan de balde.]

[A 21 de abril do dito 1745, por man de monseñor Enriquez, que era daquela nuncio de Madrid, remitín a Roma ó dito eminentísimo cardeal Valentí os mencionados cincuenta pregos, e en 872 parágrafos, todos da miña letra orixinal e coa miña asinatura e con este título: *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles. Dirigidas al Eminentísimo cardenal Valentí*. Estando o verán do mesmo ano 1745 en Pontevedra a recrearme alí, recibín carta da Súa Eminencia na cal me facía a honra de avisarme que recibira os meus cincuenta pregos orixinais. Xa non pensei máis neles, nin en poetas, nin poesías. E aquela interina afección a aquel xénero de literatura para escribir apliqueina máis de veras a observar os obxectos da Historia Natural que Deus creou nos países e mares de Galicia, pois cada obxecto é un perfectísimo poema. Despois do noso eminentísimo cardeal Valentí, non pensei en inquirir onde foran parar os meus ditos cincuenta

pregos orixinais. Só souben que en Italia se tiñan feito algunhas copias, e un que veu de alá me dixo que el posuía unha. E el dirá canto encarecidamente lle supliquei que a posuise para o seu uso e curiosidade, pero que non dixese que a tiña nin permitise que se recopiase, pois xa estou curtido en penetrar as trapalladas literarias. Eu non escribo, etc. (*Vid. Papel en 660 pregos*, § 5.550)]

[Estando en Santiago a primeiros de agosto de 1745 vin alí na catedral un libro de caixa no que están todas as pías do arcebispado, compilado en tempo do señor Sanclemente. Unha copia desta lista está en poder dunha persoa de autoridade, e á súa vista copieina toda da miña letra para o meu uso. Cando a lista chega a falar de Pontevedra, áchase esta nota: San Bartolomeu de Pontevedra, oitocentos veciños, Santa María a Grande de Pontevedra, novecentos veciños. Hai un altar cun crucifixo devoto que chaman *O Corpo Santo*, onde hai unha confraría que fai dicir unha misa todos os venres. ¿Que argumento máis apodíctico ca este texto para facer evidencia de que a confraría de dous mil mareantes que había en Pontevedra do Corpo Santo era a confraría do Corpus Christi?]

1746

[A últimos de xaneiro de 1746 estiven en San Pedro de Montes e alí vin unha planta moi verde que chamaron *junta pulpa*, e dixo unha muller que no seu país, Valdeorras, se chamaba *coscora*. Gustoume moito a planta e estrañei a voz, e estimuloume indagar qué planta era e escribín despois un prego a este fin en Madrid, con data e asinatura miña de 14 de agosto de 1757, titulado *Planta coscora*.]

A primeiros de febreiro regresei a Madrid. Co gallo do pasamento de Filipe V e a exaltación de Fernando VI saíron diferentes poesías en varias linguas. Eu, que me atopaba cunha infinidade de voces e frases galegas, quixen tentar o coordinalas nun metro pueril e claro, e argallei un coloquio entre dous nenos e dúas nenas galegas que servían en Madrid. Sen saír do asoante *eo*, formei sen traballo mil duascentas coplas galegas pueris no metro de *Perico y Marica* ou, á galega, de *Peru-*

cho e Maruxa. Non hai neste coloquio erudición ningunha, pois sería impropia en boca de nenos, pero procurei gardar a propiedade con todo rigor nas frases, voces e comparanzas. O *Coloquio* conta exactamente as datas da historia na morte e enalzamento dos dous reis. As mil duascenas coplas ocupan oito pregos en cuarto de *marquilla*.

1747

O *Coloquio* había de proseguir con vinte galegos segadores e algunhas galegas, pero deixei nas mil duascenas coplas dos catro nenos. E léndoas a algúns galegos, dixeron que non entendían moitas voces galegas se eu non facía algún comentario ou glosario delas. Non atopei dificultade en darlles gusto. Así, comecei ese *Glosario* repasando palabra por palabra e frase por frase todas as coplas e só cheguei á copla 70, e niso ocupei cincuenta e sete pregos de *marquilla* en cuarto⁵. Se prosigo ese *Glosario* sería unha obra da máis selecta crítica e profunda erudición para desentrañar as voces e frases galegas e moitas voces castelás.

[Item *Sobre portear las columnas de Fonseca* (?) escribín tres pregos.]

1748

Don José Carvajal, Secretario de Estado, viu e leu os oito pregos que eu escribira e Filipe V e ensinoullos a Fernando VI, que lle mandou que escribise e mandase no seu nome que eu me encargase de idear todos os adornos do novo real palacio. Advertíume a Súa Excelencia que os adornos fosen alusivos ás cousas de España. Con esta base ideei eu un sistema de adornos que presenteí en moitos pregos, que en todo serían un cento, dos cales vintecinco eran para o ceo da capela.

Antes de ir o marqués de Aranda por fiscal a México, pediume que lle fixese un *Catálogo de libros selectos* que non fosen de Canons e Leis. Escribín doce pregos e medio.

5. De feito, no orixinal autógrafa a glosa das setenta primeiras coplas ocupa 456 páxinas (exactamente, 57 pregos en cuarto). Por parte, é perceptible o cambio na letra entre o final da glosa da copla 70 e o comezo da seguinte, o cal é indicio seguro dunha pausa delongada no labor de redacción do *Comento*.

A 8 de xuño respondín ó Excelentísimo señor marqués De la Ensenada *Sobre la preferencia de los collares en el Real escudo de España*, tres pregos.

1749

Pola Semana Santa, o nuncio monseñor Enríquez mandoume que lle escribise algo sobre a súa abadía de Bandino, que posuía en Italia, e escribinlle sete pregos.

Polo outono estableceuse o cerco das sardiñas en Pontevedra e botouse ó mar. Escribín seis pregos sobre iso.

1750

Comecei a formar e escribir o índice individual dos seis mil cincocentos volumes de libros e algúns máis que este ano de 1767 posúo *ad usum*. É índice curioso e moi circunstanciado, en cincuenta pregos de *marquilla* e en cuarto. Vai por ciencias e materias.

1751

Este ano cífrase nas letras murais deste edicto: *Ferdinandus Rex praecepit ut describeretur universus orbis Hispanus*. (O rei Fernando VI dispuxo que se rexistrase todo o universo hispano). Se cando se pensou no Catastro se tivesen presentes dez pregos que escribín, teríase emprendido o Catastro con método e sistema. Neles hai o sistema de facer unha descrición xeral de toda España en virtude de cento cincuenta preguntas coordinadas⁶.

[*Sobre Academias* escribín a un francés catro pregos. Sobre as lousas arborizadas de Mondoñedo, catro pregos. Sobre unha descrición de América ó marqués de Valdelirios, e antes remitira a don Gaspar de Urquiza, oidor de Lima, para o mesmo, cinco pregos.]

1752

Escribín sete pregos de *marquilla Sobre el animal zebra*, que se perdeu en España e se conserva en África. Entreguei-

6. Refírese ó *Plano de un nuevo y fácil método para formar una General descripción geográfica de España y la América*. O Catastro ó que se refire no texto é, obviamente, o coñecido como Catastro de Ensenada.

llos ó conde de Maceda o Torto, e o ano de 1747 déralle outros catro pregos *Sobre el sudor de cierto militar despues de muerto*. Por agosto, *Sobre el archivo de Samos y archiveros*, escribín sesenta e cinco pregos e sobre o de Celanova, catorce pregos. *Sobre la administración del Teatro crítico en Samos*, catro pregos. *Sobre una espada de Peñafiel*, dous pregos.

1753

Pensamentos crítico-botánicos, dezanove pregos.

1754

A cinco de maio saín para Pontevedra a divertirme en Galicia en compañía do Mestre Marín. Collín un libro en cuarto e nel ía apuntando todos os lugares, etc., como no ano de 1745. Alí rexistrei e lin moitos instrumentos antigos dos arquivos para fixar o fondo da lingua galega (véxase o papel *Elementos etimológicos*, § 9). Volvín a Madrid a 27 de novembro de 1754, e este tomo da miña viaxe ten trinta e oito pregos en todo. Con tanta demora en Galicia, adiqueime infindo á Historia Natural daquel Reino; e a coñecer todos os vexetais por min mesmo e polos libros que tiña; e mais polas preguntas que lles fixen ós paisanos. Adiqueime ás voces e frases da lingua galega e á xeografía particular. Alí escribín tres cadernos *Sobre las voces gallegas*, que son quince pregos. E alí escribín canto á Botánica. Redactei alí e continuei aquí oito cadernos; tres deles, *Compendio de Tournefort*. En todo, cincuenta e cinco pregos.

[En catorce de novembro de dito ano de 1754 estiven na vila de Noia. Don Manuel Estévez, natural de Pontevedra e condiscípulo meu de Gramática, era á sazón avogado en Noia. Bergondo de Arriba e Bergondo de Abaixo son dous lugares de Noia. Ten a súa facenda en Bergondo de Arriba. Ensinoume alí, na súa horta, un vexetal raro e dixome que ningún médico, cirurxián nin boticario o coñecía nin lle dera nome. Engadiu que só na horta de Carantoña, de Noia, había outro vexetal semellante e que tampouco se lle sabía o nome. Collín un anaco do dito vexetal e do seu talo e leveino a

Pontevedra, onde comecei a rebeirar os tres tomos que alí me prestara un boticario para divertirme na Botánica, e no libro 30, capítulo 81, atopei este título: *Bangue Cannabi Simile*, e así mo pareceu e non necesitei máis para saber que a dita planta se chama *bangue*, e despois, en Madrid, escribín sobre ela un prego, que concluí e asinei o 18 de outubro de 1768. A mesma planta especifica naceu nun testo que estaba na ventá no mosteiro de San Martín de Madrid, sen poder acertar de onde veu alí a semente. Naceu pola primavera e corteina o 10 de outubro de 1768.]

Desde alí, Galicia, escribín cinco pregos ó padre Terremos, xesuíta, *Sobre la lengua gallega y sobre la paleografía española*. E unha carta ó mestre Luzón, beneditino, sobre as ficcións de Miguel de Luna, granadino.

1755

[No xardín do noviciado de Celanova, a 25 de outubro de 1755, vin unha árbore singular e totalmente descoñecida para min e para os demais do país. Souben que se trouxo da casa dos Ponces, xunto a Pontearreas, para plantala no dito xardín do noviciado, e sobre ela escribín un prego en Madrid, o primeiro de abril de 1756, co título *Acederach, árbol llamado inicuamente Cinamomo*.]

Cando o 27 de novembro [do dito ano de 1755] regresei a Madrid, sucederon tres cousas: primeira, que o primeiro de novembro, estando eu xunto a Ourense, sucedeu o terrible terremoto; segunda, que a 17 de novembro se me preconizou por abade de Ripoll, despois de preconizados o arcebispo de Sevilla e o bispo de Jaca. Esa abadía, da que tiveron noticia en Pontevedra a primeiros de xullo, embarazoume moito, e así logo me ceibei dela (renunciei a ela a últimos de marzo de 1756); terceira, souben que xa o reverendísimo padre Rávago deixara o confesionario do Rei. O Reverendísimo padre Rávago entrara no confesionario o ano de 1747 e a 29 de xuño dese ano escribiume unha carta sobre suprimir os poucos conventos que había de señoras monxas Comendadoras. Atordei a tentativa e respondín

en tres pregos afeando o desatino con razóns moi eficaces, e nada executou.

Sendo o Reverendísimo Padre Rávago lector de Teoloxía en Roma, tivo por discípulo a don Miguel Casiri, de Trípoli de Siria, que hoxe é presbítero maronita, e veu a Madrid á sombra daquel, que o meteu na Real Biblioteca; despois pasou a intérprete do Rei polas linguas orientais. Sabendo eu qué intelixente é na lingua siríaca e na arábica, como naturais, atrevínme a propoñer ó Padre Rávago que o remitise ó Escorial co fin de recoñecer os manuscritos góticos e arábigos da librería. Pasou alá dúas veces e antes tiña pasado outras a rexistrar os códices góticos. Tiven, destarte, ocasión de manter un comercio epistolar desde 1747 ata 1755 co Reverendísimo Padre Rávago e escribinlle seis pregos sobre os códices góticos e quince sobre os códices arábigos.

1756

Escribín vinteseis pregos a don Juan Antonio Arias, oficial maior de Mariña e natural de Pontevedra, dándolle conta do que vira de curioso en Galicia, e a metade *Sobre la sosa y la barrilla*.

[Item glosario de voces galegas: varios cadernos. *Vid. infra* sobre familia de Sarmiento sobre Gosende.]

1757

Escribín vinte pregos sobre un camiño real desde Pontevedra a Sanabria e Castela por Ribadavia e un camiño de carros.

[Un prego sobre plantas de Coria.]

Ó excelentísimo Señor Conde de Aranda remitín trinta e un pregos *Sobre los caminos reales de toda España*, tal como mo mandara.

[Sobre isto dei resposta a unha nota que se me entregou en nome de don Pedro de Lucuze. A esquela di así: “Este papel é de don Pedro de Lucuze para o padre Sarmiento, a quen prega que lle diga se porá algún reparo en que se imprima o caderno que o dito Padre Sarmiento lle entregou

en Madrid sobre este asunto, con algunhas adicións que o farían máis apetecible entre os curiosos, e en que nos interesamos algúns apaixonados de ambos e dous autores polo ben público, e así esperamos a resposta”. A resposta é orixinal e, polo mesmo, vai achegada aquí. Véxase a súa copia no prego 6 sobre camiños. Neste mesmo ano escribín sobre o *Phenicoptero* ou flamengo, ave, ó duque de Medina Sidonia dez pregos.]

1757⁷

Trinta pregos *Sobre un onomástico gallego de la Historia Natural*. Son de *marquilla*.

1758

Enfastiado de moscóns que me censuraban porque non saía da casa e porque non imprimía os meus escritos, escribín dez pregos co título *El porque sí y el porque no del P. Sarmiento*.

Sobre el verdadero Miño, tres pregos.

Sobre los castellanos de Orense, un prego.

Sobre el nombre Cigarrosa, un prego.

Sobre la etimología de Sacar de Bois, un prego.

[*Sobre los maragatos*, cinco pregos.]

1759

Sobre el Rhinoceronte, vintecinco pregos.

Sobre la betula o bidueiro, catro pregos

Sobre los atunes o Almadrabas, ó señor duque de Medina Sidonia, dez pregos.

Sobre el Lignum Crucis del Infantado, seis pregos.

1760

Sobre el lobo cerval, seis pregos.

Sobre la bardana o lampazo, seis pregos

7. Debe ser o ano 1758, en que redactou a obra mencionada, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. O editor, Viñas Cortegoso, sitúa esta entrada en 1765, o que choca coa data de redacción do escrito. Véxase J. L. Pensado, no prólogo ó *Onomástico etimológico...*, vol. I, p. 16.

- Sobre el papión ou cynocephalo*, dez pregos.
Sobre las scrophularias, cinco pregos.
Sobre el Árbol Santo de Aranjuez, un prego.
Sobre los peces cetáceos orcas, un prego.
Sobre la Tiraña de Liébana, un prego.
Sobre el mostajo, dous pregos.
Sobre la coscora o Geum de Tournefort, dous pregos.

1761

- Sobre la manzanilla fina*, cinco pregos.
Sobre el tilo, un prego.
Sobre la voz mixiriqueiro... etc., catorce pregos.
Sobre el nombre Samanos o Samos, dez pregos.
Sobre la carqueixa para México, dez pregos.
Sobre el origen de las bubas, trinta e catro pregos.
Sobre la patria de Cervantes (Alcalá), vinte pregos.
Sobre la planta de Toledo, catro pregos.

1762

- Sobre el Ligno Aloes, calize*, dezaioito pregos.
Sobre la Vía militar de Braga, oito pregos.
Sobre la planta o arbusto Seixebra en Galicia, Chonaedris fructicosa melicosa folio en Tournefort e *Teucris* en Mr. Linneo, por compracer a Pontevedra, fundación de Teucro, e porque Teucro achou este vexetal. É obra moi completa, sesenta e catro pregos.
Sobre los foros, por novembro. Papel lixeiro porque estaba a prontitude (cinco folios).

Por decembro, ata agosto de 1766, ocupei todo ese tempo en continuar o asunto dos foros, sinalando a súa orixe e antigüidade. Con esta ocasión explícanse os principios da agricultura en España, o modo de promovela, non con propietarios precarios, mais con labregos que por si mesmos cultiven as terras, de modo que entre eses e os do directo e verdadeiro dominio non haxa lacazáns e lambóns intermediarios. Non só se debe atender á calidade da terra, mais tamén á figura da herda-

de, se é chá, elevada, en cuíña ou cóncava. A chá é a peor figura en España. Pensei a figura que a cuíña debe ter para ser moi vizosa e discorrín que se o plano inclinado da cuíña que mirase ó mediodía fose paralelo ó eixe do mundo, nese plano caerán en ángulos rectos os raios do sol e aumentará a calor. Falo da terra *marga* de Plinio para ester-car as terras. Divido as terras en casarios, en cuxos perfis estarán as árbores silvestres, e propoño que se aforren devesas, montes, pastores, mesta e que todos os montes de España de cultiven e habiten coma no antigo, e que todo se cultive con bois; multiplico as noras e tafonas para aproveitar os ríos na navegación.

Propoño o modo de desalgar a auga mariña e explico os métodos de observar a lonxitude sen as inconstancias do imán. Manifesto novos métodos dunha Xeografía de España e un método manual de cronoloxía, nun caxato. Propoño o método de ensinar a mocidade a ler, escribir e contar, e a tomar uns principios de Matemática e Música. Engado e retoco moitos pregos dos que escribira, como sobre a poesía do ano de 1741.

En toda esta prolixa obra sempre atendín a observar a Historia Natural e Botánica e a probabilizar as etimoloxías dalgunhas voces vivas e frases castelás e galegas, reducíndoas ó latín. Cada nación do mundo ten a súa lingua antiga para as cousas da Igrexa, que non se mama, mais que se estudia, ou por libros, se se usan letras, ou de viva voz, por tradición de pais a fillos: a hebrea para os xudeus, a arábica para os mahometanos, a grega para os cismáticos, e a latina para os católicos, etc. E sendo o latín lingua antiga para os galegos, é máis preciso que xa que non a maman, a estudien. É é bárbara crueldade e necidade escusada que uns forasteiros ensinen os nenos galegos mediante a lingua castelá, que non saben, a lingua antiga que non deben saber, e castigándoos se se lles escapa algunha voz ou frase galega das que mamaron. Todo mestre de Gramática que non for galego e erudito en lingua patria debe excluírse de ser mestre de cativos galegos, aínda que sexa un Cicerón ou un Quintiliano.

Despois de que o galeguiño sabe falar, ler, escribir e contar, o primeiro que se lle debe ensinar é a lingua galega coa extensión posible, poñéndolle diante os mixtos da Historia Natural que Deus criou no país, os vexetais que nacen na súa terra e os entes artificiais que fabricaron os homes. Todo se lles debe sinalar co dedo, débeseles dicir o nome propio de Galicia. E eu fio que nunha vez ou dúas veces que isto se lles inculque, ós poucos e de tempo en tempo, se lles gravará na memoria sen estudar e sen castigo, que son os dous cocóns que estarrecen e espantan os moñiños e os fan ineptos para todo estudio. Entrando de prevención con saber xa a lingua galega con esta amplitude, entrará como pola súa casa na lingua latina e castelá. Sen esta previa e tan fácil ensinanza, para a cal nin cómpre estudar de memoria nin aturar o castigo corporal, é falar ó vento todo xénero de ensinanza para unha lingua xa estraña, xa antiga, xa forasteira, sexa francesa ou italiana.

Non nego que o neno se castigue cando é por defecto moral. Nego redondamente que se castigue por razón de estudio e vexo como espantallo fantástico iso de estudar de memoria *ad pedem literae*. A maior parte dos que nos mandan xamais estudaron de cor dous períodos, nin os castigaron por razón do estudio.

[Considerando os primores que os españois sen mestre teñen executado por si mesmos porque non estaban preocupados do erro, por min digo e dixen nun numeroso concurso que se sei algunha cousiña con fundamento é polo que eu por min mesmo estudiei, e que todo canto me ensinaron os mestres é o que non souben, nin sei, nin saberei xamais se antes non dou escorrentado os erros e prexuízos que de boa fe me inculcaron. E o desimpresionarse destas pataqueiradas que me gravaron na mocidade é empresa heroica para a miña forza. Tan medoñento me considero hoxe a cocóns e espantillos e pantasmas nocturnas coma cando tiña sete anos, porque daquela, para que non saíse da casa, me arrepriaban con moitos terrores dos que aínda non me ceibei.]

Toda esta multitude de pregos chegou ó número de seiscentos setenta, 2.648 páxinas e a 7.870 números marxinais⁸; vinte dos pregos últimos tratan de Pontevedra.

[O 23 de abril dei a resposta nun prego á pregunta que se me fixo de se eu teño algo que engadir ó proxecto latino do holandés de Rotterdam, Gerardo Meermann *De Chartae nostratis, seu linguae origine*.]

1763

Sobre el chasco del Meco, seis pregos.

1764

Dous pregos lixeiros que dei a un amigo *Sobre el estado presente de Pontevedra*⁹.

1765

Vinte pregos de *marquilla*, sobre a orixe das linguas e sobre uns *Elementos etimológicos siguiendo el método de Euclides, ex hypotesi* da analoxía das letras en galego e en castelán.

1766

Un prego *Sobre o Carolo santo de Monardes*, e proba que a voz *carolo* é o carolo galego.

Dous pregos *Sobre el vegetable o gramen de Galicia, que allí llaman lesta*, e das súas virtudes e do inocente uso da lesta para adubar o tabaco.

Por outubro escribín catro pregos *Sobre un espejo de piedra durísima y cristalina que vino de América* e é do mesmo material da ara preciosa da catedral de Lugo e doutra ara que hai en Cuzco. En Perú chámase *tirpu*, que significa espello, e na Nova España, *itzli*. É rarísima, pois non se sabe labrar pola súa dureza e só se acha labrada nos sepulcros dos antigos reis.

1767

O 24 de xuño asinei tres pregos *Sobre el vulgar fenómeno Castor y Pollux*, no cal os primitivos cristiáns do Mediterráneo invocaban a san Erasmo, bispo e mártir da igrexa

8. Refírese ó seu escrito máis avultado, que leva por título máis coñecido *Obra en 660 pliegos*, ou *Sobre foros de los benedictinos en Galicia e Historia natural de España*.

9. Este escrito é máis coñecido polo título *Situación y clima de Pontevedra*.

primitiva. De San Erasmo formouse Sant-Erasmo, co tempo Sant Eramo e Santeramo e Sant Ermo e Santermo. E no século XVI os mariñeiros de Galicia corromperon con san Telmo; sendo así que non houbo tal Telmo no mundo e que só o inventou a ignorancia e as ficcións xenealóxicas de Palencia.

O 29 de outubro conclúin e asinei dez pregos *Sobre la púrpura y la grana de los antiguos y de los modernos* e *Sobre tintas de encarnado*.

1768

[A dez de setembro conclúin e asinei o dictame que por orde do Consello dei todo da miña letra nun prego *Sobre el códice manuscrito en folio de la Monarquía de España*, de don Pedro Salazar y Mendoza.]

O 18 de outubro conclúin e asinei un prego *Sobre el vegetable Bangué, exótico oriental*, do descubrimento do cal dáse razón arriba, ano 1754.

De orde do Real Supremo Consello de Castela, dei o meu dictame, en dous pregos, sobre o proxecto seu de crear censores de libros para a imprenta e da elección deles, fundado en doce providencias ou leis tan amañadas que non puiden menos de concluír o meu dictame dicindo que esa era unha providencia tan necesaria e tan perfecta que nada podería botarse en falta como non se engadise outra lei 13 da observancia das doce establecidas. Quedei coa copia destes pregos (*Papel de seiscientos sesenta pliegos*, § 5.399: “Hai xa máis de corenta anos, etc.”).

Medio prego volante fragmento de apuntamentos e memorias para a vida de don Antonio Mouriño de Pazos, presidente de Castela e bispo de Córdoba, natural de Pontevedra, en Galicia, da miña man e pena.

O 8 de novembro conclúin e asinei o *Tratado de la educación de la juventud* en dez pregos en cuarto.

Vida y viajes literarios, número y calidad de los escritos del Reverendísimo Padre Fray Martín Sarmiento

Edición, prólogo y notas bibliográficas de Luis Viñas Cortegoso, Vigo, Ediciones Monterrey, 1952.

NOTICIA BIBLIOGRÁFICA

Como dixemos no Limiar do presente volume, a difusión da obra de Sarmiento, sobre todo na súa vida e nas décadas posteriores ó seu pasamento, seguiu vieiros máis propios dos tempos medievais ca dos contemporáneos. Fóra casos excepcionais que non desmenten o que imos soste, e deixando á parte o esforzo da revista *El Correo Literario de la Europa* e mais de Antonio Valladares de Sotomayor no *Semanario Eru-dito*, Sarmiento permaneceu case totalmente inédito ata a segunda metade do século XIX, cando xorden iniciativas importantes, sobre todo en Galicia, por dar ó prelo algúns dos seus escritos. Por iso, na noticia bibliográfica que estampamos nestas páxinas imos en primeiro lugar dar unha idea xeral de cal é o estado da tradición manuscrita, a seguir ofreceremos unhas notas sobre a evolución da bibliografía impresa, e finalmente presentaremos unha pequena guía e as referencias correspondentes ós textos do autor recollidos na nosa antoloxía ou citados nela. Estudos sobre a obra filolóxica de Sarmiento aparecen rexistrados na bibliografía incluída ó final do traballo introductorio deste volume, nas páxinas que preceden a antoloxía propiamente dita.

Xa que logo, está lonxe da presente recensión bibliográfica a ambición de suplir os repertorios publicados que se rexistrarán máis abaixo. Pretendemos, sinxelamente, dar unha

idea da evolución da bibliografía sarmentina e ofrecer algúns puntos de referencia para orientarse nela.

DESTINO DA BIBLIOTECA PARTICULAR DE SARMIENTO. A CORRESPONDENCIA

A cela do convento de San Martín de Madrid, en que Sarmiento pasou a maior parte das horas da súa vida adulta, debía ser moito máis ca un cuarto, e desde logo non era un simple dormitorio. Nela tiña que haber lugar para acoller, entre outras cousas, as tertulias que convocaba arredor do noso autor o escol da sociedade culta madrileña, unha gran mesa de traballo, instrumental científico de diverso tipo (telescopio, microscopio, astrolabio), moitas plantas vivas e secas, infinidade de obxectos variegados (cunchas, pedras, animais disecados), o seu gato e... a súa venerada biblioteca, célebre non tanto polo seu considerable tamaño (chegou ós sete mil cincocentos volumes) como polo raro e selecto do seu contido, que coñecemos gracias ó coidadoso catálogo elaborado polo mesmo Sarmiento. Nesa biblioteca, como é natural, tamén figuraban os escritos do autor. Hai que ter en conta que unha parte importante destes responden a consultas ou encargos que recibía, e loxicamente, despois de redactados remitía ó comitente¹. Sarmiento manifesta non ter un empeño particular en coleccionar os seus traballos, pero temos indicios de que cando enviaba a alguén un orixinal autógrafo, procuraba que llo volvesen ou lle fixesen unha copia para uso particular: véxase, por acaso, neste mesmo volume, a carta ó Padre Rávago que serve de presentación ó *Coloquio*.

1. Habitualmente tratábase dun persoeiro público: o cardeal Valentí Gonzaga para as *Memorias para la historia de la poesía*, o bibliotecario do Rei Juan de Iriarte para as *Reflexiones literarias para una biblioteca real*, ministros e altos cargos da administración como o marqués de Ensenada, Campomanes, o conde de Maceda, o duque de Medina Sidonia, o confesor de Fernando VI padre Rávago, etc. Véxase apéndice III.

Infelizmente, a biblioteca de Sarmiento e os escritos de seu que figuraban nela atópanse en boa parte extraviados (seguramente, o groso está definitivamente perdido) e na outra parte espallados por diversas bibliotecas e arquivos. Á súa morte, algúns dos manuscritos e libros da súa biblioteca particular repartíronse entre os monxes, pero a maioría pasarían á biblioteca do convento onde residira durante case cincuenta anos. Cinco anos despois do seu pasamento, en 1777, o frade galego Juan Sobreira é trasladado ó dito convento, onde se encarga de arrombar os papeis do noso autor. Segundo Sobreira destes, “os máis eran cartas escritas ó Reverendísimo Sarmiento, desbotadas por deleixo ou desprezo ó corruncho menos limpo do convento”. Entre burlas dos frades do convento, di, “un ano enteiro estiven lendo cartas, gardando unhas, rachando outras nocivas e arredando outras inútiles. Destas últimas axuntei dúas arrobas de papel vello. Das nocivas rachei innumerables e das que eu chamo útiles axuntei quince tomos” (véxase Apendice II). A nós soamente nos chegaron dous deses quince tomos do epistolario sarmentino escolmado e encadernado por Sobreira, doados en 1786 por este á Real Academia de la Historia de Madrid ó ser admitido como membro da mesma institución². O mal fado da correspondencia de Sarmiento é indicativa da do conxunto da súa produción. Restan moi poucos escritos autógrafos, polo que a maior parte dos seus textos só podemos coñecelos a través de copias e recopias, algunhas realizadas en vida e a maior parte despois do seu finamento. O arquivo do mosteiro de Silos (casa matriz do convento de San Martín de Madrid) e a biblioteca da Universidade de Oviedo serviron de praias onde probablemente foron dar as crebas máis importantes do naufraxio da colección particular de escritos do autor.

2. Sobreira intitulounos *Cartas originales escritas al P. Sarmiento (1733-1771) de personajes y literatos*, e fixoos preceder un proemio do que están extraídas as citas que acabamos de reproducir.

AS COPIAS DE CONXUNTO. A COLECCIÓN MEDINA SIDONIA

A fonte globalmente máis importante para o coñecemento do legado de Sarmiento é a denominada Colección Medina Sidonia, copia en dezasete volumes iniciada contra 1770 e rematada en 1778 por encargo do Duque de Medina Sidonia, Pedro Alcántara Alonso Pérez de Guzmán, persoeiro de relevo na sociedade e na cultura españolas da época, e íntimo amigo do noso frade. Pouco despois de 1778, finado xa o Duque, a Colección foi acrecentada cun novo volume e outros materiais, entre os cales, a correspondencia do frade co duque. Na actualidade, o groso desta Colección (quince volumes) custódíase no Arquivo da Casa Medina Sidonia, en Sanlúcar de Barrameda; tres volumes (o II, o XII e o XVII) atópanse no Museo de Pontevedra. A Colección Medina Sidonia é, á súa vez, a fonte de dúas copias máis do conxunto dos escritos de Sarmiento: a denominada Colección Dávila (disposta por Pedro Franco Dávila), actualmente na Biblioteca Nacional de Madrid, copiada en 23 volumes entre 1784 e 1785, e a coñecida como Colección Los Heros (disposta por Juan Francisco de los Heros), trasladada c. 1787, e na actualidade na biblioteca da Real Academia de la Historia, tamén en Madrid —desta consérvanse soamente doce dos dezaioito tomos de que orixinalmente constaba—. Fóra destas coleccións, restan algúns escritos soltos de Sarmiento, e, sobre todo, unha parte substancial da súa correspondencia privada, que sabemos que foi verdadeiramente avultada. As cartas que chegaron a nós, que son relativamente numerosas (algo máis de duascentas) testemuñan o extraordinario interese deste epistolario.

Hai que subliñar que a Colección Medina Sidonia foi trasladada con grande esmero por dous competentes escribáns (o propio secretario do Duque, Santiago Sáez, e o que despois sería sonado matemático e enxeñeiro, Pedro Alonso de Salanova y Guilarte), mentres que as coleccións Los Heros, e especialmente a Dávila, non poden gabarse do mesmo. En-

debén, a Colección Medina Sidonia, cuxa coidadosa descrición publicou S. Sáez en 1782, atopouse inaccesible desde a metade do século XIX, de maneira que a maioría das edicións de textos de Sarmiento (que, como deixamos sinalado, son case todas elas posteriores a esa data) non puideron beneficiarse do seu manexo, e baseáronse ou ben na Colección Dávila (a máis accesible), ou ben noutras pezas particulares da tradición manuscrita.

En efecto, á parte desa rama principal da tradición manuscrita da obra de Sarmiento existen outras ramas colaterais, algunhas das cales parten de exemplares autógrafos. Dado que aínda non dispoñemos dun catálogo exhaustivo e sistemático dos fondos correspondentes, non podemos facernos unha idea detallada do conxunto desa tradición. Si podemos dicir que é considerablemente vizosa e sen dúbida moi complexa, pois, como dixemos, a produción do sabio, malia as protestas deste que temía pola fidelidade das copias, se espallou con profusión mediante traslado manuscrito. En estudos especializados sobre diferentes arquivos (en particular, nos traballos recensionados na bibliografía que ofrecemos máis abaixo) e nas edicións de diferentes escritos do noso autor, podemos atopar abundante información sobre aspectos parciais desa tradición manuscrita, e en concreto sobre os orixinais autógrafos que se conservan.

OBRA IMPRESA. EDICIÓN DOS TEXTOS DE SARMIENTO

Sinalamos no limiar ó presente volume que os escritos de Sarmiento foron máis coñecidos de oídas, ou en todo caso a través de traslados manuais, do que a través de copias impresas. En efecto, durante a súa vida, o noso frade practicamente só publicou a *Demonstracion crítico apologetica del Teatro Critico Universal*, aparecida practicamente ós comezos da súa carreira intelectual e que gozou dun considerable suceso editorial, con cinco impresións durante o século dezaioito (1ª 1732; 2ª 1749; 3ª 1751; 4ª 1757; 5ª 1779). Postuma-

mente, apareceu o volume *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* (1775). Antes de que rematase o século XVIII, viñeron a lume algúns escritos ben en folleto (sobre a Carqueixa, sobre as Bubas e sobre o Meco), ben, e sobre todo, en revistas como *El Correo Literario de la Europa* (1782) e *Semanario Erudito* (entre 1787 e 1789). No primeiro, ademais da descrición da Colección Medina Sidonia, viñeron a lume cartas do noso autor ó Conde; no segundo, entre outros de menor importancia, saíron o *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos*³, *El porque sí y el porque no del P. Sarmiento*⁴, *La Educación de la Juventud*⁵, *Apuntamientos para un discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos caminos reales* e *Reflexiones Literarias para una Biblioteca Real y otras bibliotecas públicas*.

Polo que sabemos, ata a metade do século XIX hai un lapso de aproximadamente cincuenta anos en que a penas se publica ningún escrito do noso autor. A partir de c. 1850 renóvase o interese por Sarmiento, agora con especial atención por parte da erudición galega, dirixida preferentemente ós escritos que teñen que ver co noso país. Entre outros, aparecen: *Nacimiento y crianza de San Fernando en Galicia* (editado por Juan Manuel Bedoya en 1849), *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega* (Juan Manuel Pintos, 1859), cartas ó seu irmán Francisco Xabier (en *Galicia. Revista Universal de este Reino*, 1860-61), carta a Esteban Terreros sobre a orixe da lingua galega (López de la Vega na *Revista Contemporánea* de Madrid, 1878; Murguía en *La Ilustración*

3. O título completo é: *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de algún particular que desee comprar de tres a cuatro mil volúmenes*.

4. O título completo é: *El porque sí y el porque no del P. Sarmiento. Satisfacción crítico-apologética de su conducta*. Esta obra foi editada recentemente, como se ve na bibliografía final.

5. *Discurso sobre el método que debía guardarse en la primera educación de la juventud para que, sin tanto estudiar de memoria y a la letra, tuviese mayores adelantamientos*. Esta obra foi editada recentemente, como rexistrámos na bibliografía final

Gallega y Asturiana, 1880); *Manifiesto del recibo de rentas de los Monasterios de la Religión de San Benito* (1879).

No tránsito entre o século antepasado e o seguinte salienta polo seu labor editor e divulgador Antolín Sánchez Peláez, un dos maiores e máis descoñecidos estudiosos do noso autor. A el débense, ademais doutras obras menores, as monografías *El gran gallego. Fray Martín Sarmiento* (1895) e *Los escritos de Sarmiento y el siglo de Feijoo* (1901); e as edicións de textos do noso autor contidas nos volumes (citamos só os textos máis importantes) *Origen del nombre y casa de San Julián de Samos* (1894), *De la región gallega. Párrafos de un manuscrito inédito del Padre Sarmiento* (1897, contén fragmentos da *Obra en 660 pliegos*, en particular *Sobre la voz Valdeorras*), e *Las poesías de Feijoo* (1899, contén o *Coloquio de los 24 gallegos rústicos*). Nas dúas décadas finais do século antepasado aparecen, entre outras que testemuñan o crecente interese pola figura do 'gran galego', dúas achegas fundamentais para o rescate da súa obra do esquecemento e a súa entrada no mausoleo erudito: a biobibliografía de E. Álvarez Giménez (1884) e o índice-catálogo de M. Gesta y Leceta (1888), recollidos na nosa bibliografía.

Xa no século XX, a atención fócuse cara ó importantísimo labor filolóxico do noso autor. Así, por iniciativa de M. Lago González editase por primeira vez o *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* (1923) e unha serie de *Escritos Filológicos del Padre Sarmiento* no *Boletín de la Real Academia Española* (1928-1931), entre os cales a primeira edición dos *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Tamén se estampa na segunda década do século o escrito *Vida y Viajes literarios* (1924; outra edición deste texto aparecería en 1952, como se ve na nosa bibliografía) e a *Disertación sobre el origen de la voz 'Castellanos de Orense'* (1927). Nos anos '40 sae do prelo a primeira antoloxía do noso autor, con textos sobre o idioma galego (*Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*, 1943), e nesa década e a seguinte salienta o labor editor de Javier Sánchez Cantón e das revistas *El Museo de Ponte-*

vedra e *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Así, imprimense, ademais de varios artigos sobre a Boa Vila (*Elogio de Pontevedra e El río Lérez*, 1942, *Jornadita al Poyo*, 1943, *Ponte-Vedra*, 1952), o *Viaje a Galicia* de 1754-55 (1950; outra edición en 1999), o *Sistema de adornos de escultura del Nuevo Palacio Real de Madrid* (no volume *Opúsculos gallegos sobre Bellas Artes en los siglos XVII y XVIII*, 1956) e maila *Disertación sobre las eficaces virtudes y uso de la planta llamada Carqueixa*, no volume *Opúsculos médicos gallegos del siglo XVIII*, 1961). Por eses anos, M. A. Galino publica tamén algún texto sobre educación (*La educación de los niños*, 1953; este texto xa aparecera editado en 1931) e José Simón Díaz dá a coñecer varias coleccións de cartas nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

Nas décadas de '70, '80 e '90 veñen a lume unha porción substancial dos escritos lingüísticos de Sarmiento, da man do galego José Luís Pensado, catedrático na Universidade de Salamanca: *Colección de voces y frases gallegas* (1970), *Discurso Apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares* (1972), *Catálogo de voces y frases de la lengua Gallega* (1973), *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española* (1974), *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables* (1986), *Elementos etimológicos según el método de Euclides* (1998), *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1999). Ademais, nesas tres últimas décadas do século pasado aparecen, entre outras, edicións dos seguintes escritos: *Viaje a Galicia de 1745* (1975), *La Educación de la Juventud* (1984), *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes* (1987), *El porque sí y el porque no* (1988), *Escritos sobre 'El Meco' y la 'Cruz de Ferro'* (1992), *Epistolario* (1995), *Cartas al Duque de Medina Sidonia* (1995), *Problema chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método* (1996). Tamén se estapan facsimiles do manuscrito dos *Elementos etimológicos según el método de Euclides* (1997) e do opúsculo *Meco-Moro-Agudo; epítetos del impostor Mahoma* (2001, reprodución da 2ª edición, de 1795).

En definitiva, o publicado dá unha idea do enorme interese da obra de Sarmiento pero non constitúe máis alá de unha cuarta parte do conxunto desta, quedando fóra escritos de gran relevancia. A seguir imos ofrecer unha pequena guía bibliográfica, seguida dunha bibliografía de conxunto do presente volume.

1. Escritos de Sarmiento: inventario, cronoloxía, fondos manuscritos, bibliografía

1. *Número y calidad de los escritos del Pmo. P.____*

Domínguez Fontenla, J., "Fray Martín Sarmiento. Su autobiografía", *Boletín Arqueológico de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, VII [155], 1924, 153-72.

Viñas Cortegoso, L., *Vida y viajes literarios, número y calidad de los escritos del Rvdmo. P. M. Fray Martín Sarmiento*, Monterrey, Vigo, 1952.

2. *Cronología de los escritos del Rvmo. P. M. Fray Martín Sarmiento, contenidos en esta Colección* [Medina Sidonia]. *Pliegos de cada uno, tomos y folios a que se hallan.*

Pensado, J. L., *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, Salamanca, Universidad, 1972 (1ª); Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995 (2ª); pp. 61-70.

3. Índice e noticia da Colección Medina Sidonia e das que dependen desta

[Saez, S.], "Coleccion de los Manuscritos del R. P. Fr. Martin Sarmiento Benedictino, que recopiló, y copió por orden del difunto duque de Medina-Sidonia D. Santiago Saez su Secretario", *El Correo Literario de la Europa*, tomo II (1782), nºs 35 a 45, pp. 76-80, 92-96, 106-112, 124-128, 139-144, 155-160, 172-176, 186-192, 201-208, 217-224, 230-234.

Álvarez Giménez, E., *Biografía del R. P. Fray Martín Sarmiento y noticia de sus obras impresas y manuscritas, con in-*

dicación de los Archivos y Bibliotecas en donde se hallan, Pontevedra, 1884.

Gesta y Leceta, M., *Índice de una colección manuscrita de obras del Rmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, benedictino, seguido de varias noticias bio-bibliográficas del mismo*, Madrid, 1888.

Santos Puerto, J., "Paradero y descripción de la Colección Medina Sidonia", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, 2 vols., Santiago, 1995; tomo I, 399-422.

4. Descripción de fondos e bibliografía

Filgueira Valverde, J., "El Padre Sarmiento en el Museo de Pontevedra", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 27 [81-82-83], 1972, 77-113.

Maté Sadornil, L., "Padre Sarmiento: catálogo de sus obras en el Archivo de Silos", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, 2 vols., Santiago, 1995; tomo I, 423-39.

"Guía bibliográfica para el estudio de Fray Martín Sarmiento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 27 [81-82-83], 1972, 397-409.

Pensado, J. L., "Situación de la obra impresa de Sarmiento", en *Fray Martín Sarmiento testigo de su siglo*, Salamanca, Universidad, 1972 (1ª); Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995 (2ª); pp. 11-24.

Aguilar Piñal, *Bibliografía de autores españoles del siglo XVIII*, 6 vols.; Madrid, CSIC, 1988; vol. VII, 573-96.

VV. AA., *Fray Martín Sarmiento, un ilustrado en la biblioteca del Museo de Pontevedra: catálogo bibliográfico*, Pontevedra, Museo, 1994 [Separata de *El Museo de Pontevedra* 48 (1994): 613-763].

2. Biografías e noticias conxuntas sobre a súa obra, volumes misceláneos e cartas

5. Biografías e achegas de conxunto á súa obra

López Peláez, A., *El gran gallego (Fr. Martín Sarmiento)*, La Coruña, Andrés Martínez, 1895.

López Peláez, A., *Los escritos de Sarmiento y el siglo de Feijoo*, La Coruña, Andrés Martínez, 1902.

Pensado, J. L., *Fray Martín Sarmiento testigo de su siglo*, Salamanca, Universidad, 1972 (1ª); Santiago, Xunta de Galicia, 1995 (2ª)

Pensado, J. L., "Sarmiento, Fray Martín", *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 28; pp. 82-84.

Pensado, J. L., *Para achegármonos a Frei Martín Sarmiento*, Lugo, Citania, 1994.

Allegue Aguiete, P., *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*, Vigo, Xerais, 1993.

Filgueira Valverde, J., *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*, La Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1994.

Mestre, A., "El P. Martín Sarmiento", en G. Carnero (coord.), *Historia de la literatura española. El siglo XVIII*, 2 vols., Madrid, Espasa-Calpe, 1995; vol. I, pp. 90-97.

6. Volumes misceláneos

Boletín de la Real Academia Gallega 31 [353-354] (1971-1972).

VV. AA., *Estudios adicados a Fr. Martín Sarmiento. Artigos tirados dos "Cuadernos de Estudios Gallegos"*, Santiago de Compostela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento', 1995.

O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1895-1995), 2 vols., Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega & Universidade de Santiago, 1997.

7. Correspondencia

Álvarez Barrientos, J., "Correspondencia entre José Antonio Armona y el Padre Martín Sarmiento", *Revista de Literatura* 49 (1987), 199-219.

Sarmiento, Fr. M., *Epistolario* (Disposto por Xosé Filgueira Valverde e Mª Xesús Fortes Alén), Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995.

Sarmiento, Fr. M., *Cartas al Duque de Medina Sidonia (1747-1770)* (Edición y estudio de José Santos Puerto), Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 1995.

2. Escritos escolmados na presente antoloxía

[TEXTO 1]

Feijoo Montenegro, B., *Theatro Crítico Universal. Tomo I*. Madrid, 1781 [1726].

[TEXTO 2]

Sarmiento, M., *Demonstracion crítico-apologetica del Theatro Crítico Universal. Tomo I*. Madrid, 1779 [1732].

[TEXTO 3]

Memorias para la Historia de la Poesía, y Poetas Españoles, Madrid, 1775 [Reedición en Buenos Aires, Emecé, 1942]. [Ed. facsímile: Lugo, Alvarellos, 1988].

[TEXTO 4]

“Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española”, en J. L. Pensado (ed.), *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia, 1974; 17-41.

A primeira edición da carta foi publicada na *Revista Contemporánea*, tomo XIII (1878), 196-320, por López de la Vega.

A segunda edición débese a M. Murguía, e apareceu en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, tomo II (1880), 116, 124, 137, 168, 225, 236 e 248.

[TEXTO 5]

Onomástico etimológico de la lengua gallega, 2 vols. (edición y estudio por J. L. Pensado), s.l., Fundación Barrié de la Maza, 1999

A primeira edición da obra apareceu en Tui, Imprenta Regional, 1923.

[TEXTO 6]

Origen de la voz gallega Myxiriqueyro, Colección Media Sidonia, tomo 9, fols. 240-312.

[TEXTO 7]

Elementos etimológicos según el método de Euclides (edición y estudio por J. L. Pensado), s.l., Fundación Barrié de la Maza, 1998.

A primeira edición desta obra foi publicada por J. P. [Julian Paz]: “Escritos filológicos del padre Sarmiento. Elementos etimológicos, según el método de Euclides”, *Boletín de la Real Academia Española* XV (1928): 670-84; XVI (1929): 244-55 e 366-82; XVII (1930): 275-90, 571-92 e 721-42; XVIII (1931): 118-35.

Edición facsímile da copia Medina Sidonia (tomo II, custodiado no Museo de Pontevedra), Vigo, Universidade, 1997.

[TEXTO 8]

Discurso apologetico por el arte de rastrear las mas oportunas etimologías de las voces vulgares (edición y estudio crítico por J. L. Pensado), A Coruña, Real Academia Gallega, 1971-72 [separata dos números 353-54 do *Boletín de la Real Academia Gallega*].

O mesmo editor, J. L. Pensado, incluíu esta obra na súa edición dos *Elementos etimológicos* citada no apartado correspondente ó texto nº 7, pp. 351-419.

[CARTA 1]

Cartas al Duque de Medina Sidonia (1747-1770) (edición y estudio de J. Santos Puerto), Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 1995; pp. 84-7.

[CARTA 2]

“Sobre a educación de Alonsiño”, en M. Sarmiento, *Epistolario* (ed. X. Filgueira Valverde e M^a. X. Fortes Alén), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995; 115-16.

Editada por J. L. Pensado, en *La educación de la Juven-*

tud de Fray Martín Sarmiento, s. l., Xunta de Galicia, 1984; pp. 149-51.

[CARTA 3]

“Sobre un glosario da lingua galega e sobre a súa afección a escribir”, en M. Sarmiento, *Epistolario* (ed. X. Filgueira Valverde e M. X. Fortes Alén), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995; 501-03.

Editada por José Simón Díaz en “El Padre Sarmiento en los archivos de Campomanes”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27 (1972), 331-32.

[CARTA 4]

Rodríguez Montederramo, J. L., “Una carta en gallego dirigida al P. Sarmiento: nota sobre la actitud lingüística del benedictino”, en N. Delbecque & C. de Paepe, *Estudios en honor al profesor Josse de Kock*, Leuven, Leuven University Press, 1998; 457-67, na p. 463.

3. Outras obras de M. Sarmiento citadas

“Origen del nombre y casa de San Julian de Samos”, en López Peláez, A., *El monasterio de Samos. Estudio histórico*, Lugo, 1894; pp. 145-227.

“Escritos filológicos del padre Sarmiento. Dictamen sobre una oración de don Tomás Fernández de Mesa en alabanza de la lengua española”, *Boletín de la Real Academia Española* 15 (1928): 447-57.

Catálogo de voces y frases de la lengua gallega (edición y estudio por J. L. Pensado), Salamanca, Universidad, 1973.

Viaje a Galicia (1745) (edición y estudio por J. L. Pensado), Salamanca, Universidad, 1975.

Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales (edición y estudio por J. L. Pensado), Salamanca, Universidad, 1986.

La Educación de la juventud (edición y estudio crítico de J. L. Pensado), Santiago, Xunta de Galicia, 1984.

El porque si y porque no (edición crítica, introducción y notas de M. Dubuis, N. Rochaix y Joël Saugnieux), Oviedo, Instituto Feijoo de estudios del siglo XVIII & Université Lumière - Lyon II, 1988.

A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754 (edición e índices de X. L. Pensado Tomé), Salamanca, Dirección Xeral de Política Lingüística & Área de Galego-Portugués (Univ. de Salamanca), 1999.

Reflexiones literarias para una Biblioteca Real (edición y estudio de José Santos Puerto), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2002.

ÍNDICES

ÍNDICE DE AUTORES E PERSONAXES CITADOS*

Afonso VI 6(53)	Álvaro González de Alcántara 3(355)
Afonso VII 6(54)	
Afonso X <i>o Sabio</i> 3(454-ss., 570-ss., 662), 5(698), 6(54), 7(418, 431-ss., 449), 8(117-18)	Amato Lusitano (João Rodrigues de Castello-Branco) 4(29, 30)
Afonso XI 5(133)	Amira, Jorge Miguel 4(4)
Agrícola, Jorge 8(169)	Annio Viterviense (de Vitervo) ap. 3(1725)
Albupharaj, Gregorio 3(477)	Antesignano 7(361), ap. 3(1714)
Aldrete, Bernardo de 1(34), 5(697)	Arcipreste de Hita 3(367)
Aldrovando, Ulysses 8(1169)	Argote de Molina, Gonzalo 3(456-ss., 608), 5(713)

* Incluímos soamente os autores e personaxes históricos citados por Sarmiento nos seus escritos. Os autores medievais van alfabetizados polo nome de pía, os anteriores e posteriores polo primeiro apelido (tamén os portugueses). As formas dos nomes e apelidos son os que ofrece o propio Sarmiento, aínda que nalgúns casos inserimos entre parénteses as formas na lingua orixinal ou as máis correntes na actualidade. Enviamos ó número do escrito, e despois entre paréntese, ó número do parágrafo. No seu caso, poñemos en *cursivas* o número do parágrafo onde o autor aparece anotado por nós a rodapé. Nos escritos que non teñen numeración de parágrafo (do 9 en diante), renviamos soamente ó número do escrito correspondente. No caso dos apéndices, abreviamos ap. seguido do número; para o apéndice 3, poñemos o ano entre paréntese. Canto ás obras, tamén situamos entre parénteses títulos alternativos. Tocante ó índice de palabras, téñase en conta que non incluímos as palabras que aparecen en listas, por acaso nos *Elementos etimolóxicos*.

- Arias, Juan Antonio ap. 3(1756)
Avicena 7(16)
- Bahuíno, Juan ap. 3(1745)
Bartolocio ap. 3(1718)
Beatriz, esposa de Fernando III 3(612)
Bergier, Nicolás 9.3
Beroso ap. 3(1725)
Bluteau, Rafael 2(341), 4(5, 28), 5(16, 21, 697, 702), 6(18, 60), 7(22-23, 381), 8(117)
Bochart, Samuel 4(4), 4(403)
Bonifacio, Balthasar 5(205)
Brito, frei Bernardo de 1(34)
- Calepino, Ambrosio 5(92, 697)
Camoens, Luís de 3(370, 474)
Campomanes, Pedro Rodríguez de (conde de C.), 9.3
Cardano, Jerónimo 9.3
Carlos V 4(7), 4(14), 7(19), 8(117-18)
Carvalho da Costa, Antonio 5(667, 715)
Carvajal, José ap. 3(1748)
Casiri, Miguel ap. 3(1755)
Catón 4(18)
Cernadas de Castro, Diego (cura de Fruíme) 8(162, 165)
Chifflet, Lorenzo 5(92, 697)
Chomel, Noel 5(205)
Cicerón ap. 3(1762)
Clusio (Lécluse, Charles de) 4(29, 31)
Clenardo 7(361)
Columela 4(18)
Conde de Aranda ap. 3(1757)
Conde de Maceda ap. 3(1752)
- Covarrubias, Sebastián de 5(697), 7(23)
- D'Hervelot ap. 3(1718)
Denis ou Dionysio, rei de Portugal 3(453-ss., 461, 478)
Diogo Gonzalez 3(564)
Dioscórides 5(355), 8(169)
Du Cange, Charles du Fresne 4(25), 5(94-95, 122, 697)
Duque de Medina Sidonia 9.1, ap. 3(1755)
- Enrique III de Castela 3(459, 608)
Enríquez ap. 3(1741, 1745, 1749)
Esteban Annez de Valladares 3(568-69)
Estévez, Manuel ap. 3(1754)
Estrabón 4(10, 11)
- Facciolati, Jacob 4(95), 7(356-ss.)
Faría e Sousa, Manuel 1(34), 3(370, 474-ss., 563, 567), 5(713)
Feixoo, Benito Jerónimo 2(343), 3(463), 6(56), ap. 3(1726, 1728, 1731, 1732)
Fernan Cascacio 3(370)
Fernan Garcia Esgaravuña 3(568)
Fernan Gonzalez de Senabria 3(562, 567)
Fernando III *o Santo* 3(456-ss., 601, 607, 612-ss.), 6(47, 54), 7(18, 431, 449)
Fernando VI ap. 3(1746, 1748, 1751)
Festo, Sexto Pompeio 4(34), 5(39)
Filipe II 3(611), 6(60-61)

- Filipe IV 5(399)
Filipe V ap. 3(1743, 1746, 1748)
Francisco Xabier (irmán do autor) 4(29), 7(364), 9.2, 9.4, ap. 2
Franckenau, Gerhardo Ernesto 5(714)
Fungero 5(39)
- Gándara, Felipe de la 5(714)
García de Resende 5(59), 7(418)
García Gallego, Juan 8(89)
García Saavedra, Juan 8(89)
Garibay, Esteban de 5(699)
Gellio, Aulo 5(39)
Geronimo da Ponte 5(713)
Gesnero 8(169)
Gonzaga, Valentí ap. 3(1741, 1745)
Gonzalo de Berceo 3(571), 7(386)
Goropio Becano (Jan van Gorp) 4(4)
Guzmán, Juan de 8(88)
- Hermenerico 1(34)
Herze, Miguel ap. 3(1739)
Hesychio 4(34)
Homero 1(31)
Horacio 6(46), 8(97)
Huerta y Vega, Francisco ap. 3(1738)
- Idacio 1(36)
Isidoro, san 4(34), 5(39, 698)
Itálico, Silio 8(113, 144)
João de Barros 6(61)
Johan de Gaya 3(568)
Johan Martinez 3(568)
Johan Soarez de Payva 3(369, 562-ss.)

- Jonston, Juan 8(169)
Juan de Lucena 6(46)
Juan de Mena 6(46), 7(386)
Juan Lucas Cortés 3(611)
Juan Rodriguez del Padron 3(459, 608)
Juan Suarez de Pavia, *véxase*
Johan Soarez de Payva
Junio, Junio 4(18)
- Kircher, Athanasius 1(27), 4(4, 8)
- Lastanosa, Juan Vicente 4(9)
Lavaña, Juan Baptista (João Baptista Lavanha) 3(567), 5(713)
Lémery, Nicolás 5(128)
Leovixildo 1(34)
Lesaca, Juan de ap. 3(1726)
Linneo ap. 3(1762)
Luciano 7(5)
Lucuze, Pedro de ap. 3(1757)
Ludolpho, Jobo 4(4, 8, 9)
Luís XIV de Francia 3(662)
Luna, Miguel de ap. 3(1725, 1754)
Luzón, mestre ap. 3(1754)
- Macías *o Namorado* 3(370, 458-ss., 608)
Mañer, Salvador ap. 3(1732)
Marcial 7(354)
Mariana, Juan de 5(699)
Marín, Benito ap. 3(1739, 1751)
Mariño, Anselmo ap. 3(1745)
Marqués de Aranda ap. 3(1748)
Marqués de la Ensenada ap. 3(1748)
Martini 4(20), 5(39)
Mecolaeta, Diego ap. 3(1726)

- Meerman, Gerardo ap. 3(1762)
 Mela, Pomponio 4(10), 5(686)
 Mencía de Cisneros 3(369, 562)
 Mendez de Silva, Rodrigo 5(713)
 Merula, Paulo 7(347)
 Miramamolín, rei de Córdoba 3(477)
 Mithridates 7(432)
 Molina, Bartolomé Sagrario de 5(713), 7(410)
 Montoya Unzueta, Carlos ap. 3(1731)
 Morales, Ambrosio de 5(699)
 Morery, Luís 5(702)
 Morino, Juan 4(4)
 Mouriño de Pazos, Antonio ap. 3(1768)
 Moya ap. 3(1718)
- Navarro, Reverendísimo ap. 3(1716)
 Nebrixa, Elio Antonio 2(343), 3(663), 5(7, 9, 12, 22, 79, 116, 119, 132, 697), 7(351-ss.), 8(112), 9.2
 Nicolás Antonio 3(601), ap. 3(1725)
 Nonio, Marcelo 4(34), 5(39)
 Nunes de Leão (Lião, León), Duarte 3(453-ss., 461), 4(28), 5(720), 6(13-ss.), 7(22, 459, 462)
- Omar, califa 3(477)
 Oríxenes 9.3
 Ortiz de Zúñiga, Diego 3(456-ss., 602, 609-ss.)
- Pacheco, João 8(117, 173-ss.)
 Paladio 4(18)
- Pañelles, Benito 6(56)
 Papebroquio, Daniel 3(456, 609, 613)
 Papías 4(34)
 Passeratio, Juan 5(92, 697), 7(361), ap. 3(1714)
 Paulo, san 5(3)
 Pedro de Mendoza 3(353, 562)
 Pedro, Conde de Barcelos 3(369, 563, 567), 5(713, 717), 7(431)
 Pedro, Condestable de Portugal 3(355-ss.)
 Pedro, Duque de Coímbra 3(355)
 Pellicer de Tovar, Joseph 5(713)
 Pereyra, Bento 4(5), 5(8, 16, 22), 6(18), 7(23, 351), 8(81, 117)
 Pero (Pedro) Lopez de Ayala 3(367), 5(133)
 Peroto, Nicolás 7(354, 373)
 Pezron, Paulo 4(4)
 Plinio 4(10, 11, 18), 5(123-ss.), 5(407), 7(441bis), 8(83, 144), ap. 3(1762)
 Pocock, Eduardo 4(32)
 Pollux, Julio 4(34)
 Pomey, Francisco 8(173, 177, 180)
 Ptolomeo 3(464), 4(10, 12), 5(667)
- Quintiliano ap. 3(1762)
- Raimundo de Borgoña, Conde de Galicia 4(17)
 Rávago, Padre Francisco de ap. 3(1755)
 Reis Católicos 8(118)
 Rudbeck, Olaf 4(4)
 Rui de Pina 6(59)

- Salazar y Castro, Luis 7(714)
 Salazar y Mendoza, Pedro ap. 3(1768)
 Sanclemente, Juan ap. 3(1745)
 Sandoval, Prudencio 5(698)
 Santillana, Marqués de (Íñigo López de Mendoza) 3(353-ss.)
 Scoto, Alexandro 7(351)
 Sebastián, rei de Portugal 6(59)
 Seguin, Pascasio 5(713)
 Séneca 9.3
 Servando 5(713)
 Schilter, Juan 4(19)
 Scoto, Alexandro 9.3(1714)
 Sota, Francisco 5(714)
 Spelman, Henri 4(25)
 Stéphane, Henrique (Henri Étienne) 5(93)
 Stéphane, Roberto (Robert Étienne) 5(92)
 Sueiro Paez (pai de Johan Soarez de Payva) 3(564)
- Tasso, Torcuato 1(31)
 Temístocles 8(120)
 Terreros, Esteban ap. 3(1754)
 Theodorico 1(35)
 Theseo, Ambrosio ap. 3(1716)
 Thomasino, Luis 4(4, 20)
 Tito Livio 5(195)
 Torrado, Martín 8(162)
- Tournefort, Joseph Pitton 4(29), ap. 3(1762)
- Urquizu, Gaspar de ap. 3(1751)
 Urraca (nai de Johan Soarez de Payva) 3(564)
- Varillas, Mr. 5(211)
 Varrón 2(341), 4(1, 34), 5(39), 6(13, 15)
 Vasco da Ponte 5(713)
 Vasco Fernandez de Praga 3(568-69)
 Vasco Perez de Camoens 3(370)
 Verxilio 1(31), 5(132-ss., 209), 8(88)
 Villehardouin, Godofredo 4(26)
 Vivar, Francisco de 1(34)
 Vossio 4(20), 5(39)
- Xeremías 3(359)
 Ximenez de Rada, Rodrigo 5(698)
 Xohán (Juan) II de Castela 3(353, 459), 4(32)
 Xuvenal 5(138)
- Yepes, Antonio 5(698, 703)
- Zerda, Luís de la 5(133)

ÍNDICE DE OBRAS CITADAS

- Alcorán* 7(16)
Amalthea Onomastica 5(123-ss.)
Anales de Sevilla 3(456, 602, 609-ss.)
Antigüedad de la Ciudad e Iglesia de Tuy 5(698)
Aritmética ap. 3(1718)
Ars grammaticae pro Lingua Lusitana 5.8, 7.351, 8(81, 117)
Arte (de Nebrixa) 2(343), 5(7, 9, 12, 79, 116, 119), 7(351-ss., 358), 9.2
Arte Portuguesa-Latina (Ars Grammatica pro Lingua Lusitana) 7(351)

Biblia 5(29, 88), ap. 3(1710)
Biblia Castellana Ferrariense 3(476), 7(386)
Biblioteca oriental ap. 3(1718)
Biblioteca rabinica ap. 3(1718)
Bibliotheca Hispana Vetus 3(601)

Calepino de sete linguas (Calepinus septem linguarum in usum seminarii patavini) 5(92, 697), 7(356, 359, 361), ap. 3(1714)
Cancioneiro Geral de Garcia de Resende 6(61), 7(418)
Cantigas de Santa María (Libro dos cantares, Cancioneiro) 3(456, 606-ss.), 7(418, 433, 449), 8(117)
Carta-prohemio al Condestable de Portugal 3(353-ss.)
Casa de Lara 7(714)
Catálogo dos bispos de Pamplona 5(698)
Catecismo do Padre Astete 8(93, 133)
Crónica de los príncipes de Asturias y Cantabria 5(714)
Crónica Galega (Crónica Xeral Galega) 7(433), 8(117)
Crónica General de España 3(610), 5(698), 7(433)
Chronica General de San Benito 6(698)
Chronicon (de Idacio) 1(36)
Chronicon (de Isidoro de Sevilla) 5(698)

- Códice Argénteo* 4(18)
Comentario a Marco Máximo 1(34)
Compendio das Crónicas Portuguesas 6(13)
Cornucopia latina 7(354, 373)
Corografia Portuguesa 5(667-ss., 715)
Crónica de don João II 6(61)
Crónica d'el rei don Denis 3(453)
Crónica Galega, véxase Chronica Galega
De expensis et meliorationibus 8(89)
De Fide, Spe et Charitate ap. 3(1716)
De Hispanorum Nobilitate 8(89)
De turri Babel ou *Turris Babel* 1(27)
Demonstración crítico-apologética 5(352), 7(374), ap. 3(1732)
Descripción de Galicia 5(713), 7(410)
Diccionario (de Nebrixa) 5(22, 132, 697)
Diccionario céltico 5(403)
Diccionario de la lengua española 5(697)
Diccionario histórico 5(702)
Dictionarum octolingüe 5(92), 7(15)
Dictionaire Oeconomique 5(205)
Divertimento erudito 8(117, 173-ss., 180-ss.)
Encyclopaedia (Encyclopédie, ou dictionnaire raisonné des sciences, des arts et des métiers) 8(179)
Epístola ad Pisones 6(46)
Epítome das Historias Portuguesas 1(34)
España primitiva ap. 3(1738)
Etimoloxías (de Isidoro de Sevilla) 4(34)
Fuero Juzgo 3(476), 7(386)
Gazeta 7(344)
Geografia de Portugal 6(13)
Glossario das voces da media latinitate (Glossarium ad scriptores mediae et infimae latinitatis) 5(94, 122, 697)
Glossarium ad scriptores mediae et infimae graecitatis 5(94)
Hispania Illustrata 5(698)
Historia de Constantinopla 4(26)
Historia de rebus Hispaniae 5(698)
Historia ludicra 5(205)
Historia naturalis 5(123)
Ilustración apologética ap. 3(1732)
Lexicon grego (de Hesychio) 4(34)
Libro de Alexandre 3(367)
Libro de las maneras de Palacio ou *Ritmos (Rimado de Palacio)* 3(367)
Libro de las aves de caza 5(133)
Libro del Arcipreste de Hita 3(367)
Libro de montería 5(133)

- Mercurio* 7(344)
Nobiliario (do Conde de Barcelona) 3(369, 563, 567), 5(713), 7(431)
Nobiliario, Armas y Triunfos de Galicia 5(714)
Nobiliario de Haro 5(713)
Nobleza de Andalucía 3(458, 608)
Octaplos 9.3
Onomástico (Onomasticon graeco-latino, de Pollux) 4(34)
Onomástico de Pomey (Pomarum latinitatis) 8(173, 177)
Origem da Lingoa Portuguesa 3(454), 6(13)
Orthographia Portuguesa 6(13)
Partidas (Las siete partidas) 5(139), 7(386)
Regra de san Bieito 4(19)
Réplica satisfactoria ap. 3(1732)

- Santo da barba dourada* 8(162)
Tesoro de la Lengua Castellana o Española 7(23)
Theatro crítico universal 2(342), 3(463), ap. 3(1732)
Thesaurus Graecae Linguae 5(93)
Thesaurus Lingua Latinae 5(92)
Universa Grammatica Graeca 7(361), ap. 3(1714)
Vida de san Fernando 3(456, 609, 613)
Vocabulario Latín-Portugués e Portugués-Latín 4(5), 5(16, 22), 6(18), 7(23)
Vocabulario portuguez e latino 5(16, 21, 697, 702), 6(18, 60), 7(23, 381)
Votos del Pabon 3(367)
Xeórxicas 8(88)
Xerusalén libertada 1(31)

ÍNDICE DE PALABRAS COMENTADAS POLO AUTOR

alfaiate 5(721)	favo 5(127)
alfajeme 5(721)	figueira, figueiroa 8(83)
almocreve 5(721)	
año 5(37), 5(125)	gabedo 5(114)
arxidal 5(114)	guitarra 8(109)
asmar 7(443)	Guixilde 5(675)
atimar 3(476)	
	laverca 5(26)
bedreiro 8(84)	lobio 5(26)
Bergantiños 5(704)	
Bergondo 5(407)	mámoa 5(683)
bidueiro 5(5)	merlo 7(358)
brevia 8(110)	mexericas, mexerico, mexericar 6(17)
camariña, Camariñas, caramiña, Caramiñal 4(29)	miramolino 3(477)
Céltigos 5(407)	Nendos 5(407)
Centroña 5(407)	Nergia 5(407)
Codesido, Codeseda, codeso 5(132), 8(109)	panterlo 5(205)
cordeiro 5(37) 5(125)	paralaxe 5(18), 5(78)
Crescimir 5(674)	peneira, peneirar 8(73)
	prata 6(49)
en sembra 3(476)	probaixa 7(358)
entena 5(122)	
érbedo 8(84)	

rebezo 5(26)	trebellar 7(438)
regueifa 6(49)	trebo 5(128)
rodriga 5(114)	trevo 5(128)
San Mamede da Silva 5(674)	vedraño 5(114)
Santo Amaro da Portela 5(674)	verza 7(359)
sartego 5(689)	veza 8(109)
sella 5(114)	xoeirar 8(73)
tartago, tartego 4(31)	xoio 8(73)
teixugo 5(349)	

ÍNDICE TEMÁTICO

adstratos, substratos e superestratos

- arabismos no castelán 4(19)
- gótico e linguas xermánicas 4(18), 4(19)
- grecismos no latín e os romances 4(20)
- linguas e pobos da Galicia pre-romana (celtas e gregos) 4(11-ss.), 5(403-ss.)
- suevos e outros xermánicos en Galicia 4(13)
- xermanismos en francés 4(19)

corrupción das linguas: non é tal, mais analoxía 1(30), 7(11)

cultismos e empréstimos (véxase tamén lingua falada/escrita) 3(467), 4(6), 4(23), 5(16-17), 5(31-32), 5(351-ss.), 7(20)

diccionarios, onomásticos ou vocabularios galegos

- tipos de lexicón: alfabéticos, nomenclátors, etimolóxicos e outros 7(354-ss.)
- dos documentos latinos medievais 4(22, 25, 28)
- dos instrumentos medievais en galego 4(22, 26, 28)
- dos falares galegos vivos 4(22, 27), 5 (82-ss., 97, 130, 700), 6(45)
- método para compilar un onomástico do galego falado 8(122-ss.) (véxase escrita medieval en galego, ensino e pedagogía, latín e romances)

escrita medieval en galego

- non anterior ó século XII 3(465), 7(18)
- motivada por unha decisión de Afonso X 3(662-ss.), 7(431)
- non posterior a Carlos V, causas do apagamento 7(19), 7(436-ss.), 8(117-ss.)
- instrumentos: abundancia deles, necesidade dun glosario 3(467), 3(664), 4(7), 5(14-15), 5(704-ss.), 6(47-ss.) 7(434-35), 7(448)

ensino e pedagogía

- en galego 5(4-ss., 110-ss., 196), 7(349-ss.), 8(81-82, 95)
- a través da natureza e os sentidos 5(3-4, 112, 185, 195-ss., 342-ss.), 8(102)
- respondendo ás preguntas e sen ameazas nin castigos 5(134-ss., 197), 8(95-ss.)
- non de cor e á letra 5(210-ss.), 8(99-ss.)
- materiais pedagóxicos: *Arte* en galego 5(9-ss.), 5(79), 5(700) e *Vocabulario* 5(351-ss.); historia natural universal, en galego e castelán 5(342-ss.); onomástico trilingüe 8(107-8, 138-ss., 166-ss.); catecismo 8(93, 134-ss.); os devanditos e outros 7(408-ss.)
- os catedráticos de latinidade deben saber galego 8(87-ss.), 8(138-ss.)

estudios galegos

- primeiro programa, só lingüístico: os tres vocabularios 4(22-28)
- segundo programa, para o *Alehóphilo* 5(653-ss.): *Descrición xeográfica de Galicia* 5(664-ss.), *Historia natural e botánica* 5(677-ss.), *Epigrafía e Numismática* 5(679-ss.), *Bibliografía* 5(696-ss.), *Xenealoxías* 5(703-ss.)
- terceiro programa, para doce curiosos 7(404-17): interese de compilar un *Cancioneiro*, *Xeografía*, *Xenealoxía* e *Historia natural*

etimoloxía

- defensa dos estudos etimolóxicos, a súa paixón por eles 7(6-ss.), 7(361-ss., 375-ss.)
- método 5(35-ss.)
- non pretende remontar alén do latín 4(20), 7(24)
- utilidade 5(111-ss.)

fala infantil, o seu interese 5(203-ss.), 8(73-ss.)

galego

- abundancia de voces galegas 5(25)
- antigo, máis parecido co latín 7(10)
- avogados e mestres deben saber falalo 5(132-ss.)
- contraste co castelán 2(343)
- deriva directamente do latín, non do castelán 1(26-28), 2(340-ss.), 7(10-ss.)
- deriva do latín por analoxía 4(17)
- diversidade dialectal dos seus falares 4(22), 8(113)
- é lingua de seu 2(342), 7(404-ss.)
- mesturado co castelán (*chapurrado*) 4(23)
- non ten vocábulos nin pronuncias mouras 4(14), 5(117-ss.)
- os casteláns búrlanse dos galegos 5(23-24, 119, 130, 727)
- os catedráticos de latinidade deben saber galego 8(87-ss.), 8(138-ss.)
- os cregos deben saber falar o galego 7(440-ss.)
- os galegos deben apreciar o seu idioma 4(15), 5(23), 5(121), 7(422-ss.)
- pureza 4(23)
- substratos e superestratos 4(17)

galego e portugués

- o portugués deriva do galego 1(34-ss.), 2(340), 4(28), 5(715-ss.), 6(10-ss., 52-ss.)
- o portugués non excede en voces ó galego 3(466), 4(6, 28), 6(15-16)
- un mesmo idioma 1(27, 33-ss.), 3(462-ss.)

gueada en castelán 5(119), 5(215-17)

invención e uso do papel 3(663)

latín e romances

- aprendizaxe a través do galego 5(5-ss., 77-ss., 110-ss., 115), 7(350), 8(138-ss.)
- maior parecido entre romances na época medieval 4(26)
- latín, matriz das linguas románicas 4(5)
- latín, matriz do galego e o castelán 7(385 *bis*)

- subdialectos romances 7(12)
- utilidade dun diccionario harmónico e etimolóxico dos romances 5(90-ss.), 7(354-ss.)
- lingua falada /escrita (véxase tamén cultismos e empréstimos)
 - abundancia relativa de vocábulos 5(31-32)
 - eloxio da elocuencia natural 6(56-ss.)
 - interese e aprecio pola fala 7(15-ss.)
 - maior pureza das linguas ágrafas 4(6-7), 7(29-ss.), 8(113-ss.)
- linguas coñecidas polo autor 5(185), 7(3-ss.)
- linguas mortas 7(16)
- literatura galega
 - coetánea 8(162-ss.)
 - coplas galegas compostas por mulleres 3(538)
 - medieval en lingua galega 3(353-ss.), 3(562); trobadores 3(668)
- orixes das linguas: influencia das paixóns nacionais 4(4)
(véxase tamén etimoloxía)
- portugués
 - lingua románica 1(27)
 - próximo ó latín 1(29)
 - (véxase galego e portugués)
- toponimia galega 5(396-ss.)
 - método de recolla 5(669-ss.)
 - pre-romana (céltica) 5(403)
- viaxes do autor a Galicia 5(189-ss.), 7(7-ss.)
- voces vulgares da historia natural, abundancia e importancia do seu estudio 4(16), 4(33), 5(1-ss., 28-ss.)
- xenealoxías e antroponomástica
 - desconfianza cara ós xenealoxistas 4(3)
 - método para estudialas 5(653-ss.)

ÍNDICE XERAL

LIMIAR. MARTÍN SARMIENTO, ENCICLOPEDIA DO SABER GALEGO	9
ANTIGÜIDADE E NOBREZA, PUREZA E HARMONÍA DA LINGUA GALEGA. ESTUDIO INTRODUCTORIO	19
1. <i>O galego na consciencia lingüística española do século XVIII. De Feixoo a Sarmiento [textos 1 e 2]</i>	24
2. <i>Martín Sarmiento: aproximación fuxidía á súa vida e á súa figura</i>	29
3. <i>Consideracións xerais sobre a obra filolóxica de Sarmiento</i>	31
4. <i>Os estudos literarios: arquivística, diplomática, historia literaria e filoloxía</i>	36
5. <i>Memorias para la historia de la poesía. Descuberta da literatura galega medieval [texto3]</i>	41
6. <i>Sobre a orixe da lingua galega [texto 4]</i>	46
7. <i>A obra lingüística: presupostos. Sensismo e empirismo</i>	48
8. <i>A obra lingüística: traballo de campo, etimoloxía, lexicografía e toponomástica</i>	51
9. <i>Viaxes a Galicia. O redescubrimento do galego falado</i>	54
10. <i>O galego no ensino. O Onomástico etimolóxico da lingua galega [texto 5]</i>	55

11. *A reivindicación do galego nos Elementos etimolóxicos [texto 7]*..... 64
12. *Historia externa da lingua e ensino. O Discurso apoloxético [texto 8]*..... 70
13. *A xeito de conclusión*..... 72

Anexo. Cronoloxía da obra filolóxica de Sarmiento, segundo o índice da Colección Medina Sidonia..... 77

Bibliografía activa

1. Bibliografía xeral: pensamento e problemática lingüísticos no século XVIII..... 81
2. Bibliografía citada sobre Sarmiento..... 84
3. O galego das *Coplas*..... 86

ANTOLOXÍA

- [1] BENITO J. FEIXOO. [O GALEGO, LINGUA NEOLATINA]. PARALELO DAS LINGUAS CASTELÁ E FRANCESA 89
- [2] MARTÍN SARMIENTO: [DEFENSA DA TESE DE FEIXOO] 97
- [3] MEMORIA PARA A HISTORIA DA POESÍA E POETAS ESPAÑOIS. [NOTICIAS DA LITERATURA MEDIEVAL EN LINGUA GALEGA] 101
- [3.1] *[Carta do marqués de Santillana sobre a poesía]*..... 101
- [3.2] *Afonso X o Sabio e as Cantigas de Santa María* 120
- [4] [CARTA SOBRE A ORIXE E FORMACIÓN DA LINGUA GALEGA EN RESPONDA A ESTEBAN DE TERREROS] 131
- [5] ONOMÁSTICO ETIMOLÓXICO DA LINGUA GALEGA..... 151
- [5.1] *[Importancia das voces referentes a elementos da natureza e cousas visibles]*..... 151
- [5.2] *[Utilidade dos estudos etimolóxicos]*..... 161
- [5.3] *[O estudio do latín a través do galego]* 163

- [5.4] *[Diccionario etimolóxico románico]*..... 166
- [5.5] *[Estudio conxunto do latín e do galego]*..... 169
- [5.6] *[Un exemplo: entena]* 174
- [5.7] *[Aprendizaxe a través da observación da natureza]* 181
- [5.8] [5.9] *[Pedagogía a través do xogo. Contra o ensino memorístico]*..... 186
- [5.10] *[Necesidade de redactar un manual de Historia Natural]*..... 193
- [5.11] *[Toponimia galega]*..... 198
- [5.12] *[Un programa de estudos sobre a lingua galega. O Alethophilo ou amigo da verdade]*..... 235
- [6] ORIXE DA VOZ GALEGA *MIXIRIQUEIRO*. [CONSIDERACIÓNS SOBRE A RELACIÓN ENTRE O GALEGO E O PORTUGUÉS Ó FÍO DA OBRA *ORIGEM DA LINGUA PORTUGUESA* DE DUARTE NUNES DE LEÃO] 259
- [7] ELEMENTOS ETIMOLÓXICOS SEGUNDO O MÉTODO DE EUCLIDES 271
- [7.1] *[Xustificación: fecundidade da lingua galega]* 271
- [7.2] 279
- Libro I. Das consoantes 279
- Libro II. Das vocais 280
- Libro III. Das letras perdidas 280
- Libro IV. Das letras engadidas 281
- [7.3] *[Reflexións pedagóxicas]* 281
- [7.4] *[O diccionario etimolóxico das linguas romances]*..... 284
- [7.5] *[Sentido e resumo dos seus estudos etimolóxicos]*..... 287
- [7.6] *[Programa de estudos galegos]*..... 297
- [7.7] *[Historia e vindicación da lingua galega] [Galeguización do clero]*..... 303
- [7.8] *Cen voces galegas para ridiculizar a un pailán* 309

[8] DISCURSO APOLOXÉTICO POLA ARTE DE RASTREXAR AS MÁIS OPORTUNAS ETIMOLOXÍAS DAS VOCES VULGARES	313
[8.1] [Linguaxe infantil]	313
[8.2] [O galego no ensino].....	315
[8.3] [Condicións do catedrático en Galicia].....	317
[8.4] [O onomástico trilingue galego-latino-castelán].....	322
[8.5] [Linguas escritas / só faladas]	324
[8.6] [Método para compilar o onomástico galego].....	327
[8.7] [Catecismo en galego].....	330
[8.8] [Ó latín polo galego].....	332
[8.9] [Literatura en lingua galega: o Cura de Fruime].....	334
[8.10] [Materiais para o ensino do galego]	336
[9] CORRESPONDENCIA. UN FRAGMENTO E TRES CARTAS	343
[9.1] [O deleite de ler no libro da natureza]	345
[9.2] [Carta a Francisco Xabier sobre a educación de Alonso].....	348
[9.3] [Carta a don Pedro Rodríguez Campomanes].....	351
[9.4] [Carta da súa cuñada Magdalena García Ogando].....	355
APÉNDICES E BIBLIOGRAFÍA	
I. [Gabanza de Sarmiento por B. Feixoo].....	359
II. [Prólogo de Juan Sobreira a dous tomos de correspondencia recibida por Sarmiento]	361
III. [Catálogo dos escritos ou vida e viaxes literarias. Notas para unha bio-bibliografía].....	363

NOTICIA BIBLIOGRÁFICA.....	385
<i>Destino da biblioteca particular de Sarmiento.</i> <i>A correspondencia</i>	386
<i>As copias de conxunto. A Colección Medina</i> <i>Sidonia</i>	388
<i>Obra impresa. Edición dos textos de Sarmiento</i>	389
ÍNDICES	
Índice de autores e personaxes citados.....	403
Índice de obras citadas.....	409
Índice de palabras comentadas polo autor	413
Índice temático.....	415
Índice xeral	419